



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 40

Sesión plenaria
25 de febreiro de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-KB9Ppmwk8-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria (doc. núm. 14775, 12/PPLC-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

Punto 2. Comparecencia

2.1 20313 (12/CPP-000035)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar das liñas de actuación en materia de I+D+i da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159, do 19.02.2025

Punto 3. Mocións

3.1 20043 (12/MOC-000047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17196, publicada no BOPG núm. 145f2, do 27 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

3.2 20149 (12/MOC-000048)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia

Sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 4468, publicada no BOPG núm. 31f1, do 29 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do 11 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025



3.3 20206 (12/MOC-000049)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 16145, publicada no BOPG núm. 139, do 15 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de febreiro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 541 (12/PNP-000034)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 6477 (12/PNP-000673)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

4.3 8029 (12/PNP-000739)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación cos recursos humanos da área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a equiparación coa media de profesionais do resto de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

4.4 11479 (12/PNP-000948)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91f2, do 25.09.2024



4.5 18231 (12/PNP-001449)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha ante o novo proxecto da mina de Touro e O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

4.6 19569 (12/PNP-001553)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da Lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

Punto 5. Interpelacións**5.1 17724 (12/INT-000725)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e dous deputados/as máis**

Sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

5.2 19271 E 20327 (12/INT-000766)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre a transferencia da titularidade á Administración local das vías autonómicas que xa forman parte do tecido urbano de moitas cidades, nomeadamente no caso de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

5.3 19447 (12/INT-000774)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f1, do 12.02.2025



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 20307 (12/POPX-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre a xestión do Goberno galego na asignación de recursos para as administracións públicas en relación coa prestación dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

6.2 20308 (12/POPX-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os problemas das familias e da mocidade para poder pagar un alugueiro accesible

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 18029 (12/POP-002838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio, en Vilagarcía de Arousa, do proxecto para a construción dunha nova estación intermodal e para o mantemento e adecuación da estación de autobuses

Publicación da iniciativa, BOPG nº 148f1, do 30.01.2025

7.2 20306 (12/PUP-000084)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre os compromisos que está disposta a asumir a Xunta de Galicia respecto do uso público de praias e zonas costeiras a partir da consumación do traslado de competencias en materia de xestión do litoral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025

7.3 19369 (12/POP-002998)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis

Sobre as queixas relativas á calidade da comida na Residencia Dolores Díaz de Dávila, en Ortigueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025



7.4 19209 (12/POP-002990)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da actuación do Goberno central no relativo á actualización das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

7.5 18961 (12/POP-002928)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma**

Sobre o nivel de execución acadado no terceiro trimestre de 2024 do programa orzamentario 451B, Acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.6 16704 (12/POP-002564)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación da atención sanitaria no Centro de Saúde de Oourol ao non ter presenza diaria dun médico ou médica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144f1, do 24.01.2025

7.7 18370 (12/POP-002876)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas desenvolvidas para incentivar a cobertura de prazas de persoal médico nos hospitais comarcais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153f2, do 06.02.2025

7.8 19286 (12/POP-002975)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Baladrón Lamas, Victor Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre a evolución e a finalidade das axudas extraordinarias ao retorno que ofrece a Secretaría Xeral da Emigración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156f4, do 12.02.2025

7.9 20303 (12/PUP-000082)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna**

Sobre o procedemento seguido pola Xunta de Galicia nas axudas ás explotacións afectadas pola enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 159f2, do 19.02.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Iria Taibo Corsanego e a súa delegación de voto na portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Ana Belén Pontón Mondelo. (Páx. 12.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 16.), Sr. López Font (S) (Páx. 17.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 19.).

Rolda de réplica: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 23.)

Votación de texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria: rexeitada por 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención (Páx. 25.)

Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar das liñas de actuación en materia de I+D+i da Xunta de Galicia (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 38.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 38.), Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 41.) e Sr. García Comesaña (P) (Páx. 45.).

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 48.)

A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 52.), Sr. Abalde Alonso (S) (Páx. 52.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 54.), Sr. García Comesaña (P) (Páx. 56.) e señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González) (Páx. 58.).



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 62.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 67), Sr. Fidalgo Iglesias (P) (Páx. 68.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 70.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en debater dúas mocións de xeito acumulado, rexistradas cos números 20.149 e 20.206. (Páx. 71.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega. (Punto terceiro da orde do día.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. (Páx. 72.)

Intervención dos grupos autores das mocións: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 72.) e Sra. Queixas Zas (BNG) (Páx. 75.).

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 80.)

A señora Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto da emenda (Páx. 83.) e a señora Queixas Zas (BNG) intervén para a réplica (Páx. 85.).

Votación das mocións

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia: rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e 1 abstención. (Páx. 87.)

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega: aprobada por 46 votos a favor, ningún voto en contra e 26 abstencións. (Páx. 87.)



Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación de D. Óscar Insua Lema e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Insua Lema (BNG).* (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 92.)

Réplica do autor: *Sr. Insua Lema (BNG).* (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 97.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 102.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 107.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en adiantar a substanciación dunhas preguntas. (Páx. 109.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os compromisos que está disposta a asumir a Xunta de Galicia respecto do uso público de praias e zonas costeiras a partir da consumación do traslado de competencias en materia de xestión do litoral. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 112.)

A señora Castro Rey (S) pide a palabra por inexactitudes con base no artigo 76 do Regulamento, que lle é concedida. O señor presidente mostra o seu desacordo coas afirmacións da señora Castro Rey. (Páx. 113.)



Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da actuación do Goberno central no relativo á actualización das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 114.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 115.)

Réplica do autor: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 117.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á proposición non de lei. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 122.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 124.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 127.)

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e don Xosé Luís Bará Torres, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 129.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 129.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 134.), *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 134.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 137.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación cos recursos humanos da área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a equiparación coa media de profesionais do resto de España. (Punto cuarto da orde do día.)



A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 139.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 140.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 144.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 144.).

A señora Espinosa Mangana (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 147.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 148.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Iglesias Rey (S). (Páx. 149.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Lorenzo Gómez (P). (Páx. 151.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 153.), Sr. Golpe Acuña (BNG) (Páx. 154.).

A señora Iglesias Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 156.)

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e nove minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia, e fai delegación de voto, dona Iria Taibo, que o fai tendo en conta o recollido no disposto no artigo 84.3, e delega o seu voto na portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

E, sen máis, iniciamos xa co seguinte texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra don Iago Tabarés, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Bo día, señor presidente. Benvido, alegrámonos moito de velo recuperado.

Bo día, señorías.

Certamente, a proposición de lei que debatemos hoxe non é novidosa, pois xa foi tratada neste Parlamento, cando menos, en catro ocasións anteriores, de catro lexislaturas diferentes. Como diferente tamén foi o posicionamento que algúns grupos políticos aquí representados tiveron nesas ocasións, tanto neste Parlamento como —o que non é menos importante— posteriormente no Congreso dos Deputados e Deputadas. Esta iniciativa pasou de ser aprobada pola unanimidade deste Parlamento a ser aprobada por maioría. E tamén que os mesmos grupos políticos pasasen posteriormente no Congreso do voto a favor á abstención ou mesmo ao voto en contra, impedindo en ambos os casos a posibilidade da súa tramitación no Parlamento do Estado e provocando o seu rexeitamento de plano. Certamente, o BNG foi a única organización política que votou a favor en todas as ocasións en que se debateu, tanto no Parlamento de Galiza como no Parlamento do Estado.

En todo caso, e malia o pasado, agardamos que prevaleza a valoración dos intereses dos galegos e das galegas por riba de tacticismos e intereses partidarios e logremos que esta iniciativa saia adiante por unanimidade, e tamén que despois exista a mesma coherencia e todos os grupos manteñan o pronunciamento aquí realizado unha vez pasen o Padornelo.

E, por iso, en aras dese consenso, hoxe reiteramos a proposta aprobada por unanimidade no seu día, sendo conscientes de que podía ser máis ambiciosa e pretender que a transfe-



rencia ou delegación de competencias a Galiza en materia de tráfico e seguridade viaria fose máis ampla; mais, na procura desa unanimidade que pretendemos, presentamos unha proposta que ben podía ser considerada de mínimos. En todo caso, vaia por diante que hoxe votamos a toma en consideración, polo que é un punto de partida e estamos abertos a ser máis ambiciosos, a mellorar o texto, a ampliar as demandas de competencias na tramitación neste Parlamento de Galiza.

Unanimidade para a que non é preciso que exista unha concordancia ao cen por cento entre todos os grupos sobre o carácter nacional de Galiza, sobre Galiza como un dereito, como un suxeito político de seu, polo que dende o Bloque Nacionalista Galego traballamos e traballaremos, mais entendemos que outros grupos parlamentarios non o fagan.

A aprobación desta proposición supón o recoñecemento, xa explicitado por este Parlamento, de que sería mellor para os galegos e galegas que o tráfico e a seguridade viaria, como outras moitas materias, fose ou fosen xestionadas dende Galiza. *(Aplausos.)* Porque existía unanimidade sobre este extremo, resulta incomprendible que Galiza fose a única nación do Estado e a única comunidade autónoma, xunto con Murcia, que en quince anos non recibiu ningunha transferencia ou delegación de competencias; mesmo a Madrid de Ayuso recibiu transferencia de competencias e Galiza non. E resulta curioso que durante estes quince anos, case a metade deles cun goberno do Partido Popular en Madrid, a Xunta non conseguise ningunha transferencia de competencias, cando o propio Partido Popular neste Parlamento de Galiza en 2008 dicía que as doce transferencias de competencias logradas polo Goberno de coalición en apenas tres anos eran poucas. Daquela eran poucas, pero nas tres lexislaturas posteriores o Partido Popular, mesmo cun goberno amigo en Madrid, non conseguiu ningunha transferencia ou delegación de competencias para Galiza. *(Aplausos.)*

Pero vaia por diante que tanto daquela como hoxe no Bloque Nacionalista Galego queriamos máis transferencias de competencias, e por iso dende o Goberno de coalición BNG-Partido Socialista promovemos un novo estatuto para Galiza que, xunto co recoñecemento do status de nación para este país, supuxese unha ampliación do marco competencial e da capacidade dos galegos e das galegas para decidir por si propio, e esa proposta de estatuto foi vetada polo Partido Popular. Mais, tras o veto do Partido Popular, o Goberno de coalición seguiu a traballar na ampliación do marco decisorio galego, negociando a transferencia de novas competencias, como a inspección de traballo e Seguridade Social, salvamento e seguridade marítima, ordenación do litoral, propiedade industrial, emigración ou inmigración, enerxía, turismo, meteoroloxía ou, entre outras, tráfico e seguridade viaria.

Aínda que somos conscientes e eramos conscientes de que non ía ser un traballo doado, o cambio do Goberno na Galiza e logo tamén no Estado fixo que Galiza non recibise ningunha desas competencias —ningunha desas competencias e tampouco ningunha outra—, mesmo que non se desenvolveran algunhas das competencias xa recoñecidas no Estatuto de Galiza de 1981. Agardamos que estes quince anos de involución e de ausencia de transferencias servisen para que o Partido Popular e tamén o Partido Socialista reflexionasen e cambien de actitude, e que Galiza recupere a axenda de incremento do seu autogoberno, e que medre a súa capacidade de decidir sobre o seu futuro, en beneficio dos galegos e das galegas.



Con esa vontade, presentamos hoxe novamente esta proposición de lei orgánica, coa esperanza de lograr a unanimidade de todos os grupos e tamén a posterior coherencia. Cremos que non existe dúbida de que o camiño que propomos para lograr a transferencia de competencias en materia de tráfico é o correcto. Trátase dunha competencia non recollida no vixente Estatuto, polo que a asunción de facultades nesta área debe realizarse de forma extraestatutaria, a través dunha lei orgánica das previstas no artigo 150.2 da Constitución. É un camiño tecnicamente máis complicado, é un camiño poucas veces utilizado no Estado español para derivar competencias do Estado ás comunidades autónomas, mais, como a estas alturas xa sabemos todos e todas, foi precisamente utilizado a finais do século pasado para que o Goberno do Partido Popular no Estado transferise esta mesma competencia a Cataluña. Para evitar complicar máis o xa complicado camiño, a proposta que reiteramos é esencialmente idéntica á utilizada para transferir facultades de tráfico e seguridade viaria a Cataluña. É dicir, como no 2007 e no 2008, hoxe estamos a pedir para Galiza o mesmo que en 1997 o Estado, o Goberno do Partido Popular, recoñeceu a Cataluña.

Así pois, entendemos que o camiño é o legal e a transferencia necesaria. Galiza conta con numerosas circunstancias que a singularizan do resto do Estado, polo que debe ser en Galiza, dende Galiza e con criterios propios adecuados á realidade galega onde se debe planificar a seguridade viaria.

A orografía galega é diferente á do resto do Estado, a climatoloxía tamén, a distribución territorial dunha poboación, cunha media de idade elevada, tamén, e tamén o é a elevada densidade viaria de Galiza. Estes son elementos que tamén neste eido distinguen Galiza doutras partes do Estado.

Abundan uns datos para corroborar o exposto. Galiza, malia contar cunha poboación de pouco máis de 2.700.000 habitantes, o que vén representar o 5,5 por cento de toda a poboación do Estado, conta con 32.000 núcleos de poboación, que son a metade dos que existen en todo o territorio do Estado, o que claramente evidencia a dispersión poboacional deste país. Esta dispersión poboacional e a necesidade de comunicar estes núcleos de poboación implican que a rede de estradas galegas, fundamentalmente a rede de estradas secundarias, sexa moi superior á de calquera outro lugar.

A rede de estradas galegas, de máis de 17.000 quilómetros, representa o 10,7 por cento da de todo o Estado, cando a superficie de Galiza apenas chega a ser o 5,85 por cento da superficie de todo o Estado. Isto vén dicir que en Galiza hai case o dobre de quilómetros de estrada por quilómetro cadrado que no Estado.

A poboación galega, que ten que facer estes desprazamentos para acceder a servizos públicos, para conectar diferentes núcleos de poboación, é a que ten a media de idade máis alta de todo o Estado, só superada por Asturias, cunha media de máis de 48 anos, tres por riba do Estado e catro por riba da media europea. Os maiores de 65 anos representan o 26 por cento da poboación galega, fronte ao 20 por cento da media do Estado. Case un de cada tres veciños e veciñas de Ourense e Lugo teñen máis de 65 anos, o que, alén de representar, de ser elocuente sobre as políticas demográficas da Xunta de Galiza, afecta as medidas que deben aplicarse en materia de circulación e seguridade viaria.



O parque móbil de Galiza, segundo datos de 2023, é o cuarto máis vello de todo o Estado, cunha media de idade dos turismos de máis de quince anos de antigüidade; o 70 por cento dos vehículos dos galegos e galegas teñen máis de dez anos.

Todos os elementos anteriores, e seguramente outros máis, coadxuvan a outra realidade moito máis triste, como é que Galiza sexa a cuarta comunidade autónoma con máis mortos en accidentes de circulación no que vai de ano, con case o 9 por cento do total do Estado. Tanto o número de sinistros con vítimas como o número de mortos en accidentes de circulación en estradas galegas están nas cifras máis altas dos últimos cinco anos; segundo os datos do Ministerio de 2023, 137 falecidos en accidentes de circulación en estradas galegas. Como tamén está no número máis alto da historia en accidentes con animais, sendo Galiza a segunda comunidade de todo o Estado en sinistros desta natureza e medrando ano tras ano durante os últimos dez anos.

Por outra banda, a transferencia desta competencia implicará necesariamente o desenvolvemento da Policía galega creada por lei de 2007, que debe constituírse como unha policía integral, destinada a exercer en Galiza as funcións que a lei atribúe ás forzas e corpos de seguridade do Estado, entre as que expresamente figura a vixilancia e control do tráfico en vías interurbanas.

Hoxe, e malia o tempo transcorrido, este instrumento para a protección e defensa dos dereitos das persoas non está a ser desenvolvido, a diferenza do que ocorre en Euskadi, Cataluña, Nafarroa ou Canarias, que contan cun corpo propio de Policía, polo que hoxe en Galiza non podemos decidir sobre o número de efectivos necesarios para a seguridade pública; non podemos decidir como prover eses postos de traballo; non podemos decidir sobre a organización e distribución territorial destes efectivos e destes servizos, nin os medios, os recursos mesmo de protección ou intervención con que contan estas forzas e corpos de seguridade.

En suma, a asunción desta competencia fará inescusábel o xa necesario desenvolvemento do corpo galego de Policía; desenvolvemento dun corpo de seguridade propio de carácter civil, para o que temos multitude de compatriotas que desexan formar parte del; compatriotas da Unidade de Policía Adscrita, como tamén dende outros corpos e forzas de seguridade do Estado destinados en Galiza ou tamén destinados fóra dela, mesmo destinados na Agrupación de Tráfico da Garda Civil, o que permitirá facer efectiva esa transferencia sen que implique problema ningún ou disfunción de ningún carácter.

En suma, a transferencia desta importante competencia incrementará o autogoberno de Galiza, homologándonos co resto das nacións do Estado ou nacionalidades do Estado —se prefiren esa discutíbel denominación— e permitindo en todo caso mellorar a seguridade das usuarias das vías galegas, podendo tomar decisións dende a proximidade da realidade de Galiza e das galegas. E niso agardamos que pensen: no benestar das galegas e dos galegos, e non noutros intereses partidarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ben, o señor Iago Tabarés fixo un repaso histórico acerca das veces que ten vido esta cuestión ao Parlamento. Como o noso partido é a primeira lexislatura na que ten presenza, pois loxicamente é a primeira vez que nos enfrontamos a esta cuestión.

Entón, ben, penso que non vaia haber contradición entre o que decidamos hoxe e o que teñamos decidido no pasado, por motivos obvios. Tampouco vai haber contradición entre o que decidamos aquí e o que decidamos en Madrid, porque, de momento, en Madrid non podemos decidir nada.

Efectivamente, comprobei que o texto dos artigos que figuran na moción coincide practicamente coa Lei orgánica 6/1997, do 15 de decembro, das competencias executivas transferidas a Cataluña. Nun principio sorprendeume un pouco cando, axudado polas ferramentas dixitais, vin que o único que había era unha tradución ao galego, pero, polo que se ve, efectivamente, o que trataba era de copiar ese modelo de Cataluña.

Falamos ás veces, falou tamén o señor Iago de singularidade de Galicia en moitos aspectos —nos que nomeou coincidimos plenamente—, pero, ben, tamén podía haber algo de singularidade acerca do modelo de transferencia e non copiar literalmente o modelo de Cataluña —digo eu—.

O que pasa é que desde o ano 1997 ata hoxe pasaron pois tamén moitas cousas. O propio Estado asumiu competencias que antes non tiña. Desde entón apareceron cousas, como os cursos de recuperación de puntos, etc., etc., moitas cousas que agora están na normativa de tráfico e que non estaban no ano 1997. E, polo tanto, é un pouco arriscado así de entrada dicir que se transfiran exactamente todas as competencias, salvo estas dúas que aparecen aquí. Igual había que pedir as de expedir, revisar e trocar permisos e licenzas de manexar vehículos e a matriculación, etc. Ao mellor había que matizar, analizar máis polo miúdo, porque, claro, meter xa no mesmo saco —digamos—, transferir todo menos estas dúas cousas cando desde o ano 1997, cando se fixo esa transferencia para Cataluña, pois cambiaron as cousas, ao mellor había que analizar con máis calma.

Tamén o señor Iago dixo que isto era unha toma en consideración, díxoo verbalmente, porque eu en ningún punto da moción vin que aquí do que se tratase era da mera toma en consideración do asunto. Se do que se trata é dunha mera toma de consideración, loxicamente estamos dispostos a non deixalo de lado, ou sexa, podémolo tomar en consideración, se a cuestión é esa.

Encontrei por exemplo pois que recentemente tamén se tratou un proxecto de lei para as transferencias de competencias en Navarra. Entón, en Navarra si que me dei conta de que estaban xa tomando en consideración moitas máis cousas, aínda que despois foi ao Tribunal Constitucional porque se tramitou de xeito erróneo como decreto lei e tiña que ser lei orgánica, etc., etc. Pero ben, vin que no modelo que se tratou en Navarra xa tiñan en conta que



se facía coas autoescolas, que se facía cos psicotécnicos, que se facía cos cursos de recuperación de puntos, que se facía coa regulación de eventos tales como a volta ciclista, os rallies de coches antigos, esoutras cousas que a veces ocupan as estradas e ten que haber algunha competencia á hora de organizalas.

¿Que pasa, por exemplo, coa cuestión das estatísticas? Ao mellor hai cousas que se xestionan mellor no ámbito estatal que no ámbito autonómico, porque hai cousas por exemplo como as estatísticas e a interpretación de estatísticas, que, como vostedes saben, nas estatísticas, canto maior sexa o número a tratar, pois máis precisas son. Entón, ben, cando se fala de estatísticas de accidentes de tráfico, de falecidos, de feridos e as medidas que hai que tomar, ao mellor, digo ao mellor, pois convén que esa competencia permaneza no Estado. Etc., etc.

Ben, resumindo, eu penso que —creo que tamén o señor Iago Tabarés coincidiu nisto— ao mellor había que actualizar un pouco o proxecto, adaptándonos ao ano 2025, tendo en conta tamén a experiencia que poidan ter tido outras comunidades autónomas que, de xeito previo a nós, xa teñan transferidas as competencias, aprender da experiencia desas comunidades, para ao mellor non caer nos erros que puideran e que, nun primeiro momento, ao mellor non percibiron.

Entón, con esa idea de que isto debería ser actualizado, ¿que pasa coa transferencia de persoal? O señor Iago di que non habería ningún problema, sinxelamente os gardas civís ou os policías, ou as forzas de seguridade que xa estivesen ocupándose desta clase de cousas, que non é soamente, como digo, o control de tráfico cotián, son as sancións, ¿que pasa co tema da vixilancia das carreteras a través de cámaras, coas novas lexislacións en materia de protección de datos, etc., etc., que non estaban en vigor no ano 1997? Etc., etc.

Como o señor Iago aclarou que do que se trata é dunha toma en consideración do tema, ou sexa, non deixalo aparcado, senón seguir falando sobre el e dándolle importancia e tratando de mellorar no posible o plantexamento para que cando chegue a Madrid non teña problemas en ser aprobado, en principio imos apoiar a proposta, precisamente por iso, que poidamos ter a toma de consideración do asunto para seguilo analizando.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Señor Tabarés, conviría que buscasse aliados, máis que recordar vellas polémicas. Tamén no debate de 2021 arrancaron vostedes con reproches a posicionamentos e noutros momentos, e creo que estamos en 2025, e vou arrancar pensando no futuro e pensando no que podemos aportar cada un.



Os gobernos do PP na Xunta foron incapaces durante quince anos de ampliar as competencias para Galicia, nun claro fracaso de non querer asumir máis competencias; non estenderon o teito competencial naquelas cuestións que puidesen ser relevantes no autogoberno para os galegos e galegas.

Gústalle moito ao PP de Galicia compararse con outras autonomías e practicar o vitimismo, manifestando que o Goberno do Estado non presta atención a Galicia. Pero é o Goberno da Xunta en todos estes anos o que foi incapaz de facer propostas á Comisión Mixta de Transferencias para conseguir outras competencias.

Os socialistas entendemos esta situación, á data de hoxe, como un completo fracaso e avogamos sempre por ampliar este teito competencial.

A falta de desenvolvemento do Estatuto de autonomía prexudicou claramente o autogoberno de Galicia; un estatuto que pola vía da reforma debe adaptarse ao mundo actual, tendo en conta que pasaron corenta e tres anos desde 1981.

Entrando na proposta que sometemos a consideración, sinalar que esta, como dicía o señor Tabarés, é a cuarta vez que se debate nesta Cámara, e sinalar que fomos os socialistas, no ano 2019, os que abordamos esta cuestión, debate que decaería polo cambio de lexislatura. Posteriormente, como facía referencia, debateuse en 2021, a instancia do BNG, e os socialistas xa entendiamos nese momento que era positivo o debate, por avanzar no autogoberno, fronte ao inmovilismo do PP, e polos efectos prácticos que puidese ter o desenvolvemento desta competencia na xestión de políticas públicas que tivesen unha maior eficacia.

Na materia que se propón é evidente que moito pode facerse desde o Goberno de Galicia en materia de xestión do tráfico. A situación en materia de sinistralidade é certamente preocupante. Galicia vén arrastrando unhas cifras de sinistralidade por encima da media estatal, e a Administración autonómica debe poñer todos os medios para reducir esas cifras e ofrecer alternativas.

Fíxose referencia. No ano 2023 en Galicia faleceron en accidentes na estrada 128 persoas, mentres que na Comunidade de Madrid faleceron 137 e no País Vasco 56. A proporción de falecidos por millón de habitantes é claramente negativa para Galicia. Porque é certo que, para os efectos de analizar esta sinistralidade, Galicia ten algunhas características que requiren de especial atención.

A dispersión xeográfica, con moitos núcleos de poboación, xera diariamente moitos desprazamentos, e por moitos motivos, desde os laborais aos de lecer e asistencia a centros médicos ou oficiais.

As estradas, especialmente as secundarias, son menos seguras e nelas prodúcese unha parte moi importante do total de desprazamentos e, en consecuencia, dos accidentes.

O déficit de servizos no ámbito rural obriga a moitos destes desprazamentos que conlevan riscos.



O envellecemento da poboación tamén engade un factor de risco, que debe analizarse e sobre o que se debe actuar.

A falta dun transporte público que cubra sobre todo o ámbito rural obriga a moitos desprazamentos que poderían ser evitados.

Para os mozos deben articularse campañas de concienciación sobre os riscos, dado que é unha das principais causas de mortalidade.

A media de anos do parque móbil de Galicia convértese noutro elemento de risco, sobre o que se deben tomar medidas de todo tipo, en aras da renovación dese parque móbil.

Outro elemento que xoga na sinistralidade son as condicións climatolóxicas e a nosa complicada orografía, que inflúe tamén decisivamente na sinistralidade.

A presenza de animais nas calzadas é motivo de moitos accidentes e sobre o que tamén deben tomarse medidas, en colaboración coas administracións locais.

Se o importante é a colaboración entre as administracións, o incremento de efectivos no control de tráfico e as políticas de prevención deben formar parte da actuación da Xunta de Galicia á hora da xestión do tráfico.

Como conclusión, é evidente que procede o debate sobre a asunción de competencias pola Xunta de Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria. Seguro que o simple feito da transferencia non solucionaría todas as situacións que acabamos de enumerar, pero si pode formar parte de actuacións de carácter integral dende o Goberno de Galicia, polo que, como xa fixemos no ano 2019 tomando a iniciativa nese mesmo sentido que hoxe se propón, apoiaremos a toma en consideración desta proposición de lei orgánica, como tamén recordar que o fixemos no debate do ano 2021.

Sinalaba o señor Tabarés que é unha proposta de mínimos, na que nós tamén colaboraremos, de tramitarse esta proposición, con iniciativas complementarias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quero saudar os representantes dos sindicatos da Policía e das asociacións profesionais da Garda Civil que hoxe nos acompañan neste debate e a miña compañeira Ana Vázquez, portavoz de Interior no Congreso dos Deputados.



Efectivamente, o debate que trae hoxe aquí o BNG pois non é novo. De feito, non é a primeira ocasión na que o Parlamento de Galicia aborda a posibilidade de que a nosa Comunidade Autónoma asuma as competencias de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria; unha cuestión ante a que o Partido Popular de Galicia sempre amosou unha actitude sensata, pero comprometida co que se refire a reforzar o noso autogoberno, e, por suposto, sempre dende a lealdade e o respecto ás forzas e corpos de seguridade do Estado, que desempeñan actualmente estas competencias.

Nós sempre estivemos de acordo con que Galicia asumira o desempeño das competencias de tráfico, e máis concretamente as actuacións referidas a planificación, ordenación, xestión e vixilancia do tráfico, así como as denuncias sobre infraccións nesta materia. Non podía ser doutro xeito, xa que a xustificación última e máis importante desta demanda é, ou debería ser, reportar aos galegos e galegas maiores cotas de seguridade nas nosas estradas. E niso é no que traballa o Goberno galego, que se preocupa e se ocupa de actuar para reducir as tristemente altas taxas de sinistralidade en Galicia, ata conseguir a cifra de cero vítimas por accidentes de tráfico nas nosas estradas.

Insisto: este era polo menos o obxectivo no que ata o de agora se fundamentaba este debate, e de aí que nunca nos opuxeramos a el. Non obstante, nesta ocasión é distinto. E ¿por que é distinto? Pois porque o BNG xa puxo sobre a mesa cales son as súas verdadeiras intencións, e son absolutamente partidistas. Fíxoo hai unhas semanas, a través da UPG, o seu partido matriz e tarro das esencias, que aprobou un documento que lle marca a folla de ruta pola vía da presión social, da manifestación, da conflitividade, da algarada; en definitiva, *quemar la calle*. Un documento no que, ademais, ordena ás tropas nacionalistas lanzar iniciativas encamiñadas ao de sempre: a independencia de Galicia e, entre elas, a creación dunha Policía galega.

Esta proposta leva anos no ADN do BNG e nas pasadas eleccións autonómicas plasmouse nese programa oculto, que intentaron afastar o máximo posible da vista dos galegos; un programa no que, á parte de propoñer a expulsión do castelán das aulas, detallaban paso a paso o seu plan para expulsar tamén a Policía Nacional e a Garda Civil de Galicia, como fixeron os seus camaradas de Bildu en Navarra.

E, como estamos en época de Entroido, sei que non van quitar o disface, xa llelo quito eu recordando o que propoñían no seu programa. Primeiro, crear unha Policía galega que asuma as competencias que actualmente ten e exerce a Unidade de Policía Nacional adscrita á nosa Comunidade. E, como ben saben, ese é o modelo polo que aposta o Partido Popular de Galicia, e así o manifestamos en moitas ocasións e trouxemos iniciativas a esta Cámara, señorías, para pedir que o Goberno de España cubra as vacantes da Unidade de Policía Adscrita. (*Aplausos*.) Hoxe mesmo temos 344 dos 500 policías que debería ter a Unidade de Policía Adscrita. E aproveito este debate para manifestar que agardamos que as conversas que se están mantendo, ao máis alto nivel, entre a Xunta de Galicia e o Ministerio do Interior frutifiquen nun acordo favorable para Galicia.

Onte mesmo coñeciamos que aumentaban en Cataluña 3.000 efectivos para os Mossos d'Esquadra. Señor Font, non é vitimismo. Nós non queremos máis que Cataluña, pero tampouco



imos consentir que nos dean menos, señorías. (*Aplausos.*) E agardamos que, ao longo desta semana ou, como moito, á seguinte, teñamos unha resposta afirmativa.

E eu agardo, señor Font, que, para evitar este vitimismo, vostede se converta en cómplice de Galicia e deixe de ser un soldado de Pedro Sánchez, sobre todo vendo estes días as reclamacións que se fan doutras comunidades autónomas e o que se está disposto a ceder polo Ministerio do Interior, incrementar a 25.000 axentes e a creación de como mínimo 60 xulgados novos en Cataluña, nin os 156 axentes que necesitamos na Unidade de Policía adscrita, nin os 5 xulgados de violencia de xénero.

Señores do BNG, ¿onde quedou aquilo de asegurar a Galicia o mesmo status que para Cataluña ou o País Vasco? Vostedes, señores do BNG, apoian a Sánchez a cambio de absolutamente nada; son i-rre-le-van-tes. (*Aplausos.*)

E logo, tal e como propoñen hoxe pois a través desta proposición de lei, asumir as competencias de tráfico e seguridade viaria, e, finalmente, substituír a Policía Nacional e a Garda Civil nas súas funcións de policía xudicial, de tráfico, seguridade cidadá e orde pública.

Polo tanto, señorías do BNG, non pretendan volver enganar os galegos e galegas, e díganos abertamente: vostedes non queren estas competencias para mellorar a seguridade dos galegos e das galegas; vostedes o que queren é avanzar cara á independencia de Galicia e, mentres, avanzar cara ao obxectivo que sempre tiveron: botar a Garda Civil e a Policía Nacional da nosa terra.

E así que xa lles adianto que de ningunha maneira, mentres o Partido Popular de Galicia teña a maioría absoluta nesta Cámara e governe en Galicia, nin a Garda Civil nin a Policía Nacional se irán de Galicia, (*Aplausos.*) e seguirán en Galicia prestando os seus servizos. Nunca cederemos ás chantaxes do independentismo nin nunca empregaremos as forzas e corpos de seguridade do Estado como moeda de cambio para obter beneficios políticos e así seguir manténdose no poder, como está facendo o señor Sánchez.

E, como para iso xa teñen a Sánchez, pois eu lémbrolles que está empeñado en dismantelar a seguridade dos galegos. ¿Por que non se rebelan cando suprimen as patrullas do Seprona, señores do BNG? ¿Por que non se rebelan cando nos deixan sen 1.000 axentes da Garda Civil cada día? ¿Por que non se rebelan cando deixan de cubrir o 30 por cento das prazas da Unidade de Policía Adscrita? Pois neste punto os galegos han de saber que o BNG só quere botar fóra de Galicia a Policía Nacional e a Garda Civil.

Non só iso, senón que comparte o ideario e ata a papeleta electoral con aqueles que teñen as súas mans manchadas co sangue dos 210 gardas civís e 150 policías nacionais asasinados pola banda terrorista ETA. (*Aplausos.*) Tan certo é dicir que Bildu é herdeiro do terrorismo de ETA como dicir que é un compañeiro de loita para o independentismo galego. De feito, hai só unhas semanas que a fiel coronela da UPG, mire, non faltou á cumbre de *Patriots* que se fixo e se organizou en Pamplona. (*Murmurios.*) Si, si, (*A señora Prado del Río mostra unha fotografía.*) aquí estaba Bildu, o Sinn Féin e o BNG, como sempre, presentes nisto.



A vostedes failles moita graza, pero este señor está condenado, condenado, señorías; o señor Otegi está condenado a cinco penas de prisión por secuestro, enaltecemento do terrorismo e pertenza a organización terrorista. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Non pasa nada, xa sei que hai máis compañeiros e compañeiras de bancada que teñen fotos co señor Otegi e están moi orgullosos de telas.

Pero mire, señorías, Otegi tampouco é o líder do BNG máis próximo a ETA, ¡eh! Non, non, non é, non. Mire, vostedes montaron aquí, eu agardo que a vicevoceira igual hoxe estea máis tranquila, pero aquí enfadáronse cando dixemos que había un señor, chamado Fernando Barrera, condenado por ETA, que compartía listas co BNG, e pouco despois nas eleccións europeas —miren esta papeleta: (*A señora Prado del Río mostra unha papeleta electoral.*) Ahora Repúblicas—, a número un, dona Rita Giner; o número dous esta vez foi por diante Fernando Barrera Arza, e a número tres, Ana Miranda Díaz; señorías, o celebre etarra condenado, que pasou de asesorar o BNG no Parlamento Europeo a compartir listas con eles.

Miren, vostedes, con Pedro Sánchez, están dispostos a todo, a todo: a acercar presos etarras, a expulsar a Garda Civil de Navarra ou a reescribir a historia ao ditado de quen protagonizou os nosos anos máis escuros, señorías. A señora Pontón dixo, despois das eleccións, que estudaba levar o PP aos tribunais por vinculala co terrorismo, pero é que se vincula ela soa; é que esta papeleta xa o di absolutamente todo.

Miren, queda claro que o BNG está máis próximo aos que no seu día practicaban o terrorismo que a aqueles que deron a súa vida por España e que deron a vida por defender o ideario da unidade do Estado español, ese que a vostedes tanto lles proe, señorías. (*Aplausos.*)

Pero, mire, como vostedes se presentaron ás eleccións cun programa electoral ao que os galegos dixeron unha vez máis que non comparten e que non queren ese programa electoral para Galicia, e votaron maioritariamente o Partido Popular de Galicia, imos poñer sentidiño e imos poñer sensatez no que os galegos e galegas votaron.

Eu agradezo a sinceridade do portavoz do BNG, que, por primeira vez e despois de varias ocasións en que se presentou aquí o señor Aymerich, xa dixo nun debate nesta Cámara que era para substituír a Policía e a Garda Civil, o señor Anxo Quintana tamén dixo o mesmo, e eu agradezo a sinceridade do voceiro do BNG, que hoxe quitou a careta de moderado e dixo, efectivamente, que esta Policía galega substituirá os corpos e forzas de seguridade do Estado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, remato xa.

Señor Font, mire, claro que hai transferencias que estamos pedindo a España; vostede di que non as pedimos; pois, ¡home!, eu pídlle que quite do caixón a transferencia da AP-9, por exemplo. E recórdolle tamén que vostedes presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei do litoral de Galicia, que aínda estamos pendentes de que nos transfiran os medios materiais, económicos e persoais para cumprila.



Polo tanto, nisto do autogoberno non só hai que vir aquí falar, senón que hai que facelo e cumprilo. (*Murmurios.*) Si, señor Font.

Ben, eu remato xa, señorías. Se asumir as competencias de tráfico e seguridade viaria supón renunciar á presenza da Policía Nacional e da Garda Civil en Galicia, preferimos non ter esas competencias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Grazas ás súas intervencións, aos diferentes grupos parlamentares.

Si, señor Ojea, isto é un punto de partida, isto é o aprobado en 1997 na Lei orgánica para Cataluña e posteriormente no 2007, no 2008, por unanimidade neste Parlamento de Galiza. Por iso, en aras desa unanimidade que pretendemos para poder facer forza, pois o texto é idéntico, estando de acordo en que se poida mellorar na súa tramitación parlamentaria.

Señor Font, non é facer amigos, é pedir coherencia. Nós pretendemos unanimidade, pero despois que alén do Padornelo sexamos coherentes.

E, señora Prado, non vou entrar ao trapo. Esa súa intervención, unha vez máis, permítame cualificala de bochornosa; en termos de democracia é indecente (*Aplausos.*) e non vou entrar ao trapo.

Simplemente me alegro de que exista público, porque isto é o que temos que aturar día tras día neste Parlamento de Galiza. Non importa o tráfico, non importa do que falemos. Hoxe non falou da miña familia; eu viña preparado coa árbore xenealóxica por se entraba no ámbito persoal, pero ben, tivo simplemente que falar doutro tema, porque parece ser que os mortos, que as vítimas en accidentes de circulación non lle importan. Aos que somos galegos e mesmo traballamos neste ámbito si nos importa, e moito. Permítame que non lle entre ao trapo. (*Aplausos.*)

Esta proposición de lei non vai contra ninguén, nin vai contra o Estado, nin vai contra ningún goberno, nin sequera, por suposto, vai contra ningún colectivo; vai en beneficio dos galegos e das galegas, porque entendemos que a xestión do tráfico dende Galiza, como tamén entenderon o señor Palmou, do Partido Popular, no seu momento, ou o señor Puy, tamén do Partido Popular, que vai en beneficio dos galegos e das galegas. Ao Partido Popular, aos deputados e deputadas pedímoslles que pensen nos galegos e nas galegas, non nas instrucións nin nas tácticas que lles poidan mandar dende Xénova (*Aplausos.*)



Estamos vendo o Partido Popular máis antigalego de toda a historia, máis antigalego na persecución do idioma, como lles fixeron constar milleiros de galegos e galegas no Obradoiro; o Partido Popular máis antigalego, cando renuncia a unha quitación de 4.000 millóns de euros, conseguida polo BNG, que lle podía servir para a sanidade pública, podía servir para o ensino, podía servir para os servizos sociais e podía servir para a seguridade nas estradas; e o Partido Popular, por instrucións de Xénova, por instrucións dun PP radicalizado, competindo con Vox, vai negar eses 4.000 millóns de euros conseguidos polo Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

E mire, señora Paula Prado, está claro, está claro porque, á parte, o dixera no seu momento o hoxe senador do Partido Popular señor Ruiz Rivas: a transferencia desta competencia, se non leva aparelado o desenvolvemento do corpo galego de Policía, serviría para pouco; mire o *Diario de Sesións* e en 2007 díxoo o hoxe senador do Partido Popular don Manuel Ruiz Rivas.

E este —dicía eu— é un corpo concibido para ser unha Policía ordinaria e integral, para asumir as funcións que o ordenamento xurídico atribúe ás forzas e corpos de seguridade, nomeadamente a vixilancia e control do tráfico en vías interurbanas de Galiza. ¿E iso é querer botar a Garda Civil fóra de Galiza? Iso non é o programa, señora Paula Prado. Hai que vir máis preparados aos plenos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso non é o programa do BNG, iso é o acordo da Xunta de Galiza do 26 de febreiro de 2005, sendo presidente don M. Fraga, un furibundo nacionalista, e iso é textualmente o que dicía: «O corpo de Policía de Galiza, unha Policía ordinaria e integral, coas funcións que o ordenamento xurídico atribúe ás forzas e corpos de seguridade» *(Aplausos.)*. E no seu artigo 10, aprobado polo Consello da Xunta do Partido Popular, presidido polo exministro don M. Fraga, dicía: «desenvolverá aquelas funcións relativas ás competencias que sexan transferidas, a vixilancia e control do tráfico en vías interurbanas da Comunidade Autónoma». Non é o BNG, era don Manuel Fraga.

E non só dicía iso; tiña previsto que 680 axentes da Garda Civil foran integrados no corpo da Policía Galega, un corpo que aspiraba a que tivera 1.500 axentes, 700 destinados á seguridade viaria. Pero é que non é que só adianten pola dereita o exministro franquista, senón que tamén o señor Aznar, que en 1997 isto mesmo o outorgou a Cataluña. *(Aplausos.)* Ou sexa, que nós queremos para Galiza o mesmo que vostedes lle deron a Cataluña.

Pero, en todo caso, agardamos que sexa por un centralismo crecente que ten o Partido Popular na súa competencia con Vox, nin tal por cálculos económicos, porque si hai cálculos económicos que facer; o Estado por multas recada máis de 40 millóns de euros cada ano, por iso non quere soltar a competencia.

Pero temos claro —como dicía o señor López Font— que isto non é unha solución máxica, isto será beneficioso para a seguridade dos galegos e das galegas, para a seguridade viaria, pero non é unha solución máxica. Ten que ir acompañada do mantemento de estradas, ten que ir acompañada de educación vial, ten que ir acompañada de que non fomentemos o exceso de velocidade ao volante, nin a conducción logo de consumir alcol e drogas, porque nos excesos de velocidade, en termos dos atestados, as velocidades inadecuadas son o 50 por cento, máis do 50 por cento, xunto co consumo de drogas, dos accidentes mortais. *(Aplausos.)* Por iso é moi grave, é moi grave...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...que aquí frivolicemos cunha condución dun presidente da Deputación a máis de 200 quilómetros por hora, porque iso produce mortos.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: E non vale que nos diga que é unha situación de perigo abstracto, porque perigo abstracto tamén é o tráfico de drogas. E seguramente vostedes non estarían de acordo con que un alto cargo do Partido Popular, un alto cargo de Sanidade, fose do ganchete dun narcotraficante. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, remate, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Perdón, ao mellor non era o mellor exemplo; *(Murmurios.)* síntoo; esa sempre non era boa.

Señorías do Partido Popular, dos Socialistas e do Grupo Mixto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...pensen no benestar dos galegos e das galegas, e saquemos adiante esta proposición.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación de texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación da toma en consideración desta proposición de lei orgánica.

Pechen as portas.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei orgánica, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de transferencias complementarias a Galicia en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguranza viaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.



O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día.

Abran as portas xa, por favor.

Comparecencia do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar das liñas de actuación en materia de I+D+i da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para substanciar esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, moi bos días, presidente.

Señorías.

Comparezo nesta Cámara para informar sobre as liñas de traballo que vertebrarán a acción da Xunta de Galicia durante a presente lexislatura en materia de I+D+i. Dende o Goberno galego poñemos a ciencia no centro das políticas como un pilar fundamental para xerar oportunidades, emprego, riqueza e benestar para o conxunto dos galegos. A ciencia, a innovación e a investigación xogan un papel clave para o presente pero tamén, e sobre todo, para o futuro, para acadar aquelas metas que nos propoñamos como pobo, porque sen dúbida ningunha non hai progreso sen ciencia.

Por iso marcámonos o reto de seguir avanzando nunha Galicia á vangarda, competitiva e con visión de futuro, con propostas estratéxicas que dean resposta aos grandes retos e desafíos que temos por diante; propostas que poñan no centro as persoas e o talento, columna vertebral sobre a que se sostén a innovación e a creatividade, que aseguren a transferencia do coñecemento; é dicir, que o que se fai nos laboratorios se traslade á sociedade e ao mercado, xa que a ciencia non é un fin en si mesmo, senón que é un medio. En definitiva, propostas que melloren a calidade de vida da poboación en todo o territorio e favorezan a competitividade dos sectores produtivos.

E facémolo con recursos e con planificación. Con recursos, cun orzamento récord de 372 millóns de euros para o apoio e a consolidación da ciencia galega, que nos últimos cinco anos xa se multiplicou por dous; e con planificación, con políticas coherentes, pactadas co sector, estables e sostidas no tempo, que nos permiten avanzar con paso firme.

Sabemos onde estamos, coñecemos as nosas fortalezas, tamén as nosas debilidades, e tamén sabemos cara a onde queremos ir para construír a Galicia futura. Dicimos que sabemos onde estamos, cales son os principais indicadores. Galicia é a comunidade autónoma onde máis medra o investimento en I+D, un 28 por cento respecto do ano anterior e case o dobre que a media nacional.

A última cifra no eido público-privado supera os 962 millóns de euros, adicados a áreas clave como son a tecnoloxía industrial, a biotecnoloxía, a mellora da saúde, o sistema de



transporte ou as telecomunicacións. Isto ten un impacto directo no emprego, que vén de crecer un 12 por cento, acadando a cifra máis alta de persoas adicadas a actividades de I+D da nosa historia; estamos a falar, segundo dato INE, de practicamente 14.000 profesionais.

Se ampliamos o foco, vemos que no último lustro a porcentaxe de investigadores medrou máis dun 21 por cento, cun crecemento especialmente intenso no sector empresarial, que case duplicou a media do crecemento estatal, que quedou nun 15 por cento. Ademais, Galicia é hoxe, por exemplo, a segunda comunidade autónoma máis bioemprededora nos últimos anos no conxunto de España, é dicir, onde máis empresas se crean neste ámbito, o que se traduce nun aumento do número de traballadores do 6 por cento respecto ao ano 2020.

Melloramos en cifras de investimento e melloramos en cifras de emprego, e tamén melloramos en resultados e produción científica. Así o demostran os índices de impacto, que nos sitúan por riba da media española en publicacións de relevancia internacional.

E, ademais, somos capaces de captar recursos. Acadamos entre o ano 2021 e 2023 un retorno de 124 millóns de euros dentro do programa Horizonte Europa, que é o principal marco de financiamento europeo de I+D+i, sendo a sexta comunidade autónoma de España en volume de recursos captados.

A investigación, o desenvolvemento e a innovación avanza en Galicia e permítennos competir, permítennos comezar a competir de ti a ti con outras rexións, tanto españolas como europeas. É certo que seguimos estando por debaixo da media estatal nalgúns indicadores, como pode ser o gasto sobre o PIB ou o investimento per cápita, pero tamén é certo que estamos medrando máis rápido que a media do conxunto de España. Estamos, en definitiva, en vía de converxencia. Así, no ano 2009, o investimento en I+D por persoa era de 189 euros; hoxe é de 356. No ano 2009 o gasto en I+D sobre o PIB era o 0,92; hoxe é do 1,25.

E temos que seguir traballando, por exemplo, para convencer e incentivar as empresas para que fagan tamén un maior esforzo e unha maior aposta estratéxica para aportar recursos para a investigación.

En definitiva, señorías, imos polo bo camiño.

Non é casualidade que a palabra ciencia, por primeira vez, apareza no nome dunha consellería para referirse ao I+D+i. É unha decisión de goberno que define as direccións das políticas deste goberno.

Aínda quedan moitos retos, aínda queda moita marxe de mellora, sabémolo, pero tamén temos moito traballo feito dende o ano 2009. Nos dezaseis anos do Partido Popular crecemos por riba da media española en todos os principais indicadores que miden o peso da ciencia na sociedade: gasto total, gasto sobre o PIB, investimento por persoa, emprego e outros.

Avanzamos por esta senda con proxectos ambiciosos e realistas. Acabamos de aprobar o Plan galego de I+D+i, a folla de ruta máis relevante nesta materia. Este plan conta cun investimento récord de 1.310 millóns de euros para o horizonte 2025-2027, case un 20 por cento



máis que o anterior. Isto permitirá abordar dun xeito decidido grandes obxectivos, como son apoiar o fomento, a retención, a captación e a atracción no talento galego; fortalecer a colaboración público-privada para asegurar a transferencia do coñecemento e o desenvolvemento de proxectos empresarias de alto impacto; favorecer a creación de emprego cualificado e de oportunidades en sectores estratéxicos que reforcen, por suposto, o noso tecido empresarial e científico; e, en definitiva, mellorar a competitividade dos sectores e xerar benestar para a cidadanía, buscando solucións que teñan un impacto directo nas persoas.

Esta folla de ruta que se desenvolverá ao longo da lexislatura ten un carácter transversal e aberto. Por un lado, e cunha perspectiva interna, aglutina, planifica e coordina a acción e os investimentos de todo o Goberno a través da Comisión Interdepartamental de I+D+i, comisión na que están representados 32 departamentos da Xunta de Galicia con competencias nesta materia. E, por outro, cunha perspectiva externa, aposta pola colaboración e o diálogo con todos os axentes do ecosistema: empresas, sectores de investigación e tecnolóxicos, universidades e administracións públicas.

Acometemos o reto de elaborar esta folla de ruta a través dun enfoque aberto, precisamente co obxectivo de asegurar que estivesen representados os intereses e as necesidades de todo o sector. Participaron máis de 200 axentes do conxunto do ecosistema. Contamos coa colaboración dun grupo de expertos referentes en diferentes ámbitos claves para Galicia. E quero agradecer aquí publicamente o traballo feito tanto polos axentes públicos e privados que participaron nel, como tamén e sobre todo, polos responsables e os traballadores da Axencia Galega de Innovación, polo seu papel coordinador neste ámbito.

As liñas centrais en materia de I+D+i teñen un gran obxectivo, que é converter Galicia nun polo de referencia en investigación e innovación, e fortalecer o tecido científico e empresarial. E ímolo facer —farémolo— con opcións que se centran en impulsar de xeito transversal o talento, a transferencia do coñecemento, e en potenciar o territorio e os servizos públicos, e coa especialización intelixente.

Comezo polo talento, e fágoo porque as persoas e o talento son o eixo central para o avance da I+D+i. Se non tivéssemos persoas que investigasen e que innovasen, todo o demais, obviamente, non existiría. Podemos estar satisfeitos e orgullosos, porque hoxe en Galicia hai máis talento científico que nunca, e isto é grazas ao importante traballo realizado ao longo destes últimos anos, e por iso estamos en disposición de poñer sobre a mesa novas actuacións dirixidas a formar, captar, reter e atraer talento.

Marcámonos neste senso o gran reto colectivo, o gran reto de país, de seguir favorecendo a integración e a mobilidade entre os investigadores e as empresas, promovendo a especialización, a excelencia investigadora e a transferencia de resultados. Isto pasa por asegurar o desenvolvemento dun itinerario de carreira investigadora completa, que ademais facilita a estabilización con contratos para cumprir as necesidades das universidades e doutros centros especializados. Un programa que seguimos fortalecendo de xeito integral, de abaixo a arriba, apoiando todas e cada unha das etapas, dende a primeira fase de formación e retención de talento de persoal investigador, pasando por distintas axudas para a captación e a atracción, apoiando grupos de investigación e centros de coñecemento, ata chegar á máxima excelencia



consolidada na figura do Programa Oportunius, ou proxectos de futuro como Galtia, que xa está comezando a andar. De feito, hoxe somos a única comunidade autónoma de España cun decreto específico que regula este ámbito e que nos permite dar certezas ao persoal que depende dos organismos públicos de investigación.

A formación e o desenvolvemento dos investigadores comeza polas convocatorias específicas de axudas ás etapas pre e posdoutoral. Brindamos unha carreira investigadora de dez anos consecutivos — catro no ámbito predoutoral e seis nos contratos posdoutorais—, que é o máximo que permite a recentemente aprobada Lei de ciencia por parte do Estado.

Actualmente, apoiamos ao redor de 700 persoas por medio destas liñas de apoio, que suman un investimento total de 103 millóns de euros. Cun perfil máis aberto, tamén desenvólvense os doutoramentos industriais. Actualmente temos máis de 60 doutoramentos industriais, investigadores que participan no programa, ao que este ano se sumaron 15, que realizan as súas teses de doutoramento en colaboración directa co tecido empresarial.

Ademais, acabamos de reforzar o persoal universitario galego con prazas de profesores axudantes doutores, para incorporar tamén talento docente e investigador ás tres universidades. Desde este ano apoiamos 166 novos profesores, a través do Programa María Goyri.

Sumamos tamén as axudas a grupos de investigación. Actualmente temos 427 en activo, que é o máximo histórico acadado en Galicia, que realizan o seu labor a través de tres modalidades verticais, complementarias e escalables: desde aqueles grupos consolidados como excelentes, os de potencial crecemento que están na senda da excelencia e tamén aqueles dirixidos ao persoal investigador con traxectoria excelente, para que poidan crear e liderar os seus propios grupos de investigación. O investimento realizado para estes equipos chega aos 114 millóns de euros, e faino a través de convocatorias plurianuais, todas en marcha, que posibilitan e aseguran que estas estruturas traballen con estabilidade en diferentes centros de investigación. *(Aplausos.)*

Precisamente hoxe en Galicia as universidades públicas representan o maior ecosistema de investigación e transferencia do coñecemento á nosa comunidade autónoma. O persoal investigador vinculado a elas chega case ás seis mil persoas.

Tamén as apoiamos cofinanciando a contratación de investigadores de alto nivel, beneficiados de programas estatais, como pode ser o Juan de la Cierva ou o Ramón y Cajal, cun investimento activo de máis de 5,2 millóns de euros para 167 investigadores. A nivel europeo, facémolo mediante o Programa Oportunius, vinculado e vencellado ás axudas dos ERC, que son, sen dúbida, as máis prestixiosas que se conceden no noso continente, a través do Consello Europeo de Investigación.

Actualmente en Galicia temos 34 investigadores ERC, dos cales 21 —van ser 26 neste ano— son Oportunius, que desenvolven 42 proxectos, o que nos sitúa nas primeiras posicións na consecución de proxectos ERC do conxunto de España. O impacto para a nosa comunidade é claro. Un exemplo: na última década, cun investimento no Programa Oportunius de 14 millóns, fomos capaces de lograr captar máis de 90.



E para reforzar estas liñas de traballo fago un anuncio: imos dar un paso máis cun apoio tamén a investigadores á hora de presentar as súas candidaturas ás convocatorias Marie Curie, e facelo a través dunha institución galega co obxectivo de dar máis oportunidades e de crear canteira de investigadores distinguidos que máis adiante poidan optar a un contrato Oportunius. (*Aplausos.*)

Somos un goberno que cumpre a súa palabra. Hai escasos meses o presidente Rueda anunciaba unha fundación para a atracción de talento do máis alto nivel a nivel internacional, que precisamente foi validada a semana pasada polo Consello da Xunta. Despois deste paso, a Fundación Galega de Atracción de Talento Investigador de Alto Nivel, Galtia, botará a andar este mesmo ano. (*Aplausos.*) Galtia contará cun orzamento inicial de máis de 35 millóns, co que esperamos un retorno económico de 117 millóns de euros; é dicir, multiplicar por 3,3 o investimento inicial. A través dela prevemos incorporar uns 30 investigadores —cos seus equipos, se é preciso— de máximo prestixio internacional ata o ano 2030.

Aspiramos a dar un salto de xigante na investigación máis excelente, reforzando o seu posicionamento. Con Galtia queremos captar científicos referentes —absolutamente referentes— a nivel internacional nas súas áreas de coñecemento e que isto teña un efecto multiplicador sobre o conxunto do ecosistema, e en colaboración cos centros de investigación e co ecosistema xa existente.

Pero non queremos quedar aí. Imos sumar unha nova iniciativa que se concretará nos próximos meses e que consistirá no deseño e na creación dun programa que imos denominar Programa Retorno talento I+D. O obxectivo será favorecer a volta ao noso sistema de investigación, ao noso ecosistema, de investigadores destacados para poder integralos no sistema investigador de Galicia. (*Aplausos.*)

Retorno Talento I+D súmase aos Oportinius e súmase a Galtia, e permítenos apoiar a atracción do talento excelente mediante propostas diferenciadas, pero complementarias e integrais. Estamos diante de tres programas complementarios que actuarán con bases e criterios diferentes, pero que comparten un obxectivo común, que é reunir o mellor talento investigador posible en Galicia.

Con todo isto, estamos desenvolvendo tamén un apoio transversal ao talento, á investigación, cunha perspectiva de abaixo a arriba, para evitar que ninguén quede polo camiño, e tamén estamos apoiando cada tramo do camiño á excelencia e cada salto de nivel, desde un nivel máis baixo a un nivel superior. Creo que isto é unha característica propia que identifica moi ben o sistema galego, que cómpre poñer en valor. Temos varios exemplos: por exemplo, no ámbito do Oportinius. A través do programa Oportinius, non só se axuda os gañadores, senón tamén os finalistas e os futuros candidatos a prepararse con apoios específicos a estes investigadores; ou tamén, a través das axudas a grupos de investigación, non só se financian os de maior nivel, os de referencia competitiva, senón tamén aqueles de potencial crecemento para que poidan medrar, ou tamén aqueles proxectos de investigadores con traxectoria excelente para que poidan crear o seu propio grupo e dar un salto no camiño da excelencia.



Tamén, e por primeira vez este ano, estamos financiando unha serie de centros de investigación universitaria destacados, que se ben non chegan a estar ao nivel da rede Cigus, si están na súa antesala. Son os que denominamos centros colaborativos, e acabamos de incorporar tres: o Citeni, da Universidade da Coruña, o Cintecx, da Universidade de Vigo, e o Ecobas, da Universidade de Vigo, aínda que estes dous últimos son interuniversitarios.

Señorías, ningún talento, ningunha idea, ningún proxecto pode perderse, e este é un obxectivo prioritario, e por iso tamén, como novidade dirixida a potenciar o talento, imos desenvolver unha nova ferramenta que amosará dun xeito accesible as necesidades de emprego dos axentes do ecosistema. Trátase dunha plataforma web que funcionará, dentro do portal Innova Verde, como un gran escaparate para que o mellor talento investigador poida coñecer as necesidades e acceder ás ofertas de postos concretos para a xeración de coñecemento e innovación dos diferentes axentes do ecosistema. *(Aplausos.)*

En Galicia queremos investigadores, queremos persoas con capacidades e habilidades para satisfacer as necesidades futuras das estruturas produtivas e da sociedade; innovar e converter o coñecemento e as ideas en produtos e servizos que beneficien a economía e a sociedade. Neste campo desenvolven un labor decisivo os centros de coñecemento no seu conxunto e, dentro deles, os centros tecnolóxicos, os centros empresariais, os de investigación universitaria ou as fundacións sanitarias, entre outros. É nestes centros onde os profesionais da I+D+i desenvolven o seu traballo día a día.

Nestes anos fomos capaces de desenvolver un modelo único en España no que se vertebra a investigación universitaria máis excelente, a denominada Rede Cigus. Apoiamos a súa creación e consolidación. Na actualidade, esta rede está formada por dez centros, despois da incorporación de dous novos na última convocatoria, que están centrados en áreas de coñecemento como son as ciencias da vida, a biomedicina, o medio ambiente, os recursos naturais, a física, a tecnoloxía e as telecomunicacións, entre outros ámbitos. Neles actualmente traballan máis de 1.600 investigadores, e proba do seu potencial é que só nos últimos catro anos esta rede foi capaz de captar máis de 180 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Tamén apoiamos os centros tecnolóxicos que están vinculados a sectores produtivos e centrados na investigación e na innovación en áreas claves da economía galega nas cales desenvolven o seu labor unhas 1.400 persoas. Actualmente, estes centros están especializados en áreas como a fabricación avanzada, a automoción, a enerxía, o sector agroalimentario e o sector pesqueiro. E, pola súa relevancia, este ano reforzamos o apoio que lle vimos dando, cun obxectivo: completar e complementar a cadea de valor da I+D+i e facilitar a aplicación do coñecemento xerado en solucións innovadoras que impulsen a competitividade e o desenvolvemento de Galicia. En 2024, achegamos fondos a catro deles para a mellora das súas infraestruturas e o seu equipamento e así seguir impulsando o seu traballo, e este ano volveremos lanzar unha nova convocatoria para poder facilitar o seu incremento.

Outros centros poden ser de referencia, como o Cesga, os institutos e as fundacións de investigación sanitaria, os centros de investigación de consellerías como Medio Rural ou a do Mar, ou ben tamén os centros galegos do CSIC, aos que tamén apoiamos. Ademais, e de xeito paralelo, estamos impulsando a creación de centros de investigación empresarial coa fina-



lidade de impulsar solucións tecnolóxicas directamente vencelladas ao mundo empresarial. Acabamos de facelo mediante a convocatoria de creación e integración de novos centros de investigación. Acabamos de incorporar dous, estes son o Mestrelab, que xa foi inaugurado o seu centro moi recentemente; e tamén BorgWarner, en Nigrán, que deberá estar operativo a finais deste ano.

O segundo gran pilar da política de I+D+i de Galicia é a transferencia. En Galicia temos talento, favorecemos o talento, e despois, ¿que facemos co traballo que fai este talento; cos resultados, en definitiva, das investigacións? Pois o que temos que facer é, basicamente, establecer instrumentos que permitan transferir os avances xerados no eido da investigación, nos centros de investigación ou nos centros tecnolóxicos ao mercado. A ciencia, señorías, non é un fin en si mesmo, é un medio, e temos que asegurar que a I+D+i se transforme en beneficios reais para a sociedade, impulsando o progreso e a modernización no noso sistema produtivo. E facémolo poñendo o foco na colaboración entre as universidades, os centros de investigación, os centros tecnolóxicos e as empresas. A transferencia é vital para que os esforzos no eido investigador retornen á sociedade a partir do fomento das estruturas empresariais. Trátase, en definitiva, de converter o que se denomina o «*valle de la muerte*», que separa a investigación no mercado, nunha ponte de futuro para unha economía e uns sectores produtivos máis competitivos. Nestes anos levamos desenvolvendo iniciativas de alto impacto, algunhas xa consolidadas, como poden ser o Programa Ignicia ou as unidades mixtas de investigación. E a estas ímoslles sumar outras novas que son novidade no actual Plan de I+D+i; estou a falar da aplicación do modelo *Venture building*, para favorecer a creación de empresas con base científica; do despregamento tamén do Programa Nexos, que é un novo programa para vencellar os centros tecnolóxicos e de coñecemento coas pemes; ou da creación, no ámbito da biotecnoloxía, dunha oficina piloto que deberá servir para favorecer a transferencia do coñecemento. (*Aplausos.*) Así mesmo, queremos impulsar unha cooperación máis directa entre as universidades e os centros tecnolóxicos, impulsando proxectos colaborativos de ambos con empresas. É clave que os proxectos científicos se trasladen ás empresas e se fomente a colaboración de todo tipo para innovar procesos, para innovar produtos e, en definitiva, para xerar valor engadido, riqueza e benestar para o país.

O Programa Ignicia —un dos máis significativos— seguirá sendo un pilar fundamental para transferir os resultados da investigación realizada nos centros de coñecemento galegos ao tecido produtivo. Desde a súa posta en marcha xa no ano 2016 esta iniciativa, que foi pioneira en España e mesmo premiada pola OCDE, posibilitou apoiar e impulsar dun xeito decidido 32 proxectos e a chegada ao mercado de 13 deles: 10 *spin-offs* e 3 acordos co ámbito da industria. Posibilitou tamén a creación de 140 postos de traballo altamente cualificados e unha captación de investimento público-privado superior aos 26 millóns. Nas próximas semanas publicaremos o que será a quinta convocatoria deste programa e contamos apoiar entre 7 e 9 novas iniciativas para xerar desenvolvemento e emprego asociado. (*Aplausos.*) Este programa serve de conexión entre a ciencia excelente e a contorna empresarial, permitindo converter a investigación en solucións empresariais e de mercado. Este é un programa que, por suposto, manteremos na súa esencia, porque ten demostrado o seu valor e a súa eficacia.

Outros instrumentos tamén de éxito nos últimos anos foron as unidades mixtas. Estas fomentan a colaboración público-privada, favorecendo a busca de solucións moi específicas



para desafíos empresariais. Este ano estamos financiando un total de oito unidades mixtas que están lideradas por empresas tractoras, empresas líderes, como pode ser Navantia, Víaqua ou Copo. Os resultados na última década tamén avalan a súa eficacia: fomos capaces de poñer en marcha 55 unidades mixtas coa participación de 39 empresas e 14 centros de coñecemento. Empregouse a máis de 830 profesionais de alta cualificación e tiveron un importante retorno. Cun investimento de 49 millóns de fondos públicos fomos capaces de mobilizar uns 150 millóns de euros. E no segundo semestre deste ano sacaremos unha nova convocatoria nesta liña. (*Aplausos.*)

Dentro dos novos instrumentos, dos instrumentos novidosos que se van impulsar nesta lexislatura, un importante é o apoio á creación de emprego de base científica e *spin-off*. Para isto, impulsaremos a aplicación do denominado modelo *Venture building*. Este modelo permitirá identificar nos centros de coñecemento aquelas ideas de alto potencial empresarial que se están desenvolvendo agora precisamente nestes centros de investigación co obxectivo de trasladalos ao mundo empresarial; é dicir, de transformar as ideas en iniciativas empresariais que favorezan a creación de postos de traballo, oportunidades e benestar. Para isto é fundamental coñecer o mercado e acompañar cunha perspectiva empresarial os nosos investigadores. ¿Para que? Para impulsar a creación e o impulso de empresas de base científica; en definitiva, poderíamos dicir que se trata de pasar unha idea do laboratorio ao mercado.

Na mesma dirección, poñeremos en marcha este ano a primeira convocatoria do novo Programa Nexos. Como o seu propio nome indica, pretende conectar consorcios de empresas —de pequenas e medianas empresas— cos centros de coñecemento para o desenvolvemento de proxectos colaborativos. Nexos —que é unha evolución do programa Conecta Peme— busca trasladar os beneficios da ciencia e as súas aplicacións ás empresas de pequeno e mediano tamaño. Para garantilo, esta nova convocatoria terá unha dotación de máis de 20 millóns de euros, cos que prevemos apoiar uns 50 proxectos. Durante unha década, o antigo Conecta Peme —a quen substitúe Nexos— chegou ás 719 pequenas empresas do país, a 185 proxectos e mobilizou 150 millóns de euros, creando 317 novos postos de traballo. (*Aplausos.*) E sumamos unha nova iniciativa para incentivar, neste caso, a colaboración activa entre as universidades galegas, os centros tecnolóxicos e as empresas. Detectamos que existe un amplo espazo no que podemos aínda traballar para favorecer a valorización e a transferencia do coñecemento. Conectamos empresas con empresas, empresas con centros de coñecemento, e todo isto ten moi bos resultados, ten resultados moi positivos. E agora queremos dar outro salto interconectando por primeira vez universidades e centros tecnolóxicos, e isto, á súa vez, con empresas, garantindo así a retroalimentación entre estes ámbitos, para que o coñecemento xerado se transforme en solucións innovadoras para a economía, as persoas e a industria galega.

Tamén, entre os instrumentos novidosos, imos deseñar e pór en marcha a primeira oficina piloto para a transferencia de coñecemento centrada no sector biotecnolóxico. Debemos impulsar o potencial de Galicia neste ámbito no que estamos, en moitas das variables que miden a saúde deste sector á cabeza de España en termos de emprendemento ou en termos de investigación.



Con todas estas accións, as xa existentes e as novidasas, queremos poñer a transferencia como un pilar fundamental básico da I+D+i. A investigación básica de excelencia debe servir para deseñar a partir dela solucións e melloras de procesos e produtos que teñan capacidade de chegar ao mercado, e para facelo cunha clara finalidade: mellorar a calidade de vida das persoas e fomentar o desenvolvemento e a competitividade dos sectores produtivos; transferencia onde a cooperación entre os axentes do ecosistema —axentes tanto públicos como privados— é fundamental para asentado proxectos e iniciativas que sexan viables e de impacto; transferencia onde tamén é fundamental a implicación de investidores e actores empresariais que sexan capaces de lanzar ao mercado aquelas ideas susceptibles de desenvolvemento empresarial. Só así, cunha implicación directa e unha cooperación público-privada efectiva, poderemos impulsar unha transferencia real e un avance do noso progreso e benestar.

Todas estas oportunidades hai que levalas tamén ao territorio e aos servizos públicos que temos en Galicia. Os avances da investigación e da innovación teñen que aplicarse á mellora dos servizos desde unha perspectiva máis próxima ás persoas, á sociedade no seu conxunto. Dende hai xa anos, en Galicia somos referentes no uso e no impulso da denominada compra pública innovadora, que busca solucións que non existen no mercado para mellorar os servizos públicos e, por conseguinte, para mellorar a calidade de vida das persoas. E queremos trasladar este espírito innovador da compra pública innovadora —que tan bos resultados deu estes anos— ao ámbito provincial e ao ámbito local. Para isto estamos deseñando —queremos deseñar— unha ferramenta, un instrumento que vai ser pioneiro, que é o único en España ata o momento e que é o que denominamos os plans locais de I+D+i; queremos deseñar xunto cos concellos para potenciar a innovación tamén no ámbito municipal. Estes plans permitirán que as entidades locais poidan identificar desafíos pegados ao territorio e articular solucións adaptadas a eles en áreas moi diversas: planificación territorial, sustentabilidade, mobilidade e xestión dos recursos. Estes plans favorecerán, sen dúbida, o benestar social, o dinamismo económico, a calidade de vida das persoas e mesmo poderán axudar a fixar poboación no rural. (*Aplausos.*) Xa avanzo que nos próximos días abriremos unha vía de cooperación para impulsar un proxecto pioneiro en España, a través da reunión coa Fegamp e cos concellos, para o deseño deste instrumento que posibilite mellorar elementos claves para a calidade de vida das persoas. E estou convencido, como persoa que durante moito tempo estiven vencellado ao mundo local, de que isto terá un impacto en todo o territorio e en todas as persoas. Falamos, por exemplo, de propostas ou de iniciativas que poderán mellorar a vida de persoas maiores ou de dependentes que vivan sós con domótica no fogar ou de apoiar o desenvolvemento nun contorno máis sustentable, do fluxo de persoas, da mobilidade...; en definitiva, de accións moi concretas que van incidir dun xeito decidido na mellora da calidade de vida das persoas.

Dicía que Galicia é referente á hora de aplicar o coñecemento para a mellora dos servizos públicos, e facémolo a través da compra pública innovadora, cunha liña de traballo na que fomos tamén pioneiros a nivel estatal e hoxe somos líderes no conxunto do Estado. A compra pública innovadora permítenos atopar solucións innovadoras ou que non están dispoñibles no mercado para necesidades que se presentan na prestación dos servizos públicos. Hai unhas semanas coñecemos que fomos capaces de captar practicamente a metade dos proxectos concedidos na última convocatoria dos fondos europeos do Ministerio. Dos 20 pro-



xectos —fíxense, señorías— que foron financiados no conxunto de España, 9 deles son de Galicia —de 20, 9 son galegos—. (*Aplausos.*) E destes 9, 8 son por iniciativa da Xunta de Galicia. En total, logramos captar 42 millóns de euros, que van adicarse a desenvolver proxectos transversais e de grande impacto, por exemplo, na atención médica máis personalizada ou, no caso educativo, na creación dun expediente dixital único a través do Programa EdugalIA.

Para un país —para Galicia— da nosa escala é obvio que non podemos ser bos en todo. E queda claro que para destacar, para competir, hai que especializarse, e temos que diferenciarnos, temos que intentar ser os mellores nunhas áreas moi concretas, porque é imposible ser bos en todos os campos. Por iso, débese poñer o foco dun xeito decidido na especialización, apostando por desenvolver propostas que unan alta capacidade transformadora, que potencien a mobilidade de recursos a longo prazo e que teñan un efecto multiplicador para a economía e o benestar de Galicia. Estes son: a biotecnoloxía, as denominadas tecnoloxías profundas, especialmente no ámbito das tecnoloxías cuánticas e da intelixencia artificial, e as enerxías limpas.

A biotecnoloxía é un dos sectores prioritarios cun maior potencial para converterse nun motor clave para a innovación e a competitividade de Galicia en moitas áreas; en áreas como poder ser a medicina xenómica, principalmente mediante o Proxecto Xenoma Galicia, que permitirá a personalización e a mellora de tratamentos de saúde con datos do ADN do 15 por cento da poboación galega, ou noutros ámbitos, como poden ser os novos materiais, a farmacoloxía ou tamén todo o que ten que ver coa agroalimentación.

Este ano rematará a estratexia de consolidación do sector biotecnolóxico de Galicia. E, por suposto, traballaremos —comezamos xa a traballar— nunha nova estratexia da man do sector. Baixo este marco estratéxico fomos capaces de impulsar e potenciar a creación de 24 empresas cunha alta capacidade de creación de emprego, en áreas de altísimo valor engadido, e cunha colaboración moi directa co clúster biotecnolóxico, con Bioga. Galicia é a segunda comunidade do conxunto de España máis bioemprendedora nos últimos anos; é dicir, aquela comunidade autónoma que máis empresas creou no ámbito da biotecnoloxía, cun aumento moi significativo do número de profesionais, de traballadores destas empresas. Estamos a falar de que só dende o ano 2020 medramos un 6 por cento no ámbito profesional.

Ademais, acabamos de crear, a través da Lei de acompañamento, o denominado Polo de investigación e desenvolvemento no ámbito biotecnolóxico. ¿Para que? Para potenciar esta liña científico-industrial de futuro. É un polo que apoiará a sinatura de convenios para a realización conxunta de actuacións de I+D+i, a creación de centros ou unidades de investigación e infraestruturas científicas, o desenvolvemento de parques tecnolóxicos, a mellora dos servizos públicos e a procura de solucións tecnolóxicas innovadoras, ou a atracción e o fomento de investimentos para o desenvolvemento tecnolóxico e industrial. (*Aplausos.*)

Paso a continuación, señorías, a abordar outros destes ámbitos estratéxicos, o das tecnoloxías profundas, comezando pola cuántica.

Galicia é hoxe un referente tanto a nivel de investigación como no desenvolvemento de infraestruturas especializadas en todo o que ten que ver coas tecnoloxías cuánticas. Un ele-



mento clave neste liderado é, sen dúbida, o Centro de Supercomputación de Galicia (o Cesga), que nos sitúa entre os líderes en capacidades cuánticas do sur de Europa nunha institución pública. E facémolo ata o momento a través de dúas grandes infraestruturas tecnolóxicas: o FinisTerra III e o ordenador cuántico Qmio.

O Cesga ten un importante impacto en universidades, centros de investigación, pero tamén en empresas; en empresas tan coñecidas como, por exemplo, Estrella Galicia ou Pescanova. E dá soporte —o Cesga— ao desenvolvemento de distintas ramas de coñecemento científico, ao deseño de produtos ou mesmo —todos os días o usamos— ás predicións meteorolóxicas de MeteoGalicia.

O total de usuarios do Cesga chega a 1.400, o 25 por cento deles de fóra de Galicia. E un dos principais fitos desta lexislatura será a instalación e posta en marcha da ampliación do novo Cesga, cun montante de 56 millóns de euros; 56 millóns de euros que proceden nunha parte significativa do PERTE Chip. De feito, fomos capaces de captar para esta infraestrutura o 75 por cento do fondo do PERTE Chip, que puxo en marcha o Estado a través dos fondos europeos. *(Aplausos.)*

Esta ampliación do Cesga permitirá albergar infraestruturas de cuántica, xunto a un novo supercomputador, o FinisTerra IV, e tamén equipamentos de almacenamento de datos de información no ámbito científico. E todo isto, como xa é coñecido, instalárase nun edificio que estamos a construír na Sionlla. Todo este equipamento ten que estar rematado antes de agosto do ano 2026 e, sen dúbida, vai consolidar o Cesga como un motor esencial do desenvolvemento científico de Galicia.

Tamén de xeito paralelo continuamos dando impulso á Rede galega de tecnoloxías cuánticas, na que colaboramos, xunto aos centros tecnolóxicos, ás universidades e ao sector empresarial, para que se poidan adoptar dun xeito efectivo estas tecnoloxías no mundo universitario, científico e tamén empresarial.

E, ademais, en computación cuántica, temos un alto potencial en comunicacións seguras, co Quantum Communication Center, de Vigo, que depende da Universidade de Vigo e que traballa para garantir que as mensaxes e os datos se transmitan de maneira segura e estean a salvo de ciberataques.

Xunto ás tecnoloxías cuánticas, a Intelixencia Artificial, a IA, é unha aposta clara de Galicia para non perder o tren do futuro. Precisamente hai poucas semanas neste Parlamento se debateu a primeira lei que vai regular este ámbito nunha escala a nivel dunha rexión europea. Queremos sentar as bases para impulsar estas tecnoloxías con gran importancia en ámbitos como é a xestión eficiente ou o intercambio de datos, fomentando a colaboración entre empresas, centros de coñecemento e outros axentes.

Para acelerar a implantación destas tecnoloxías acabamos de presentar unha candidatura europea para obter fondos para o despregamento do que se denomina unha fábrica de IA, que é un espazo especializado, neste caso, en ciencias da saúde, que busca combinar infraestrutura tecnolóxica, talento humano e ferramentas avanzadas, e que, de ser concedida, sería a segunda de España que estaría, neste caso, vencellada tamén ao Cesga. *(Aplausos.)*



Contamos como socio co CSIC, contamos co apoio do Ministerio e tamén quero agradecer, neste caso, a boa disposición que tivo a Secretaría de Estado nesta materia para poder impulsar esta candidatura. Agardemos que poidamos ter un recoñecemento dela.

Finalmente, tamén dun xeito estratéxico, Galicia continúa avanzando cara a un modelo enerxético sostible, aproveitando o potencial dos recursos naturais do noso territorio. No ano 2023 Galicia produciu —fíxense que dato— o 75,3 por cento da súa electricidade a partir de fondos renovables, superando amplamente os obxectivos europeos para o ano 2030, que, no mellor escenario, son do 45 por cento.

A innovación en almacenamento enerxético e a dixitalización nas redes eléctricas son claves para optimizar a xestión e garantir unha subministración limpa e estable.

A Xunta de Galicia aborda proxectos tractores vertebrais, como é a Alianza galega industrial do hidróxeno verde ou o Polo de innovación en enerxías mariñas e almacenamento enerxético, que, precisamente, se desenvolve no CIS de Ferrol, e que inclúe unha plataforma experimental de eólica mariña pioneira en España.

Estas iniciativas fortalecen a transición ecolóxica e sitúan a Galicia na vangarda das tecnoloxías limpas.

—E vou rematando.—

Este goberno pon a ciencia e a innovación a funcionar a favor dos intereses de Galicia e dos galegos. Temos máis talento que nunca; talento que vertebra toda a innovación e a creatividade. Hoxe acadamos as maiores cifras de persoal de I+D+i da nosa historia. Estamos a falar de preto de 14.000 profesionais. Temos máis recursos, un investimento que acada unha cifra récord na nosa comunidade autónoma e que se multiplica grazas á colaboración público-privada e á capacidade de Galicia para captar fondos. Temos un ecosistema de I+D+i que non deixou de medrar e co que traballamos día a día. E temos tamén ferramentas, un plan integral, que elaboramos xunto co sector, que recolle as súas propostas, e no que está representada a visión deste goberno.

Nos últimos anos non deixamos de medrar a un ritmo que hoxe xa nos permite ir converxendo con outros territorios nacionais e europeos, miremos o indicador que miremos, sendo conscientes, por suposto, de onde estamos.

E agora queremos dar un paso máis, un paso grande, un gran paso, que vai marcar a presente lexislatura, cun plan específico e transversal, centrado no desenvolvemento de políticas transformadoras que apoiem o talento, a transferencia do coñecemento e a mellora, desde o territorio e con vocación de servizo público, das accións en I+D+i. E todo isto centrado tamén en áreas estratéxicas e de alto impacto, como poden ser a cuántica, a biotecnoloxía ou as enerxías renovables.

Sabemos onde estamos, non somos ilusos, sabemos que nos queda moito camiño por facer, pero tamén sabemos onde queremos estar nos próximos anos. E queremos unha Galicia máis



innovadora, máis creativa, máis competitiva e que aposte pola ciencia para construír o seu futuro, o noso futuro.

Ao longo da historia Galicia perdeu, deixou pasar, certas oportunidades. Este non é o caso. Non podemos deixar que pase o tren da ciencia e non subir a el. Levamos anos comprometidos coa I+D+i, e isto ten que ser, sen dúbida, un dos piares da Galicia do futuro.

Asumimos o reto de liderar este proceso para asegurar que a través da ciencia se senten as bases da Galicia que queremos ser no noso futuro. E nesta tarefa, por suposto, agardamos contar coa implicación dos grupos desta Cámara para seguir fortalecendo o tecido investigador, científico e empresarial galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coa rolda dos distintos grupos parlamentarios.

Infórmame o señor Ojea que renuncia ao seu turno de intervención.

Por conseguinte, ten o turno o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Conselleiro, eu teño dez minutos soamente para contestarlle e vostede fixo aquí unha demostración, un despregamento... Non facía tanta falta; porque vostede é xeógrafo, pero realmente en márketing é marabilloso, porque se hai unha cuestión que se chamaba Conecta Peme, chamámoslle cun novo nome e é un novo programa.

Pero ben, vou intentar, nos dez minutos que teño explicar algunhas cuestións. Vou facer inicialmente unha pequena revisión histórica. Mire, no ano 1988 — non estaba nin o Bipartito, gobernaba Albor —, eu fun un dos que conseguiu un proxecto de investigación do Plan galego de I+D+i daquel ano, do ano 1988. Polo tanto, Galicia naquel momento si que era punteira — estou falando, ademais, dun goberno do Partido Popular —, porque era das poucas comunidades autónomas que tiña un plan específico que desenvolvía proxectos que permitían que un profesor recién titulado, coma min, iniciase a súa carreira investigadora; por certo, proxectos de investigación que desaparecen neste plan, como desapareceron, e outros. Polo tanto, Galicia xa era punteira naquel momento. Os sucesivos gobernos defendérono e, no momento do Bipartito, este Plan galego de I+D sufriu un impulso decidido e importante, de forma que se incorporaron non só os proxectos de investigación, senón que apareceron os grupos, os grupos consolidados, os grupos de excelencia, o financiamento basal a grupos, que foi fundamental para que moitos grupos que estabamos nas universidades puidésemos funcionar. Polo tanto, os oito centros Cigus teñen a súa orixe no ano 2008. A



Consellería ata o último ano non foi capaz de ampliar o número deses centros Cigus, que no ano 2023 si que pasaron a dez, e en sucesivas convocatorias eran simplemente para os centros que xa estaban constituídos no ano 2023.

Pero vostede dicía que a ciencia tiña que ser o futuro, e niso imos estar de acordo. A ciencia ten que estar no centro de todas as políticas públicas, de todas, e, polo tanto, como o Goberno da Xunta de Galicia tomou a decisión de poñer «ciencia» no nome dunha consellería, eu tiña a esperanza de que aquí désemos un salto realmente cualitativo no desenvolvemento da ciencia. Pero, nada máis que iso, simplemente se cambiou Gain dunha consellería a outra e todos os programas e os proxectos que trae vostede aquí non son máis que unha pequena evolución dos proxectos que xa tiñan en Gain.

Porque vostede fala dun incremento histórico do presuposto. Claro, todos os anos van ser históricos, porque, simplemente polo incremento do custo da vida, polo incremento da poboación, van ser cada vez máis os fondos. Sempre imos ter un financiamento histórico. Pero voulle recordar unha cousa: no ano 2010 Galicia empregaba o 0,94 por cento do seu PIB en I+D, e non se volveu recuperar ata o ano 2018. A partir de 2010 foi baixando continuamente co Goberno do Partido Popular, e no 2018 por fin acadamos un 0,95; que é curioso porque o seguinte ano, no que se produce un incremento moito máis importante, resulta que é o ano en que comeza a gobernar Pedro Sánchez en Madrid. ¡Que curioso! E cando se produce un salto importante no desenvolvemento do PIB en Galicia é, precisamente, no ano 2020, que pasa do 0,97 no 2019 a 1,09; por certo, ano no que se empezan a aplicar os fondos de recuperación xestionados e conseguidos polo Goberno de Pedro Sánchez en Madrid. ¡O Goberno de Pedro Sánchez é tan malo, tan malo que financia o 70 por cento, como dicíamos, do PERTE, e dos 56 millóns de euros do Cesga con 48-49 millóns de euros! (Aplausos.)

Polo tanto, no impulso á I+D, vostede dicía que este último ano se estaba producindo un efecto importante de incremento e de converxencia, e vostede daba un dato moi interesante para min, porque non soamente hai que ver... Efectivamente, Galicia tivo nos últimos anos un impulso moi grande no gasto que se facía en I+D, pero vostede comentou a situación dos euros per cápita que se gastan en I+D en Galicia con respecto ao Estado, e falaba do ano 2009. Eu voulle falar do ano 2019, de hai pouco, e vou comparar os datos de 2019 cos datos de 2023.

Mire, conselleiro... (O señor Abalde Alonso mostra unha gráfica.) Conselleiro, mire: isto de abaixo é Galicia. (O señor Abalde Alonso sinala co dedo unha parte da gráfica.) Galicia, España e o resto. É dicir, no ano 2009 había unha diferenza de 404 euros por persoa con respecto ao País Vasco e neste momento hai 594 millóns de diferenza con respecto ao País Vasco. E respecto de España, tamén perdemos: había 99 euros de diferenza e neste momento hai 110 euros de diferenza.

Polo tanto, estamos medrando, si, pero estamos medrando menos que o que medra o resto. Non estamos conseguindo a converxencia real con ese sistema. Esta é a realidade deste sistema que temos aquí, e, polo tanto, imos ir desgranando un pouco... Vou intentar, nestes minutos que me quedan, falar un pouquiño de todas as cousas que vostede dicía.



Por suposto, estamos de acordo nas liñas, como non podía ser doutra maneira, porque son xenéricas, como a do fomento do talento... Mire, a mellor forma de potenciar o talento galego é axudar decididamente a aquelas institucións que o que fan é iso, potenciar e formar o talento, porque vostede mesmo recoñeceu que a maior parte do talento está nas universidades e nos centros de investigación vinculados ás universidades; polo tanto, esa é a mellor fábrica de talento. Vostede fala da atracción ás universidades. Levan atraendo talento continuamente. Vostede mesmo comentou que neste momento hai cerca de 167 Ramones y Cajales incorporados; están incorporados nas universidades, fundamentalmente. Os ERC que vostede comentou están practicamente todos nas universidades, excepto algúns que están nun centro do CSIC. E recentemente o Ministerio central acaba de sacar unha convocatoria de incorporación de investigadores estranxeiros nos centros de investigación. De 30 que se deron en España, ¿sabe cantas se conseguiron aquí, en Galicia? Seis; cinco en universidades. Polo tanto, xa as universidades son capaces de captar ese talento e, polo tanto, vostede o único que ten que facer é intentar apoiar todo o sistema de I+D que xa existe. Por suposto que é un sistema moi importante e, por suposto é importante que haxa esa regulación.

¿Para cando a Lei da ciencia? ¿Por que non plantexan aquí unha lei da ciencia que articule e regule exactamente como está funcionando? ¿E por que non plantexan un pacto real? Porque vostedes din aquí que van ter 1.300 millóns de euros para os próximos tres anos. ¿E despois que? ¿Por que non hai un acordo ou non intentan minimamente conseguir un acordo de todas as forzas políticas para que a ciencia non sexa un axente de discusión entre os partidos políticos e teñamos unha axenda clara de financiamento? Partindo dun financiamento actual, establecemos unha axenda de financiamento de obrigado cumprimento para calquera goberno, sexa quen sexa e veñan as directrices que veñan. Porque isto —comentarei despois— tamén ten a súa importancia.

Polo tanto, xa temos neste momento un bo ecosistema de I+D, xa temos programas que están postos aí encima; moitos deles son copiados de programas que inicialmente estiveron funcionando nas universidades. Vostede aquí agora fáleme da transferencia. A transferencia fana as universidades. A colaboración entre as universidades e os centros tecnolóxicos está de sempre. Todas as universidades, as tres do sistema público galego, dispoñen de viveiros para o desenvolvemento de empresas, existen as *spin-off*, existen traballos; simplemente ao inicio veu poñer unha pequena guinda importante, pero unha pequena guinda ao que se estaba facendo no resto das universidades.

Polo tanto, eu pediríalle que basicamente o Plan galego se utilizase precisamente para establecer esa colaboración intensa cos axentes realmente claros do ecosistema de I+D, que son as universidades, os centros de investigación e os centros tecnolóxicos, que son os que realmente están facendo ciencia por aí adiante.

Vostede coméntame o tema... Bueno, despois na outra intervención, falarei diso. Especialización, biotecnoloxía, IA Quantum, enerxía... Vostede mete o Finisterrae IV tamén en cuántica, e non é cuántica. Por certo, se fala de cuántica, pois fale co señor García Comesaña e dígalle que na lei galega apareza a cuántica, porque nós propuxémolo e dixéronnos que, ao mellor, é unha tecnoloxía que non se acaba consolidando. Polo tanto, esta aposta que fan vostedes ao mellor non é tan interesante.



E respecto do tema das enerxías renovables, por suposto, e da biotecnoloxía, pero, por certo, dicíao polo tema das liñas e do mantemento de determinadas políticas. ¿Onde está o Polo aeronáutico? ¿Onde está esa aposta decidida?, na que, ademais, se empezou co tema da compra pública precompetitiva... ¿Onde está o Polo aeronáutico?, porque mira que Galicia puxo fondos e moi importantes nese Polo aeronáutico. ¿Esqueceulle? ¿Simplemente caeu?

Polo tanto, repito, a investigación e o sector o que necesitan son políticas continuas, constantes, unha aposta decidida e, sobre todo, unha axenda de financiamento clara, pero non para tres anos, senón para moito máis aló.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Abalde.

Para a quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Eu quixera comezar facendo unha pregunta ao conxunto da Cámara, que eu creo que, ademais, é a que se fan miles de galegas e galegos hoxe, e é preguntarlles ao Goberno e ás señorías do Partido Popular se van renunciar a 4.000 millóns de euros dos que pode dispoñer a Xunta de Galiza para investir en políticas de ciencia, en sanidade, en dependencia, en medio rural —máis diñeiro do que dispón nun só ano toda a Consellería que preside vostede, señor Rodríguez— única e exclusivamente para obedecer, para cumprir coas ordes que lles mandan as súas directoras e directores de partido desde Madrid. Quería preguntarlles se só por puro centralismo, submisión e estratéxica electoralista e partidista do Partido Popular en Madrid van renunciar e facer que perdan todas as galegas e os galegos a capacidade de ter —pola vía do pacto acadado polo BNG, da conquista acadada polo BNG, para que se condone a débeda— 4.000 millóns de euros (*Aplausos.*) —¡4.000 millóns de euros!—, que é máis do orzamento que dispón nun só ano a Consellería de Educación e que serían imprescindibles para ter máis cartos para a ciencia e a investigación, para a sanidade pública, para as políticas sociais ou para a atención ás persoas dependentes, porque diso estamos falando.

Toda a política de ciencia, de investigación e de innovación custa, como toda a política pública, cartos, e o Goberno do Partido Popular o que nos está dicindo é que, como non lles deixan os seus xefes en Madrid, van facer que as galegas e os galegos non teñan xa no inmediato 560 millóns de euros para fortalecer as políticas públicas, tamén en materia de educación e, sobre todo, de investigación e de ciencia no noso país, para financiar ese Plan galego de investigación do que nos falaba o señor Rodríguez.

E a min gustaríame poder falar del tamén, pero, claro, a esta Cámara non nolo mandou ninguén, e iso que o Bloque —que outra cousa non, pero si é guiadiño e fai o seu traballo— chamamos á Consellería o pasado venres, vendo que aquí ninguén mandaba ningún plan.



Por certo, algo ao que obriga a Lei de fomento da investigación, o artigo 15, que di que unha vez que aproba o Consello da Xunta ese plan de investigación ten que ser posto á disposición da Cámara e, polo tanto, dos seus grupos, para poder valoralo. Non nolo mandaron, e ademais dixéronnos que tiñamos que pedilo polo artigo 9. Eu xa fixen ese rexistro o propio venres, pero recordo que o artigo 15 da Lei de promoción da investigación di que ten que poñerse á disposición do Parlamento unha vez que é aprobado polo Consello da Xunta. E, segundo a propaganda do Partido Popular, foi aprobado no Consello da Xunta do 5 de febreiro. ¡Que máis liña estratéxica en materia de ciencia e investigación que o plan que debe guiar a acción do Goberno os próximos anos, nada máis e nada menos que até 2027!

Entón, eu vou falar dos anuncios que fai aquí o conselleiro e das notas de prensa da Xunta de Galiza. Quixera ter un documento máis formal, máis serio e máis completo, entre outras cousas, unha avaliación de cales foron os efectos e o grao de cumprimento do anterior Plan de investigación, pero non o temos. Agardo, que nolo envíen.

E eu baixarlle un pouquiño o entusiasmo respecto dos anuncios, dos grandes anuncios, porque son os mesmos que fixo a directora xeral da Gain no cuarto encontro Oportunius no pasado mes de novembro de 2024, que sería un anuncio que se publicasen no *Diario Oficial de Galiza* esas convocatorias novas das que vostede nos fala, señor Rodríguez (*Aplausos.*); que se pasase da propaganda ao *Diario Oficial de Galiza*, que é como as cousas se fan realidade e se materializan.

En todo caso, eu quixera centrar a miña intervención en tres propostas que desde o BNG queremos trasladarlle hoxe aquí, con vocación de seguir tendendo a man para fortalecer o ecosistema investigador galego, para seguir situando a ciencia, a xeración de coñecemento, como a gran panca de desenvolvemento económico, social e humano do noso país, como sempre facemos desde o BNG; en tres ámbitos que cremos que teñen moita marxe de mellora para poder seguir avanzando colectivamente como país nesta materia.

A primeira ten a ver co elemento co que comezaba, co investimento, cos cartos cos que soste esa investigación, esa ciencia, esa xeración de coñecemento. E, efectivamente, medramos; certamente, temos un investimento, en relación co PIB —que é o principal medidor que se utiliza en materia de ciencia e investigación—, do 1,25 por cento, e medramos máis que a media, porque tamén partiamos dunha situación bastante peor que outros territorios. Pero, aínda así, temos —insisto— moita marxe de mellora porque estamos por baixo do obxectivo que a propia Xunta de Galiza se fixaba para 2020. Eu quero lembrar que o Goberno do Partido Popular, no seu Plan estratéxico 2015-2020, fixaba un obxectivo de situar no ano 2020 —hai cinco anos— o investimento de ciencia e de investigación en Galiza no 1,7 por cento; hoxe estamos aínda no 1,25 por cento, lonxe, non só dese obxectivo, senón tamén da media do Estado, que é do 1,49 por cento, e xa non digamos moi, moi afastados doutros territorios dentro da nosa contorna máis inmediata do propio Estado español, como Euskadi, que está no 2,16 por cento; Cataluña, no 1,79 por cento ou Madrid no 1,8 por cento.

Entón, hai que seguir facendo un esforzo de investimento constante en orzamentos e tamén no estímulo, por suposto, ao investimento por parte do tecido empresarial, do tecido produtivo e privado de Galiza.



E dicía vostede: non podemos perder o tren da ciencia. Porque parece que foi unha cousa así (*A señora Rodil Fernández levanta as mans e móveas.*) que ninguén sabe, máxica; un unicornio que de repente fixo que perdésemos posicións. Foron os recortes do Partido Popular durante anos, que fixeron que Galiza todo o que avanzara entre 2005 e 2008 o retrocedese a pasos axigantados durante os anos que gobernou o Partido Popular, especialmente durante a crise económica, entre 2009 e 2010 e o ano 2016, que empezamos a encarar outra vez con algo de entusiasmo o investimento. E hai que investir, orzar e executar o que se orza, porque cos datos que manexamos aquí, no Parlamento, vemos que cos últimos datos que se remitiron por parte da Xunta de Galiza en materia I+D+i do Plan galego de investigación, innovación e crecemento, a Xunta de Galiza do Goberno do Partido Popular deixou sen executar, entre o ano 2009 e 2023 —ano pechado; fíxese, estamos en 2025— 211,6 millóns de euros, case o 30 por cento do diñeiro que aparecía oficial e formalmente nas contas, nos proxectos de orzamento da Xunta de Galiza.

Necesitamos apostar decididamente por un financiamento constante e que chegue como choiva fina a eses axentes que conforman o ecosistema investigador do noso país. Eu escoitábo e dicía: ¿de que fala? E poñíamolo un pouco en común distintos deputados e deputadas do BNG que traballamos directa ou indirectamente nesta materia de I+D+i, de ciencia e investigación. Porque, claro, aquí falta unha parte moi importante para garantir que o ecosistema funcione desde os primeiros chanzos até a excelencia, como dicía vostede, que é ese financiamento basal a todos os centros e grupos de investigación, fundamentalmente aos interuniversitarios —temos tres centros interuniversitarios en Galiza que non obteñen financiamento basal por parte do Goberno da Xunta de Galiza—, aos grupos tamén que traballan en ámbitos que non son ciencia aplicada, que está moi ben —é básico e é fundamental que a teñamos, esa transferencia de coñecemento, que, por suposto, leva facendo o sistema universitario público deste país desde os anos oitenta—, pero fáltanos tamén apostar por ámbitos e sectores do coñecemento como as ciencias experimentais, a lingua ou as ciencias sociais, que carecen hoxe desa liña de financiamento basal, que non te saca de pobre —que ninguén pense que é unha subvención que te quita de concorrer a convocatorias competitivas, a convocatorias por proxectos—, pero que si te permite que eses elos máis febles, eses grupos, esas unidades de investigación que están comezando poidan ter polo menos unha liña de financiamento básica —por iso se chama basal— que permita que poidas funcionar minimamente.

Eu traio os datos da Universidade da Coruña —porque é tremendamente transparente nesta materia— e de todos os centros de investigación; das unidades de investigación e dos grupos dos que dispón a Universidade da Coruña. Hai 69 grupos que carecen de financiamento basal da Xunta de Galiza, que intenta malamente, cos seus pírricos orzamentos, suplir a propia universidade. A proposta do Bloque é que se cree unha liña de financiamento basal para centros, grupos e unidades de investigación que hoxe están excluídas desa convocatoria de centros que existe por parte da Xunta de Galicia e, sobre todo, que pule polo equilibrio territorial, a cohesión territorial, e aposte por cohesionar e converxer non só Galiza co Estado ou Galiza con Europa, senón Galiza con Galiza, porque Lugo e Ourense están absolutamente excluídas das liñas de financiamento que agora mesmo ten a Xunta de Galiza en materia I+D+i, entre outras cousas porque os fondos FEDER que veñen da Unión Europea para a cohesión territorial acaban sendo adxudicados a grandes grupos que se sitúan fundamentalmente nas uni-



versidades e no Eixo Atlántico. Creemos liñas que permitan a esa outra parte do país e a eses elos máis febles do ecosistema investigador galego poder alcanzar ese nivel de excelencia que tanto se require.

En segundo lugar, falaba de completar a carreira investigadora. (*A señora Rodil Fernández fai movementos coas mans.*) Claro, é que nos falta unha peza clave desde a formación a ese Programa Oportunius da Xunta de Galiza, que é a de consolidación da carreira investigadora. Nós levamos anos facéndolles unha proposta de crear un programa específico, que nós até xa lle estamos dando forma, Programa Antonia Ferrín Moreiras, co obxectivo de dar ese horizonte de estabilidade e claridade ao persoal investigador, pero tamén ao tecnólogo, tamén a ese persoal de xestión de proxectos, que é esencial no día de hoxe para poder ter un ecosistema investigador competitivo, cun obxectivo, que é dirixirnos a esas investigadoras e investigadores que leven seis anos xa de doutoramento e un mínimo de vinte e catro meses de experiencia posdoutoral dentro ou fóra do sistema universitario ou do ecosistema investigador de Galiza.

E, por último, o terceiro chanzo, a terceira proposta ou o terceiro elemento que queríamos traer hoxe desde o BNG aquí é esa Fundación Galega para a Ciencia. Eu o primeiro que quero dicir é que me alegro de que agora falen de algo no que o Bloque Nacionalista Galego leva moitos anos só. E cada vez que se trouxo a necesidade de crear e de dispoñer de ferramentas novas e útiles para o ecosistema investigador galego, o único que obtivemos da Xunta de Galiza, das bancadas do Partido Popular, foron votos en contra e tildar as propostas como chiringuitos ou ocorrencias, e agora véñennolas vender aquí como as súas propostas estrela.

A pena —xa o dixen hai uns días—...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—remato, presidenta— é que non copien ben as cousas, porque o que fan é propoñernos unha ferramenta que, como moi cedo, se vostedes cumpren a súa propaganda —*y no pasa siempre*—, até 2026 non vai ser unha realidade, e ademais nace limitada, nace —se me permiten a expresión— capada, porque se limita única e exclusivamente a propoñernos crear seis contratos, seis contratos ao ano, cando este país debería ofrecerlle ao ecosistema de investigadores, sobre todo ao persoal investigador deste país, un horizonte máis amplo de estabilidade e de claridade na súa carreira profesional.

Remato. Somos unha potencia en ciencia e investigación, no BNG témolo claro; non lle poñan vostedes un freo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Antes de darlle a quenda ao Grupo Parlamentario Popular, que é o seguinte en intervir, saudamos —e dámoslles a benvida ao Parlamento— os alumnos e alumnas de dous colexios



que nos acompañan hoxe: ao Colexio Armando Cotarelo Valledor, de Boimorto, e ao Colexio da Cruz, de Nigrán. Benvidos ao Parlamento.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Grazas, presidenta.

Moi bo día, señorías.

Por suposto, quero saudar tamén os alumnos que nos acompañan hoxe aquí na tribuna.

Vou comezar falando coa señora Rodil. Nun debate sobre ciencia, falar de maxia, señora Rodil, queda un pouco raro, porque maxia é como se explica que os 4.200 millóns que nos van condonar, non van a ningún sitio, ninguén os vai pagar. ¿Como o explica vostede, señora Rodil? Explíquello aos alumnos. (*Aplausos.*) Ti podes ter unha débeda de 4.000 millóns, alguén vén e chos quita, e ninguén os paga. Eu apúntome a iso, señora Rodil, e máxime se mos proporciona o Bloque, claro.

Señor Abalde, claro, vostede en toda a súa intervención di que a ciencia e a innovación están na universidade. É certo, pero hai un mundo fóra da universidade. Eu entendo que vostede ten unha certa querencia pola universidade, e é lóxico, pero hai mundo fóra. O señor conse lleiro de Ciencia —se se me permite a expresión—, é verdade, tivo moito tempo, porque para iso está no Goberno; vostede e eu temos dez minutos unicamente. E falou unha parte importante do seu tempo da transferencia e falou dos plans locais de I+D+i, que algún das bancadas deste lado poñía cara de: ¿que é iso? Pois iso é o que hai que facer tamén coa ciencia. E iso fai que países como Bélxica, por exemplo, ou como Corea, estean en valores de PIB do 2,7 e 2,8, porque as empresas invisten en solucións que chegan á poboación. Esa é a liña de traballo tamén, xunto coas universidades.

Bueno, eu creo que estamos, efectivamente, traballando todos —e aí si que creo que todos estamos nesa mesma liña— en ter unha Galicia á vangarda, competitiva e con futuro. E hoxe desgranáronsenos aquí propostas estratéxicas para dar respostas a grandes retos. Un dos máis importantes no que todos coincidimos é en coidar as persoas, coidar os investigadores, coidar o talento, como peza clave que é para a innovación, para a creatividade; en definitiva, para a ciencia. Tamén —insisto— para conseguir que o que se fai nos laboratorios chegue á sociedade. De nada vale facer algoritmos espectaculares se despois os galegos e a xente que nos rodea, ou os alumnos que están nos colexios, non os pode utilizar.

E algo tamén moi importante —e diso vostedes tampouco falan, que era un dos problemas que tiña esa proposta resesa que debatemos xusto no pleno pasado—: con estratexia: ¿a onde queremos ir?, ¿en que campos?, ¿que especialización? Vostedes din: facemos de todo... Bueno, si, maxia, xa vexo que si. Hai un traballo importante de saber cales son os sectores que máis nos interesan. E aí é onde estamos poñendo o foco nas nosas fortalezas e tamén nas nosas necesidades. E temos recursos, si, e temos un presuposto, que se aprobou precisamente neste Parlamento, na Comisión 3ª, con 372 millóns de euros; un dato histórico —si, sempre é histórico, pero podía ser menos e podía ser máis tamén—. E, dende logo,



cunha cuestión importantísima: con planificación feita co sector. Iso que chamamos o ecosistema participou activamente nese plan de I+D+i.

Creo que estamos todos de acordo no balance. Remataba a señora Rodil dicindo que a situación da ciencia en Galicia é moi boa. É certo, e non o di o Goberno galego nin o din os parlamentarios da oposición, dío o informe do INE, que é clarísimo nese sentido. É un 28 por cento de incremento. Claro, pode ser máis; evidentemente, podemos ter porcentaxe de PIB máis alta, podemos ter unha renda per cápita moito máis alta...

Señor Abalde, vostede, cando fala do período 2010-2018, esquece que é no medio dunha crise económica mundial. Bueno, é un pequeno detalle sen importancia. Iso si, ata que chegou Pedro Sánchez e mandou apagar. Todo o crecemento de investimento en I+D+i en Galicia débemolo a Pedro Sánchez, non o sabemos, pero está ben que vostede nolo recorde. *(Aplausos.)*

Eu quixera destacar algún dato que xa se deu aquí, pero que me parece importante, que son eses 14.000 galegos e galegas, ou persoas que viven en Galicia, para ser exactos —porque algúns viñeron de fóra—, adicados á ciencia neste país —14.000—. Iso son 186 parlamentos de Galicia distribuídos por toda a xeografía; case un Parlamento de Galicia cheo de investigadores por cada dous concellos. É un dato importante. Somos a sexta comunidade autónoma en volume de recursos captados nese financiamento europeo, que destacaba o conselleiro. E, efectivamente, estamos nese 25 por cento do PIB. Señora Rodil, o obxectivo da estratexia que deriva da RIS3 é que no ano 2027 academos un 1,7 por cento. Estamos nun 25 por cento, quédanos traballo. Creo que se están dando pasos no Goberno de Galicia, entre outras cousas, poñéndolle o nome de Ciencia a esta consellería e tamén todo o que hoxe se desgranou aquí. Creo que vai no bo camiño; estaremos pendentes, por suposto, de seguilo.

Pero é moi importante ese esforzo das empresas. De feito —insisto—, moitas das medidas que hoxe se desgranaron aquí teñen que ver coa transferencia, coa compra pública innovadora, que beneficia fundamentalmente as empresas, con eses plans locais de saúde, con esas liñas estratéxicas, como a enerxía renovable, co almacenamento de enerxía, por suposto, coa intelixencia artificial; coa computación, en xeral. Señor Abalde, eu nunca lle dixen que a cuántica ía pasar de moda; nada máis lonxe. O que lle dixen a vostede, nestes días que discutimos sobre a Lei de intelixencia artificial, é que poñerlle un nome moi concreto ás cousas ten o risco de que a evolución tecnolóxica as supere, e mañá, en vez de cuántica, se chame doutra maneira. *(Aplausos.)* Non é outro o obxectivo, non é que a cuántica non vaia cuajar. En Galicia vai cuajar, porque a aposta da Xunta de Galicia pola cuántica é clara. Ese cumio que está a facer agora é con fondos europeos, claro. É que os fondos europeos non son do señor Sánchez, son europeos, como o seu nome indica, e veñen a Galicia e se utilizan para facer infraestruturas, entre outras, o Finisterrae IV.

Eu quixera destacar fundamentalmente eses aspectos que desgranaba o conselleiro —insisto— no ámbito do talento, falando de investigadores. Se temos 14.000 persoas adicadas á investigación, hai que dicir que un número importante delas son, por suposto, eses técnicos fundamentais para que os proxectos poidan desenvolverse, pero o núcleo duro dese corpo de 14.000 persoas adicadas á ciencia son os investigadores, e deses hai un récord histórico en Galicia, señora Rodil. Hai 7.000 investigadores puros en Galicia traballando agora, que,



pasado a parlamentos —por seguir co símil—, son 93 parlamentos de Galicia cheos de investigadores puros. Ese é un dato que nunca tivemos en Galicia e que fai —como vostede remataba— que esteamos, probablemente, no mellor momento da ciencia en Galicia, si; eu creo tamén que estamos nese momento. Pero hai que seguir traballando e, como dicíamos, manter e reter ese talento.

Hoxe o conselleiro puxo encima da mesa novas actuacións dirixidas a formar, captar, reter, atraer e retornar ese talento. Algunhas medidas son novas; outras, non, pero, dende logo, todas reforzan o que se leva facendo dende hai moito tempo, por exemplo, dende que se creou Gain no ano 2012 —un elemento sen importancia a creación de Gain—; que, señor Abalde, a vostede moléstalle moito que estea nun sitio e noutro. Bueno, o Plan de I+D+i está feito con 32 departamentos da Xunta que abordan a I+D+i, os que están na Consellería de Ciencia e os que están na Consellería de Innovación, onde está, por certo, o Polo aeroespacial, que vostede botaba en falta, sen ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

Somos, ademais, a única comunidade autónoma que ten un decreto específico que regula este ámbito, o que nos permite dar certezas ao persoal que depende dos organismos públicos de investigación. Son convocatorias específicas de axudas ás etapas predoutorais e posdoutorais, blindando unha carreira investigadora durante dez anos, señora Rodil. Temos neste momento 700 persoas nese ámbito, e máis de 103 millóns de euros adicados a iso. Por non falar dos doutoramentos industriais, con máis de 60 investigadores que participan no programa —quince na última convocatoria—; desas prazas non menores de profesores axudantes e doutores, para incorporar talento docente investigador nas tres universidades; de 166 profesores que están contratados a través do programa María Goyri; ou das axudas aos grupos de investigación, 427 que temos en activo, os excelentes, e eses que están con potencial crecemento para converterse en excelentes; cofinanciando, ademais, contratación de investidores de alto nivel, tanto o Juan de la Cierva ou o Ramón y Cajal, onde adicamos 5,2 millóns de euros, e que abrangue a 167 investigadores. E a nivel europeo, por suposto, o Programa Oportunius, que tanto se ten comentado aquí. Este é o terceiro pleno no que falamos de investigación e de I+D+i, e iso é unha boa nova, que, por suposto, reflicte que as cousas se están facendo, e facendo ben.

Nestes plenos falamos do Oportunius, deses 34 investigadores distinguidos que desenvolven 42 proxectos en Galicia, cun anuncio que acaba de facer o conselleiro —do que vostedes, por certo, non dixeron nada na súa intervención—, que é ese apoio aos investigadores galegos á hora de presentarse ás candidaturas das convocatorias Marie Curie, como comentaba o conselleiro; ou, por suposto, dese anuncio do presidente Rueda de outubro do ano pasado da Fundación Galega, que xerou, por unha banda, que o Partido Socialista presentase unha PNL para que chegase canto antes. Pois xa chegou, señor Abalde; xa temos hoxe aquí as explicacións que vostede pedía o outro día —están aquí, e no Consello da Xunta xa estaban hai unha semana—. E tamén, por suposto, o que pedía o Bloque nesa iniciativa resesa do pleno pasado e hoxe vólveo facer; volveu sacar a súa fundación, que, como queda visto, claro e demostrado, Galtia, a fundación presentada o outro día, supera con creces todo o que se dixo aquí o outro día, aínda que á señora Rodil, claro, como só cre na maxia e non cre na ciencia, entendo que non lle sorprenda. *(Aplausos.) (A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si.



En todo caso, eu creo que o que contou aquí hoxe o conselleiro reflicte ese momento importante da ciencia e da innovación en Galicia e creo que temos unha oportunidade única para seguir traballando.

Señor conselleiro, como vostede ve, nin o Bloque nin o PSOE creo que vaian estar á altura deste momento, pero, bueno, hai que seguir insistindo e hai que seguir crendo na ciencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Moitas grazas, presidenta.

En primeiro lugar, agradezo o ton dos portavoces da oposición, que recoñezan publicamente que estamos nun bo momento e que en Galicia, coas nosas salvedades, coas nosas problemáticas e coas nosas dificultades, avanzamos moito nos últimos anos; o ecosistema de investigación e todo o que ten que ver con el avanzou e mellorou dun xeito notable nos últimos anos, co esforzo colectivo de todos os axentes que conforman o ecosistema.

Respecto ao que dicía o señor Abalde, claro, falaba de revisión histórica. Eu creo que o señor Abalde —con todo o cariño— foi un gran científico e un gran investigador —creo que é un bo investigador e un bo científico—, moito mellor que político, sen dúbida. Agradezo que diga que sempre Galicia foi punteira, que tivo un bo sistema. E dicía o de bo político, porque, claro, os datos que dixo aquí non se corresponden en ningún caso coa realidade. Cando falamos de converxencia, como di o representante do Partido Socialista, parece que todo o bo o fai o Partido Socialista e todo o malo o fai o PP, ou que nuns momentos concretos onde gobernou o Partido Socialista en Galicia as cousas ían mellor para a ciencia que actualmente, e esa non é a realidade.

A realidade vén dicir que no período 2006-2009, no Bipartito, Galicia non converxía con España. Nese caso, o investimento en Galicia era máis baixo que o investimento en España; en concreto, en Galicia o investimento era dun 9,5 por cento e en España dun 15,2 por cento. É dicir, no Bipartito desconverxemos con España, porque o ritmo de crecemento do investimento era menor en Galicia que en España. E iso tamén vai para o Bloque, porque neste caso eran socios. Pois, mire, todo o que acaban de dicir aquí cae, poñendo os datos diante do espello. A converxencia no Bipartito foi que Galicia medraba bastante por debaixo da media española: 9,5 por cento, 15,2 por cento.

O outro dato que nos fala da converxencia é que durante o período 2010-2023, co Partido Popular, Galicia crece moi por riba da media estatal, con gobernos no Estado do Partido Popular e con gobernos do Estado do Partido Socialista —¡que, grazas a Deus, existe o Partido Socialista para salvar a ciencia!—. En Galicia, medramos neste período un 34,4 por cento e



en España, un 9,5 por cento. Fíxense vostedes o que están dicindo. Miren a converxencia da que vostedes falaban no Bipartito, as grandes flores que lle mandaban no Bipartito e, con todo, no Bipartito desconverxemos con España, medramos menos en orzamentos que España —bastante menos, con gobernos do Partido Socialista e do Bloque— e durante os gobernos do Partido Popular converxemos con España, pasando España nos últimos anos —non sei cantos leva Pedro Sánchez, seis ou oito anos— a un 9,5 por cento e Galicia a un 34 por cento. Aí se ve a realidade e aí se ve que unha cousa é falar e outra cousa absolutamente distinta é dar trigo. *(Aplausos.)*

Se imos concretizar aínda máis os datos para demostrar o que é o discurso e o que é a realidade, vemos o seguinte noutro dato: en gasto de I+D sobre PIB, entre o ano 2020 e o 2023, nos últimos anos xa pechados e consolidados, se comparamos o crecemento no PIB que tivo a ciencia en Galicia co gasto e o investimento en ciencia que tivo España, a diferenza é abismal. España medrou en ciencia un 0,9 por cento de PIB, e en Galicia, un 15 por cento. Durante o Goberno do señor Pedro Sánchez, en España a ciencia e o gasto en I+D sobre o PIB pasa, en concreto, dun 41 por cento a un 49 por cento —é dicir, 9 centésimas—, mentres en Galicia o dato pasa de 1,10 por cento a un 1,25 por cento. Hai un cambio substancial que tira por terra todo o seu relato. O seu relato non se sostén, non ten base —nunca mellor dito— científica para dicir que o Partido Popular non apoia a ciencia e que os partidos de esquerda si apoian a ciencia, cando é xusto ao revés. *(Aplausos.)*

Como tampouco se pode dicir que non hai nada novo. ¡Home!, un goberno serio e un goberno intelixente, con estabilidade e con continuidade, obviamente, mantén o que funciona ben, e dentro da Axencia Galega de Innovación hai moitos proxectos que funcionan moi ben, e mantenos, evolucionaos e modificaos. Pero tamén creo —como xa o dixo o señor portavoz do Partido Popular— que hai moitísimas liñas novas neste plan. Creo que non se pode dicir que non hai ningunha novidade; iso é, realmente, algo moi curioso.

Por suposto, se alguén apoia e defende as universidades —creo que o sabemos perfectamente— é o Goberno de Galicia. Podíamolo facer máis, obviamente, pero creo que hai unha liña de cooperación e colaboración absoluta, e estamos absolutamente a favor de que as universidades sexan a clave de bóveda da investigación en Galicia, que, sen dúbida ningunha, o son. Todos os grupos de investigación son financiados pola Xunta; financiamos ou cofinanciamos os investigadores principais que existen en Galicia, como os do Juan de la Cierva ou do Ramón y Cajal, e agora queremos financiar tamén os Marie Curie e os predoutorais e posdoutorais. Creo que iso é indubidable, e creo que o facemos mellor que o señor Sánchez; sen dúbida, moito mellor que o Partido Socialista. Porque estes días viamos en prensa algo que case era sonrojante: os proxectos de intelixencia artificial do Ministerio, cando xa estaban concedidos, por déficit de xestión interna do Ministerio, non se lles dan aos investigadores. Moitos centros de investigación de Galicia, por unha xestión pasota —polo menos pasota, por dicilo de xeito suave— perderon recursos para investigar en I+D. ¿Ou que dicir das FPU, das becas e contratos FPU?, que todos os investigadores cuestionaron e criticaron o seu retraso.

Pasando ao que nos di a señora Rodil, bueno, a verdade é que teño que dicir que pouco lle importa a ciencia á señora Rodil, tal e como comezou, que comezou a falar dos 4.000 millóns.



A verdade é que eu creo que van ter que aplicar tecnoloxía de computación para explicarlles aos galegos a auténtica bóla que están vostedes dicindo aquí. Vostedes falan de que 4.000 millóns —creo que é moi acertado o que dicía o deputado do Partido Popular— van desaparecer por maxia, e que os galegos xa non imos pagalos. ¡Pero iso é unha mentira como unha casa, señoría! ¡Pero iso é unha mentira como unha casa! Non, non, non... (*Murmurios.*) Eses 4.000 millóns non desaparecen; é que aos galegos, a todos nós, nos van cargar eses 4.000: os dos cataláns, os dos valencianos, os dos andaluces... (*Aplausos.*) Vannos cargar todo, e vostedes aquí sacan peito dunha socialización da débeda, que precisamente prexudica aqueles que temos menos débeda, como somos nós. ¡E sacan peito! ¡Home!, eu creo que, insisto, botan moi mal as contas, queren enganar os galegos e teremos que ir á tecnoloxía de computación para que poidan botar ben as contas e saber realmente o que vai supoñer isto para Galicia e para cada un dos galegos.

Pero, coidado, agora parece que isto, que é unha —se se me permite a expresión— barbasada, é grazas ao Bloque. Díxoo vostede aquí. (*Murmurios.*) Realmente, é moi interesante saber isto. Eu pensei que foran os partidos cataláns os quen forzaran a Pedro Sánchez para poder seguir como presidente do Goberno, os que lle impuxeran esta medida, e foron vostedes. Bueno, creo que todo se aprende; todo se aprende neste Parlamento, e é moi interesante. En todo caso, vai ser moito menos interesante, cando os cidadáns galegos teñamos que pagar as débedas dos cataláns, andaluces, madrileños, valencianos, navarros..., de todos os cidadáns españoles, con esa socialización de débeda que prexudica, precisamente, os que menos débeda temos.

Tamén hai unha cousa que me chamou a atención da súa exposición, e é que poñía como unha crítica —incluso lle pareceu raro— que nun goberno un director xeral de área e o seu conselleiro digamos o mesmo. Dixo: ¡Bueno, que cousa máis rara que vostede diga o mesmo que di a súa directora xeral! ¡Home!, o raro sería que non o dixera, e que non trasladásemos o que nós dicimos en sede parlamentaria ao plan de I+D, que quere, dalgún xeito, articular todo o que ten que ver coa política de I+D na presente lexislatura.

Fálanos tamén de investimento, e falou de recortes. Mire, xa non lle vou explicar nada do que xa lle dixen antes ao señor portavoz do Partido Socialista. O de «recortes» sáelle de serie no seu discurso político, pero despois imos ver os datos e imos ver como a converxencia que nós plantexamos é unha desconverxencia cando gobernaron vostedes e como hai un crecemento maior do investimento no que ten que ver coa relación PIB e I+D en España e unha comparación máis baixa que en Galicia. Pero vostedes falan de recortes e xa está. Nós non ocultamos, obviamente, que nos queda moito camiño por percorrer. Non o ocultamos, queda moito camiño por percorrer, pero falar de recortes, cando todos os datos, ano a ano, nos falan claramente dun incremento orzamentario que tende a converxer con España e cando no Bipartito desconverxía coa media de España, pois realmente non deixa de ser curioso.

Tamén lle digo, señoría, que ten un dato mal: dos centros interuniversitarios, un deles ten financiamento basal, porque pertence aos centros complementarios da Rede Cigus —si, déronlle mal a información, ou non se acorda; non pasa nada, non persevere no erro—. Ecobas ten financiamento basal porque é un centro complementario —que se aprobou hai moi poucos días—, que é a fase previa aos centros Cigus. ¡Que si, home, que si!, ¡que lle deron mal



o dato! (Risos.) ¡Non diga que non, home!... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pero, ¡vamos ver!, vostede o que plantexa, como suele ser habitual e o vimos nalgunha das súas propostas, é unha especie de café para todos, e, por suposto, o que temos que facer é intentar apoiar dende abaixo cara arriba, pero sempre cuns criterios de exixencia, de avaliación e de excelencia, porque este é un mundo tremendamente competitivo, é un mundo onde se compete en investigación co noso contorno próximo e a nivel internacional.

E, claro, por exemplo, vostede fala dos grupos de investigación. ¿Como que non se busca que os grupos de investigación —que hai tres niveis— vaian de menos a máis? Unha persoa que quere montar un grupo ten unha axuda específica para montar un grupo; despois, pode ser de referencia competitiva e pode ser consolidado, pero esa axuda existe para que vaian de abaixo arriba e poidamos ir dando chanzos, saltando chanzo a chanzo, cunha axuda pública. De feito, somos unha das poucas comunidades autónomas que o fai, e, bueno, se vostede me di que Ecobas non ten financiamento basal, todo o resto lle será igual e válenos.

E, por suposto, nesa liña, fala da carreira investigadora. Pois a ver como van facer vostedes para incumprir a Lei de ciencia —Lei de ciencia aprobada pola esquerda—, porque vostede di: non, é que imos sacar unhas liñas para financiar proxectos máis alá dos dez anos. A carreira investigadora son dez anos, segundo a Lei de ciencia, e Galicia ten os dez anos: catro en predoc e seis en posdoc. E despois ten un compromiso nas últimas convocatorias coas universidades, para aquelas persoas investigadores que son posdoc, de estabilización nas propias plantillas universitarias, como os PDI. Pero ben, vostede di que non, *y ya está*.

E tamén me di que o seu proxecto de fundación é un proxecto que nós copiamos. ¡Oia!, eu tiven a sorte de ler o seu texto —tampouco me custou moito traballo, porque é fácil de ler—. Realmente, aquí non se ven os principios de Galtia, que son cousas diferentes. Este modelo non aporta nada á carreira investigadora; non nos aporta nada a súa proposta, porque aquí non hai nin especialización, nin aposta polo alto nivel, nin hai nada; simplemente un desiderato —por certo, dun folio só— onde nos din que toda aquela persoa que se adica á investigación ten que ser financiada pola Administración pública. E iso non ten que ser así, señorías, a Administración pública ten que apoialos e ten que desenvolver cunha perspectiva estratéxica o seu traballo.

En todo caso, hai moitísimos mecanismos de estabilización. Xa lles dixen antes que temos a carreira investigadora de catro e seis anos tope que se pode plantexar segundo a Lei de ciencia. Temos os centros Cigus, os centros de investigación e os grupos de investigación, que son máis de 400, cun investimento moi grande, e son, precisamente, os que dan emprego aos investigadores. E despois temos liñas específicas, doutoramentos industriais. E todo o apoio que se dá, xunto coas universidades, aos Juan de la Cierva y Ramón y Cajal, agora ímosllos dar tamén aos Marie Curie. Todo isto posibilita que haxa un marco moi importante para que un investigador poida desenvolverse profesionalmente. Pero vostedes aquí din: non, non hai carreira investigadora. Bueno, pois miren, eu non sei... Se non está no seu catecismo, non a vou dar convencido. E, realmente, pódese debater do que se queira, pero cando os datos son os que son e dicimos afirmacións absolutamente contrarias aos datos reais pouco podemos avanzar.



En todo caso, creo que neste ámbito —como se recoñece— Galicia ocupa dende sempre un bo nivel. ¿Temos marxe de mellora? Si. ¿Temos que seguir insistindo nesta materia para seguir converxendo? Si, sen dúbida. ¿Avanzamos moito nos últimos anos? Tamén, sen dúbida. ¿Queda camiño por diante? Si. ¿Estamos mellorando e pensamos seguir facéndoos? Tamén. ¿E vostedes non o queren ver? Pois, tamén.

En todo caso —e xa para rematar—, o salto cualitativo e cuantitativo que se deu nos últimos anos creo que é incuestionable, e o mérito é de todos os profesionais que desenvolven a súa actividade, a súa profesión, nos centros de investigación, nos centros tecnolóxicos e nas empresas vencelladas ao mundo da investigación. E, obviamente, o que facemos dende a Administración autonómica é acompañar, impulsar e deseñar esas estratexias marco nas cales desenvolven o seu traballo os investigadores.

Pero, en todo caso, estamos ante o momento de maior investimento da nosa historia; nunca tivemos tantos profesionais traballando, tantas empresas que están innovando, e realmente o máis importante é que estamos converxendo sen ningún tipo de dúbidas. Fronte aos datos, o que vemos é un discurso de serie absolutamente irreal por parte dos partidos da oposición e que simplemente non queren ver o que a sociedade galega, e fundamentalmente os investigadores, están vendo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. (*Pausa.*) Declina a intervención.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señor conselleiro, non dubido que son mellor investigador que político: levo corenta e tantos anos investigando e un ano aprendendo aquí a ser político, pero co exemplo que vexo por aquí non vou aprender moito.

Para empezar, eu non fixen en absoluto unha comparación entre as políticas do Partido Popular e as políticas do Bipartito. Comentei única e exclusivamente que o Plan galego naquel momento tiña, á parte de proxectos, outra serie de axudas. Pero isto non é meu; por certo, isto é do ano 2019 ao ano 2023 —datos Cootec—. ¿Ve como non hai converxencia? (*O señor Abalde Alonso mostra un documento.*) O que hai é, efectivamente, un incremento importante de gastos de I+D, pero resulta que, claro, nós incrementamos nun 28 por cento, pero a media de España incrementa nun 14 por cento. E iso fai que, como partimos desde moito máis abaixo, vaise facendo que a confluencia non exista, senón que existe diverxencia.

Eu, ademais, non sei moi ben se teño que contestar tanto ao conselleiro como tamén ao representante do Partido Popular. Eu non falei, loxicamente, de investigación e universidades; eu falei en xeral, o que pasa é que en dez minutos non dá tempo para moito. ¡Pero é que as universidades representan o 70 por cento do ecosistema do I+D!; e dos 7.000 investigadores puros que di vostede, 5.000 e pico son de universidades. Polo tanto, é un sector importan-



tísimo. E quero recordar que no Plan de financiamento das universidades non existe un fondo específico para financiar a investigación, por poñer un exemplo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, existen indicadores do apartado 3.0, pero investigación basal, non, e é unha reivindicación que lle fan sempre os reitores das tres universidades públicas. Polo tanto, esa é a realidade.

Aquí hoxe estivo o conselleiro falando moitísimo de transferencia; por suposto, é moi importante. Nós, desde a Universidade da Coruña —cando eu estaba alí de reitor—, fixemos un esforzo importante para a transferencia: centros mixtos, unidades mixtas e colaboración co resto das universidades; por suposto que é importante. Pero aquí falouse moito máis de programas de excelencia e de captación de investigadores excelentes, que traen —no caso de Oportunius— 26 investigadores ao sistema de I+D, e de Galtia, que vai traer 30 en catro anos. ¿E da canteira? É dicir, ¿dese talento que se ten que formar precisamente como pre-doutorais, como posdoutorais, e desa carreira investigadora que acaba de dicir o conselleiro? É que practicamente foron dúas liñas no discurso do señor conselleiro. Ademais, non dixen que os fondos europeos fosen de Pedro Sánchez; dixen que foron xestionados por Pedro Sánchez, que é distinto. Polo tanto, precisamente polo peso de investigador que teño, suelo ser bastante rigoroso nas miñas afirmacións.

Exactamente igual que o Plan de incorporación das empresas e da especialización. Claro que é importante a especialización, pero tamén é importante que haxa espazos claros para que se apoie decididamente a investigación non dirixida, a investigación que ten como obxectivo simplemente xerar coñecemento. Polo tanto, necesítase tamén un financiamento para esa investigación que non ten unha aplicación directa nas empresas, que non xera esa transferencia directa nas empresas, pero que é necesario que estea nas universidades e nos centros de investigación e centros tecnolóxicos, porque nunca se sabe moi ben cales se van conseguir. Polo tanto, é moi importante.

Decía o señor Comesaña que, claro, é que desde o 2009 e tal houbo unha crise económica importante. Ben, nesa época houbo unha crise económica en toda Europa. ¿Sabe que decisión tomou Alemaña? Chegar a un pacto con todas as forzas políticas pola ciencia onde se garantía que incluso en momentos de crise cada ano se subían un 5 por cento os fondos de I+D. Ese foi o acordo que se tomou en Alemaña, país de referencia naquel momento da súa economía. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —bueno, si, despois contéstame, se ten a oportunidade de contestar—. Polo tanto, hai decisións diferentes; hai decisións de que se a ciencia e a investigación son tan importantes tamén nun momento de crise se produce unha baixada do PIB; polo tanto, a porcentaxe de baixada de PIB fai que os fondos que chegan ao sistema de I+D aínda se reduzan máis, porque ten a baixada da porcentaxe e a baixada do PIB.

Polo tanto, se realmente apoiamos a ciencia, temos que ter decisións claras, decisións políticas, decisións de acordo entre as distintas forzas políticas. Por iso, nós, desde o noso partido, polo que avogamos é por unha reforma da Lei de ciencia aquí, en Galicia, por un pacto de todas as forzas políticas que están representadas neste Parlamento, para garantir unha senda de financiamento que non dependa das variables de que nun momento determinado un conselleiro ou unha conselleira estea de acordo ou non estea de acordo, senón que estea marcado —como se está facendo noutros casos— onde se pode utilizar o indicador que se



queira, pero que estea garantido que ano a ano van subir os fondos dedicados a esa investigación, e despois aí teremos que poñernos de acordo sobre cales son as mellores ferramentas para desenvolver o sistema de I+D+i.

E, por último, conselleiro, non foron proxectos de IA, foron as redes de IA as que se deixaron de financiar.

Polo tanto, conselleiro, temos que ser capaces de —como dicía vostede— non perder este tren; este tren é moi importante. E para iso necesitamos que toda a comunidade autónoma, toda a Administración autonómica, se poña directamente a facer o que di: que a ciencia ten que estar no centro das políticas e ten que estar salvagardada dos vaivéns económicos e dos vaivéns políticos que pode haber.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Abalde.

É a quenda agora para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

¿Sabe o que lles molesta, señorías do Partido Popular e señor Rodríguez, co da condonación da débeda? Que o Partido Popular andaba predicando por aí que só se lle ía condonar a débeda a Cataluña, porque o pactara Pedro Sánchez con Esquerra Republicana, e que Galiza non ía poder acudir a esa condonación da débeda, a esa quitación da débeda, porque non acudira ao sistema do FLA. (*Aplausos.*) Grazas á negociación política do Bloque Nacionalista Galego, comunidades autónomas como Galiza, (*Aplausos.*) que acudiron ao mercado libre, aos bancos para endebedarse, tamén van ser condonadas, tamén van ter condenada a súa débeda. (*Aplausos.*) E volvo facerlles a mesma pregunta: ¿van renunciar a que as galegas e os galegos dispoñan nos orzamentos da Xunta de Galicia de 4.000 millóns de euros, que agora mesmo se están dedicando a pagarlles a débeda aos bancos para poder investir en ciencia, en sanidade, en dependencia, en educación ou en políticas sociais? Iso é o que lle teñen que explicar vostedes á xente aí fóra: que o Partido Popular, por puro sectarismo, por obediencia ao centralismo e porque é o PP máis antigalego da historia, vai facer que este país e a xente que vive e que traballa en Galiza (*Aplausos.*) renuncie a 4.000 millóns de euros, tan necesarios para fortalecer os servizos públicos e o tecido produtivo —tamén a ciencia e a investigación— en Galiza. (*Aplausos.*)

E a min nunca deixará de sorprendeme, señor Rodríguez, a capacidade que ten para manipular, para distorsionar o que din os demais e para mentir cada vez que abre a boca. Eu, de verdade... Aquí estivemos reunidos todos os grupos parlamentarios, incluído o Partido Popular, con representantes dos centros de investigación interuniversitaria, que, entre outras cousas, viñeron denunciar que facer unha convocatoria de costas ao sistema universitario —que é como traballan vostedes—, en vez de aliarse con el... É que en vez de traballar man



a man con quen produce a maior parte do coñecemento da ciencia e da investigación neste país, fixeron unha convocatoria de centros que excluíu unha parte fundamental do ecosistema investigador do noso país. Tal é así, que esa convocatoria deixou sen executar 16 millóns de euros que logo se distribuíron por outras vías. A proposta que lle fai o Bloque Nacionalista Galego non é que haxa un café para todos, non, non, senón equidade; é que ti poidas partir das mesmas condicións que os demais, e que para poder ir a esa convocatoria de grupos competitiva, para poder acudir a convocatorias de proxectos, para poder dimensionar unha parte importante e fundamental dos axentes que conforman o ecosistema investigador do noso país, teñan un financiamento básico, que —insisto— non te saca de pobre. Ti, para seguir facendo ciencia, necesitas concorrer a convocatorias por proxectos, pero o que che dá é minimamente unha pouca liquidez para poder soste unha estrutura básica de investigación e logo coller dimensión, coller músculo e poder ir a convocatorias competitivas nas que, de partida, estás excluída, se non se garante por parte da Administración —que é a máxima responsable— esa liña de financiamento básica, esa liña de financiamento basal, que é a proposta que lle formulamos desde o Bloque Nacionalista Galego.

E —insisto— desa convocatoria de centros non só quedaron excluídos os interuniversitarios, quedou o Imatus e quedou o CITENI; é dicir, centros de investigación que tiñan que ter unha alianza na propia Xunta de Galiza, que, por facer unha convocatoria de costas —insisto— ás necesidades do propio sistema universitario deste país, deixou unha parte importante do ecosistema investigador galego sen esa liña de financiamento; que non é un regalo para jala!, non se sabe ben o que, senón que é ter uns ingresos básicos —por iso se chama basal— para poder ter unha estrutura de funcionamento mínima.

E, despois, di: non se poden facer convocatorias de consolidación da carreira investigadora porque vas en contra da Lei de ciencia. ¡Tena Euskadi! Deben vivir na ilegalidade máis absoluta.

¿Cal era a proposta que lle facía o Bloque Nacionalista Galego con esa fundación do Innogal? Que puidésemos trazar esa carreira investigadora completa a través da fundación do Innogal, para poder darlles un elemento, unha ferramenta útil, ao sistema universitario galego e aos centros e grupos de investigación deste país. Esa era a oferta que lle facía o BNG. Pero é moi difícil manterlle esa man tendida se o único que obtemos de resposta é unha mordida cada vez que facemos unha proposta ou traemos unha soa iniciativa a este Parlamento. Señor Rodríguez, dígollo francamente, aquí os únicos que non cren na ciencia e na investigación son vostedes, que non teñen nin a máis mínima vontade de intentar chegar a acordos coas forzas políticas representadas nesta Cámara, e principalmente coa forza que lidera a oposición, para conseguir fortalecer e ampliar o ecosistema investigador deste país. *(Aplausos.)*

Falan unha e outra vez do Programa Oportunius, e agora de Galtia. Non, claro, é que a oferta que faciamos desde o BNG era trazar ese programa de recursos humanos completo, abranguendo todos os chanzos da carreira investigadora, desde a fase de formación, de incorporación, á fase de consolidación da carreira universitaria. A proposta que nos traen é asinar seis contratos ao ano, ¡seis! ¿Esa é a gran aposta estratéxica? ¿Esa é a grande aposta estratéxica que nos ofrece o Goberno do Partido Popular, o mesmo —insisto— que o Oportunius desde o ano 2018, cos seus datos: 21 contratos, 3 contratos ao ano? ¿Esa é a oferta estratéxica para situar a ciencia e a investigación onde merece estar no noso país?



Insístolle nas propostas que fixemos: en primeiro lugar, en facer un investimento constante e en garantir a choiva fina para que chegue a todos os elos do ecosistema investigador con ese financiamento basal, que ademais aposte pola cohesión territorial e que aposte por pular por Ourense e por Lugo tamén para equilibrar Galiza dentro do propio ecosistema; por esa parte oriental e interior do país. En segundo lugar, en completar a carreira investigadora con esa etapa de consolidación...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—remato— con ese programa de consolidación da carreira investigadora. E, en terceiro lugar, en non lanzar unha fundación limitada. ¿Por que temos que limitarnos única e exclusivamente a seis contratos ao ano cando podemos —porque existen exemplos na nosa contorna que demostran que é posible— abranguer todos os elos da carreira investigadora e garantir unha carreira completa, estable, cun horizonte claro, que che permita o máis importante para poder xerar coñecemento, que é ter unhas condicións de estabilidade estimulantes para poder facer o teu traballo como investigadora e investigador, que é investigar?

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodil.

É agora a quenda para o Grupo Parlamentario do Partido Popular.

Ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Moitas grazas, presidenta.

Eu dicía hai un momento que este era o terceiro pleno case consecutivo no que falamos de ciencia e innovación. E dicíao soamente coa ciencia e a innovación, pero tamén teño que engadir todo o tema da IA, do que falamos estes días. E creo que este é un exemplo bo que reflicte como está traballando o Goberno de Galicia neste ámbito.

Estamos, efectivamente, coa primeira lei que regula ese ámbito dentro dunha rexión europea —hoxe hai unha noticia en *La Voz de Galicia* que así o confirma—, e que ademais está sendo utilizado tanto en Europa como noutras rexións do mundo como referencia, esa aposta específica pola intelixencia artificial.

Eu quería destacar dentro desa lei o artigo 62, porque creo que é moi acaído hoxe facelo, que fala do fomento da investigación e da innovación no ámbito da intelixencia artificial. E o apartado 1 —só vou ler o apartado 1— di que «a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público fomentarán un ecosistema galego de investigación e innovación en materia de intelixencia artificial no que o talento investigador, as empresas emerxentes e as pequenas e medianas empresas poidan traballar en estreita colaboración



cos usuarios industriais, atraer investimentos para a Comunidade Autónoma de Galicia e ter acceso aos principais compoñentes de intelixencia artificial de maneira fiable e accesible, que funcione para a cidadanía, que respecte os dereitos fundamentais, a democracia e a seguridade, e na que confíen as empresas e os consumidores». Este é o artigo 62 dunha lei na que estamos traballando —por certo, moi ben, creo— cos grupos parlamentarios —creo que si, aínda que o señor Abalde discrepa—. Eu creo que estamos traballando ben. E, como digo, reflicte ese espírito do Goberno galego, que, de momento, está tendo boa recepción —insisto— pola oposición, nun contexto tan específico como é a intelixencia artificial ou como é a I+D+i. Insisto, creo que é un bo exemplo de como estamos a traballar neste Parlamento.

Respecto da transferencia, eu creo que insistía na miña intervención en que é algo fundamental. Temos unha grande experiencia —como xa dicía o conselleiro de Ciencia novamente— no que é a transferencia na compra pública innovadora. Galicia é un referente a nivel nacional e europeo en compra pública innovadora, tanto no ámbito educativo como no ámbito sanitario. E creo que é unha boa oportunidade que todo iso que se fai nos laboratorios chegue, como dicíamos antes, á cidadanía. E, en especial, eu quero destacar esa aposta polos plans locais de I+D+i, que van permitir que concellos que teñen necesidades, cidadáns que teñen necesidades, poidan beneficiarse tamén destes avances, deste ecosistema que temos de I+D+i, e poder avanzar.

Bueno, efectivamente, señor Abalde, eu cando lle dicía o tema da universidade era porque parecía que vostede se centraba soamente no ámbito universitario. Por suposto, no noso ecosistema de I+D+i a universidade ten un peso importantísimo, e temos que seguilo mantendo. Eu aclárolle que son 5.900 dos 7.000 investigadores os que están na universidade. E segundo dato: o que temos que facer é conseguir que fóra da universidade ese número aumente. Aí está a transferencia, precisamente.

Eu creo que programas como Oportunius ou como Galtia, e un que, señor conselleiro, pasa desapercibido —e mira que eu insisto nel—, o Retorna I+D, que é un plan creo que complementario tanto de Galtia como de Oportunius, teñen que colaborar nese sentido. E, de feito, vano facer así.

Claro, poñía vostede o exemplo de Alemaña neses anos. Ben, eu dubido moito de que a señora Merkel permitira iso que vostede dicía ou que dicían os alemáns. En todo caso, os alemáns xa escolleron esta fin de semana pasada, ¡eh!, e xa sabe que resultado lle deron ao Partido Socialista alemán: o peor resultado de toda a historia. (*Aplausos.*) Espero que non pase aquí o mesmo.

A verdade é que se deu unha situación na que, efectivamente, desapareceron 30 millóns de euros adicados á intelixencia artificial; o Goberno de España de repente fixo desaparecer eses 30 millóns, dá igual que sexan en redes de IA ou en proxectos de IA. Realmente, eran 30 millóns adxudicados xa, moitos en grupos galegos que quedaron esperando unha vindeira convocatoria.

Señora Rodil, vostede segue e segue coa maxia, segue pensando na maxia. Ou sexa, podía repregar velas e non falar, nun foro de ciencia, da maxia, pero insiste na maxia. Dicía ben o



señor conselleiro: ao mellor, co cumio somos capaces de conseguir explicarlles aos galegos quen vai pagar os 4.200 millóns de Galicia e os 20.000 cataláns e todo o demais. Eu, a verdade, non sei, e non llo escoitei a ninguén do Bloque; só lle escoito dicir que é cousa deles, pero ninguén explica como se van pagar. Non ten a oportunidade de falar despois, pero, ao mellor, algún día o pode explicar.

Insisto, a proposta que fixo o Bloque Nacionalista Galego sobre a fundación de investigación creo que quedou claramente abordada no pleno pasado e non é cuestión de volver repetila, pero, dende logo, quixera dicir dúas cousas fundamentais: si que contemplaba a carreira investigadora a proposta que hoxe se pon aquí e non o seu proxecto.

E, bueno, eu tamén quería falar brevemente sobre os centros interuniversitarios. Mire, está moi ben que os defenda, nós tamén os defendemos, pero non fagan dos centros interuniversitarios unha cuestión de Estado. Hai que traballar neles, hai un compromiso da Consellería de abordar a súa situación e hai que buscar a maneira de que poidan concorrer a esas axudas, igual que o resto de centros. Pero, afortunadamente ou desafortunadamente —porque eu creo que son unha peza importante e moi interesante que mantén unha integridade dentro da estrutura universitaria galega importante—, non son a peza fundamental da investigación e a innovación. Son tres institutos moi importantes; haberá máis e hai que potencialos, seguramente. Son unha máis, pero, dende logo, non creo que o problema fundamental da investigación e a innovación en Galicia sexan os centros interuniversitarios.

E remato xa, agradecendo ao conselleiro como desgranou todas esas estratexias. Creo, efectivamente, que estamos nun momento doce da I+D+i, na que, por suposto, hai que seguir traballando e na que, por suposto, o Grupo Parlamentario Popular imos estar sempre á disposición para apoiar todo o que se nos plantexe e, dende logo, para aportar as melloras que se nos pidan tamén.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor García Comesaña.

Imos saudar agora o alumnado do CEIP Plurilingüe Santa Mariña, de Redondela, que nos acompañan nestes momentos desde a tribuna de convidadas.

É agora a quenda, para a dúplica, do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González): Ben, pois moitas grazas.

Eu tamén lle dou a benvida a está cativada do colexio de Santa Mariña, de Redondela, e quero dicirlles que grazas a estas novas xeracións, a estes estudantes dos colexios e institutos, Galicia é a primeira comunidade autónoma, segundo PISA, en ciencias. Creo que é un dato moi importante, e estou seguro de que o esforzo e o traballo que se fai nos centros educativos,



sendo os primeiros de España na competencia en ciencias, segundo o informe PISA, vai axudar e axuda, sen dúbida, ao que estamos facendo e debatendo hoxe en día aquí. *(Aplausos.)*

Ben, a verdade é que, se facemos unha mínima reflexión, creo que todos podemos coincidir —aí creo que todos podemos coincidir— en que España en xeral e Galicia en particular perdeu moitos trens ao longo da nosa historia, da nosa historia pasada e da nosa historia recente, e en que estamos tamén nun momento complexo, tremendamente complexo, cun cambio de paradigma en todo o que ten que ver coas estruturas produtivas, coa xeopolítica, coa xeoconomía, coa forma de producir e coa forma de consumir. Hai un cambio de paradigma global. E, sen dúbida, neste cambio de paradigma global, o que é o coñecemento vai ser a clave —é xa a clave— da economía do futuro. E se non somos capaces de subir a este tren, ímolo pasar mal; ímolo pasar mal e quedaremos nunha situación periférica. Galicia neste momento está nunha boa situación e vai depender de nós que sexamos capaces de subir a este tren, a este tren de futuro. Porque realmente Galicia ten talento, non cabe a menor dúbida que ten moito talento en todos os campos, pero tamén no campo da investigación; temos equipamentos, temos infraestruturas e temos, afortunadamente, estratexias diferentes, neste caso, o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia e os partidos de esquerda. Porque realmente se queremos competir en ciencia e en investigación, temos que competir a nivel xa non nacional, senón a nivel internacional. E hai que apostar, sen dúbida, pola excelencia, pola máxima calidade. Isto non é unha cuestión de cantidade, iso é unha cuestión de calidade, de excelencia e de buscar tamén a equidade e a igualdade de oportunidades nos centros investigadores, propoñendo unha serie de mecanismos que posibiliten que os investigadores e os grupos poidan cambiar de chanzo, poidan subir, poidan progresar, pero sempre dentro dun marco de calidade máis que de cantidade. Por iso me sorprenden algunhas cousas que escoitei aquí e que despois explicarei.

Xa o dixen outra vez, e vostedes seguiron insistindo neste asunto. Cando falan de converxencia, cando falan de aposta política das súas formacións políticas comparativamente coa nosa, ao final, ese dato, cando se pon a realidade diante, cae, ¡cae! Galicia desconverxeu no Bipartito; desconverxeu con España no Bipartito. Medraba menos en ciencia que a media de España. Co Goberno do Partido Popular a partir do ano 2010 e ata o ano 2023 —último ano consolidado—, Galicia medra máis que a media de España. A partir de aí, ¿como poden seguir insistindo en que con vostedes converxía e con nós non converxía e hai riscos, se cando vostedes gobernaron medraba menos que a media de España e cando gobernamos nós medramos máis que a media de España? A partir de aí todo o que se pode dicir cae polo seu propio peso.

Señor Abalde, nós tamén reivindicamos —¿como non o imos reivindicar?— o papel das universidades, xa que somos conscientes, absolutamente conscientes, de que a cerna tanto da docencia como da investigación —e neste caso falamos de investigación— de Galicia é a universidade, pero na universidade tamén temos que mirar cara a fóra. Eu tamén son profesor universitario, e dígolle que temos que mirar cara a fóra, que temos que colaborar. A investigación básica témola que trasladar ao mercado para que haxa retorno, non cabe o menor tipo de dúbida. A universidade ten que conectarse cos sectores produtivos, como co mundo da empresa, coa sociedade e coas demandas da xente; se non, tería moi pouco sentido. Aí estamos absolutamente de acordo.



Despois a portavoz do Bloque fáleme de transferencia e cuestiona tamén que Galtia só plan-
texa un número moi limitado de investigadores, que non só son investigadores, son inves-
tigadores cos seus proxectos de investigación, e din que, como son poucos, está mal. Eu
pediríalle que mirasen o que fixeron os institutos —ou as fundacións— semellantes a Galtia,
por exemplo, o Icrea catalán ou o Interbasket, do País Vasco, e que vexan cal era a dinámica
de captación de talento. Pero non estamos falando, insisto, de cantidade, falamos de cali-
dade, falamos de máxima excelencia, falamos de proxectos e de investigacións tractores.
Non é chuvia fina. A chuvia fina non fai avanzar un país, señora Rodil, non fai avanzar un
país. O que fai avanzar un país é a excelencia, é o traballo, é a capacidade de competir a nivel
internacional. A chuvia fina déixanos nesa estación onde estou seguro de que nin vostede
nin eu queremos estar, e temos que subir ao carro, ao tren do coñecemento, da máxima ca-
lidade, da posibilidade de transferir a investigación á empresa, aos sectores produtivos; se
non, realmente imos mal.

E, mire, por exemplo, no ámbito das predoc e posdoc, hai que dicir que hai máis de setecen-
tas persoas todos os anos e que nunca houbo tantos grupos de investigación activos nin con
tanto financiamento; onde, por certo, se empregan os investigadores, como neste momento.
Co cal, creo que a súa é unha liña política que realmente ten pouco sentido.

Si é verdade que nos sorprende —tamén ao portavoz do Partido Popular lle sorprende—
que vostede siga dicindo —á parte, se me permite, escribino de xeito literal, para que non
se diga nada de que estou manipulando as súas palabras— que grazas á negociación política
do BNG —díxoo así— os galegos van ver reducida a súa débeda en 4.000 millóns. ¿Que van
dicir vostedes cando a realidade lles tumbe este argumento tan básico?, ¿que van dicir vos-
tedes? Botaranlle a culpa ao PP. ¿Que lles van dicir vostedes a Galicia, aos galegos, cando
saibamos o que temos que pagar, non só pola débeda galega, senón pola parte proporcional
que nos vai caer —porque somos cidadáns españois— da débeda catalá, da débeda andaluza,
da débeda de Castela-León, da de Castela-A Mancha, da de Murcia...? ¿Que lles van dicir
vostedes?: Non, é que, grazas á nosa negociación política, fomos capaces de que aquel go-
berno que xestionaba e tiña menos débeda e aquel país que tiña menos débeda, vaia ter máis
débeda. Pero é que é simple e llanamente socializar a débeda, que prexudica os que menos
débeda teñen. Porque non desaparece, a débeda traspásase; é coma se vivimos nun edificio
no que os diferentes pisos teñen unha débeda, pero deixa de estar nos pisos a nivel individual
e pasa a estar no conxunto do edificio. ¿Pero a quen queren vostedes enganar con este ar-
gumento tan falaz, tan básico e tan inútil para o país? (Aplausos.) E aquí si que hai obediencia.
Eu supoño que alguén de Esquerra os chamaría a vostedes e lles diría: *¡Oigan!, digan esto, que
es muy bueno para el país y así se diluye la responsabilidad que podemos tener nosotros en socializar
una deuda que es escandalosa — ¡escandalosa! — en algunhas comunidades autónomas.*

Pero cando chegue o momento vostedes dirán que a culpa é do PP e quedarán tan anchos.
Como tan ancha queda a señora Rodil cando segue dicindo que Ecobas non ten financiamento
basal ou que se prohibiu a participación dos centros interuniversitarios na convocatoria da
Rede Cigus. É que, precisamente, Ecobas, que é un centro interuniversitario, tivo financia-
mento basal. Di que o fixemos de costas ao sistema universitario, e queda tan ancha. Bueno,
a min paréceme moi ben, pero eu invitaríaa a que preguntase. Por exemplo, houbo un acto
hai moi pouco tempo da Rede Cigus, do que din aí os centros de investigación deste ámbito



respecto ao traballo que están facendo para potencialo. Pero, por favor, non mintan en sede parlamentaria dicindo que se prohibiu a participación dos centros interuniversitarios neste ámbito, porque vostede o dixo claramente, que se impedía e que se fixera de costas á comunidade universitaria, cando precisamente este tipo de convocatorias están pactadas entre as universidades e a Xunta de Galicia.

E non me diga vostede que non hai posibilidades de medrar dentro da carreira investigadora do país. Por exemplo, sen ir máis lonxe, os centros de investigación agora poden ser colaborativos e despois poden ser de excelencia da Rede Cigus, ou un investigador pode partir cun proxecto individual para terminar tendo o seu propio grupo de investigación, e todo con financiamento público. ¿Como se pode negar o que é a evidencia?

Mire, neste mundo, insisto, non é cuestión de cantidade, é cuestión de calidade, de excelencia; é un mundo tremendamente competitivo, con grandes avaliacións, onde hai que competir para conseguir un proxecto ERC ou un proxecto Horizon. Hai que competir. ¿Ou vostede pensa que regando choiva final se pode competir? Hai que competir coa excelencia, coa calidade, co máximo nivel e non, como vostede plantexa, como unha especie de chuvia fina para todos. (*Aplausos.*)

É moi difícil ser os mellores ou poder competir cos mellores con esa estratexia. Esa é unha estratexia perdedora, absolutamente perdedora, para o sistema de I+D, para o ecosistema de I+D+i de Galicia e, por extensión, para Galicia.

En todo caso —e xa remato—, creo que todos podemos coincidir —e aquí creo que todos podemos coincidir— en que Galicia está avanzando moito en materia de ciencia, pero quedan moitas cousas por facer. Plantéxase poñer no centro das políticas de ciencia as persoas, neste caso os investigadores, e querémolo facer con políticas que capten, que reteñan, que atraian talento excelente, de máxima calidade, e que se xere retorno para a sociedade galega. E queremos que o que se fai nos laboratorios pase ao mercado, pase aos sectores produtivos e pase tamén ao conxunto da sociedade a través da transferencia, no ámbito dos servizos públicos, coa compra pública innovadora ou cos plans locais de I+D+i que diseñaremos de man dos concellos ou con diferentes liñas de acción que buscan a colaboración entre a empresa e os centros de coñecemento para poder innovar e medrar.

En definitiva, ao final, tamén temos que ser conscientes de que temos que especializarnos. Se pensamos que podemos ser bos en todo, estámonos equivocando. Temos que competir naquelas áreas onde temos maiores capacidades, maiores recursos, humanos e de infraestruturas. É absurdo intentar ser bo en todo. Temos que especializarnos, como aquí facemos, no ámbito da biotecnoloxía, no ámbito das tecnoloxías profundas, das enerxías limpas, para poder competir nunha economía cada vez máis aberta.

En definitiva, contamos con máis talento, con máis recursos, con máis ferramentas, e estou seguro de que todos nós, con independencia do que digamos nesta Cámara, queremos subir ao tren do futuro e de que non queremos perder este tren. E para iso, señorías, fago un breve chamamento, fago unha breve reflexión: é básico e fundamental apoiar os nosos científicos, apoiar a nosa ciencia, porque unha parte moi significativa do noso futuro, da nosa economía



e da nosa calidade de vida vai estar vencellado, clara e directamente, ao que sexamos capaces de facer nos nosos laboratorios e nos nosos centros de investigación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción presentouse unha emenda por parte do grupo dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Julio Ernesto Abalde Alonso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto número 4 da moción, que queda redactado co seguinte contido:

«4.- Crear un fondo estable para axudas, coa cofinanciación do FEMPA ou fondos propios, para os mariscadores e mariscadoras afectadas pola paralización da actividade extractiva acordada entre a Xunta e as confrarías e asociacións dos traballadores do mar como consecuencia da baixa produtividade dos bancos marisqueiros, comezando polas axudas polas paralización do ano 2024. O acceso as axudas será con criterios realistas, negociados co sector, cunha xestión burocrática áxil para acceder a solicitudes activándose as axudas no momento en que se produza a paralización da actividade extractiva».)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defender a moción ten a palabra a señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Bo día a todas e a todos.

Señorías, permítanme que faga unha pequena referencia ao que acabamos de escoitar. Hai persoas, incluso aínda sendo conselleiros e conselleiras, que parece que saben de todo: saben de investigación, saben de ensino, saben de economía, saben de débeda... Pero hai cousas que esquecen; nunhas menten e outras esquécenas claramente. Porque, señor Román, ou esqueceu ou non quere dicir aquí con toda claridade que realmente vostedes están renunciando a 4.000 millóns de euros que o BNG conseguiu que se lle condenasen a Galiza, (*Aplausos.*) dunha débeda que, por certo, vostede di agora que se vai socializar entre todos os territorios do Estado, pero ¿se xa en socialización son vostedes expertos! ¡Aí si que saben vostedes! ¿Ou non lembra, señor Román, cando socializaron os 90.000 millóns de euros que tivemos que pagar precisamente aos bancos? (*Aplausos.*) Hai xente que parece que sabe de todo. Eu non me vou meter nese tema.



Ben, señorías, como digo, cada un que fale do seu e eu, efectivamente, vou falar do meu.

Na nosa interpelación do último pleno sobre a situación extrema do sector do mar, nós, o Bloque Nacionalista Galego, demos aquí unha serie de datos —datos recabados dos datos oficiais da propia Consellería— que lle poñerían os pelos de punta a calquera, e sobre todo datos que farían que os principais responsábeis políticos desa situación reaccionasen de inmediato, analizasen o porqué, precisamente, desta desfeita e puxesen todos os medios, absolutamente todos os medios, para resolvela ou, cando menos, para paliala.

No entanto, hai quince días, nós vimos aquí todos e todas o máximo responsábel político da Consellería do Mar absolutamente noqueado; vímollo desbordado pola propia realidade e, dende logo, sen absolutamente ningunha resposta ás nosas preguntas. Escoitámoslle aquí quince minutos de divagacións, incluso sobre cousas que nós non lle preguntáramos, mais resposta non deu absolutamente ningunha.

E fíxense, señorías, que pequeno é o mundo e que voltas dá a vida que, precisamente, o que non puido ou o que non soubo responder aquí o conselleiro do Mar hai quince días en sede parlamentaria tivo que dicilo publicamente, só uns días despois daquela intervención do conselleiro, o propio presidente da Xunta, que recoñeceu nada máis e nada menos —recoñeceu publicamente— o que o Bloque Nacionalista Galego leva reclamando aquí dende hai anos. ¡Nunca é tarde! Quince anos despois, benvido, señor Rueda, e benvido o Partido Popular.

¿Cantas veces nos oíron aquí propoñer estudos sobre as causas que orixinan a incesante caída de produtividade das rías? Moitas. Pois agora, quince anos despois, vén o señor Rueda dicir que —cito textualmente—: «Hai que saber o que está pasando no marisqueo» —entrecomiñado, eh!—. E se ao señor conselleiro do Mar, hai quince días, lle parecían grosas as nosas palabras naquela interpelación, cando adxectivabamos a situación de dramática e cando lle preguntabamos que ía facer diante desta debacle, gustaríanos saber —gustaríanos moito saber— que opina agora o señor conselleiro do que dixo o presidente da Xunta, que cualificou, nada máis e nada menos —e volvo entrecomiñar—, «de inviábel» o sector do mar. E recoñeceu dicindo que «A Administración» —volvo ler textualmente— «ten que facer un esforzo económico e poñer en marcha un conxunto de actuacións que fagan viábel o sector». É dicir, que, se hai que facelo viábel, concluímos que o señor presidente da Xunta di que este sector é inviábel.

Non sabemos exactamente os motivos que levaron ao señor Rueda a dicir que o marisqueo é un sector inviábel. Nós, dende logo, cremos firmemente que o sector é viábel, totalmente viábel, incluso no día de hoxe, despois de todo o que leva pasado. Do que tamén estamos convencidos é de que o que é realmente verdadeiramente inviábel é, precisamente, a política pesqueira e marisqueira da administración que preside o propio señor Rueda e o Partido Popular dende hai quince anos.

E di agora o presidente da Xunta que está preocupado. Bueno, agora, despois de que se perdesen centos de postos de traballo no sector nos últimos anos e 224 permex, só no ano 2024. E nós o que lle pedimos é que, ademais de estar preocupado, estea ocupado en sacar, precisamente, o sector do pozo en que o meteu o propio Partido Popular e o Goberno da Xunta.



É o propio sector o que leva dezasete anos — máis de dezasete anos — pedindo, por exemplo, un protocolo de baleirado de encoros. E, ¿que fixo o Partido Popular en todos estes anos? Nin sequera lles respondeu ás súas demandas, e obrígnanos agora a acudir á Valedora do pobo — como acabamos de ver esta semana — para obter unha resposta que non obtiveron en máis de dezasete anos da Xunta de Galiza. E, ¿que fixo o Partido Popular e o Goberno galego, cando, dende aquí, reclamamos, unha e outra vez, un seguro de produción marisqueira, como existe noutras consellerías, para cubrir precisamente as producións diante das inclemencias meteorolóxicas? Pois nada, absolutamente nada. Ou, ¿que fixo o Partido Popular cando, ano tras ano, observa como somos absolutamente deficitarios en produción de semente, e temos que importala en cantidades masivas para poder cubrir as concesións marisqueiras? Pois nada, non fixeron absolutamente nada, e agora están preocupados. Non me estraña — non me estraña —. E dixeron por boca do mismísimo presidente da Xunta — e volvo ler textualmente —: «Hai que saber o que está pasando no marisqueo». Ao mellor, vostedes deberían dicirlle, señores e señoras do Partido Popular, ao presidente Rueda que iso, «saber o que está pasando», estudar as causas da desfeita, é o que leva proponendo, precisamente, o propio sector e o Bloque Nacionalista Galego dende hai anos, neste Parlamento. E deberían, señorías, incluso informalo, porque se ve que non están moi atentos ao que se acorda no Parlamento, pois vostedes mesmos, o Partido Popular, apoiaron iniciativas do Bloque Nacionalista Galego neste sentido para investigar xustamente o que está pasando e para poñer solución.

E niso, señorías, é precisamente no que vimos incidir nesta moción, convencidas como estamos de que mentres non coñezamos as causas, mentres non se faga un diagnóstico serio e mentres só se sigan poñendo remendos — que é o único que soubo facer ao longo de quince anos a Consellería do Mar —, seguiremos neste descenso interminábel de produción, de facturación e de número de postos de traballo.

No mes de maio de 2024, propuxemos aquí, o Bloque Nacionalista Galego, que se presentase no prazo dun mes — no prazo dun mes — o cronograma e as partidas orzamentarias para levar a cabo o que xa acordamos, por unanimidade, anteriormente, isto é, o 7 de maio, que era elaborar un plan plurianual de medidas que permitise comezar a recuperación e a rexeneración das rías galegas e da súa produtividade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Nós propoñiamos — vou rematando, señora presidenta — que o cronograma e a habilitación das partidas orzamentarias se fixesen nun mes. O Partido Popular emendou aquela moción e dixo «non, nun mes non; imos poñer durante este ano» — que era o ano 2024 —. E nós, inxenuas, aceptamos aquela emenda; aceptamos aquela emenda, e aquí votamos todos por unanimidade.

Iso era para o ano 2024, pero estamos rematando o mes de febreiro do ano 2025 e aquí seguen sen traer absolutamente nada; polo tanto, non queda máis remedio que insistir — e outra vez poñemos un prazo —, efectivamente, porque o sector do mar non pode perder máis tempo. E no que insistimos, precisamente, é en que o Goberno galego constitúa unha comisión de estudos cos mellores expertos deste país na materia, que analice as causas — do que di o señor presidente — do que está a pasar.



Con esas recomendacións desa comisión de estudo, nós cremos que hai que actuar en dous sentidos: segundo as consideracións...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato— desa comisión, primeiro, cómpre acometer as actuacións máis urxentes e, logo, planificar orzamentariamente...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...cando menos durante cinco anos, as actuacións para empezar a paliar os problemas do sector pesqueiro e marisqueiro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidenta.

Señorías.

En primeiro lugar, *(O señor Abalde Alonso diríxese cara ás persoas convidadas que están na tribuna.)* quero dar un saúdo aos representantes das asociacións de traballadores do mar e da Asociación de Mulleres Salgadas, da ría de Vilagarcía, que están hoxe aquí, asistindo a esta sesión.

Ben, como recordaba anteriormente da miña curta vida parlamentaria, a primeira iniciativa que presentei na Comisión de Pesca e Marisqueo foi, precisamente, unha iniciativa en que o que se pedía era un estudo rigoroso do que estaba sucedendo nos bancos de marisqueo das nosas rías para tomar as medidas correspondentes para a corrección. O Partido Popular respondía naquel momento: «Isto é un problema de choivas extraordinarias. Isto simplemente é que non se declarou zona catastrófica», e, daba largas, e dicía que tiña un plan de sustentabilidade do sistema marisqueiro; plan que —como dixemos moitas veces— o reclamamos por escrito, e non apareceu nada máis que unha nota de prensa, e, polo tanto, non puidemos chegar a esas cuestións. Seguía reiterando as negativas e negaba a realidade que nos estamos atopando no sistema de marisqueo de Galicia.

A realidade é que esta non é unha cuestión que comezase no ano 2023; ¡non, non!, desde o ano 2010 e desde o ano 2012 estase producindo un descenso significativo, ano tras ano, da produción das distintas especies nas rías galegas, chegando a como está, neste momento, a situación da ría de Arousa, onde hai practicamente especies, como é o berberecho, que está desaparecida de toda a ría; e, polo tanto, hai un descenso de produción intensísimo que ten, como consecuencia, que a Xunta de Galicia, en comunicación coas organizacións de traballadores do Mar, estea tomando a decisión de pechar eses bancos. Claro, cando se pecha un banco, tamén se pecha a posibilidade de conseguir ingresos económicos por parte da xente



que traballa do mar, e fundamentalmente, ademais, no caso dun sector que está claramente feminizado, polo tanto, supón un problema importante.

E, xa que logo, hai que enfrontarse a este problema dunha forma integral: facendo estudos; facendo traballos; vendo como afecta a contaminación —e non só o cambio climático— na situación das rías, nos cambios de correntes... É dicir, necesítase un traballo moi interdisciplinar e moi transversal; pero ese traballo e ese sistema de investigación, que tanto o BNG como o PSOE solicitamos xa, desde o principio, que se establecese desde a Xunta de Galicia, non van dar resultados a medio ou a curto prazo. De feito, estamos vendo como a Xunta de Galicia está asinando convenios de investigación con distintos centros de investigación de Galicia. No Consello da Xunta do luns asinou un precisamente na ría de Vigo —creo—, sobre a ameixa rubia. Polo tanto —creo—, iso é importante, pero os resultados do proxecto non se van ter ata o ano 2027.

¿Que facemos coas persoas que están vivindo dese sector ata o ano 2027? Pois a Xunta de Galicia, a Administración autonómica, ten que articular sistemas que permitan que non só se manteña a biodiversidade dos bancos, senón que se manteña o sector que está traballando intensamente aí, de tal maneira que haxa posibilidades de que a xente que está vivindo deses bancos teña a posibilidade de manterse, porque, ao mellor, podemos encontrarnos con que fagamos unha recuperación magnífica dos bancos e despois non haxa sector que poida traballar e que poida explotar eses bancos, e, polo tanto, poida vivir diso; e simplemente, porque —como dicía a representante do BNG— abandonaron esa actividade e, polo tanto, non teremos sector económico que avance.

Agora, a última novidade da Consellería é dicir que estes son procesos cíclicos. Son procesos en que se sobe a produción e, despois, de modo natural, vai descendendo esa produción. Ben, eu non o creo moito, pero imos dar a razón á Consellería. Se iso é certo, existe unha razón de máis para que a Consellería teña que ter ferramentas para permitir, nos momentos de ciclos baixos, que o sector siga pervivindo e para permitir que o sector, polo tanto, non abandone as actividades. E, por conseguinte, é imperdoable que a Consellería non habilite fondos precisamente para facer fronte á situación.

Na última pregunta que fixemos na Comisión, preguntamos á Consellería que nos dixese exactamente os fondos —que é unha cantidade importante de fondos—. Eles dixeron que eran 123 millóns de euros para gastar en dous anos. ¿Cantos deses millóns de euros están dedicados directamente para axudar as persoas? As persoas, sobre as cales antes nos dicían que eran o centro do I+D...; pero tamén no marisqueo o centro son as persoas. ¿Canto dese diñeiro está dedicado á actividade directa, é dicir, a axudar as persoas, e non para o mantemento da biodiversidade? Que tamén é importante, pero, desde logo, tense que manter as persoas que están vivindo.

Non nos poden dicir que simplemente é que non hai fondos. Señores do Partido Popular, no anterior FEMPA, do ano —espere que o teño aquí anotado— 2014 ao ano 2020, de 311 millóns de euros que dotou a Unión Europea para a Comunidade Autónoma de Galicia, deixaron sen gastar 50 millóns de euros; 50 millóns de euros que tivo que devolver o Goberno de España á Unión Europea. Neste ano, no FEMPA actual, engadiuse un «A» de «acuicultura»; ao



mellor aí está a clave —ese «A» que aparece de «acuicultura»—, para o período 2021-2027, e teñen asignados para Galicia 366 millóns de euros, é dicir, 55 millóns máis. ¿Van seguir o mesmo sistema ou a mesma ruta de execución, segundo a cal, o dezaseis por cento dos fondos quedaron sen empregar? Ao mellor a solución é eses 2 millóns de euros, que gastou o Partido Popular, en montar unhas oficinas para axudar a xente a xestionar os fondos do FEMPA. ¿Que pasa? ¿Que non somos capaces de xestionar... ou que a propia consellería non ten persoal adecuado para xestionar adecuadamente os fondos?; ¿que non coñecen os fondos europeos que hai? Por certo, non poden demostrar ou poñer de manifesto esa certa incompetencia na xestión administrativa e burocrática. E, polo tanto, eles son os responsables. Por certo, dentro dos fondos tamén hai unha parte de cofinanciamento, que son fondos propios da Xunta de Galicia, e que, polo tanto, lle poderían dar —digamos— folgura para establecer isto.

E despois, hai outra cousa que constitúe unha certa incongruencia: resulta que no ano 2023, en que houbo o episodio de choivas, cunha declaración de zona catastrófica por petición da Xunta, as condicións e a situación fixeron necesario que se implementasen axudas directas para os mariscadores e as mariscadoras; establecéronse axudas para o descenso. E no ano 2024, en que aínda a situación de produción —non houbo, digamos, episodios de choivas— era aínda peor, ¿non houbo a necesidade de poñer esas axudas?; ¿non hai unha total e absoluta contradición en que no ano 2023, resulta que si, e, no ano 2024, resulta que non?.

Polo tanto, señores do Partido Popular, a xente que está aí, (*O señor Abalde Alonso sinala as persoas convidadas que están na tribuna.*) a xente que protestou sobre a situación, que está aí —que, por certo, a raíz da protesta, o conselleiro tivo a ben en reunirse con eles—, está defendendo o seu futuro; está defendendo a súa sociedade. Como dixo un deputado do Partido Popular, non está facendo política, está defendendo o seu futuro e o futuro do sector marisqueiro. Os que estamos facendo política somos nós —segundo o conselleiro, eu fágoo mal—; aquí estamos facendo política, e, polo tanto, temos que facer política con maiúsculas, é dicir, a política que resolve o futuro e os problemas aos galegos e ás galegas. E, por conseguinte, nós imos apoiar a proposición.

Presentamos unha emenda que o que fai é reforzar aínda máis o feito de que se cree ese seguro de acceso inmediato e que se active no momento en que se pecha un banco, é dicir, para facilitar moito máis.

Polo tanto, imos apoiar esa proposta e imos pedir ao Partido Popular que faga política con maiúsculas para que axude a solucionar o problema do sector marisqueiro, que é de agora, non é dentro de dous ou tres anos; é de agora, deste ano.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Era a quenda do Grupo Mixto, pero non está neste momento no hemiciclo.

Así que continuamos co Grupo Parlamentario Popular.



Ten a palabra o señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

En primeiro lugar, quero saudar as persoas que nos acompañan no debate desde a tribuna.

En segundo lugar, quero preguntarlle, señora Pérez, ¿sabe cal é a diferenza entre vostedes e nós?; ¿unha delas? Pois a credibilidade e a coherencia, porque en política pódese falar, pódese discutir, pódese argumentar, pero o obxectivo ten que ser buscar o ben común, o ben da maioría, e nunca debe ser intentar por todos os medios derrubar o que recibiu a confianza da maioría. (*Aplausos.*) E para iso, a vostedes lles dá igual mentir, calumniar, manipular, difundir bulos..., como os que difundiron (*O señor Fidalgo Iglesias mostra uns documentos.*) na crise dos *pellets* —recordarán, e vóullelo recordar durante toda a lexislatura—; difundir bulos.

Iso non é o obxectivo; o obxectivo non é impoñer unha maneira de pensar —que é a súa; por certo, unha ideoloxía que é un fracaso en todo o mundo: miren Venezuela ou Cuba—. Ou, por exemplo, o obxectivo podería ser o de hoxe, é dicir, esperar unha resposta da súa líder, Ana Pontón, a ese infame cartel sexista da CIG, que ataca unha conselleira da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Esa podería ser unha boa idea; iso si que sería unha boa idea. (*Aplausos.*)

Miren, en Galicia ninguén ten dúbida da importancia da actividade marisqueira. É un sector estratéxico pola súa relevancia socioeconómica e medioambiental; e aí están os datos para referendalo: máis de tres mil seiscientos permisos de explotación de marisqueo a pé; case dúas mil quiñentas embarcacións na modalidade de marisqueo a flote; e setecentos permisos con algunha modalidade de recursos específicos. É unha actividade en que participan máis de setenta entidades asociativas, e que no último exercicio alcanzou unha produción superior ás cinco mil cen toneladas, alcanzando un valor de 62,6 millóns de euros; datos que fan de Galicia todo un referente en marisqueo. Temos o mellor marisco do mundo, señora Pérez, témolo: «Galicia Calidade». (*Risos.*) (*Aplausos.*)

E nós somos os primeiros en recoñecer que a situación é complexa, pero poñer moitos cualificativos a esta situación, como dicir que é unha «catástrofe» ou é unha «debacle», é falar mal dos nosos recursos. ¿Cre que isto axuda a arranxar os problemas? A vostedes non lles escoitamos moitas propostas para arranxar a situación, e as poucas que están planteando xa as estamos a aplicar multiplicadas por dez. O que hai é que fuxir da demagogia, porque hai situacións con máis dificultades que outras, e, loxicamente, a Xunta as está afrontando conxuntamente co sector, que é como hai que facer para acertar, señoría.

Somos a única rexión que ten un sistema real de cogobernanza, a través de plans de xestión elaborados polo propio sector; plans que se aproban cada tres anos, que inclúen, entre outros aspectos, a xestión das explotacións dos recursos en canto á organización do traballo, é dicir, as cotas, as vedas, ou os tamaños mínimos de extracción; que se ocupan tamén da organización dos traballos non-extractivos, como son os labores de conservación ou das condicións das poboacións explotadas. É o caso, por citar algúns exemplos,



dos traslados ou das sementeiras. E este modelo de coxestión, que inclúe 92 plans de explotación de marisco e de algas, e que é resultado dun estudo continuado da evolución dos recursos e dos hábitats, está sendo avalado e posto como modelo pola propia Comisión Europea. Señora Pérez, ¿sabía isto?; ¿coñecía que estamos sendo modelo para a Unión Europea de como se xestiona o marisqueo en Galicia? Polo tanto, ¿non lle parece demagóxico vir aquí criticar a Xunta, cando o traballo que se está a facer en Galicia o están recoñecendo na Unión Europea?

Outra cousa é que existan factores que afecten o marisqueo, independentemente do sistema de xestión utilizado, como os que mencionabamos da alta pluviosidade, da alta temperatura da auga, dos ventos pouco favorecedores etcétera.

O mariscador e a mariscadora quere vivir do seu traballo —vostede sábeo perfectamente—; non quere vivir de axudas. E por iso —e non por outra cousa—, a prioridade é recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros, que é o que está a facer a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Así, o 4 de novembro do ano pasado —como saben—, a Consellería do Mar asinaba varios convenios coa Universidade de Santiago, por un importe de 600.000 euros para aumentar a produtividade das nosas rías. E onte mesmo —como dicía o señor Abalde—, foi ao Consello da Xunta un convenio entre a Consellería do Mar e o Instituto de Investigacións Mariñas para un estudo sobre a resposta inmune da ameixa rubia, por un importe de 231.000 euros. Miren, desde outubro do ano 2023 ata hoxe, publicáronse trece ordes de axudas relacionadas directamente co marisqueo, no marco do Plan de competitividade e sostibilidade da Xunta de Galicia, que superan os cincuenta millóns de euros. E, ademais destas axudas, hai outras actuacións destinadas ao marisqueo: as axudas ás confrarías; as axudas ás federacións; as encomendas de xestión, de conservación e de restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños para actividades marisqueiras sostibles; proxectos co Cima; proxectos con Redemar. Polo tanto, señora Pérez, do importe total do Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo 2024-2025, dotado con 123 millóns de euros, ¿sabe cantos leva mobilizados xa a Consellería do Mar? Pois 70 millóns de euros, señora Pérez.

Iso si, tamén exiximos un compromiso de todas as administracións porque ata agora, e desde o primeiro momento, a única que estivo dando a cara foi a Xunta de Galicia. ¿Sabe quen está botando balóns fóra? Pois o Goberno central, coas axudas que demandan, por exemplo, os mariscadores e as mariscadoras da ría do Burgo, que non poden faenar tras as obras de dragaxe; ou, por exemplo, do Goberno central depende tamén a declaración de zona catastrófica. E eu preguntolle: ¿estes traballadores, que están sen actividade, deberían, segundo vostede, sinceramente, estar pagando as cotas da Seguridade Social?; ¿parécelles normal que estean pagando ao redor de trescentos euros ao mes por non traballar?; ¿de verdade, señora Pérez? (*Aplausos.*) Tamén axudaría un pouco o tema de baixar o IVE ao peixe, ao marisco e ás conservas.

E remato xa. Nós imos votar «non» á súa moción porque o que vostedes chaman «comisión de estudo», xa a temos constituída en Galicia e chámase Redemar. Señora Pérez, no último pleno xa nos dixo claramente que co BNG non contásemos, pois non estabamos no mesmo barco —díxoo aquí claramente—.



O seu barco —o seu barco— é o da destrución política dun adversario —que xa lle digo que non o van a conseguir—; e o noso barco —o noso barco— é o de axudar os galegos que viven do mar. Esa é a diferenza, señoría, e por iso todo o mundo sabe que a Xunta é a Administración que máis defende a pesca e o marisqueo e a que mellor o fai.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Sexan moi benvidas as persoas representantes do sector do mar. Non sabiamos que estaban aquí. Sexan moi benvidos.

Está ben que se escoiten estes debates en directo e así apreciar o que di cadaquén —que non son contos que contamos os demais—. Aquí acaban vostedes de oír o que di cadaquén; e nese o que di cadaquén, resulta que o señor Fidalgo falou de credibilidade e de coherencia, e dixo que é a principal diferenza entre o PP e o BNG.

¡Bueno!, pois imos seguir falando de credibilidade e de coherencia, señor Fidalgo. Vostede, ao que dixen eu na miña primeira intervención, sobre que o conselleiro aquí, hai quince días, o único que fixo foi practicamente balbucir e non responder absolutamente a nada do que lle preguntamos, e que apenas oito días despois saíse o ¡mesmísimo! presidente da Xunta de Galiza, e dixese —linllo antes textualmente e vouto volver repetir—: «Hai que saber o que está pasando no marisqueo» —señor Rueda *dixit*— ...¡Claro! nós dicíamos que a situación era dramática... Pois o que dicía o señor Rueda hai menos dunha semana foi que a Administración autonómica tiña que facer un esforzo económico e poñer en marcha un conxunto de actuacións que fixesen viábel o sector; isto é o que dixo o señor Rueda, presidente da Xunta.

¡¿Onde está a coherencia entre o que dixo ou o que non dixo o conselleiro do Mar, e o que dixo o presidente da Xunta?!; (*Aplausos.*) ¿a quen cremos dos dous? —¡non!—; ¿a quen cremos dos tres?: ¿ao conselleiro do Mar; ao presidente da Xunta, que dixo que había que facer algo porque, se non, o sector era absolutamente inviábel; ou ao señor Fidalgo, (*A señora Pérez Fernández sinala o señor Fidalgo Iglesias.*) que volveu dicir o mesmo que dixo o conselleiro: «y que rememos en el mismo barco»? Para empezar, ¿vostede sabe nadar? (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡Claro!, porque é moi complicado ir no barco —en calquera, barco dá igual— con quen non quere saber nada, nin sequera, de mollarse un pouquiño co sector do mar. (*Aplausos.*) ¡É moi complicado! (*Aplausos.*)

Agora di o señor Fidalgo que ninguén ten dúbida da importancia do sector do mar. ¡Claro!, aí estamos todos de acordo, pero, ademais, diso, ¿que? Porque xa llo dixen antes, o señor presidente da Xunta dixo que estaba preocupado polo sector do mar; e o que dixo o BNG é que hai que estar preocupado, efectivamente, porque non é para menos, ¡pero é



que hai que estar ocupado, moi ocupado! E —outra vez—, non lle admito, señor Fidalgo —porque agora (*A señora Pérez Fernández dálle á man repetidamente.*) este é o novo *racará*—, que diga que «o BNG non fai propostas, o BNG non fai propostas...». ¡Contabilice!, e, se non, traémoslle nós un listado de todas as propostas que levamos feito aquí a respecto do sector do mar e que sistematicamente vostedes votaron en contra. (*Aplausos.*) ¡Contabilicémolas!

O que é máis grave —o que é máis grave— é que o Partido Popular, ás veces, adoita facer o mesmo que propón o BNG, pero como se fose cousa deles. Iso acostuma facelo o propio Partido Popular; pero é que no tema do mar nin fan vostedes nin copian do que propoñemos os demais. Entón mal imos.

Aquí hoxe traemos unha nova proposta. ¿Onde está a comisión de estudo?; ¿onde están os expertos?; ¿onde se está ditaminando e que accións se están levando a cabo? Temos pedido, con base no artigo 9, desde o mes de abril do ano pasado, ese famosísimo plan entelequia, ese inexistente Plan de competitividade. Cando non nolo deron por escrito en case un ano...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...¿que nos leva a pensar isto? Iso si que é un bulo, señor Fidalgo, e non o dos *pellets*. ¡Iso si que é un bulo! O Plan de competitividade da Consellería do Mar, ademais de ser inexistente, é o gran bulo do Partido Popular. Non existen os 170 millóns. ¿Por que non nos entregan o Plan de competitividade, e así sabemos...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...todos e todas o que están facendo?

Señor Fidalgo, unha vez máis, nega unha realidade que existe e, o que é peor, xa non é só negala, senón negarse a facer absolutamente nada por quitar o sector do pozo en que o meteron...;

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...e, así, non me pode facer crer que vostedes están moi preocupados polo sector. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Debatenos agora de xeito acumulado dúas mocións: o documento 20.149 e o documento 20.206.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega**

O señor PRESIDENTE: Á moción 20.149, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Populares de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Luís Ferro Iglesias, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva, que queda redactado como segue:

<<1º.- Con posterioridade ao proceso de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega, realizar un libro branco da lingua galega no que participen as entidades de protección da mesma, Real Academia Galega e Consello da Cultura Galega, así como aquelas que traballan encol da lingua de xeito directo como: editoriais, tradutores, escritores, guionistas, músicos, profesores, plataformas de defensa da lingua, entidades representativas da lusofonía, etc.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular as mocións, ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Benvido...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO:... alégrome de que os dous esteamos xa ben e sigamos adiante.

Bos días.

Permítanme tomar prestada a frase do meu veciño da Coruña, Xurxo Souto que, o pasado domingo 23, desde o palco da plataforma Queremos Galego, no Obradoiro —onde milleiros de persoas estabamos alí ateigando a praza—, nos tivo que entreter durante case hora e media porque —como ben dixo el—: «Perdoade que non comecemos, pero aínda hai xente que non saíu da Alameda». E era obvio que aquilo era un ateigamento de xente, porque negar o obvio é intentar, como unha gota malaia, que todos os galegos pensemos do mesmo xeito porque se todos pensamos igual, pois, a verdade, é que ningún pensa moito. E era obvio que aquilo estaba cheo, cheo de xente, desde a Alameda ata o Obradoiro.



Seguramente isto non lles bastou ás señorías do PP ou ao señor Rueda, porque —digamos— voltamos, con esta cuestión, retomar todo o que se dixera antes dese día, como as enquisas privadas, que nos dicían que non hai ningún problema serio co uso do galego, porque dicían tamén que Galicia é unha das comunidades autónomas que ten máis competencias na súa lingua —non sei onde está o dato, pero dixérono—; que, desde a implantación do bilingüismo harmónico, as nenas e os nenos deste país teñen máis competencias nas linguas estranxeiras —non é verdade, pero tamén o dicían—; que a TVG cumpre coa Lei Paz-Andrade na súa total implantación —non é verdade, pero tamén o dicían—.

Pero o que máis nos chamou tamén a atención das últimas negativas con respecto ao fomento da lingua galega e ao uso oficial da lingua galega, é que non apoian o uso do galego como lingua cooficial en Europa porque custa moitísimos cartos. ¡Claro!, vostedes que acaban de rexeitar 4.000 millóns dunha condonación da débeda —¡mátame camión!—. (*Aplausos.*) É dicir, non se poden utilizar 100 millóns —que é no cal cifrou o señor conselleiro que custa a implantación dunha lingua cooficial—, pero rexéitanse 4.000 millóns, por certo —xa o dixemos aquí—, na segunda comunidade con máis condonación da débeda.

A realidade é que o domingo —entre danzas e cánticos populares— tivemos que esperar hora e media na praza do Obradoiro para que comezasen as palestras porque a xente aínda non saíra da Alameda. Máis de seiscentas asociacións de toda Galicia —da cultura, do ensino, da sanidade, da vida...—. Xentiña que non entende como o presidente desta comunidade autónoma os pode chamar de «extremistas», cando o único extremismo que hai é a extrema emerxencia que padece a lingua galega. (*Aplausos.*)

E a realidade é que voltamos estar aquí, onde comezamos hai case un ano aproximadamente. Vostedes gañaron e vostedes gobernan, e voltamos estar aquí falando do mesmo que falabamos hai case un ano: de como arraxamos isto da lingua; de como podemos resolver o problema en que estamos metidos. Por certo, son curiosas as vitorias que se constrúen sobre a base de crear problemas e non de resolvelos; xusto o contrario do que se espera de alguén que se dedica á política, aínda que sexa de forma transitoria. Pois —dicía— aquí estamos, un ano despois, con enquisas oficiais que falan da caída sen freo do galego e cun plan a que fomos chamados. E nós sumámonos a el para participar —a un plan a que fomos chamados—, para darlle resposta para, dalgún xeito, axudar a construír o que, dalgunha maneira, entre todas vostedes, as señorías do PP, destruíron. Nin hai protección do galego na CRTVG, nin hai protección do galego na Lei de intelixencia artificial, nin hai uso do galego como lingua cooficial en Europa, nin hai implantación da Lei Paz-Andrade nos eidos da educación e da comunicación, nin hai cumprimento das recomendacións da Carta europea de linguas minoritarias.

Non pode ser que, con todas aquelas oportunidades que, durante este tempo, sen plans e sen ningún tipo de prospección, simplemente usando o que a vida lles puña por diante, non fosen capaces de tender a man, de collelas e de traballar para que o problema que vostedes crearon hoxe sexa menor. Non pode ser que aquilo que nos diferencia —é dicir, que aquilo que nos engrandece, que é o idioma— quede reducido a un animal exótico, como fixeron o domingo —por certo, nesa festa que ten todo o noso aplauso, como é a Festa do cocido de Lalín—; digo no sentido de converter o idioma nun animal exótico, como o saúdo que deu



—e que desde aquí aplaudimos tamén— o embaixador do Xapón, e que vostedes aplaudiron como se non houbera un mañá cando falou en galego. ¡Claro!, para iso serve, para o exotismo e para a cuestión pintoresca. Non pode ser que sigamos usando —e digo «usando» no peor sentido da palabra «usar»— o legado de Castelao, facendo as ofrendas florais.

Eu quedo abraiada cando os vexo alí, en San Domingos de Bonaval, cando hai algo de Rosalía ou cando hai algo de Castelao, pois poñen ese *ritcus constricto*, como se levasen unha daga cravada na espalda, e fan a ofrenda, din as palabras e din todos os discursos en galego. ¡Iso si!, saímos de alí, baixamos pola rúa e vostedes xa poñen encima o traxe da unidade de vixilancia do bilingüismo harmónico. E aquilo serviu para o que serviu, para nada máis, é dicir, para o acto exótico en que vostedes tratan de converter a lingua galega. Non pode ser que, cada día que pase —e isto é así—, rouben vostedes unha palabra do dicionario que sabemos que nunca máis vai voltar ao noso idioma. E niso queren vostedes converter a lingua galega, no mesmo que nun traxe rexional: esa cousa bonita, incómoda de usar na vida diaria, que a sacamos cando é o Día do Traxe ou cando é a festa do pobo, e, despois, voltámola gardar no armario ata o ano que vén. Iso é exactamente como a vostedes lles gustaría que estivese o galego. E dou fe de que, polo camiño que imos, van conseguilo.

E o que lles dixeron o domingo 23 desde a Alameda ata o Obradoiro —volto repetir— é que o que quere a cidadanía é unha lingua vital porque é a lingua que fala; é a lingua que aínda, a pesar de todo, se fala; a lingua que forma parte do noso presente e que queremos que siga formando parte do noso futuro. Foron milleiros de persoas as que viñeron de toda Galicia, nun día de inverno, de febreiro, cos nenos, coas nenas, coas familias, desde peñas de fútbol —da Coruña viñeron varias, por certo— ata xubilados do ensino. Eses —volto repetir— aos cales o seu presidente chama, extremistas, e con tanto dicilo, vostedes van converter en certo iso que dicía George Orwell: «En tempos de engano universal, dicir a verdade convértese nun acto revolucionario». E, seguramente, iso si foi un acto revolucionario, pero, desde logo, sen ningún extremismo.

Non está aquí o conselleiro de Cultura, pero pódennlle enviar o recado —eu volto dicir aquí—: o traballo dun político é o de resolver os problemas, e non o de agrandalos. Houbo un rédito político que vostedes acadaron hai quince anos, pero tamén é verdade que non se pode enganar todo o tempo a todos. E, á marxe das insignias ou das consignas dun partido político, a decisión que tomaron, con respecto a encarar o problema, non dubiden que recaerá outra vez sobre vostedes. É dicir, vostedes comezaron o problema; nós estamos dispostos, con toda a boa fe, a axudar a resolvelo, pero non dubiden que recaerá sobre vostedes. Un deles xa non está aquí: o señor Feijóo xa non está aquí, pero queda o señor Rueda, que agora colle esta boliña, este problema, e traspásao ao conselleiro de Cultura, como un lindo gatiño, a ver que fai con el; a ver que facemos con isto.

E entón, pois resolvémolo, ás veces, voltando ao que dicía antes: a usar a Castelao. Imos usar a Castelao, sobre o cal o conselleiro dixo: «É a figura de unión entre todos os grupos e un dos símbolos de Galicia». Pois moi ben, nós recomendámoslle, no PSdeG, que vaia aos discursos de Castelao no Congreso dos Deputados. Claramente hai unha frase que é: «Estamos fartos de saber que o pobo galego fala un idioma de seu», que foi dita na Cámara dos Deputados; na mesma Cámara en que vostedes rexeitaron usar o galego como lingua oficial.



É verdade que, no tempo de Castelao, a loita pola lingua era unha loita corpo a corpo; e, evidentemente, todos sabemos o tempo escuro que veu despois. Pero hoxe as ferramentas para derrubar a lingua son moito máis sofisticadas, e, desde logo, moito máis eficaces. Vostedes fixeron un plan no ano 2009, en que a ninguneaban, e, no día de hoxe, parece que están aquí para defendela. E a lingua é unha obriga de todos prestixiala —que isto xa o repetimos aquí, que parece un manta—, por suposto, na infancia e no ámbito da educación. Ademais, seguimos perdendo, por suposto, a infancia no ámbito da emerxencia demográfica.

E repetimos aquí os datos do Instituto Galego de Estatística. O 32 por cento das nenas e dos nenos de 5 a 14 anos teñen un coñecemento limitado ou nulo do galego. O uso do galego nos últimos cinco anos baixou un 7 por cento. O coordinador da Real Academia Galega —persoa indiscutible—, o sociolingüista Henrique Monteagudo, lamentou que, por primeira vez na historia, o galego teña unha porcentaxe de uso por debaixo do castelán. Esta é a realidade e é por estes motivos polos cales, unha vez máis, traemos aquí, antes unha interpelación, e, hoxe, unha moción. Esta é a realidade da nosa comunidade autónoma; a realidade que denunciaron os milleiros de persoas que ateigaron, o outro día, Santiago, desde a Alameda ao Obradoiro. Non hai máis.

Podemos facer enquisas privadas, podemos citar Castelao, podemos poñer caras circunspetas cando son actos oficiais, pero esta é a realidade; e tamén hai outra: tárdase dous anos en falar unha lingua, sesenta en calar e vinte anos podemos tardar en perder o que hoxe estamos aquí, día tras día, discutindo: se é verdade ou non o uso do galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Coa moción que traemos hoxe, no BNG queremos formular cinco propostas a favor da lingua; cinco compromisos de medidas que o Goberno galego pode activar, de inmediato, para mudar o rumbo da política lingüística que nos trouxo até este momento.

O Partido Popular colocou o galego en situación de emerxencia lingüística, como recoñeceron todas as entidades que traballan ao redor da normalización lingüística, e tamén o conxunto das institucións galegas. Facemos estas cinco propostas desde a preocupación obxectiva de que a situación en que se atopa a nosa lingua é crítica, mais tamén o facemos desde a firme convicción de que é reversíbel. E ese é o compromiso do BNG: (*Aplausos.*) unha situación reversíbel que require propostas de actuación coas cales acertemos para que o futuro da lingua sexa vivo. (*Aplausos.*)



O conselleiro de Lingua —que lembrarán comigo de que veu a esta Cámara e a este Goberno do señor Rueda para abrir un tempo novo para a lingua— dedicou a súa intervención a atacar e a facer oposición ao BNG —nada novo, por certo—. Amosou —iso si que o podemos comprobar todos— unha actitude conformista coa situación crítica da lingua, e resignado a facer parte dun Goberno insensíbel a todas as mensaxes de alerta que chegan —insisto— desde todas as institucións do país, e indiferente tamén a todas as demandas e a todas as propostas para un cambio de rumbo na política lingüística; unha política lingüística antigalega e anti-galeguista porque agora o Partido Popular sorpréndenos querendo practicar un galeguismo sen galego. Atopouse tamén moi incómodo —reiterámolo, revisando a súa intervención—, porque, evidentemente, despois dun ano de goberno, xa é imposible disimular que a estrela que viña ser á Consellería de Lingua é unha estrela estrelada, totalmente irrelevante no Goberno de Rueda; e atopouse incómodo tamén, con certeza, porque xa é imposible disimular que estamos ante o mesmo Partido Popular de sempre: o Partido Popular do «non» ao galego.

E non é unha percepción etérea do BNG, senón que é unha constatación orgullosa que acaban de facer no propio Partido Popular. Acaban de celebrar o seu primeiro ano da vitoria gloriosa do seu Goberno, gabándose de ter incumprido dúas de cada tres propostas do seu programa; o que non é certo, pero, o que si é certo é que ningunha das propostas de que alardean é a favor da lingua galega. Non sacaron nin unha soa proposta en todo un ano, e bastante doado o tiñan porque no seu programa electoral apenas hai oito propostas. Están vostedes para falar de credibilidade.

Iso si, tiveron un ano completo e enteiro para votaren en contra das propostas do BNG que fixemos nesta Cámara a favor do galego para reforzar a oferta positiva e para ampliar os espazos de uso para o galego; e votaron en contra de todas estas propostas, das que propuxemos no BNG e mesmo daquelas que coincidían con algunha das escasas oito propostas que están no seu programa electoral; votaron en contra das súas propias propostas, que están no programa electoral. Están vostedes para falar de credibilidade, señorías do Partido Popular.

Se cadra, tamén pode ser que a actitude incómoda do conselleiro de Lingua fose porque xa non son vostedes capaces de tapar as mentiras que lles contaron aos galegos, hai un ano, no seu programa electoral, que dicía literalmente: «A política lingüística do Partido Popular de Galicia permitiu incrementar o número de falantes, por primeira vez, desde que hai estatísticas. Hoxe falan galego máis persoas que hai cinco anos, e consolídase como lingua maioritaria». Tiveron a santa cara de colocar esta tremenda trola no seu programa electoral para enganar os galegos e as galegas; (*Aplausos.*) por iso agora teñen que rectificar.

O Consello da Cultura di que o galego é a única lingua do Estado que perde falantes. (*Aplausos.*) O Instituto Galego de Estatística confirma que xa non é a lingua maioritaria e a Academia Galega leva moitos anos advertíndolles de que, coa súa política, na escola se está exercendo unha acción absolutamente desgaleguizadora das nosas crianzas. ¿Quen mente aquí, señorías do Partido Popular?

Da intervención do conselleiro tiramos unha conclusión: o presidente Rueda segue a soste a pancarta contra o galego e renuncia a recuperar o consenso que rompeu en 2009. É por iso que en ningún momento se puxo á fronte do suposto pacto pola lingua que vostedes anun-



cian reiteradamente. E a sociedade galega segue a preguntarse por que. ¿Por que o Partido Popular segue auto excluíndose de calquera proposta de acordo?; ¿por que quere continuar na marxinalidade, con propostas que son absolutamente contrarias a un futuro vivo para o galego? E aquí, vémonos na necesidade de volver lembrar cal foi esa razón en 2010, porque —literalmente— deuna o que daquela era o seu portavoz de Cultura e Lingua nesta Cámara, (*A señora Queixas Zas sinala a bancada do Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia.*) que sentaba na bancada do Partido Popular. O señor Agustín Baamonde dixo nun acto público, nunhas xornadas, no Consello da Cultura, o seguinte: «O tema da lingua non foi unha das prioridades do Partido Popular até a aparición de Galicia Bilingüe —ese grupo que agora se chama Hablamos Español—. A previsible incidencia de Galicia Bilingüe e de UPyD na bolsa de votos que podía decidir o último e decisivo escano nas eleccións de marzo do ano 2009 foi o factor que levou os «estrategas» (*A señora Queixas Zas coloca os dedos das mans para representar graficamente as aspas.*) do Partido Popular a incorporar o tema da lingua na campaña, coas promesas de derrogar o decreto do Bipartito.

Esta é a inmoralidade histórica que cometeu o Partido Popular. Hipotecaron o futuro da lingua do país por unha presa de votos. Mentiron á sociedade, romperon todos os consensos conseguidos até ese momento ao redor da lingua, non lles importou fragmentar a sociedade por unha presada de votos da extrema dereita. E a partir de aí, comezou a estratexia política do Partido Popular. Impuxeron o monolingüismo en castelán, impuxeron a ignorancia na lingua propia para as crianzas na escola e prohibiron o galego en varias materias na escola. Non teñen decencia nin vergoña.

Esta é a foto que tamén os perseguirá sempre. (*A señora Queixas Zas mostra unha fotografía.*) A última foto do último acordo que se conseguiu nesta Cámara; (*Aplausos.*) o acordo para o decreto que regulaba, en cumprimento do Plan xeral de normalización da lingua galega, que o galego tiña que ter, como mínimo, unha presenza do cincuenta por cento; o cincuenta por cento do galego na escola parecían moito e séguelles parecendo moito.

Por iso temos que dicirlles que rectifiquen, señorías do Partido Popular e que abandonen o terraplanismo lingüístico en que están sumidos. Mude, señor Rueda, a súa política contra o galego; deixe de enganar, de negar a realidade, manipulando os datos oficiais e volte ao diálogo e ao consenso, sen impoñernos aos grupos parlamentarios decisións unilaterais nin liñas vermellas, que é o que lles están a pedir —insisto, máis unha vez— todas as institucións do país.

Escoiten o clamor da sociedade galega (*A señora Queixas Zas mostra unha fotografía, que sostén coa man dereita.*) (*Aplausos.*) deste pasado domingo, 23 de febreiro, Día de Rosalía, inzando de orgullo, de dignidade e de amor pola lingua as rúas de Compostela, desde a Alameda até o Obradoiro, ao berro unánime de «¡Queremos Galego!». (*Aplausos.*) Voulles ensinar dúas panorámicas distintas (*A señora Queixas Zas mostra outra fotografía, que sostén coa man esquerda.*) para completar os ángulos de visión tan escasos e miopes das fotos que vostedes pasan polas redes sociais.

Dicímoslles desde o BNG, como lles dixo a sociedade galega na manifestación de Queremos Galego este domingo: «Non van calar un pobo orgulloso da súa lingua e non nos van roubar



os soños nin tampouco as palabras»; e todo isto a pesar dos esforzos que fixeron nas semanas previas en ridiculizar a convocatoria, en criminalizar as persoas que libremente exerceron o seu dereito a manifestarse e a dicir publicamente que queren galego e que queren un futuro para o galego. Por máis que intentaron manipular a sociedade con mentiras, as súas bólas xa non as cre ninguén; as súas mentiras e provocacións axudaron a facer realidade unha nova manifestación histórica a favor do galego. «Lingua vital xa»; «Lingua extensa e útil», como dixo Castelao.

Seguro que coñecen este dito: «O que non ten solución, non é un problema», e este é o lema do Partido Popular. A situación do galego non é un problema para o Partido Popular, e, por iso, negan os datos oficiais; deslexitiman as institucións; acusan os inmigrantes, as familias e os propios traballadores e traballadoras do Instituto Galego de Estatística de facer mal o seu traballo. Por iso manipulan a, sociedade, mesmo chegando a pagar con fondos públicos unha enquisa de camuflaxe á medida das súas mentiras. Mais —insisto— a sociedade galega, orgullosa da súa lingua propia, volveu falar este domingo. Non hai mister Proper nin efecto Perlan nin horas abondas na CRTVG que branqueen tanta inmoralidade política, tanto prexuízo, tanta falta de autoestima do Partido Popular máis antigalego e antigaleguista da historia, cuxo obxectivo é que o galego sexa unha lingua de segunda, unha lingua pequena, unha lingua residual e acomplexada, exercendo na escola o máis importante para conseguilo, que é o efecto desgaleguizador.

Tanto é así que incluso tivemos que escoitar isto a semana pasada na Comisión 4ª, en boca, nin máis nin menos que dun sociolingüista, secretario xeral da Lingua, que —creo— xa perdeu bastante a súa competencia en Sociolingüística ou renunciou a ela; o secretario xeral de Lingua dixo literalmente «Ese eterno relato de que os nenos de familias galegofalantes van ao colexio falando galego e volven falando castelán é certo». Vou repetir: «Ese eterno relato de que os nenos de familias galegofalantes van ao colexio falando galego e volven falando castelán é certo». O secretario xeral de Lingua recoñece que están a incumprir a Lei de normalización lingüística; recoñece que están a incumprir o Plan xeral de normalización da lingua galega; e recoñece o peor, que é que non están dispostos a facer nada porque a súa política funciona e están contentos coa situación actual do galego. Están tan obsesionados coa nosa lingua que só nestes últimos quince días non deixaron de apertar as caravillas aínda máis ao galego.

¿Que pasou nestes quince días? Dous exdeputados do PP, un deles o señor Conde —até hai pouco, vicepresidente do Goberno da Xunta, con Rueda—, volveron votar en contra do uso do galego como lingua oficial na Unión Europea. Iso si, co seu parceiro e aliado principal, con Vox; comunicáronnos que non aceptaban ningunha emenda do BNG, que presentamos para reforzar a presenza do galego na Lei de intelixencia artificial; acaba de eliminar, a Consellería de Lingua, o galego dos convites institucionais para acudir a un acto en Santiago de Compostela, e non de Chile —non se equivoquen—; a propia Consellería de Lingua excluíu o requirimento de coñecer o galego para traballar nos campamentos de verán; ignoran a demanda de máis de medio cento de expertas en sociolingüística que lles pide que deixen de empregar o invento de «bilingüismo cordial» para referirse á «diglosia»; actúan con total opacidade e exclusión das entidades representativas do traballo en lingua, a pé de obra, na conformación das comisións que van revisar o Plan xeral.



Quince días máis dando patadas ao galego. Non teñen vostedes límites no seu pacto contra o galego.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato.

Como dixen ao principio, achegamos cinco propostas porque estamos convencidas de que, primeiro, o galego non é un problema; e, segundo, a situación é reversíbel.

Por iso instamos a Xunta a rectificar. Primeiro, cómpre pactar, no prazo de dous meses, un cronograma de planificación de todas aquelas accións que están vixentes, aínda, no Plan xeral e que se poden empezar a implementar a partir de mañá mesmo. En segundo lugar, cómpre constituír unha mesa de diálogo e de participación, en que estea presente todo o mundo que ten moito que dicir, para derrogar o decreto da vergoña e para implementar un novo marco educativo que estea pensado para favorecer a aprendizaxe do galego, que é o que nos manda a Lei de normalización lingüística. En terceiro lugar, cómpre ampliar progresivamente os orzamentos de lingua para chegalos a triplicar ao longo da lexislatura. En cuarto lugar, cómpre retirar a proposta regresiva para a lingua galega do novo proxecto de Lei de medios, e reforzar o papel normalizador da TVG, que é un dos principios fundacionais dos nosos medios públicos. E, en quinto e último lugar, cómpre modificar o cambio introducido na Lei de medidas fiscais e administrativas, en relación co acceso á función pública que prescinde do coñecemento do galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: —remato xa, señor presidente—.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Por unha vez, señorías do PP, deixen de pensar nos intereses das siglas do Partido Popular, desde Madrid, e pensen en protexer o maior patrimonio inmaterial colectivo do pobo galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Voten a favor das propostas do BNG...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...e sexan parte das solucións para o galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas, señorías.

A lingua galega, a nosa fala, en xusta definición do inesquecible Ramón Piñeiro, di así: «A verdadeira forza espiritual que lle brinda unidade interna á nosa comunidade social. A terra e a lingua son dúas raíces, as dúas raíces máis fondas do pobo galego». (*Aplausos.*)

Por desgraza e como vemos ás veces, a nosa fala —á cal todos queremos—, señorías, non é capaz de conquistar a unidade entre as distintas forzas políticas. Está claro que isto é ata certo punto normal e lexítimo, é dicir, ter criterios e lecturas da realidade distintas. Por iso, máis que nunca, temos que falar e achegar posturas. Se no ano 2004 chegamos a un acordo, agora toca revisar ese acordo, e, para iso, ninguén debería xerar ruído e confusión na sociedade galega utilizando como pretexto a nosa lingua.

Se a lingua é esa forza espiritual que brinda unidade interna á nosa comunidade social, non parece moi acaído utilizala para crear división. A lingua non é un apéndice máis da nosa realidade, é o noso gran ben cultural; un ben froito da interacción secular do pobo galego con todo o contexto vital que, no fin de contas, nos constitúe como o gran pobo galego que somos.

A nosa lingua nin é nin debe ser un instrumento para o debate partidista. A lingua é un ben común a todos nós; un ben que nos une que e nos singulariza. Todos debemos usar a nosa lingua con absoluto coñecemento da mesma, con normalidade. A nosa lingua non debe ser unha ferramenta de exclusión doutras linguas.

Certo é que o galego foi durante moitos anos violentado, transmitindo un absurdo sentimento de que a nosa fala era cousa de xente de segunda categoría. Eses tempos, señoría, xa pasaron. Foron fillos dun contexto histórico que non podemos xulgar cos ollos do século XXI. Se caésemos neses xuízos cometeríamos o maior erro posible: o erro de acoutar ou circunscribir grandes figuras como Castelao, Curros ou Rosalía a unha determinada ideoloxía actual. (*Aplausos.*) Eles foron fillos do seu tempo e da época en que lles tocou vivir. Estou seguro de que, de vivir nós na época histórica deles, pensaríamos practicamente o mesmo que eles transmitiron a través das súas obras.

No que respecta á nosa lingua, agora estamos noutro chanzo; estamos, dende hai moitos anos, comprometidos coa preservación, coa promoción e coa exaltación da lingua. Vivimos, certamente, nun mundo cada vez máis globalizado, onde as linguas minoritarias corren riscos; por iso é esencial que todas as galegas e os galegos asumamos a responsabilidade de falar, de ensinar e de transmitir o galego ás novas xeracións. Isto non só garante a supervivencia da lingua, senón que tamén fortalece a nosa identidade e cohesión social.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, no referente á súa moción, quero dicirles que o Goberno galego xa fixo unha planificación que foi tratada nas reunións cos distintos grupos



parlamentarios. Impulsou un escenario para o diálogo, constituíndo grupos sectoriais para renovar o Plan xeral do ano 2004, composto por máis de cen profesionais comprometidos coa nosa fala e que serán os encargados de ir chamando ás consultas as distintas entidades máis representativas do ámbito da lingua.

Non hai mellor diálogo nin mellor análise que os que poden ofrecer os máis de cen profesionais que compoñen estes grupos de traballo. Púxose un prazo de quince meses para rematar estes traballos e xa se anunciou unha senda de crecemento orzamentario, que xa está reflectido nos orzamentos deste ano, para así seguir impulsando as políticas en beneficio da nosa lingua.

Cómpre reiterar tamén que o Proxecto de lei de medios públicos de comunicación social de Galicia para a sociedade dixital blindada e reforza, como misión fundamental dos medios públicos de titularidade autonómica: promover, difundir, impulsar a lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia. Ata tal punto estamos comprometidos con este obxectivo que, para evitar calquera dúbida e para acreditar a nosa vontade de consenso, a redacción definitiva do artigo 4 incorpora parte dunha alegación da Mesa pola Normalización Lingüística e a nova redacción do artigo 7 responde a unha suxestión do Consello da Cultura Galega. Os galegos están atentos a estes traballos de renovación do Plan e están observando se temos altura de miras para chegar a un acordo. Imaxino que todos queremos chegar a ese acordo e que non os imos defraudar; polo tanto, non imos poñer liñas vermellas.

Vostedes inciden en que o problema do galego está no ensino. Nós temos outro punto de vista e incidimos en que o problema está no uso do galego; por iso hoxe alédome pola moción do Partido Socialista porque vai tamén nesa liña. Son distintas visións que non teñen por que separarnos. Saben que entre o branco e o negro sempre está o gris, e ninguén ten a verdade absoluta.

Eu teño unha fe firme no futuro dos galegos como sociedade culta, próspera e orgullosa da súa tradición e da súa lingua. Galicia posúe un grande universo cultural e a lingua é certamente o esqueleto vertebrador da nosa cultura. A identidade da lingua galega é conxénita á vitalidade da cultura popular. E permítanme dicirlles que a cultura galega hoxe goza de moi boa saúde; (*Aplausos.*) por iso, son un firme convencido de que imos superar os atrancos e imos chegar a un acordo.

E o triunfo, señorías, non vai ser estrondoso nin con moito ruído; o triunfo vai ser maino e calado. Loxicamente, son lexítimas as manifestacións e as concentracións sempre que se fagan como a que ocorreu este domingo, totalmente pacífica, por suposto. Agora si, enganaron dicindo que a manifestación era a favor do galego e non contra ninguén, pero os galegos, loxicamente, non lles compraron o discurso, e, por iso, non foron capaces de encher a praza do Obradoiro; (*Murmurios.*) non deron mobilizado, señorías, e iso non é un bo síntoma para vostedes. (*Murmurios.*) Tampouco é bo tratar de boicotear o traballo dos expertos que van revisar e actualizar o Plan xeral. Señorías, ese ruído acabarasevolvendo contra vostedes. (*Aplausos.*)

No referente ás enquisas e, sen ánimo de molestar —eu creo—, ás veces, é mellor estar calados. O IGE traballa con total liberdade, sen ningún tipo de directriz do Goberno galego,



pero, ¡claro!, vostedes son máis partidarios, seguramente, do método Tezanos. O IGE detectou un problema coa nosa lingua, señora Queixas, un problema. O Goberno galego, loxicamente, preocupado por esta cuestión, encargou un estudo demoscópico sobre unha parte da poboación galega, é dicir, sobre as familias con fillos en idade de estar escolarizados. Está claro que, para atallar un problema coa máxima eficacia posible, necesitamos ter a maior información posible. Esta enquisa será un documento máis dos moitos que terán á disposición os equipos de traballo do Plan dinamizador da lingua; terán outros do Consello da Cultura, da Real Academia, das universidades..., e, seguramente, moitas máis achegas.

Miren, eu, como membro do Grupo do Partido Popular de Galicia —o grupo maioritario desta Cámara; o grupo que sustenta o Goberno galego—, síntome moi orgulloso de formar parte desta bancada porque é unha bancada plural, diversa e democrática que leva a cabo un proxecto político de igualdade e de liberdade. Neste proxecto cabemos e caben todos, chámense como se chamen, nacesen onde nacesen e falen na lingua que falen. Temos as portas abertas, pero a única condición é que respecten os que se chamen de forma distinta, pensen distinto ou se sintan distintos e estean dispostos a colaborar neste proxecto de igualdade e de liberdade.

Imos ser claros, señorías: vostedes, señorías do Bloque, queren o monolingüismo e a inmersión lingüística, e non o esconden; así o plasmaron no seu programa electoral, porque a súa aspiración explícita ou tácita —non o sei— é chegar a facer de Galicia un Estado. Non é baladí dicir que o Partido Popular de Galicia é o que máis se parece a Galicia, e, polo tanto, aos galegos; así o demostran as nosas vitorias electorais, e isto é tan concluínte como afirmar que temos un problema no uso do galego. Mentres vostedes viven nun nacionalismo desintegrador e excluínste, nós estamos nun galeguismo; (*Aplausos.*) un galeguismo dual de dupla nacionalidade, integrador e incluínte (*Murmurios.*) Esta bancada, señorías, do Partido Popular é galeguista; e vostedes non son galeguistas, son nacionalistas (*Murmurios.*)

Señora Longueira, hoxe trouxen o traxe de galego. O outro día, no acto de Rosalía, tamén levei o traxe de galego. Eu teño un problema, e é que todos os traxes que teño son de galeguista. (*Aplausos.*) E somos galeguistas porque nos identificamos coa comunidade galega en que nacemos; (*Aplausos.*) identificámonos coas nosas tradicións, co patrimonio cultural e, sobre todo, coa nosa lingua. Estamos orgullosos de ser galegos, pero sen excluír ninguén. E, ¿saben que? Aí é onde está a maioría dos galegos, e vostedes non entenden os galegos; pero ¡bueno!, eu tampouco vou dar máis pistas, por suposto. (*Murmurios.*)

O Goberno da Xunta de Galicia está preocupado pola nosa lingua, pero o noso modelo é conseguir que a maioría dos galegos, que xa coñecen a lingua, dean un paso máis e comencen a utilizala con máis frecuencia e a sentirse orgullosos dela. O noso modelo non é a imposición. Está claro que agora toca acertar coas medidas máis axeitadas; de seguro que as tarefas xa iniciadas polos expertos dos distintos grupos de traballo o van conseguir, e, se vostedes se suman, todo será máis doado e efectivo e, se non, nós, como Goberno, tomaremos as decisións consecuentes do resultado, na man dos traballos.

O pacto pola lingua debe ser social e político, e —tamén o din vostedes— non será social se non é político. Por iso, contamos con vostedes, e, sobre todo, diríxome agora á bancada do Partido Socialista. Hoxe queremos chegar a un acordo, por iso presentamos unha emenda



de modificación da súa emenda. (*O señor Ferro Iglesias sinala a bancada do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*) Queremos modificar o punto número 1, en pouca medida —como como puideron comprobar—, mantendo todo o seu texto, do punto número 1, e, ademais, aceptaríamos o resto de puntos: o 2, o 3 e o 4. Vostedes xa están dentro do pacto —recordaba vostede—, deste pacto pola lingua. Están traballando e saben perfectamente que, nesta cuestión, non debemos ter liortas, pois a nosa lingua non o merece.

E remato como comecei, é dicir, invocando a unidade, naquel momento, con Ramón Piñeiro e, agora, con Curros Enríquez, cunha estrofa do poema titulado «Pola unión», e que di así: «Gallegos que me escoitades, gallegos que a verme vides, hoxe de eiquí non saídes, sen facer as amizades! Das nosas debilidades o diaño non se ha de rir. Vámonos todos unir, matando rencores cegos; que na unión dos bos galegos está da patria o porvir!».

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupos autores da moción.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Señor Ferro, ¡que papelón! (*Murmurios.*) Pero ¡bueno!, eu dígollo desde o cariño, ¿eh? ¡De verdade!

Xa sabe vostede, pois, ademais, díxenllo un día: debería ser dos nosos porque é unha persoa moi razoable. (*Interrupcións.*) (*Risos.*) (*Murmurios.*) Como di un refrán ou un dito —están preocupados por alí—: «¿De dónde vienes? Manzanas traigo». Ou sexa, é que é exactamente o que me acaba de contar aquí.

E eu, mire, teño moitas facultades, pero a de interpretar o que pensa un morto, non. Tiven a sorte de coñecer Piñeiro —era moi noviña—, pero non me atrevo aquí a invocar e a dicir o que ía pensar Piñeiro; e, por suposto, nin me atrevo aquí a invocar a Rosalía ou a dicir o que podía estar pensando agora. ¡Bueno!, dixo que se vivisen agora, un pouco máis e dábanlles a razón.

Mire, hai unha cuestión de fondo en todo isto; hai unha cuestión de fondo. Xa lle digo que eu agradezo toda a súa intención —o que lle deixaron facer—, pero eu non podo aceptar ou nós non podemos aceptar isto porque nós queremos un libro branco a partir de agora, porque agora é o que se está cocendo, señor Ferro; e agora estase recollendo todo o que está pasando. ¿Onde se está recollendo todo o que está a pasar agora?; ¿onde se están recollendo as fontes de onde vimos e onde estamos metidos?; ¿onde se están recollendo —todo este tempo desde que o seu conselleiro empezou a falar que iamos facer algo coa lingua— todas esas mans tendidas —que el puido coller—? Volto dicirlle, outra vez, o de Europa: ou sexa, 100 millóns fronte aos 4.000 millóns que din vostedes que van facer falta. ¿Onde están todas as mans



tendidas para poder facer algo, incluso, xestual, moitas veces? É que non o fixeron, porque seguen na política, xa que seguramente aínda non poden soltar o óso. Entón nós non imos poder aceptar iso porque queremos o libro branco xa, como xa lle dixemos aquí. Sobre todo o demais, eu agradézolle a vontade, pero non vai poder ser.

E, mire, hai aquí unha cuestión de fondo: houbo moita xente no pasado que non puido estar no país, cando pasaron, neste país, estes feitos tremendos, como foi o dunha guerra. Esa xente fixo o que puido onde estaba para manter unha cultura. E o que somos, incluso o que estamos a facer hoxe aquí, debémolleslo a eles. Entón, eu creo que xogar con todo iso..., xogar —como xa sabemos— con todo o que xa se dixo aquí por votos, pois non é bo; iso non é ben e non pode ser.

¡Déixeno xa! Quero dicir, arranxemos isto dunha vez. Eses grupos de coordinación, que temos alí —dos cales falaba vostede e que tamén os coñezo—, funcionan como funcionan. É verdade que o seu coordinador ten moi boa atención, pero algúns non teñen o sentido que se está pedindo: non hai un cronograma de traballo e non sabemos o que está a pasar realmente. Quero dicir, hai moi boa vontade, pero pouca técnica, como facía aquel toureiro que saía á praza. Entón, isto non se arranxa así; arránxase dunha vez por todas. Eu non coñezo que prazo dan vostedes para arranxar isto, pero eu espero que o arranxen, ou que o arranxemos entre todos, pero estamos perdendo aquí un tempo útil.

¿Ruído?; ¿que ruído? ¡Ruído, non hai ningún ruído!; o ruído fano vostedes, nós non facemos ruído. Que se convoque a xente no Día de Rosalía para que pida máis lingua galega —eu creo— non é ruído. É simplemente para que vexan que existe e que existe moita xente; incluso algún ata pode que lles votase, moi seguramente, porque se non os votasen todos eles, igual non estabamos onde estamos nós, na oposición.

É así, non é ruído...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...—remato agora— é o que quere a xente, a sociedade, sen máis; é o que quere a xente do común; é o que quere a xente que pode que estea ata xubilada, ou que non teña traballo, ou que estea comezando unha vida. É simplemente o que quere a xente porque non ten que haber problemas.

Porque vostedes o usan e —volto repetir— non sei vostede cantos traxes ten, nin cantos se pon, pero os que sentan e fan os discursos dos días da patria —dígolle— teñen un; e —dígolle— levan a daga cravada na espalda, como se lles morrese un membro da familia. Poñen unha cara terrible, como se lles importase moitísimo o que está a pasar. E non, o que teñen vostedes é un uso do galego...;

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...vostedes non están para que viva, están a usalo...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...e iso non pode ser. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, presidente.

Señor Cervo, primeiro, vostedes, no PP, negan a realidade crítica, tan crítica, de emerxencia lingüística en que está a nosa lingua propia. Primeiro, négana. Negan toda evidencia científica que leva anos explicándolles o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, o Consello de Europa, o Instituto Galego de Estatística... Negan absolutamente todo iso, e, consecuentemente —é lóxico—, negan intervir de maneira inmediata. Negan calquera posibilidade de poñer en marcha actuacións inmediatas para empezar a corrixir este devalo nunca visto en trece séculos de historia para a nosa lingua. E o único que aceptan facer como unha decisión unilateral, exclusivamente do Partido Popular, é impoñer unha única medida: actualizar o Plan xeral de normalización da lingua galega, que vale agora, pero non valía no mes de setembro, cando o propuxo aquí, nesta Cámara, o BNG; vostedes no Partido Popular votaron en contra. Antes non valía, agora si, alá vostedes.

E logo, perdoe, non desacrediten tanto a conformación e a constitución das once comisións para avaliar este plan porque non están facendo máis que desacreditalas desde o primeiro momento, cando non teñen ningún tipo de transparencia e cando actúan con toda a opacidade, sen transmitir á sociedade quen constitúe as comisións, e, ademais, excluindo —porque xa o fixeron público— todas aquelas entidades que teñen máis que demostrado o seu traballo en normalización lingüística e que si estiveron na redacción, no ano 2004, do primeiro Plan xeral. Polo tanto, actúen con transparencia —que xa sei que non lles gusta moito—, pois esta era unha boa oportunidade para empezar.

Fala vostede de división e de fractura social. Perdoe, pero esa asignatura lévaa Rueda; lévaa Rueda desde o momento en que decidiu coller unha pancarta nunha manifestación en contra do galego. (*Aplausos.*) O pobo que se manifestou outra vez, por enésima vez, este domingo, o que trasladou foi un clamor social dunha sociedade que lle quere ao galego. Polo tanto, as mentiras e as manipulacións do Partido Popular quedan absolutamente neutralizadas con esta actuación do noso país. O domingo o que vivimos foi un pacto polo galego, sen condicións e sen exclusións, que non é precisamente que vostedes estean polo labor.

Vostedes teñen a lexitimidade do pobo para gobernar a favor do galego e, sen embargo, escollen o absolutismo para gobernar en contra. O que queda claro aquí —e a sociedade teno tamén cada día máis claro— é que hai dous modelos: hai un modelo do BNG, que é o que defende que o galego avance, que se cumpran os acordos e os pactos sociais e políticos que seguen vixentes e que se respecte o dereito a aprender na nosa lingua propia para poder exercer a liberdade de uso; e logo está o modelo do PP, que defende un galego que cada vez vai a menos, desde a imposición do monolingüísmo, da ignorancia da lingua propia, impo-



ñendo unha política cada vez máis regresiva e achicando calquera espazo en que aínda o galego teña algún tipo de vitalidade.

Polo tanto, está claro cal é o modelo que quere o galego e que quere que avance, e o modelo que quere que siga retrocedendo, que está moi conforme e moi satisfeito con esta situación de emerxencia lingüística. E ese modelo é o do PP.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato.

No BNG temos claros os nosos referentes no amor e na defensa á lingua, e traballamos co pobo para traer unha nova alborada rosaliana como a que lemos este pasado domingo.

Somos da estirpe da sociedade que se sente orgullosa do galego, que quere unha lingua viva e unha lingua extensa e vital, como dicía Castelao; somos da xente —parte da xente— que crea en galego porque sen galego non hai cultura galega; somos herdeiras da estirpe de Rosalía, valente, que se atreveu a escribir en galego desterrando prohibicións para que o galego deixase de ser unha lingua estranxeira na patria da escrita; somos da estirpe de Brañas, que fixo un chamamento a toda Galiza para que, literalmente, seguíssemos coa nosa lingua, estendéndoa cada día máis; somos da estirpe das cantareiras, que sostiveron nos fíos da creación oral colectiva a grandeza dunha lingua vetada para os rexistros cultos; somos compañeiras do profesorado censurado por expresarse e para aprenderlle en galego ao seu alumnado; e somos solidarias coas familias que reclaman ensino en galego...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...para as súas crianzas e o Goberno do Partido Popular llelo nega; somos as responsábeis de que nunca máis haxa Moraimas que se pregunten por que Siri non as entende e as despreza.

Voten con responsabilidade...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...señorías do Partido Popular —remato, presidente—, pensando, por unha vez...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, si. Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...no futuro vivo da lingua galega e non nos intereses...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...do Partido Popular ao ditado de Feijóo. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez.

Non estiven no debate. Non sei se acepta a emenda do grupo parlamentario... (Negación.)
¿Non a acepta?

Votamos.

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre as políticas públicas que está a deseñar o Goberno galego diante da grave crise do sector do mar en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Agora votaremos por separado as mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que dixo que non aceptaba. Votamos, polo tanto, esta moción.

Votamos.

Votación da Moción presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro, sobre as estratexias do Goberno galego para a defensa e promoción da lingua galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 46; abstencións, 26.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas, sobre as estratexias para afrontar a situación actual da lingua galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E suspendemos a sesión ata as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto de interpelacións.

Interpelación de D. Óscar Insua Lema e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Boas tardes, señor Diego Calvo. Está ben isto de facer cambios á última hora. Esperemos que fagan o mesmo coa quitación que lle propoñemos desde o BNG. *(Aplausos.)*

Supoño que vostede terá hábito de ler a prensa, os informes dos órganos consultivos, pero, por se acaso, voulle ler algún titular dos últimos que saíron estas últimas semanas: «O 20 por cento do gasto dos concellos é para custear competencias que non son súas». «Contas alerta da falla de servizos en cen concellos en risco de despoboación. Crítica que estes municipios reciban pouco financiamento». «A cuarta parte dos concellos teñen problemas de viabilidade financeira. Non pode ser que outras administracións cadren as súas contas a custa dos concellos».

¿Que lle parece, señor Calvo? A situación dos concellos galegos sabe vostede que é moi grave. A situación financeira na que se atopan moitos deles impide que se poida garantir a prestación de certos servizos básicos neste ano 2025, pero é unha situación que veñen arrastrando



desde hai moitos anos, precisamente desde a última reforma que se fixo, no ano 2004, da Administración local. Foi, precisamente, o señor Aznar o que fixo a reforma, e fíxoo tamén con aquel decreto da Lei de facendas locais, pero casualmente daquela o que fixo foi eliminar parcialmente o imposto de actividades económicas, que era un financiamento dos concellos, pero non se acabou desenvolvendo ningunha lexislación. Levamos vinte anos esperando por unha reforma, que nin o Partido Popular nin o PSOE cando goberna en Madrid pois parece que queiran realizar.

Non sei se sabe, conselleiro, que a tutela financeira das entidades locais de Galicia está encomendada, precisamente, á Xunta de Galiza; en concreto, á Consellería de Facenda, a través dese centro directivo, que, bueno, é o gran descoñecido deste esquema institucional local en Galicia. Non se sabe nin que informes fai, nin a publicación desta unidade, nin o persoal que ten adscrito... Non sei se vostede coñece realmente cal é a situación.

Mire, o maior problema —e xa o temos falado aquí— é o sostemento do servizo de axuda no fogar. ¿Sabe canto teñen que pagar os concellos, verdade? Supoño que si. ¡En 25 euros está xa o prezo da hora para prestar o servizo de axuda no fogar!, dos cales a Xunta de Galiza soamente dá 12 euros, cos cartos que tamén recibe de dependencia do Estado, claro. O resto dos cartos, ata chegar aos 25, ¿quen os pon? Os concellos. E en moitos casos non poden contratar, precisamente, máis horas para os novos dependentes porque non teñen crédito, á parte do problema que temos de que non hai persoal para contratar. E, aínda por riba, vostedes poñen multas, ¡poñen multas! Mire, metéronlle multa a Triacastela, a Samos, a Pedrafita do Cebreiro, a Folgoso do Courel, aos Brancos, a Punxín, a Calvos de Randín e a Valdoviño. ¿E sabe que di a alcaldesa do Folgoso do Courel, do Partido Popular, a señora Lola Castro? «Non me parece que sexa xusto poñer sancións aos concellos, porque non vai solucionar absolutamente nada, e temos un problema grave. Parece que o Estado e a Xunta tamén terían que implicarse para que os concellos, se temos que prestar ese servizo, teñamos, polo menos, o financiamento xusto». Esta é unha alcaldesa do Partido Popular. Sábeo vostede, ¿verdade?

Pois ben, non sei que lle parece a vostede. Eu, dende logo, hoxe insto os alcaldes e alcaldesas de Galiza a que se rebelen, a que se rebelen, pero co ordenamento xurídico ¡eh!, e a que non tarden en solicitar a aplicación do artigo 83 da Lei da Administración local de Galiza, que reza que se o establecemento e a prestación dos servizos aos que se refire o artigo 81 resulta imposible, ou de moi difícil cumprimento, en aplicación do principio de subsidiariedade, os municipios poidan solicitar á Xunta de Galiza dispensa da obriga de prestalos. E eu dígolles aos alcaldes e alcaldesas que pidan a dispensa da obriga de prestalos (*Aplausos.*) e que o Consello da Xunta deixe de pechar os ollos, que os abra e que lle dea unha solución explícita, precisamente, a este problema, que tarda anos en resolverse e que a vostedes lles dá exactamente igual, porque vostedes soamente lle seguen a onda ao que di o señor Núñez Feixóo.

Os problemas non son soamente co SAF, saben que son tamén coas escolas infantís de 0 a 3 anos, precisamente as escolas que financian os concellos, que non están dentro do Consorcio, ¿verdade? Porque vostedes din que pagan a matrícula e din que a escola é gratuíta. ¡Ai, si!, pero a festa quen a paga son os concellos, porque soamente neses municipios que teñen es-



colas que non están dentro do Consorcio, entre o 70 e o 80 por cento do custo págano os concellos, e vostedes aínda teñen a desfachatez de devolver 22 millóns de euros de fondos europeos para financiar escolas infantís.

Pasa o mesmo pasa tamén coa recollida do lixo, co taxazo de Sogama que acaban de impoñer dende a Xunta: 42 euros máis. Agora xa estamos en 120 euros por tonelada, e véndennos vostedes que se van facer cargo dela. ¡Pero se esa partida xa a estaban destinando os concellos!, só que antes lle chamaban Fondo Ambiental.

Hai problemas tamén co financiamento da limpeza das faixas de protección contra os incendios, empaketada tamén cando fixeron a Lei de montes no ano 2012, ou coas instrucións de xestión de biomasa do ano 2018; coa aplicación da protección e benestar animal, empaketada esta polo Estado; ou coa xestión das praias, que son do Estado, pero o mantemento e os servizos, ¿quen os ten que asumir? Os concellos: limpeza, socorristas —tamén con algunha axudiña—, mantemento, retirada de animais mortos...

Señor Calvo, a situación é crítica. A cuarta parte dos concellos teñen problemas de viabilidade financeira. Isto significa que nas últimas liquidacións que se presentaron por parte destes os remanentes de tesourería eran negativos, ou o aforro neto tamén era negativo, ou as dúas cousas á vez. Temos 16 concellos en situación extrema, na UCI, e 62 concellos con algún destes dous problemas e con dificultades para atender os gastos correntes.

¿E cal é a solución que adopta a Xunta de Galiza? Pois ningunha. A ver se nos sorprende hoxe con algún anuncio, porque, dende logo, a tutela financeira dos concellos é da Xunta de Galiza. Vostede virá hoxe vendernos que foi como destinaron os orzamentos do 2025, e como está o Fondo de Cooperación Local. Din que o aumentaron: 5,4 millóns o fondo base para repartir entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, e non chega nin a 1 millón de pesetas o fondo adicional, máis os 10 millóns que viñeron o ano pasado, que non se gastaron, 168 millóns.

Claro, vostedes despois dinnos que reparten 627 millóns de euros para todos os concellos. Pois 459, precisamente, repártenos de forma condicionada, a través de ordes de axudas de diferentes clases e convenios, e serven para que o Goberno da Xunta siga dirixindo dixitalmente o financiamento de proxectos, consciente e partidariamente. Segue sendo necesaria a integración paulatina no Fondo de Cooperación Local desas axudas e subvencións.

E isto é o que, seguramente, vai vir contarnos hoxe o señor Calvo. Bueno, entón, escusa de dicir nada, xa o sabemos, porque eu o que quero é escoitalle a ver que opina, precisamente, do Informe do Consello de Contas, que non sei se o leu vostede. O Consello de Contas presentou hai un mes —ou, bueno xa hai dous meses— o Informe incluído no Plan de traballo sobre medidas adoptadas na Comunidade Autónoma de Galicia para abordar o reto demográfico dos concellos de menor poboación. ¿Leuno vostede? ¿Sabe vostede o que di? ¿Sabe as oito conclusións e as oito recomendacións?

Bueno, en primeiro lugar, dille que vostedes non decidiron nunca que é un concello con reto demográfico. ¡Parece mentira! Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galiza, e non se sabe



que é un concello que está en reto demográfico. Este é un exemplo da solvencia do Partido Popular á hora de legislar.

Pero o máis importante é esa conclusión terceira, que indica o factor chave nesta problemática, e que está relacionada precisamente co infrafinanciamento das entidades locais. Di que o Fondo de Cooperación Local é unha pica —unha participación nos impostos da Comunidade Autónoma— de importe moi reducido, que resulta de importe igual e incluso inferior á maior parte das axudas recibidas polos concellos en convocatorias ordinarias, e que é precisamente no fondo adicional onde perde a natureza de pica e se configura como unha sorte de subvención finalista que non pode asimilarse a unha pica.

Di o Consello de Contas: «Debería modificarse o importe do Fondo de Cooperación Local, incrementando a contía de reparto entre concellos. Debería aproveitase a modulación que permite o fondo adicional para incluír o extremo de relevancia en relación co reto demográfico, e alternativamente configurar un fondo de cohesión». Tamén é crítico, porque di que «unha parte moi relevante do financiamento dos concellos vén da participación en convocatorias de axudas ou da sinatura de convenios de colaboración, o cal demora a concreción e a realidade dos seus ingresos anuais e plurianuais ata finais do segundo semestre».

E tamén indica o Consello de Contas —estou lendo textualmente o informe, jeh!, supoño que vostede o lería— que «debe de modificarse o réxime de convocatoria e transferencia de fondos aos concellos para axilizar a entrada de financiamento anual, e, en particular, de financiamento que na actualidade se está a conceder por concorrencia non competitiva ou concesión directa, integrando os ditos importes nos libramentos que, con cargo ao Fondo de Cooperación Local ou de xeito autónomo, se poidan realizar nos propios orzamentos». Isto é o que di o Consello de Contas.

Señor conselleiro, vostedes, os do PP, son os que din que hai que deixar traballar á xente para que fagan os seus informes sen presión, de forma independente. Entón, voulle preguntar eu se considera que os conselleiros do Consello de Contas —bueno, aínda que son funcionarios, pero teñen o mandato de ser independentes e obxectivos— están sometidos ao ordenamento xurídico. ¿Cre vostede que están presionados por alguén? ¿Creo?

Mire, eu preguntolle: ¿que medidas vai tomar o Goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afoego económico producido polo insuficiente financiamento dos servizos de competencia autonómica prestado polos concellos? Despois da publicación deste informe do Consello de Contas, ¿está convencida a Xunta de Galiza de que é necesario incrementar o Fondo de Cooperación Local con cargo a partidas orzamentarias de axuda destinadas a concellos con convocatoria en réxime de concorrencia competitiva e concesión directa? ¿Cal é o plan que ten o Goberno galego para implementar medidas nos concellos identificados polo Consello de Contas en situación de reto demográfico para frear o seu despoboamento e mellorar a prestación dos servizos básicos?

Señor conselleiro, a ver se vén hoxe facernos aquí algún anuncio que nos valla de algo, porque, xa digo, a situación dos concellos é crítica, ¡crí-ti-ca! E se a isto lle sumamos a nula capacidade do Goberno do PP para remodelar e para solucionar profesionalmente, pois xa



ve cal é a situación que teñen os concellos; xa digo, de nula viabilidade financeira algúns deles, e dentro de pouco pois parece que vai saltar polos aires.

Así que esperemos, señor Calvo, que nos anuncie algo a respecto de como van solucionar este problema do financiamento dos concellos e se lles vai facer algo de caso aos informes do Consello de Contas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Presidente, señorías.

Moi boas tardes e moitas grazas.

A verdade é que estou realmente impresionado. O voceiro, o señor Insua, tardou exactamente —creo que foi— un minuto e medio en chamar á rebelión. Unha vez máis, seguimos esa biblia publicada na páxina *web* da UPG, onde o importante non é contar a realidade, senón que é tentar quentar a realidade para conseguir o que non se consegue nas urnas. *(Aplausos.)* Pero tardou minuto e medio, señor Insua, e, ademais, díxoo: «¡Chamo á rebelión!»; *(Aplausos.)* que é a frase que a vostedes máis lles gusta: chamar á rebelión ou chamar a outro tipo de cousas. Bueno, é verdade que a realidade non ten nada que ver cos desexos dalgún. Pero tardou minuto e medio.

E a verdade é que hoxe tentan facer o que fixo o Partido Socialista durante bastantes plenos e varias iniciativas, que era intentar ler interesadamente determinados informes para arriñar xa non digamos a ascua á súa sardiña, senón para tentar terxiversar o que hai, cunha interpretación e cunha terxiversación. Pero como di o manual da UPG: o que faga falta; con tal de quentar o eido social, vale todo. A verdade é que o fan a conciencia, e eu diría que incluso a mala fe, porque moitas das cousas que di estou seguro de que sería incapaz de mantelas fóra desta tribuna ou nunha conversación en privado. Pero, bueno, se vostedes queren facer trampas ao solitario, alá vostedes; se vostedes queren facer, como o Partido Socialista, que recicla iniciativas, pois alá vostedes.

Dicía vostede que somos solidarios, que cambiamos o portavoz. Non, como sabe vostede —e, se non, dígollo eu, adiántollo eu—, o Goberno é solidario, pode contestar calquera membro do Goberno a calquera iniciativa. E sobre o chiste que facía vostede do financiamento, pois dígolle que o financiamento non é solidario, senón que é profundamente insolidario con Galicia; por iso temos a postura que temos, señor Insua. Pero, mire, eu quérolle dicir categoricamente que o compromiso do Goberno galego cos concellos é indiscutible —é indiscutible, señor Insua—, igual que a colaboración e o apoio non deixan de medrar nos últimos anos. Pode ser que vostede considere que é insuficiente —e a min tamén me gustaría poder dar máis—, pero non deixamos de medrar nos últimos anos;



polo tanto, cando non admiten ningún tipo de pasos na boa dirección, pois vostede perde toda a razón, señor Insua.

Os orzamentos do Goberno galego, efectivamente, para os concellos este ano ascenden a 641 millóns de euros. Nunca, nunca, nunca houbo unha cifra parecida de financiamento que teña como finalidade os concellos de Galicia; é unha cifra récord. Por tanto, cando di que non sobe, vostede está dicindo unha mentira. Nunca se dedicaron tantos fondos públicos para os concellos.

¿Como pode dicir que o Goberno galego permanece inmóbil ante a necesidade urxente de actualización do financiamento dos concellos? Ao mesmo tempo que lle digo que estamos financiando máis que nunca, tamén dixen nesta mesma tribuna eu mesmo que o sistema de financiamento dos concellos non é o axeitado, que o hai que reformar e que necesita máis financiamento. Pero tamén lle digo, e comprenderá, que a miña postura si que é bastante máis razoable que a súa. E nós levámoslle reclamando reiteradamente ao Goberno central un novo sistema de financiamento para os concellos; por certo, ao mesmo tempo que reclamamos un novo sistema de financiamento para as comunidades autónomas. Por certo, o que estamos dicindo cando dende o Goberno queren facerse cargo da débeda das comunidades autónomas e non falar do financiamento e que vostedes aplauden; porque vostedes iso o aplauden, pero que falemos de financiamento, non... (*Murmurios.*) ¡Ai!, si, o cupo!, (*Risos.*) Aí podemos discutir todo canto queira.

Polo tanto, nós queremos un novo sistema de financiamento que atenda a particularidade, a demografía e tamén a dispersión, que é propia de Galicia. Diso queremos falar; o que non queremos é caer na trampa na que vostedes caen: «non, agora falamos da débeda e xa non falamos de nada máis». E vostedes, facendo o seguidismo que fan sempre dos seus socios de goberno, alá van, porque non teñen máis capacidade de poder criticar ou de poder facer unha proposta. (*Aplausos.*) Ese é o seguidismo. (*Aplausos.*)

Di tamén que hai que incrementar a contía da repartición entre os concellos do Fondo de Cooperación. Sabe vostede que o Fondo de Cooperación Local está vinculado á evolución dos recursos, e ademais non é discrecional, señor Insua. Cando fala vostede de que a aportación aos concellos se fai —dixo vostede, apunteino por aquí— «de maneira partidaria», pois vostede está a facer unha afirmación que non é certa. De novo, volve mentir, porque lle dá igual o que teñan que dicir, o caso... (*O señor Insua Lema pronuncia palabras que non se perciben.*) —si si, «partidaria», apunteino; apuntei todas as cousas entrecomiñadas, e ben sei o que apunto, señor Insua—... Non é discrecional. Dende o 2008 —fíxese vostede— o Fondo de Cooperación Local incrementou un 40 por cento. Busque vostede no orzamento da Xunta de Galicia, ou nos orzamentos doutras comunidades autónomas, se no Fondo de Cooperación hai algunha partida que poida incrementarse máis dun 40 por cento. Hoxe alcanza os 168 millóns de euros, un 4,1 por cento máis que o ano pasado. E é máis, a Xunta de Galicia —repetino moitas veces, pero teño que seguilo dicindo, porque vexo que algúns non queren escoitar, e non hai peor cego que o que non quere ver— foi pioneira exactamente en asegurar a participación dos concellos por lei. E isto, logo, ¿dá igual? Non, non dá igual, porque nos anos 2013 e 2014, cando o orzamento da Xunta baixaba, a aportación que ía para os concellos nunca baixou. E isto non sucede así noutras partidas ou noutros casos, ¿verdade?, noutras comunidades autónomas; en Galicia, si está blindado.



Di vostede que non facemos caso aos concellos pequenos. Fíxese, no Fondo de Cooperación Local, no fondo adicional, este ano nós reservamos unha parte para os concellos de menos de 15.000 habitantes, porque cremos que son eses concellos os que teñen máis dificultades, menos ingresos, os que dependen das transferencias doutras administracións e teñen menos capacidade de aforro. ¿Sabe vostede o que dixo o representante do Bloque na Fegamp? Que non estaba de acordo, que el non quería que fose para os de menos de 15.000, que quería que se integrase no fondo base, onde están todos, onde están tamén as sete cidades de Galicia, por exemplo. ¿Cre vostede que iso é discriminación positiva cara aos concellos pequenos ou non? Por certo, os de menos de 15.000 son o 90 por cento dos concellos de Galicia, jo 90 por cento dos concellos de Galicia!

Falaba vostede dos acordos que hai de repartición do fondo adicional e pareceume que falaba das faixas e algo máis. Mire, esa repartición consensuouse coa Fegamp cando o presidente da Fegamp era outro socialista, non o actual, cando era o alcalde do Barco. Alí estaban tamén os representantes do Bloque e déronlle o *ok* a esa repartición. ¡Déronlle o *ok* a esa repartición! Señor Insua, a vostede igual ou non llo contaron ou non o sabía; ou probablemente o sabía, pero dálle igual. Aí están incluídos os centros de saúde, os conservatorios e as actuacións de eficiencia enerxética en edificios de titularidade municipal, en novas infraestruturas ou en actuacións medioambientais. Todo iso estaba consensuado, señor Insua. Todo estaba consensuado.

Di que a repartición se realizaba conforme a criterios partidistas. Non é verdade; iso non é verdade, e non lle permito que o diga, porque xa está ben sempre de vir tentar botar unha capa para confundir a todo o mundo. ¡Non é verdade! E non hai «unha sorte de reparto», como pon na iniciativa; non é verdade. O que hai son criterios de repartición, que é moi distinto de «sorte de reparto», que é o que lles gusta a vostedes. (*Aplausos.*) Non ten nada que ver, señor Insua, non ten nada que ver. (*Aplausos.*)

Por tanto, fai vostede insinuacións ao longo de toda a súa intervención, e eu o que lle quero transmitir e quero que quede claro é que nós estamos de acordo en que hai que variar o sistema de financiamento dos concellos, en que necesitan máis financiamento e en que é o Estado o que ten que garantir a suficiencia financeira das comunidades autónomas e tamén dos concellos. Pero ¿sabe o que vostede fai cando ten que dirixirse ao Estado? Calar a boca, que é o que lles gusta, calar a boca. Porque hoxe facía referencia a unha serie de obrigacións que teñen os concellos se non teñen financiamento. Pero, ¿sabe o que fai o presidente da Fegamp e o vicepresidente, o señor García, cando teñen que falar deste asunto? ¡Calan! Porque a Madrid non lle poden pedir absolutamente nada.

Vostede sacou hoxe o SAF de novo; de novo, volveu sacar o SAF. Falamos diso moitas veces e estamos falando tamén cos distintos concellos. Efectivamente, no día de hoxe estanse dando 12 euros por hora, a pesar de que o Goberno central non cumpre coa obriga legal e non nos aporta o 50 por cento de financiamento da Lei de dependencia. E vostedes, en vez de pedirlle a unha administración —aos seus socios— que aporte esa diferenza á que está obrigada por lei, prefiren mirar para a Xunta e falar de todos os problemas da Xunta, porque non queren poñer nerviosos nin enfadar os seus socios. Señor Insua, aí está a súa credibilidade e a do seu partido, (*Aplausos.*) ¡aí calan a boca! (*Aplausos.*)



E poñía tamén o exemplo do canon de Sogama. Durante semanas escoitamos de novo o «da rebelión dos concellos». Iso lévano no sangue. Isto da rebelión, da pancarta e da non sei que lévano no sangue. ¡Saen así, ¿que lle imos facer?! ¡Lévano no sangue! Pois iso, señor Insua, durante semanas escoitamos a moitos responsables do Bloque e tamén do Partido Socialista dicir que este era un imposto da Xunta de Galicia. Despois, cando a Xunta de Galicia se dá conta —efectivamente, porque os concellos o están a pasar mal financeiramente— e quere colaborar cos concellos para pagar ese canon, vostedes puxeron o grito no ceo; ata que chega unha carta do Ministerio e dille á Xunta que non pode axudar os concellos. ¡Pois foron os seus socios, señor Insua —de novo, os seus socios, os do PSOE—, os que din que a Xunta non pode axudar os concellos a pagar ese canon! ¿E onde está o Bloque? ¡Caladiño!, que é como sabe estar, non vaia ser que o Partido Socialista se moleste.

Así que, en definitiva, señor Insua, claro que hai que axudar os concellos e claro que hai unha situación financeira, pero, non se equivoque, hai algúns que traballamos para axudar os concellos e outros que traballan para facer ruído, que é o que lles gusta e o que saben facer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Señor Calvo, vostede non escoita ben. Pedín a dispensa segundo o artigo 33 da Lei de Administración local de Galiza; é dicir, cumprindo o ordenamento xurídico. ¿Que rebelión é esa? Rebelión é traer os alcaldes ao Parlamento, como fixeron vostedes cando foi o Bipartito. (*Aplausos.*) ¡Iso si que é rebelión! (*Aplausos.*) ¿Ou non se acordan? (*Aplausos.*)

Fala de que eu dixen «partidistas». Si si, «repartición partidista», pero non do Fondo de Cooperación Local, senón do resto do Fondo de Cooperación Local. É que vostede non escoita, apunta; e vostede cambia como as veletas. Claro, cando foi o presidente da deputación o primeiro que fixo foi cambiar o Plan único para beneficiar as cidades, precisamente porque gobernaban en Santiago, na Coruña e en Ferrol. (*Aplausos.*) ¿Non se acorda? (*Aplausos.*) ¡E vénnos aquí dar leccións! ¡Home, por favor!, ¡Claro! (*Aplausos.*) É dicir, ¡en fin!... Só lle falta, señor Diego Calvo, dicir que España «nos roba». Bueno, seica agora vostedes se aferran tamén aos cánticos que noutrora rexeitaban, ¿quen o diría?

Mire, Castelao, no *Sempre en Galiza* —ese señor para moitos de vostedes descoñecido, pero, bueno, ao que aprobaron dedicarlle este ano e honralo—, dicía que «a cegueira dos españois é un mal que non ten cura porque é unha cegueira voluntaria; cerran os ollos para non veren». Son os que representou Goya nunha das súas augafortes: «*no hay desgracia que no les sorprenda*». Vostedes pechan os ollos e a desgraza vai chegar, a quebra financeira dos concellos vai chegar. É dicir, vostedes teñen a competencia da tutela financeira e non fan nin informes nin análises, e non adoptan nada; e, aínda por riba, din que inventamos cousas. Oia, é que eu non falei da «sorte do reparto», estaba lendo o que dicía o Consello de Contas.



Iso indica que vostede non leu o informe; claro, non o leu. Os concellos —xa llo digo— van estourar, van facer crack, como pasou hai quince anos, porque están totalmente afogados, e vostedes seguen pechando os ollos porque non queren ver. E se a isto lle sumamos o non cumprimento da regra de gasto —porque non fai falta cumprila—, a non actualización das entregas á conta —porque vostedes votaron en contra do Decreto lei 9/2024, que regulaba as entregas á conta e a participación das entidades locais nos tributos do Estado para este ano—, as multas que vostedes poñen aos concellos por incumprimentos no SAF e a negativa do PP a coller os 4.000 millóns por culpa da submisión de Rueda ao PP de Madrid, pois isto é unha auténtica bomba de relojería a piques de explotar. E é unha actitude esa que lle vai saír cara a Galiza, porque vostedes foron os que triplicaron a débeda deste país ata chegar aos 12.000 millóns de euros; si, si. A nosa proposta, desde logo, é condonar un terzo desa débeda, 4.000 millóns de euros, que cobre o gasto de toda a Consellería de Educación e de Política Social de todo un ano; e que serviría, dende logo, para axudar os concellos.

¿Vostede non coñece ese refraneiro de «máis vale paxaro en man que cento voando»? Pois colla os 4.000 millóns de euros e despois siga coa súa batalla. E se gobernan algún día en Madrid e na Xunta, pois devólvanllo, como vasalos que son. Se gobernamos nós, desde logo que non lle imos devolver un peso. Pero, desde logo, xa lle digo que eses cartos poden ser moi útiles para o noso país e, singularmente, para os concellos, que é do que nos ocupamos hoxe nesta interpelación.

Falaba pola mañá o señor Comesaña da maxia, de que eses cartos non desaparecen e de que nolos van pagar. Pregúntelle ao mago José María Aznar —o equilibrista, o escapista, o do bigote—, que negociou —si— o Pacto do Majestic no ano 1996. ¡Claro!, 2.400 millóns de euros. Esa foi a cantidade que recibiu Cataluña por apoialos en Madrid. Si, si. E tamén concesións: cesión do 33 por cento do recadado no IRPF, o 35 por cento do IVE, o 40 por cento de impostos especiais e competencias de tráfico, desemprego e portos.

Pero, tamén, ¿non se lembran do pacto de Mariano co PNV no 2017 para apoiar os orzamentos?: non só a rebaixa da cota e a devolución de 1.400 millóns de euros, senón tamén preto de 4.000 millóns de euros, a maior partida tamén, o investimento de 3.380 millóns de euros para o 2023; é dicir, para a denominada V vasca que conectou as tres capitais. ¿Quen pagou eses pactos? ¿Eses acordos foron insolidarios —os do PP— cando pactaron vostedes co PNV e con CIU? ¡Menudos trucos de maxia! (Risos.) Non o sabemos nós...; é dicir, vostedes teñen máis cara que espalda. E, claro, a maxia foi a da banca, que rescatamos con 9.000 millóns de euros e só apareceron 1.000. (Aplausos.) Iso si que é a maxia, a maxia de Harry Houdini; esa é a maxia de Harry Houdini.

Miren, xa dicía Harry Potter que todos necesitamos maxia de vez en cando. Bueno, pois aproveiten a maxia do BNG, ¿non? Ou, como dicía Anthony Blake, non lle dean máis voltas, non ten sentido. (Murmurios.) ¿Saben por que? Por que é o mesmo truco que xa fixo o PP cos cataláns e cos vascos para gobernar en Madrid; o mesmo truco, só que desta volta e, por primeira vez, si que se van beneficiar os galegos e as galegas grazas ao BNG, (Aplausos.) aos votos dos galegos que lle deron ao BNG nas eleccións xerais. E son cartos —eses 4.000— que poden ir para os concellos, se non fose porque o PP de Galiza está subordinado aos intereses do PP de Xénova. (Aplausos.)



Recapaciten, pensen en coller os 4.000 millóns de euros que conseguiu o BNG en beneficio exclusivo dos intereses dos galegos e dos seus concellos. ¡Maxia cadabra!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor INSUA LEMA: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Para o peche da interpelación, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Por empezar por unha referencia persoal, cando eu estiven na deputación, señor Insua, durante catro anos —catro anos completos, ¡catro anos!—, vostedes estaban na oposición, xunto co Partido Socialista, e o 98 por cento dos puntos que foron a Pleno foron aprobados polo Partido Socialista; e o 95 por cento dos puntos que foron a Pleno en catro anos foron aprobados polo seu partido. (*Murmurios.*) A ver se atopa vostede un concello onde poida dicir o mesmo, no que gobernen vostedes, ¡eh!, no que gobernen vostedes. Polo tanto, creo que as medidas que se levaban a Pleno, polo menos, non deberían de ser moi malas; ¡polo menos!, ¡polo menos! (*Aplausos.*) E creo que foi nos orzamentos onde non votaron a favor, que se abstiveron.

Pero, mire, é unha mágoa que unha lei como a Lei de impulso demográfico para vostede sexa papel mollado. Somos ou fomos a primeira comunidade autónoma en aprobar esta lei, cuns obxectivos claros, os de blindar medidas, precisamente en materia de demografía, ou os de apoiar a aqueles que decidan vivir e traballar no medio rural, pero a vostedes iso dálles igual. Sinto que para o BNG medidas como «Impostos cero no rural», como «Xantar na casa» ou a Estratexia Retorna non teñan ningún valor. A vostede todo iso dálle igual, porque non ten valor. Non ten valor a gratuidade das escolas infantís, porque non lle gusta, a Tarxeta Benvida, as casas niño, as casas do maior, o Bono Concilia ou o especial tratamento ás familias numerosas. Todo iso dálle igual, o Bloque iso non o contempla, porque o que quere é quentar as rúas, que é onde se encontra a gusto. Non merecen ningún tipo de recoñecemento.

Pero a realidade é teimuda, señor Insua, é teimuda. E a verdade é que entre todas estas medidas —e seguro que moitas máis— se conseguiu frear a perda de poboación. No ano 2024 incrementouse a poboación en Galicia. E todas as previsións que existían dos organismos oficiais, eses que non son presionados para facer informes e que dicían que a estas alturas Galicia tería perdido poboación e que estaría en 2,6 millóns, pois resulta que non se cumpriron e está a máis de 2,7; gañamos 120.000 persoas nos últimos anos.

Polo tanto, oia, seguro que se pode facer mellor, non teño ningunha dúbida, ou seguro que se pode facer máis, de acordo. O problema de vostedes é que non aceptan nin recoñecen absolutamente nada, e chegan aquí tirando todo, todo, polo chan. Porque o que buscan é o cabreo. Vostedes non chegan aquí proponendo algunha medida para que poidamos mellorar entre todos, non é verdade. Vostedes chegan aquí a romper absolutamente todo, a quentar a rúa, que é o que saben facer, e a protestar. ¡Así lles vai, señor Insua!, ¡así lles vai!



Os concellos teñen dúas vías de financiamento: o FCL —do que xa falamos—, e as achegas en concorrencia e convenios. E este ano chegan a ese importe. E hai outras funcións que realiza a Xunta de Galicia ou nas que colabora a Xunta de Galicia, pero a vostede todo iso dálle igual.

Nos GES achegamos o 52 por cento do custo, cando é unha competencia dos concellos e das deputacións. En material, ademais, levamos achegado máis de 27 millóns de euros. Somos os únicos, xunto cos concellos —no caso dos traxes e algunha cousa máis— que achegan; as deputacións non achegan nada.

Vostedes están en dúas deputacións, están en dúas. Supoño que cando teñen competencias e teñen posibilidades farán algo. Pois parece que non, parece que diso non din nin pío. Porque das deputacións vostedes hoxe aquí, nada, só para facer unha referencia a min, e xa ve por onde lle sae.

Pero, mire, nos consorcios provinciais, achegamos o 50 por cento do custo, que é competencia dos concellos e das deputacións. E aí vostede non di nada.

Falou de ¡migallas de socorristas...! Pois concellos como o da Coruña —provincia da que é vostede—, se non chega a ser polas ¡migallas dos socorristas!, ao mellor, non podían contratar. Porque a deputación, na provincia de Galicia que ten máis quilómetros de costa, resulta que lles dá axuda aos concellos que son costeiros. Aí non lles axuda a Deputación da Coruña. ¿Por que non lles axuda o Bloque, que está na deputación e forma goberno, aos concellos que están na costa da Coruña? Claro, aí non di nada, aí cala a boca; nin fala, nin pío. Disto non hai que dicir nada, ¡non hai que dicir nada!

Do ciclo da auga tampouco falamos, porque estas son cousas que fai a Xunta de Galicia, e non merece a pena falar.

Veñen aquí vostedes vangloriándose do poder que teñen, e hoxe enterámonos de que conseguiron 4.000 millóns para Galicia. ¡Que estean tranquilos os concellos, que son capaces vostedes de conseguir o que faga falta! Estou completamente seguro. Van conseguir un cheque en branco para todos os concellos de Galicia; grazas ao Bloque, claro, porque para iso non teñen ningún problema. Estámolo esperando. Ímoslle aplaudir cando sexa verdade.

Pero tampouco fixo referencia —ao Ministerio, tampouco; así, (*O señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e deportes, Calvo Pouso, fai movementos coas mans.*) de medio lado— ao Estatuto de pequenos concellos, que está prometido polo Ministerio dende hai anos, dende hai anos, e estámolo esperando absolutamente todos, onde se vai reducir a carga burocrática, o fortalecemento e a colaboración administrativa, ou se vai mellorar a súa dixitalización. E é un tratamento específico para os pequenos concellos. ¿Sabe vostede cando se referiu a el? Nada. Claro, porque o Ministerio é do Partido Socialista, e non vaia ser que se nos enfaden os nosos socios. Aí non podemos facer nada. Aquí o que non funciona é Madrid, e, entón, miramos para a Xunta. Esa é a lección que aprendemos dese manifesto que teñen colgado na UPG e que é súa guía.

Mire, nós imos seguir traballando e intentando axudar os concellos, e imos seguir incrementando os fondos que ano tras ano poñemos á disposición dos concellos. Outros seguirán chamando á rebelión.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señora Vázquez, coidado coa botella, que ten auga, e molla o teléfono. (*Risos.*) ¿Está preparada? (*Risos.*) (*Murmurios.*) Tranquilo, Diego Calvo.

Ben, dicíalle, señora Vázquez, que o pasado... Non sei se me vai prestar atención ou ten algo que falar co señor Diego Calvo, (*Murmurios.*) pero un pouco de educación. Non estea falando cando me estou dirixindo a vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estáballe dicindo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estáballe dicindo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estáballe dicindo que o pasado 1 de febreiro... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Pausa.*)

O señor PRESIDENTE: Prosiga. (*Pausa.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor BARÁ TORRES: Non sei se me van deixar seguir.

Dicíalle, señora conselleira, que son uns provocadores, que son uns auténticos provocadores; iso é o que saben facer perfectamente: provocar. (*Aplausos.*) Porque lle estou dicindo que me atenda e o señor Diego Calvo segue aí erre que erre falando con vostede para provocar. Son infantís, ademais, porque ese é un comportamento absolutamente infantil. ¡Xa está ben! ¡Xa está ben! ¡Xa está ben! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Miren, dicíalle que o pasado 1 de febreiro vostedes filtraron un documento, un informe, de Augas de Galicia —un pseudoinforme, porque é un papel que non ten nin sinatura nin nada, anónimo—; (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) filtrárono querendo anunciar que lle ían dar unha concesión a Altri por setenta e cinco anos, ata o ano 2100; é dicir, que lle van regalar o río Ulla a Altri para facer os seus negocios.

E nós pensamos que isto é un feito moi grave, que é un feito gravísimo, tanto no fondo como na forma. E as formas, os procedementos, son importantes, porque vostedes non poden filtrar un documento, porque iso está penado, está castigado, xa que é unha grave vulneración do que di a Lei do emprego público —non sei se a leron— e tamén da Lei de transparencia, que di literalmente e que cualifica como falta moi grave a publicación ou utilización indebida da documentación á que teñan acceso por razón do seu cargo os funcionarios públicos e tamén os cargos públicos. E sanciona con penas moi graves, moi grandes, como pode ser o cesamento dos altos cargos, a inhabilitación e tamén, no caso dos funcionarios públicos, mesmo a separación do seu posto de traballo.



E eu preguntolle, señora Vázquez, ¿tivo vostede coñecemento desta filtración? ¿Tivo vostede coñecemento desta filtración? ¿Autorizou vostede ou ordenou vostede esta filtración? Quero que nos responda aquí, en sede parlamentaria, a esta pregunta.

E, ademais, pedimos responsabilidades, pedimos que vostedes abran —se non a abriron xa— unha investigación, e queremos dimisións e cesamentos das persoas responsables destes feitos tan graves. Porque, ademais, a estas alturas, cando xa pasou case un mes, a realidade é que non se coñece aínda o informe de Altri. ¿E sabe por que non se coñece? Porque o expediente está sen rematar. É dicir, que vostedes filtraron un informe favorable sen ter rematado o expediente. ¡Moi grave, señora conselleira!, ¡moi grave! (*Aplausos.*)

Nin sequera responderon ás alegacións, nin sequera responderon ás asociacións, que son parte interesada. ¡É que lles dá todo exactamente igual!, ¡dálles igual!

E tamén é moi grave todo isto, no fondo, porque Augas de Galicia e a Xunta —vostedes— están actuando como comerciais de Altri. Están actuando en contra da ciencia e tamén en contra do sentido común —si, si, señora conselleira, non se altere—, porque, ademais, teñen aí un informe que vostedes desprezaron do Consello da Cultura Galega que é claro e concluínte a este respecto.

O que veu pasar aquí, o fondo da cuestión, é que Altri se autooutorga unha licenza, unha concesión, para captar augas e verter augas no río Ulla por setenta e cinco anos e vostedes danlle licenza para contaminar o río Ulla e a ría de Arousa, e aínda teñen o descaro de dicir neste informe (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) —que supostamente é un pseudoinforme que vostedes filtraron— que os vertidos de Altri van mellorar a calidade do río Ulla e do encoro de Portodemouros. Pero *¡hace falta valor!* ¿Como se atreven a dicir isto? ¿Como se atreven a dicir que os vertidos de toneladas de nitratos, de sulfatos e de sólidos en suspensión van mellorar a calidade dun río e dun encoro que xa está contaminado, como é o encoro de Portodemouros? É que vostedes se rin da xente, literalmente. Isto é absolutamente insoportable.

E, mire, aquí a cuestión é que vostedes xa decidiron hai moito tempo darlle todos os parabéns, todas as bendicións; asociáronse con Altri e decidiron darlle todos os informes favorables que precisase a empresa. Porque aquí non estamos falando dunha decisión técnica, isto é unha decisión política que vostedes tomaron no ano 2021, concretamente en outubro de 2021, asinando un acordo secreto —¡secreto!— con Altri que aínda non nos deron no Parlamento a estas alturas, despois de pedirllelo en reiteradas ocasións; é un acordo secreto para instalar na Ulloa unha industria de enclave, que está literalmente prohibida nas Directrices de Ordenación do territorio; é que nin respectan as súas propias directrices, señora conselleira. É un proxecto industrial aberrante e depredador que non quixeron en Portugal e ao que vostedes lle poñen alfombra vermella ambiental, con todo tipo de informes favorables. Pero non só iso, senón que lle queran dar 250 millóns de euros públicos así, de gratis, para crear 250 postos de traballo. ¿Sabe vostede que farían os sectores produtivos deste país con 250 millóns de euros que vostedes lles negan? Esa é a realidade: o que lle dan a Altri é o que lles negan aos sectores produtivos deste país.

Neste punto tamén queremos dirixirnos ao Goberno central para que abandone esa posición de calculada ambigüidade e que non apoie nin avale a concesión destes fondos europeos, 250 millóns de euros a Altri. É absolutamente escandaloso.



E, señora Vázquez, señorías do Partido Popular, nós falamos con moitas pequenas e medianas empresas deste país, falamos con moitas empresas tamén do sector forestal e asegúrolles que moita xente, que tamén forma parte da base social do Partido Popular, non entende de ningunha maneira o que están facendo vostedes con Altri. Non lles cabe na cabeza que vostedes estean literalmente vendidos desta maneira, e no foro interno seguro que a algunha das persoas que están aquí, na bancada do Partido Popular, lle custará entender ata que punto están vendendo vostedes o país neste tema. Porque vostedes gobernan a favor de Altri e en contra da maioría dos sectores produtivos e das empresas deste país. Vostedes favorecen a Altri e gobernan en contra de empresas de alimentación en ecolóxico, moitas delas situadas na Ulloa e tamén no Deza e nas terras de Arzúa, que son punteiras, que son innovadoras e contra as que vostedes están indo. Vostedes favorecen a Altri e prexudican a miles de persoas, a maior parte autónomas e tamén pemes, e que viven da pesca e do marisqueo na ría de Arousa, que xa está gravemente enferma e que está gravemente ameazada por Altri e tamén pola mina de cobre de Touro-O Pino, que leva xa décadas contaminando o Ulla e a ría de Arousa.

Vostedes favorecen a Altri e van en contra tamén de dúcias de empresas do sector forestal galego, que se ven atacadas e ameazadas. Están dicíndonolo, señora conselleira, todos os días. Algunhas non se atreven a dicilo publicamente. ¿E sabe por que? Porque lles teñen medo, porque teñen medo ás represalias do Goberno do Partido Popular. É duro dicilo aquí, en sede parlamentaria, pero é a realidade, porque vostedes castigan a moitas empresas que critican as súas políticas. É así, vostedes están ameazando a cadea de valor do piñeiro, que move máis de 800 millóns de euros na economía deste país, e estanlle abrindo as portas á eucalptización, xa absolutamente descontrolada, e aínda máis descontrolada no noso país.

Miren, por se isto non fose suficiente, estano facendo, ademais, con todo tipo de irregularidades e de presións, señora Vázquez; irregularidades porque vostedes cambiaron varias veces as leis á medida para favorecer os intereses de Altri; e irregularidades, ademais, porque vostedes cesaron ou fixeron dimitir a altos cargos que eran incómodos, que non lles poñían a sinatura no papel que querían que lles asinasen, e nomearon a altos cargos da súa máxima confianza, como o señor Agustín Hernández —si, si, si— que, como é sabido, é o máximo defensor dos ríos galegos, do río Sar concretamente —deu exemplo—. É un gran defensor do río Sar. Pois nomeárono subdirector xeral de Xestión e Execución de Infraestruturas Hidráulicas. E ao señor Ignacio Maestro, exdirector xeral —extinto— de Mobilidade, nomeárono subdirector xeral de Planificación da Xestión dos Recursos Hídricos. E ¿saben por que? Para poñer á fronte destes postos a persoas fieis que asinen o que haxa que asinar para atender os intereses de Altri. E así saen os informes que vostedes din que hai —que aínda non os coñecemos—, que din que van mellorar a calidade do río. En fin...

Vostedes actúan con presión sobre o persoal da Xunta, señora conselleira, dígollo así, con todas as letras. Eu quero facer aquí unha defensa da profesionalidade e do rigor dos traballadores, dos técnicos, dos profesionais da Xunta de Galiza, aos que vostedes non lles deixan facer o seu traballo e aos que vostedes presionan. (*Aplausos.*) Son vostedes os que presionan o persoal da Xunta de Galiza, que nolo din tamén a nós, pero non o poden dicir publicamente, porque temen as súas represalias, señora conselleira. ¡É así!, ¡é así!

O señor PRESIDENTE: Remate.



O señor BARÁ TORRES: E, ademais, como non teñen eses informes favorables, teñen que subcontratalos fóra, encargárillelos a Tragsatec, que é unha clara irregularidade, porque os informes para os estudos de impacto ambiental e para a avaliación ambiental estratéxica ten que facelos persoal da Xunta.

Remato, señor presidente.

Fronte ao abuso e a imposición, hai un pobo vivo, un pobo organizado, un pobo que se mobiliza, un pobo que fai alegacións, que fai denuncias, que fai informes e que dá alternativas. O BNG ten claro de que lado vai estar; vai estar do lado desas comarcas e dese pobo agredido, vai estar onde ten que estar, nos parlamentos, pero tamén nas pancartas e nas mobilizacións, por suposto que si...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...con todo o orgullo e coa cabeza ben alta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señor Bará, de verdade que está sembrado vostede ultimamente, pero sembrado de mentira tras mentira, e creo que incluso sembrado de rancor.

En primeiro lugar, direille que unha muller pode facer dúas cousas á vez, e que xa só faltaba que chegara aquí o señor Bará e me dixera que non podo escoitar a Diego Calvo e que non o podo escoitar a el. Non lles chegou a vostedes enviar a CIG para que fagan panfletos noxentos, tamén nomeando conselleiras —polos que no día de hoxe aínda non pediron perdón—, senón que se seguen sumando ao carro unha e outra vez. *(Aplausos.)* Dálles o mesmo. Terxiversan o que lles dá a gana.

Falan de 250 millóns para os sectores produtivos. ¡Por suposto!, que veñan 250 millóns, e moitos máis, pero hai unhas bases, señor Bará, e o que vai para a agricultura, non vai para a industria, e o que vai para a industria non vai para os GES. Esa é a realidade. ¿Por que queren enganar unha e mil veces? Ben é certo que a zona, en vez de acollelos, agora lles está dicindo que se larguen do lugar, porque lles menten continuamente. *(Aplausos.)*

Preguntábame vostede por que se ía algún alto cargo. Pero, vamos ver, señores, aquí supoño que existirá a liberdade para estar ou para marchar; existirán motivos persoais ou profesionais. ¿Ou é que acaso, señor Bará, Xesús Pereira, o único concelleiro do BNG de Melide, que forma parte do Goberno de Melide, tamén se vai por algo relacionado con Altri? Teranos que dicir se iso é así ou non, porque cada vez que unha persoa se vai dun lado para outro hai algo



escondido. ¿Que hai detrás do cesamento do señor Jesús Pereira, que é a segunda vez que se presenta e a segunda vez que se vai? Digo eu que tamén terán que responder vostedes.

A partir de aí, é máis do mesmo. Di: é que non queren a empresa en Portugal. Miren, eu non sei se a queren en Portugal ou non, pero ¿dirán os portugueses o mesmo das galegas? É dicir, cada vez que se vai unha empresa de Galicia, por uns motivos determinados, ¿é porque Galicia non a quere ou é simplemente porque as empresas son libres e buscan persoal especializado ou buscan recursos naturais e outros máis?

E a partir de aí ¡menudo remexido! E digo menudo remexido porque agora xa estaba pensando eu que estaba falando vostede. Mire, señor Bará, primeiro, alégrome de ter a oportunidade de explicarlle nesta Cámara a diferenza que hai entre un informe sectorial e unha solicitude de autorización de augas —e que é algo totalmente distinto, nada ten que ver unha cousa coa outra— e de poder aclarar tamén entre os galegos e as galegas a verdade sobre dous procedementos totalmente diferentes, dous procedementos que son independentes e que vostedes están a mesturar, porque lles interesa mesturar. É que eu teño as miñas dúbidas, porque despois de anos que vostede tamén leva aí, ¡home!, digo eu que algo saberá, porque creo que tamén ocupou algún cargo no seu día cando estaba o Bipartito; e, se non, pois botémonos a temblar.

«Seguramente o fagan intencionadamente». Mire, eu non sei se o están facendo así ou non, o que si lles podo dicir é que as cousas son ben distintas. Hai un informe, efectivamente, emitido por Augas de Galicia e, polo tanto, emitido pola Xunta, no que se avalía a documentación achegada por esta empresa, pero estáselle avaliando esa documentación a esa empresa e a moitas máis empresas que tamén se instalan en Galicia. Avaliase e vese a repercusión que pode ter e se é compatible ou non con que estea no territorio, pero, conforme a lei. Aquí ninguén pode inventar absolutamente nada, porque ¡manda truco! É que encima mandan aos seus segundos ou primeiros, como pode ser algún sindicato, para que faga *mailings* a todos os funcionarios da Consellería de Medio Ambiente, nos cales se poñen en entredito certas cousas, e iso é moi grave. Agora tamén pretende que lles abramos expediente aos funcionarios da Xunta de Galicia. Eu supoño que vostede está de broma.

Aínda así, voulle dicir como se fan os informes, porque é bo, e como se fixo o informe de Augas de Galicia. Aí o que se fai é medir e ver se é compatible o proxecto coa planificación hidrolóxica, as repercusións sobre a calidade das augas, a posible alteración dos ecosistemas acuáticos ou as medidas de mitigación propostas, como pode ser a restauración da vexetación de ribeira. O informe tamén, señor Bará, ten que abordar a necesidade de establecer un plan de vixilancia medioambiental, como non pode ser doutro xeito, para garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais que marca Europa, que marca España e que marca Galicia; é, por enriba, Galicia é máis exixente que a lexislación nacional e que a lexislación europea. Polo tanto, analízase e emítese o informe correspondente. Pero é que non é un só informe, é que hai unha trintena de informes. Efectivamente, estes señores quixeron adiantarse aos señores do BNG e dixéronme que no Nadal estaría a día, porque así os galegos estarían despistados. Despois, bueno, pois dirán que se no Entroido e, se non, que na Semana Santa; nalgún momento terán que atinar, ¿verdade, señor Bará? Será cando estean remata-



dos os informes, será cando a Dirección Xeral de Calidade Ambiental os avalíe e diga, ao final, se é concluínte e aí hai día favorable ou hai día desfavorable.

E sigo insistindo: unha cousa é o informe dun proxecto e outra ben distinta é a autorización para ter unha captación de augas, neste caso no embalse, e que Augas de Galicia decidirá se é compatible ou non é compatible e resolverá cando teña a ben resolver en función da lei.

Señor Bará, as tramitacións son garantistas e as tramitacións son rigorosas. E rógolle unha vez máis que deixe de difamar, que deixe de difundir bulos e que deixe de dicir falacias, porque as verdades son distintas. Aquí hai proxectos que saen para adiante e hai proxectos que non saen. A verdade é que parece que os comercializadores de Altri son vostedes, que están totalmente obsesionados. Nós o que facemos é un traballo, un traballo garantista, cuns informes técnicos — ¡técnicos! —, aos que hai que deixar en paz dunha vez por todas. *(Aplausos.)* E estes técnicos, señor Bará, non é que sexa un director, un subdirector... De repente, din nomes e dálles o mesmo o dano que lles poidan estar facendo a esas persoas; é máis, en panfletos afíns quitan fotografías de funcionarios que levan anos e anos en distintos departamentos e que tamén estiveron co BNG, señor Bará —el agora non me mira á cara, e eu non lle estou chamando a atención; está mirando os papeis, pero non me parece mal; eu míroo a vostede, que está apuntando, e paréceme perfecto—.

E mire, nestes proxectos, os que asinan e os que informan ¿son sanitarios, son enxeñeiros, son xuristas, son técnicos ambientais, son químicos, son biólogos ou son arqueólogos? ¿Pero isto que é? ¿Vostedes cren, en realidade, que alguén os pode crer a estas alturas? Pero, claro, jollo!, é que detrás están azuzando outros. ¿E quen está azuzando? ¡Ai, señor Bará, está azuzando a UPG! *(Risos.)* Esa é a realidade. E paso a lerlles —e, ademais, é que é un texto ao que todo o mundo pode ter acceso, porque, que eu saiba...; bueno, igual o caparon agora, pero estaba aberto—... Din: «Situámonos nun contexto de intensa conflitividade social que terá unha primeira expresión no espolio colonial do noso país en diferentes ámbitos: espolio eólico» —primeiro—; «enerxético e industrias de enclave como Altri». Dálle o mesmo ao que se dedique a industria, dálle o mesmo que cumpra ou non cumpra. Alí onde poida ver a UPG —dígase BNG— que hai un desenvolvemento económico, pero que é compatible co medio ambiente, aí estarán vostedes facendo barullo e dicindo que non para que Galicia non siga os pasos do desenvolvemento que ten que seguir. *(Aplausos.)*

E continúan dicindo: «É prioridade para nós reforzar a presión social» —¡veña!, todos á rúa; non temos nada que facer un domingo, e, en vez de quedar noutro momento, xa imos quedando— *(Murmurios.)* «organizada no territorio de Palas de Rei, a bacía do Ulla e o conxunto do país contra a megacelulosa Altri, coa certeza de que a oposición popular ten que gañar a batalla».

A vostedes os técnicos danlles igual, o coñecemento científico non lles importa, o que ditaminen os empregados públicos nos seus informes non lles preocupa; a vostedes o que lles preocupa é ir collendo votiño a votiño. E dígolles: non van por bo camiño, perden votos, porque están perdendo a confianza día a día dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

Vostedes están decididos a acabar cun proxecto, non dende o coñecemento técnico, non dende o coñecemento científico, senón dende a ampliación do proselitismo e de levar a xente



ás rúas, así como de «intervir nos medios de comunicación». E iso tamén o din vostedes, ¡eh! É o panfleto da UPG, que lles está marcando os pasiños a seguir. E de aí, por suposto, non poden dar marcha atrás. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Polo tanto, señor Bará, dígolle: Altri, ao igual que o resto das empresas, terá unha declaración de impacto ambiental se cumpre estritamente cos informes.

Deixen de insultar, deixen de enganar e, sobre todo, deixen de presionar, porque se por alguén se senten presionados os funcionarios e o persoal laboral non é pola Xunta de Galicia —son libres—; é por vostedes, que incluso nos están pedindo que lles abramos expediente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Vázquez, di vostede que o BNG está perdendo apoio social. Eu recórdolle que hai cinco anos estabamos 6 humildes deputados do BNG sentados nesta bancada e agora hai 25; e subindo, e subindo, segundo todas as enquisas, mentres vostedes baixan. *(Aplausos.)* Pero, ben, se vostede queda contenta, quede contenta. Aquí se ve a perda de apoio social: 470.000 votos nas últimas eleccións autonómicas, que teñen que respectar, señora conselleira. Porque a maioría absoluta non é a razón absoluta nin a verdade absoluta. E a xente da Ulloa estase mobilizando masivamente contra este proxecto depredador e contra vostedes, que son os que o patrocinan.

E, claro, dixo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio!

O señor BARÁ TORRES: Dixo vostede unha frase que anotei, porque me parece que é para recordar. «Claro, é que non se lle poden dar 250 millóns aos sectores produtivos, porque para iso hai unhas bases». Claro, aquí hai unhas bases para as pemes e para as persoas autónomas, pero non para Altri. A Altri pódenselle dar a dedo 200 millóns de euros, señora conselleira. *(Aplausos.)* ¿Que me está dicindo? Branco e en botella. Vostedes, para Altri, si, todo o que faga falta, os demais teñen que ir a través de bases. De acordo, perfecto, vostede deixouno totalmente claro.

Fálame vostede dun concelleiro de Melide, do BNG, que dimitiu, o señor Xesús Pereira. E compara vostede a dimisión deste concelleiro, dun concelleiro do seu concello —que lle debe molestar que estea alí o BNG— coa dimisión do director xeral de Calidade Ambiental, que ten que asinar a autorización ambiental integrada e a declaración de impacto ambiental de Altri. *(Aplausos.)* ¡Menuda comparación! Busque outra, señora conselleira, busque outra. Ao



mesmo tempo, colocan dous subdirectores, marca da casa do Partido Popular, para que asinen o que haxa que asinar.

E os prazos de Altri non os puxo o BNG. Os prazos de Altri, dos parabéns da Xunta, das autorizacións, anunciounos o outro día o señor Bruno Dapena. ¿Sóalle o señor Bruno Dapena, o delegado de Altri en Galiza? ¿Sóalle? Dixo que ían ter a declaración ambiental integrada a día en marzo —por aí anda— e en xuño a autorización ambiental integrada. Supoño que agora cambiarán os prazos para non darlle a razón ao señor Bruno Dapena, pero as cousas ían encamiñadas cara aí e el debía ter información para poder dicir isto publicamente. É que todo cadra, señora conselleira.

Mire, quero que me diga se nos van dar a documentación dos acordos secretos de Impulsa e Altri que lle pedimos polo artigo 9. (*Murmurios.*) Si, si, si, vostede é a representante do Goberno galego aquí, neste Parlamento. Tenme que dicir se nos van dar a documentación, igual que este informe favorable a Altri; se nolos van dar, porque llo pedimos polo artigo 9, igual que outros moitos documentos sobre Altri que non nos deron; e, concretamente, a última petición que lle fixemos o 6 de febreiro, de toda esa documentación deses acordos secretos, do concurso internacional, do acordo asinado con Altri e do memorando de entendemento. Todo iso queremos saber.

Mire, é tal a cantidade de irregularidades e de trampas que vostedes están facendo neste tema, que só lle vou citar a última, porque é moi recente, que é esta cacicada ambiental (*O señor Bará Torres mostra un mapa.*) que vostedes acaban de facer coa Estratexia da infraestrutura verde. Resulta que a vostedes non lles valen os informes técnicos do Ibader —que é un organismo técnico, científico e académico de primeiro nivel en Galiza—, que fixo uns mapas, e concretamente marcou como zona de amortecemento da serra do Careón, da zona de especial protección da serra do Careón, os terreos onde vai Altri, e vostedes no documento que aproban publicamente eliminan esta zona de amortecemento, xusto o que coincide cos terreos de Altri. ¡Cacicada ambiental, señora conselleira! Non ten outro nome. (*Aplausos.*) Vostedes gobernan ao servizo de Altri ata o último detalle, modificando os mapas da Estratexia de infraestrutura verde. Isto é gravísimo e isto vai ter consecuencias, señora conselleira. Anden con coidado co que fan e co que aproban, porque isto vai ter consecuencias, porque isto é unha prevaricación ambiental de libro: modificar un documento de protección ambiental para favorecer unha empresa privada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si ao xulgado xa se irá cando toque. Tranquilo, señor Pazos, tranquilo. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

Remato dicíndolles unha cousa que me parece importante. Vostedes pensan que viven na absoluta impunidade, que poden facer o que lles dea a gana, pero aquí non hai impunidade, e torres máis altas caeron, señora Vázquez, ¡torres máis altas caeron! (*Aplausos.*) Vostedes poden ler todos os documentos do BNG —agradecemoslle o interese— e da UPG e de todos os partidos e organizacións que conforman o BNG. Agradecemoslle moito o interese e a difusión que fan dos documentos, e pódolle proporcionar máis documentos. Porque, ademais, por se non o entenderon aínda, direilles que eu tiven un compañeiro no BNG —que me acordo moito del e que foi tamén compañeiro de traballo— que me fixo unha perfecta definición do BNG. Eu ofrézollela tamén para que vostedes se ilustren sobre o BNG. Dicía Lois



Obelleiro que «o BNG era un poliedro de sensibilidades». (*Murmurios.*) Iso é o BNG, e vos-
tedes nunca acabarán de entendelo. E o BNG vai estar do lado do pobo, (*Aplausos.*) do lado da
xente, defendendo este país, defendendo os sectores produtivos para que non se perpetre
este atentado ambiental de Altri.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da interpelación, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):
Grazas, presidente.

Señor Bará, o BNG dicía si a Altri antes das eleccións. Desde que Ana Pontón non é presidenta
da Xunta de Galicia, entón, Altri ten unha morea de problemas.

Altri é unha empresa de fibras téxtiles, sen máis. Pero, claro, en Finlandia haina, en Portugal,
tamén... Perdón, en Finlandia hai unha empresa, en Brasil hai outra empresa, en Uruguai
tamén a hai, e aquí coidado, coidado, que antes eran os do non: «as autovías ou autopistas
son unha navallada» (*Murmurios.*) Non, iso doe moito, pero é que seguen sendo o non con-
tinuado. É o non á innovación, é o non ao desenvolvemento de proxectos, é o non ás enerxías
limpas e verdes, é o si continuado ás ameazas. E créame, señor Bará, medo, ningún. Fíome
totalmente de todos, de todos e cada un dos funcionarios que traballan na Consellería de
Medio Ambiente; independentemente da súa ideoloxía, que non llela preguntamos. (*Aplausos.*)
Independentemente da ideoloxía, son persoas; persoas que pasaron unhas probas, que teñen
un posto de traballo, que teñen familias, e vostedes, ao final, o que fan é ir plasmando esas
fotos para que se vaian arrugando pouquiño a pouco. ¿E saben cal é a resposta, señor Bará,
dos funcionarios? Cumprir; cumprir coa súa obrigaón. E cumprir coa súa obrigaón, señor
Bará, non é outra cousa máis que ver se un expediente cumpre estritamente coa lexislación
vixente. (*Aplausos.*)

Hai palabras que di continuamente: dende comerciais de Altri, pasando por comerciais
das eólicas... E cando haxa calquera outra cousa, pois tamén seremos comerciais. Non,
nós somos comerciais de Galicia. Nós queremos esa Galicia verde, esa Galicia azul, esa
Galicia que cumpre co descenso de emisións de CO₂; esa Galicia que é refuxio climático,
esa Galicia que ten unha Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, esa Galicia que
chama ás portas de Europa para que veña o financiamento. Pero é que vostedes fan todo
o contrario; dan esa imaxe pobre de Galicia, de non ir a máis, esa imaxe de que aquí está
todo contaminado, de que case non se pode vivir. Pero, señor Bará, compare esta rexión
co resto, compare esta rexión co resto das rexións; e compárea, ademais, co resto das re-
xións europeas e, ao final, verá que é Galicia a que diminuíu nos últimos anos o 60 por
cento das emisións de gases contaminantes. (*Aplausos.*) E volven dicir que é grazas a que
pechou unha industria. ¿Estamos de broma, supoño, non? ¿Estamos de broma? ¡O 60 por
cento! Esa é a realidade.



Señor Bará, cando vostede repite unha e mil veces que o sector produtivo non pode recibir 250 millóns de euros, vostede está de broma. Digo que vostede está de broma, porque ¿que está dicindo?, ¿que a Xunta de Galicia lle vai dar 250 millóns de euros a Altri? ¿É iso o que está dicindo, señor Bará? ¿É iso? A min gustaríame sabelo, porque xa sería a mentira máis gorda nunca escoitada na casa de todos, e vostede representa os galegos. A Xunta de Galicia non dispón de 250 millóns para Altri, ¿vale?, e é algo que terá que solicitar esa empresa e o resto das empresas ao Ministerio ou a Europa. Pero a vostedes encantaríalles que eses 250 millóns de euros que poden estar destinados a desenvolver novos produtos como este, ao final, foran a Finlandia, a Noruega, a Suecia, a Francia..., pero nunca viñeran para España e, moito menos, para Galicia.

Señor Bará, que reciba 250 millóns ou 2.500 millóns —o que vostede queira, porque poden dicir unha contía ou poden dicir outra— de Europa ou do Goberno central non ten nada que ver con que o resto das empresas da zona e o sector primario poidan recibir axudas. ¡Como pode botar vostede a man á cabeza! *(A señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vázquez Mejuto, fai o xesto de levar a man á cabeza.)* *(Murmurios.)* ¡A man á cabeza bótoa eu cada vez que veño aquí! *(Murmurios.)* Esa é a realidade. Boto a man á cabeza porque, en vez de evolucionar un pouco, vostedes teñen un problema; e é un problema gordo, que debe ser: por un lado, a UPG e, polo outro, a CIG. E miren que están intentando axudalos; están intentando axudalos e, aínda así, non hai maneira.

Señor Bará, o que está claro é que Galicia ten o seu plan e, dentro do seu plan, ten o segundo Plan rexional integrado de enerxía e clima, e, dentro do clima, avalíase absolutamente todo: as emisións, a calidade das nosas augas... Vaise actuar en catro ámbitos, hai dez obxectivos e son 93 medidas, cun investimento do Goberno galego de 1.767 millóns de euros, dende este ano ata o ano 2030. Mentres que vostedes enredan, mentres que vostedes intentan debuxar unha Galicia pobre ou unha Galicia deostada, os demais traballamos porque así nolo encomendaron os galegos e as galegas.

É certo que ter a maioría absoluta supón ser humilde, pero ter a maioría absoluta non pode significar dicir «non», por sistema, a aqueles que o que pretenden é que Galicia vaia a menos. Encantaríalles aos señores do BNG...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...que a Galicia lle fose mal, porque así —entenden— a vostedes lles iría mellor.

Pois, miren, non, a xente do Partido Popular e o Goberno actual o que queremos é que a Galicia lle vaia ben, sempre cumprindo coa lexislación vixente e, por suposto, tamén dende o punto de vista medioambiental, social e económico.

E, se vostede ten algunha dúbida, deixe de ameazar e actúe. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Alteración da orde do día.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os compromisos que está disposta a asumir a Xunta de Galicia respecto do uso público de praias e zonas costeiras a partir da consumación do traslado de competencias en materia de xestión do litoral

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Castro Rey, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Boa tarde, conselleira.

Agora que van asumir vostedes a xestión do litoral de forma case inminente —porque vostedes piden xa apurar no máximo o traspaso de competencias—, nós, os socialistas, froito do compromiso medioambiental que nos define, temos a inquedanza de se o traspaso vai supoñer a redución das garantías cara a esa protección.

Galicia —como sabemos— é a comunidade marítima por excelencia, con 2.555 quilómetros de litoral, e todos sabemos que, noutros tempos, se construía ou se ocupaba terreo costeiro sen ningún tipo de límite ou control, ata que nos anos oitenta se comezou a legislar e a ter conciencia da necesidade de conservar o noso litoral. Polo tanto, as garantías legais da nosa costa son medianamente recentes, e iso provoca que preexistan moitas edificacións construídas antes da entrada en vigor da primeira Lei de costas, e que, neste momento, quedan fóra de ordenación.

Podo poñer moitos exemplos: vivendas construídas dentro da zona de servidume de protección de costas, cuxos dereitos demaniais unicamente son o seu uso e o seu aproveitamento, sen poder facer outras cousas máis alá de obras de mantemento e de conservación; falamos tamén de naves industriais, onde se desenvolven actividades relacionadas co sector mar-industria, ou outras que necesiten a captación de auga; despois, temos outra categoría, que é unha vivenda particular situada na praia do Con, no concello de Moaña, pertencente a alguén, que igual lles soa un pouco, porque é a esposa de Alberto Núñez Feijóo, presidente do Partido Popular. É unha vivenda construída nos anos corenta que, como moitas outras situadas na costa do noso territorio, está fóra da ordenación, pero cuxa propiedade non é un todo unitario, senón que unha parte do seu xardín, en concreto a que está máis preto da praia do Con, é de titularidade pública.

E poderíamos engadir música a esta pregunta, substituíndo o «patio» polo «xardín», e cantando «O xardín da miña casa é particular». E, ¿por que o digo? Porque dende o ano 2007, cando se produciu o deslindamento do dominio público marítimo-terrestre, 210 metros cadrados do xardín da vivenda teñen carácter público, pero están a ser utilizados de forma privada. Agora, dezaoto anos despois, cando Costas do Estado iniciou varios expedientes, na provincia de Pontevedra, para a recuperación posesoria destes terreos de dominio



público-terrestre, co fin de poder protexer a costa e de garantir o uso público e gratuíto, vimos que a familia Feijóo se opuxo a isto porque quere seguir mantendo o privilexio de usar de forma exclusiva o solo público e de acceder de forma directa a esta praia; por iso solicitou ao Estado que se recoñecese a concesión por trinta anos; trinta anos porque é o que marca a lei, se non, pediría máis. Pois ben, trinta anos dende o deslindamento ata o 2037.

Vostede, señora conselleira, ¿considera que isto está dentro da conduta exemplar que debe ter alguén que aspira a presidir un país ou que non o goberna ata agora porque non quere? ¿Privando a veciñanza de Moaña da posibilidade de ampliar o miradoiro da Masandía ou de ampliar o paseo á beira da súa praia; en definitiva do desfrute de todos e todas, por seguir ostentando un privilexio privado? ¿Non lle parece unha actitude elitista e egoísta para alguén que aspira a presidir un país?

Cando se materialice ese traspaso de competencias, ¿van vostedes garantir para o público as zonas públicas de dominio marítimo-terrestre? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Castro, a vostede non lle interesa en absoluto a costa —vexo eu—; (*Murmurios.*) (*Risos.*) non lle interesaron as 4.000 vivendas e as 4.000 edificacións que estaban en perigo antes de que se aprobase a Loxilga.

Aí tivemos que reaccionar, e foi o presidente Rueda quen deu instrucións de que se redactase unha lei feita para Galicia e dende Galicia, e, por suposto, cumprindo absolutamente coa Constitución. Foi tamén o presidente Rueda quen se preocupou da costa galega, da súa economía, da súa protección, e por conseguir aprobar esta lei innovadora, que xa é referente en todo o territorio nacional. Por certo, ao final, vostedes déronlle cen mil voltas ata que o Constitucional nos deu a razón.

Permítanme recordarlles que, por unha vez na historia, houbo un partido político, que foi o PSOE, que non presentou nin unha soa emenda. É dicir, estaban vagos naquel momento ou parecían absolutamente todo correcto. Polo tanto, coñecerá vostede a lei e saberá que é cla-ri-sí-si-ma. Iso si, había un compañeiro de filas, o señor Hugo Morán que, en Madrid, dicía que esta era unha declaración de independencia. Como dicía tamén, nalgunha ocasión, a directora xeral de Costas do Goberno central, que ela quería vir a Galicia e só quería ver costa; non quería ver nin unha soa empresa da cadea mar-industria, por suposto, ningún hotel ou ningún concello, porque tamén había concellos que estaban nesta zona.

Pois non, señoría, vostede debería coñecer a Loxilga, e daríase conta de que nesta normativa están perfectamente regulados os sectores estratéxicos da nosa costa; e tamén se daría conta de que hai unha lei básica, unha lei básica estatal, que é a de costas, que di claramente que as casas construídas antes de 1988 son legais.



Vostede traía aquí esta pregunta cun único propósito; e o propósito era enlamar Feijóo, porque, primeiro, xa empezou cunha pregunta particular, pero é que lle puido a vida, e, entón, tivo que nomear Feijóo. Tal vez pretenden gañar puntos en Madrid; entendo que lles fan un pouco de falta, pero non van por bo camiño.

A casa que vostede refire é dunha persoa particular, como as de todos os galegos ou galegas ou da xente que non está en Galicia. Hai que dicir que non está en dominio público, tal como certificaba a Administración do Estado. Non o certificou aínda Galicia, non intenten embarrullar. Vostede di que é unha casa dos anos corenta, efectivamente, e aí haberá hemeroteca. Polo tanto, esa propiedade é a casa privada, que é do século pasado e dos anos corenta, teñen dereito. Teñen dereito a unha ocupación, a unha reforma, se cumpren a lei, esa casa e todas as demais. Aquí non hai galegos de primeira nin de segunda.

A maiores...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

Ten outro turno despois. Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente. *(Risos.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Para a réplica, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Señora conselleira, eu non falei de ilegalidade, senón de exemplaridade.

E vostede sabe perfectamente que o espírito das leis hai que cumprilo tamén; e o espírito da Lei de costas fala perfectamente de conservar e de evitar a desnaturalización que provocou, no seu día, a privatización da costa, que quedou inxustificadamente subtraída ao gozo da colectividade —iso dío a exposición de motivos—. E tamén fala dun privilexio desta ocupación; e de que non está xustificada, salvo que o emprazamento sexa necesario. Tamén era necesario para Ence, e vemos como agora van colocar unha pasteira no centro de Galicia.

Despois, a Lei do litoral de Galicia, que citaba vostede, tamén fala, na súa exposición de motivos —que é a que contén o espírito da norma—, sobre a «Creación dunha rede de sendas que permitan unir os puntos máis emblemáticos da paisaxe do litoral para promover o uso e o gozo públicos», e que este «debe prevalecer fronte aos intereses privados».

Non hai forma de xustificar que, mentres moitos cidadáns non teñen acceso a unha vivenda, Feijóo falase o outro día da emerxencia da vivenda —dicía—, e creo que, desa vez, se refería á emerxencia do seu xardín. *(Aplausos.)*

Impedir que a veciñanza de Moaña e o turismo desta vila poidan ter un miradoiro da Masandía en condicións, máis amplo, ou un paseo que continúe pola costa para o seu uso e desfrute, pretendendo ocupar de forma privilexiada este terreo durante trinta anos, pois é



egoísta e contrario á moralidade e á exemplaridade que ten que ter unha persoa que aspira a presidir un país.

Como di a lei —e vostede o sabe—, o principal obxectivo das normas que protexen o noso litoral é garantir o uso público do mar, da súa ribeira, e do resto do dominio marítimo-terrestre, sen excepcións, unicamente as derivadas de razóns de interese público; e, salvo que sexa de interese público estar tombado no seu xardín ou que estea pelando ou limpando ameixas e facendo a conservación das mesmas no xardín, non creo que Feijóo e a súa familia fagan un uso público que sexa prioritario ao uso ou ao aproveitamento que poida ter a veciñanza de Moaña ou todos os turistas que se acheguen a esta praia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Señora Castro, obrigas e dereitos teñen todos, todos, absolutamente todos.

Se unha persoa ten unha vivenda e ten un deslindamento nun momento determinado, a lei estatal —non a lei galega xa— o que di é que, de conformidade, independentemente da vivenda, e seguindo os pasos que indica a Administración do Estado, pode solicitar a esa Administración o recoñecemento do dereito sobre o terreo lindeiro, que pasou a ser de dominio público. E aí é onde entra o que vostede parece que non lle gusta. É que non hai nada raro, non hai nada oculto, non hai nada que non estean facendo moitísimas persoas. Son o que se denominan as «concesións indemnizadoras» que se outorgan por un período de trinta anos, como pago xusto pola expropiación sufrida debido ao deslindamento. É que mire, *(A señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vázquez Mejuto, mostra uns documentos.)* é que lle traio aquí no BOE todas. Ou, ¿é que, acaso, no resto de España se vai poder facer, en Carballo se vai poder facer, na Coruña se vai poder facer, pero, en Moaña non se vai poder facer? Xa lle digo, a lei é para todos.

Eu creo que, en realidade, a vostedes o que lles gustaría é que, na familia do PP, o que houbera fose unha Begoña Gómez, *(Murmurios.) (Aplausos.)* ou un irmán de Sánchez, ou un Koldo, ou un Aldama. *(Aplausos.)* Pois fíxense, iso non vai ser así, pero si que teñen vostedes algo propio, *(Aplausos.)* é dicir, unha señora que chaman Carmela Silva —e ollo, ¿eh?, que eu non estou dicindo nada—; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* simplemente, dise nos medios de comunicación que vive nunha illa e que Transición Ecolóxica terá un plan neste verán para abrir Toralla. *(A señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático mostra un documento.)* Esa é a realidade. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)* E aquí estanos falando vostedes de privilexios duns e doutros; e aquí, si que parece, señora Castro, *(Murmurios.)* que poida que haxa algún problema de legalidade.

E a verdade é que me satisfixo, porque, ultimamente, nos medios de comunicación e vostedes mesmos, era como se houbera mansións ilegais ligadas a non sei quen. Miren, aquí o que se persegue é-a-le-ga-li-da-de. E o que terían que estar perseguindo vostedes e no que terían que estar axudando o Goberno galego é, efectivamente, a que nos fagan o traspaso, dunha



vez por todas, dos medios, tanto materiais como persoais. O mesmo que fixeron co Goberno vasco. Aí resulta que o aplauden, pero vostedes, como sempre, queren que Galicia quede atrás.

Miren, agora mesmo a súa representación é residual, pero como sigan pola mesma liña, a verdade é que desaparecerán; e desaparecerán porque non nos leva a nada enlamar e vir con isto, pois, ao final, o que pretenden é dar un recado —supoño— a toda España de que as cousas non se están facendo ben; e mire, se non se fixeron ben ata agora, hai un só culpable...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): ...e este sería o Goberno central.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Nós imos cumprir estritamente... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Grazas, conselleira.

(A señora Castro Rey solicita o uso da palabra.)

Si, señora Castro, ¿para que quere a palabra? ¿Con base en que artigo pide vostede a palabra?

Dean voz ao escano da señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Si, presidente.

Eu, con base no artigo 76 do Regulamento, que fala da alusión que afecta o decoro e a dignidade dun grupo parlamentario, quero mencionar unha inexactitude que dixo a conselleira. Dixo que a presidenta do meu partido vive en Toralla, cando a única que vive en Toralla é a senadora do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: ¡Non, non! ¡Silencio!

A señora CASTRO REY: ...e a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo...,

O señor PRESIDENTE: ¡Non!

A señora CASTRO REY: ...e non a presidenta do meu partido;



O señor PRESIDENTE: ¡Non, perdoe, non!

A señora CASTRO REY: polo tanto, quería aclarar esta inexactitude.

O señor PRESIDENTE: ¡Perdoe! Eu —sen entrar no tema, ¿eh?— (*Murmurios.*) creo que vostede non está ben informada. Creo que non está vostede... (*Murmurios.*) ¡Señora Castro, creo que non está vostede ben informada!, ¿eh?; sen entrar noutra cuestión. (*Murmurios.*) Pero penso que vostede non está ben informada.

(*A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

¡Bueno!, documéntese un pouco máis sobre esa cuestión. Por aí atrás pódennle dar unha pista (*Murmurios.*) (*Protestas.*) un pouco máis importante. ¿Vale? (*Murmurios.*)

¡Bueno!, nada, terminou... (*Murmurios.*)

¡Home, por favor!, o presidente tamén ten que valorar as inexactitudes. (*Murmurios.*) Se xa, de facto, eu teño unha inexactitude, ¡teño que corríxila!

Ese é o labor da Presidencia, e, por iso, corríxoa neste momento. Non é exactamente o que vostede dixo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si!, fágame caso. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Despois, se quere, falamos; (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡despois, se quere, falamos!; ¡se quere, falamos! (*Protestas.*) Non, perdón, se quere, falamos. (*Murmurios.*)

Non, terminou, terminou; terminou ese asunto. (*Murmurios.*)

Pregunta de D^a Cristina Sanz Arias e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da actuación do Goberno central no relativo á actualización das entregas á conta do sistema de financiamento autonómico

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Alberto Pazos, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor PAZOS COUÑAGO: E en casa dun parente moi cercano, señorías.

Grazas, presidente.

En todo caso, señor conselleiro, mire, calquera estudante de Bacharelato conserva a memoria daquelas denominacións históricas de determinados períodos da nosa historia, ¿verdade?: o sexenio absolutista, o trienio liberal, o bienio negro. Eu penso que comeza a resultar acaído que busquemos unha etiqueta para tentar definir o período de goberno do señor Sánchez, caracterizado, por certo, por unha pretendida normalización de certas situacións, que, ata a súa chegada á Moncloa, eran consideradas absolutamente excepcionais.

Con Pedro Sánchez á fronte do Executivo, debemos aceptar con normalidade que a vontade política se sitúe por enriba da vontade xudicial, negociando vergoñosas amnistías a



cambio da permanencia no Goberno; con Pedro Sánchez á fronte do Executivo, debemos aceptar con normalidade que se descualifiquen xuíces e tribunais por ditar autos e sentenzas que non coinciden coa vontade do Goberno e dos seus socios; con Pedro Sánchez á fronte do Executivo, debemos aceptar con normalidade que a axenda de prioridades do Goberno de España se decida en reunións mantidas con grupos independentistas, fóra das fronteiras do noso país, e con presenza de mediadores internacionais. E como non podía ser doutro xeito, esta serie de anomalías tamén alcanza o ámbito das finanzas públicas autonómicas.

No ano 2020, vivimos unha situación inédita ata aquel momento: unha dupla prórroga orzamentaria que levou a xa entón ministra Montero a tomar a decisión de que as entregas á conta das comunidades autónomas e das entidades locais fosen calculadas partindo da contía actualizada no ano anterior, e non tomando como base as previstas no orzamento dúas veces prorrogado, que era sensiblemente menor; unha decisión que pretendía evitar un prexuízo financeiro a autonomías e a concellos e que non foi cuestionada por absolutamente ninguén.

Pero —como dicía— na España de Sánchez o excepcional vólvese habitual, e, por iso, apenas tres anos despois volvemos vivir o impensable: unha nova dupla prórroga orzamentaria, pero, curiosamente, a pesar de que a situación é idéntica, a proposta da ministra Montero é substancialmente distinta nesta ocasión, e, lonxe de manter aquela vontade de: «Aliviar a situación da tesouraría das comunidades autónomas e das entidades locais, como mostra da sensibilidade do Goberno cos servizos públicos de calidade», pois decidiron non actualizar as entregas á conta, causando un enorme prexuízo ás arcas autonómicas e locais e amosando unha falla absoluta de sensibilidade cos servizos públicos; esta insensibilidade do señor Sánchez concretouse, no caso de Galicia, en centos de millóns de euros menos nas contas públicas.

E de aí que queiramos coñecer a valoración do Goberno galego respecto da decisión inxusta e discrecional do Goberno de España...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...de non actualizar as entregas á conta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Señor presidente.

Señoría, preguntame vostede pola valoración que realiza o Goberno galego sobre a actitude que está a amosar o Goberno central por non actualizar aínda as entregas á conta do sistema de financiamento autonómico correspondente ao ano 2025.

O primeiro que querría deixar claro é que esta situación de incerteza en que nos atopamos na actualidade, e o que se está a provocar con este tema, é única e exclusivamente debido



á responsabilidade do Goberno central. ¿E por que digo isto? Porque existiu un precedente —como acabou de indicar vostede— no ano 2020, no cal, sen ter que recorrer a un decreto lei, se actualizaron as entregas á conta. E digo máis, isto xa deriva tamén da súa incapacidade para aprobar uns orzamentos do Estado en prazo por segundo ano consecutivo; polo tanto, desgraciadamente, este non é o primeiro ano en que isto acontece. Xa no ano 2024 aconteceu, cando o mesmo Goberno central atrasou a actualización nada máis e nada menos que ata o mes de setembro; esta demora non foi inocua e provocou importantes problemas de tesouraría na Comunidade Autónoma, que tivo que recorrer a liñas de crédito para financiar un pago no tempo e na forma aos provedores, porque os nosos provedores non teñen a culpa da inoperancia do Goberno central. Loxicamente, neste ano tamén está a provocar un quebranto importante, non só nas contas da Comunidade Autónoma —que son a nosa responsabilidade—, senón tamén nas de todas as administracións que se financian con participación nos ingresos do Estado, incluídos os concellos. E o máis grave é que o Goberno central está a empregar o asunto de xeito partidario e tendo como refén toda a cidadanía que paga os seus impostos. ¿E a que me estou a referir cando digo isto? Pois o que pretendía co Decreto lei 9/2024, do 23 de decembro —coñecido como Decreto ómnibus—, que foi rexeitado polo Congreso dos Deputados, era simplemente adaptar as entregas á conta ao importe do ano pasado, non ao importe que figura nos orzamentos para o ano 2025, que é o que corresponde á Comunidade Autónoma.

Señorías, as entregas á conta que corresponden a Galicia non son cartos de que poida dispor de xeito discrecional o Goberno central, senón que son cartos que nos corresponden polos impostos pagados na nosa comunidade autónoma, en aplicación das leis de cesión tributaria; por iso, o lóxico sería que o Goberno galego puidese dispor da súa totalidade, desde o primeiro día do ano, para dedicalos ás necesidades dos galegos e das galegas. Desta forma, ata que non se actualicen as entregas á conta, o Goberno central está a reter 1.592 millóns de euros de recursos que corresponden ao sistema de financiamento para o ano 2025 á Comunidade Autónoma de Galicia; isto supón 127 millóns de euros ao mes que debe o Goberno central a Galicia. E —como xa comentei— esta retención dos cartos que pertencen á nosa Comunidade Autónoma provoca un custo engadido no pago de xuros, pois hai que financiar o desfasamento de recursos que temos debido á demora na actualización das entregas á conta.

En concreto, Galicia terá que asumir, cada mes, un custo financeiro adicional de 1,5 millóns de euros; e, se o Goberno central repite os prazos do ano pasado, chegaremos a preto dos 15 millóns de euros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, conselleiro.

Desgraciadamente, tamén se está a volver habitual que os intereses de Galicia e do conxunto dos territorios de España se supediten ao interese dun único español, con domicilio na Mon-



cloa, e que está disposto a calquera cousa con tal de prolongar a súa estancia na residencia presidencial.

Por moito que insistan dende a factoría de ficción de Sánchez, non podemos normalizar o que é totalmente anómalo: non é normal que o financiamento de todos se negocie só cuns poucos; non é normal que as decisións que afectan ao conxunto dos cidadáns se negocien con prófugos da xustiza mentres se veta o diálogo con lexítimos representantes políticos; non é normal que na véspera dun Consello de Política Financeira, os lexítimos gobernos autonómicos se enteren dos criterios de condonación da débeda a través da prensa, primeiro, por boca dun delinciente amnistiado e, despois, por boca dunha ministra de Facenda incapaz de gardar a mínima lealdade institucional; non é normal que a cada catalán lle condonen 633 euros máis que a cada galego. ¡Non é normal, señorías; *(Aplausos.)* non é normal! *(Aplausos.)*

E non é certo que se establezan criterios obxectivos para calcular a débeda condonada a cada comunidade. A realidade é xusto a contraria: primeiro, acordáronse as cantidades en función dos intereses políticos de Sánchez e, despois, buscáronse as fórmulas para xustificar a decisión. Esta medida non atende as prioridades de Galicia, que non ten un problema de débeda, pero si ten un problema de financiamento, que o Goberno de Pedro Sánchez non quere abordar.

Que non se nos venda como solidariedade ou xustiza social o que non é máis que arbitrariedade e sectarismo político na débeda, no financiamento autonómico e nas entregas á conta.

Neste sexenio insólito de Sánchez, non só o excepcional se volve normal, senón que o normal...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...tamén se pode volver excepcional...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...só se lle interesa a Pedro Sánchez. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche desta pregunta, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): En efecto, perda coidado, pois reclamaremos, no vindeiro pleno do Consello de Política Financeira, eses 10 millóns de euros de intereses de xuros que tivemos que pagar no ano 2024 e os 15 millóns que xa temos que pagar no ano 2025.

É moi curioso que o Goberno central, por unha banda, presuma de querer aliviar os xuros da débeda das comunidades autónomas e, pola outra, cun retardo, que non se pode xustificar, cause un incremento do pago dos xuros por non actualizar as entregas á conta. Xa tivemos que pagar —como dicía— 10 millóns de euros adicionais no ano 2024 e este ano —se seguimos así— teremos que gastar outros 14 millóns de euros en xuros.



E agora o Goberno central xoga de novo coa débeda das comunidades autónomas, e non para tentar aliviar os xuros das mesmas, senón para cumprir un acordo de investidura cun grupo independentista catalán, insolidario e prexudicial para a nosa comunidade autónoma —como acabou de sinalar—. O que está a facer o Goberno central con esta proposta é premiar aqueles territorios cunha xestión menos prudente durante a crise financeira, e aí están as cifras para acreditarlo. Unhas comunidades autónomas, entre as cales, por suposto, non está Galicia, que foi a única que mantivo a súa solvencia en todo o momento da grande crise e que puido pagar, sen necesidade de rescate ningún, todas as súas obrigas. O que Galicia precisa é un mellor financiamento —como dixemos reiteradas veces—, cun mínimo de 500 millóns de euros adicionais para poder atender convenientemente a prestación dos nosos servizos. É lamentable que neste asunto, unha vez máis, os grupos da oposición antepoñan os intereses do Goberno central, é dicir, de Pedro Sánchez, ás necesidades de Galicia.

Señoría, a mal chamada condonación, que agora na orde do día do Consello de Política Fiscal e Financeira si que se chama correctamente —«Asunción de parte da débeda das comunidades autónomas polo Estado»—, ten unha cifra moi clara que prexudica a nosa comunidade autónoma. Se saír adiante, tal e como está formulada, a débeda total de cada galego e de cada galega verase incrementada en 220 euros. Por unha banda, o Goberno central asume 1.477 euros da débeda autonómica, pero, a cambio, a cada galego tocaralle asumir 1.696 euros de débeda xeral de todas as comunidades autónomas. Un negocio ruinoso.

E aínda hai quen se pregunta por que o Goberno de Galicia rexeitou este traxe á medida dos independentistas cataláns. A resposta é moi doada: porque non queremos que cada cidadán galego teña que asumir 220 euros máis de débeda para que Pedro Sánchez gañe un día máis na Moncloa. *(Aplausos.)*

Con estas cifras comprenderá, señoría, que, cada día que pasa, se acrecenten os nosos problemas financeiros, polo que, desde Galicia, reiteraremos mañá á ministra de Facenda, na reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira: a petición de actualización inmediata das entregas á conta e a revisión do sistema de financiamento autonómico; a compensación polo incremento dos xuros que nos provocou en 2024 e que nos está a provocar este ano; así como, manifestaremos o noso rexeitamento á mal chamada «condonación», que, para nada lle convén á nosa comunidade autónoma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto 4 da orde do día, é dicir, ás proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Pérez López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade

O señor PRESIDENTE: Presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda tamén do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva o seguinte texto:

«Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Impulsar dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente, especialmente no que atinxe aos dereitos da maternidade e da conciliación, priorizando aqueles especialmente sensibles como o da limpeza.*
- 2. Diseñar un plan de ampliación da rede autonómica de escolas infantís públicas para garantir o acceso do conxunto da poboación entre 0 e 3 anos a este servizo educativo e de conciliación. Neste senso, o Goberno galego deberá priorizar aqueles concellos que actualmente carezan de escolas infantís xunto con aqueles outros nos que exista maior listaxe de agarda.»)*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«1. O Parlamento de Galicia acorda dirixirse aos grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados e solicitarlles o apoio ás medidas que vai impulsar o Goberno do Estado a favor da corresponsabilidade na maternidade e paternidade.

2. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a asumir o mesmo apoio que se lle solicita aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados a favor das medidas da corresponsabilidade na maternidade e paternidade que vai impulsar o Goberno do Estado.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Sempre, pero hoxe ás portas do 8-M, é acaído facer balance da situación real da igualdade entre mulleres e homes. A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal, recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a



muller, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983.

Aínda que actualmente a igualdade está recoñecida dende un punto de vista lexislativo, segue sen existir unha igualdade real. A discriminación salarial, a discriminación nas pensións de viuvez, o maior desemprego feminino, a aínda escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade política, cultural e económica, ou os problemas de conciliación entre a vida persoal, laboral e familiar mostran como aínda queda moito camiño por percorrer.

E queremos centrar esta iniciativa no mundo laboral, como un dos piares para a igualdade real, un ámbito no que Galicia está mellor que España. Fixándonos na enquisa de poboación activa, a EPA, do cuarto trimestre de 2024, a taxa de actividade entre 16 e 64 anos de idade reflicte que, mentres que en Galicia traballa un 71,92 por cento das mulleres, en España fano un 71,38 por cento, porcentaxe lixeiramente por debaixo da nosa comunidade. Asemade, mentres que a taxa de paro se sitúa no 9,81 por cento das mulleres en Galicia, en España sitúase no 11,83 por cento, bastante por enriba. E, adicionalmente, se consultamos a taxa de ocupación de entre 16 e 64 anos, mentres na nosa comunidade se atopan ocupadas un 64,73 por cento de mulleres, en España estano nun 62,91 por cento, preto de dous puntos por debaixo.

Ademais, a cifra de mulleres desempregadas foi a máis baixa nun mes de xaneiro dende que hai rexistros, cunha redución de 7,74 por cento, o que supón unha baixa de 70.083 mulleres menos que están sen traballo. Un dato que deriva do actual escenario do noso mercado laboral, que continúa avanzando e acumula unha caída interanual do paro, acadando con 121.320 persoas a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica, tamén nun mes de xaneiro.

Estes datos máis favorables serven de termómetro de que o camiño emprendido en Galicia é o axeitado, pero tamén de alicerce para seguir traballando.

E neste contexto preocupánnos algunhas das medidas que ten tomado o Goberno de España e que están afectando negativamente a empregabilidade feminina e o desenvolvemento persoal das nais galegas e españolas.

E, aínda que a lista é máis longa, vou centrarme hoxe na redución das bonificacións ás empresas das cotizacións sociais para as baixas por maternidade, paternidade ou adopción; unha bonificación que de maneira histórica era do 100 por cento, pretendendo deixar de estigmatizar as baixas por maternidade das mulleres traballadoras, e que dende setembro de 2023 é tan só de 360 euros ao mes.

A nosa iniciativa pide, polo tanto, o apoio de todas as deputadas e deputados para que a Xunta se dirixa ao Goberno de Sánchez para que estas bonificacións sexan de novo do 100 por cento. Ou, mellor dito, para insistir nesa petición, porque este tema xa se debateu en comisión, pero non obtivo o apoio dos grupos da oposición, que esperamos que hoxe si teña. Porque, ademais, o Goberno segue sen cumprir.

O Real decreto lei 1/2023 e, en menor medida, o Real decreto lei 8/2023, que entraron en vigor en setembro dese ano, modificaron a normativa referida ás bonificacións nos contratos



de traballo das cotas da Seguridade Social das persoas traballadoras que se atopen en situación de baixa por maternidade ou paternidade, así como en situación de risco no embarazo, e das persoas contratadas para a súa substitución.

Antes de setembro de 2023, se unha empresa substituíra unha persoa por baixa de coidado dun menor, bonificaba o 100 por cento dos seguros sociais da persoa substituída e da substituta. A partir desa data, de setembro de 2023, só se poden bonificar 360 euros da Seguridade Social de cada empregada ou empregado, a persoa de baixa máis a substituta.

Para contextualizar o que esta medida supón fixémonos en que a base media de cotización para unha muller de entre 30 e 34 anos, a idade media de maternidade, a máis frecuente, é de 1.974 euros, dos cales 700 corresponden á cotización, de modo que esa bonificación de 366 euros soamente cubriría arredor do 52 por cento do desembolso da empresa, cando ata setembro do ano 2023 cubriría o 100 por cento.

Pero é que, ademais, hai cambios importantes nos requisitos. Así, se antes de setembro de 2023, para poderse aplicar as bonificacións, que eran do 100 por cento, se exixía simplemente que a persoa que se contratara estivera nas listas do paro, agora, ademais de que a bonificación é só de 366 euros, a persoa que se contrate debe de cumprir os seguintes requisitos ademais de estar nas listas do paro: debe ter menos de 30 anos; non ter relación de carácter especial nin ser familiar ata segundo grao de consanguinidade nin cónxuxe do empresario; non ter tido un contrato indefinido nos últimos tres meses, salvo en casos de despido colectivo ou improcedente; e tamén é verdade que se permite contratar unha persoa nestas circunstancias se o que fixo foi un contrato de substitución por embarazo de risco.

Polo tanto, dende setembro de 2023 ás empresas sáenlle moito máis caras as substitucións por maternidade. Pero é que, ademais, os requisitos limitativos para a persoa contratada supoñen unha dificultade engadida para atopar no mercado un perfil idóneo nos supostos de substitucións de traballadoras e traballadores con certa experiencia e cualificación.

Como resumo, podemos dicir que non cabe dúbida ningunha de que a nova regulación supón un retroceso nas conquistas sociais e, de forma indirecta, prexudica e discrimina a muller traballadora. É, polo tanto, un ataque á igualdade de oportunidades, tal como o Partido Popular vén denunciando dende o primeiro momento.

E hoxe, nas vésperas do 8-M, coido que é unha boa oportunidade para facer un chamamento unánime para que o Goberno do Estado modifique esta norma e demostre con feitos que si lle preocupa a igualdade real da muller, e tamén é unha boa oportunidade para que esta vez, si, poidamos contar co apoio de todos os grupos nesta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Dacosta.



A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e todas.

Con carácter previo, temos que manifestar, como dicía a portavoz do Grupo Popular, que si que foi debatida xa esta iniciativa en comisión; unha iniciativa que é un auténtico despropósito na súa proposición de resolución, porque as persoas que a redactaron non están ao día da normativa, posto que a terminoloxía real é «prestación por nacemento e coidado do menor».

Esta prestación, señora Arias, unifica as antigas modalidades de maternidade e paternidade e protexe os períodos de descanso, permisos derivados do nacemento dun fillo ou dunha filla ou a adopción ou garda con fins de adopción e acollemento familiar. E vostedes chámano, erroneamente, «baixas de maternidade». Será o subconsciente, que os delata. Non contemplan os permisos por paternidade, porque para vostedes as que coidan sempre son, teñen que ser, as mulleres. *(Aplausos.)*

Di a exposición de motivos, de forma literal: «A preocupación respecto a non corrixir esta discriminación afectará os dereitos laborais das mulleres como impactos adversos na súa estabilidade laboral...» *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora, ¿está vostede no debate, señora...? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, está falando. Si, si...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Silencio, silencio.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...«estabilidade laboral, barreiras no seu desenvolvemento persoal e o retroceso na promoción da corresponsabilidade e a participación dos homes na responsabilidade de coidados».

Pois ¿sabe vostede, señora Arias, que é realmente o que afecta os dereitos laborais das mulleres, impactando na súa estabilidade laboral e pondo barreiras no seu desenvolvemento persoal? Vostedes, os do Partido Popular.

Mire, sabe que a vostede, señora Arias, lle teño aprecio, pero hai que ter a cara de formigón armado para traer esta iniciativa a pleno cando o seu partido, o Partido Popular, impugnou, *(Murmurios.)* impugnou, recorreu —si— o decreto que ampliou o permiso de paternidade, permiso que era imprescindible para garantir a igualdade entre homes e mulleres. Concretamente, o 1 de xaneiro de 2021 igualábase por primeira vez o permiso por nacemento e coidado do menor para ambos os proxenitores, que poderán gozar de dezaseis semanas de prestación, converter o noso país nun dos máis avanzados da nosa contorna en canto á equiparación deste permiso, como acontece en países como Suecia, Islandia ou Dinamarca.

E este proceso para igualar os permisos de maneira progresiva vén recollido nun real decreto, Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, que era a Lei de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, e aprobábase en marzo de 2019. E coa entrada en vigor desta norma, como dicía, o 1 de abril de 2019, o anteriormente chamado permiso de paternidade pasaba de cinco a oito semanas



para o resto do exercicio; unha duración que se aumentaba ata doce semanas en 2020, antes da equiparación a dezaseis semanas a partir de 2021; un permiso, señora Arias, de paternidade, que ten a súa orixe cun presidente socialista, José Luis Rodríguez Zapatero. (*Aplausos.*) Porque ata ese momento eses proxenitores só tiñan dous días libres por nacemento de fillo.

E vostedes recorrían esta resolución, este real decreto, ante o Tribunal Constitucional. Pero o que aconteceu é isto: *El Tribunal Constitucional tumba el recurso del PP y respalda la ampliación del permiso de paternidad.* A maioría do Pleno do Tribunal Constitucional decidiu rexeitar o recurso do Partido Popular, que cuestionaba a normativa coa que o Goberno ampliaba no ano 2019 os permisos de paternidade de forma progresiva ata equiparalos cos de maternidade.

Un real decreto que tamén contiña normas moi importantes para a igualdade. Obrigaba as empresas de máis de cincuenta traballadores a ter plans de igualdade, a tomar medidas de transparencia de táboas salariais ou a recuperación da cotización das mulleres que coidaban de familiares dependentes. E o pleno rexeitou as alegacións populares, porque a maioría do Tribunal confirmaba que existía unha conexión adecuada entre a situación de necesidade que alegaba o Goberno de Zapatero e as medidas deste texto legal que afectaban sete leis distintas, dirixidas a pór fin á persistencia dunha das desigualdades nas condicións laborais entre homes e mulleres que carrexan ás mulleres uns prexuízos de difícil reparación, dificilmente asumibles nunha sociedade moderna como a española.

Así as cousas, señora Arias, hoxe debatemos unha proposición non de lei sobre as bonificacións que di vostede por maternidade, que non existen xa. Debe ser vostede das poucas que aínda non é consciente de que hoxe en día están igualados estes permisos, e por iso perde a razón desas bonificacións plantexada como medida de apoio á baixa por maternidade exclusivamente, se ben o Goberno, aínda así, o Goberno de Pedro Sánchez decidía mantelas nunha contía de case 400 euros, concretamente 366.

Este goberno, o Goberno de Pedro Sánchez, tivo un enfoque moito máis amplo nas políticas de conciliación do que vostedes poden aceptar, priorizando a súa política en conciliación, porque, como vostedes saben, os diferentes gobernos socialistas estiveron e están comprometidos con seguir abordando os problemas de corresponsabilidade e conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

Nesta materia, señoría, houbo grandes avances no noso país, que sempre levaron o selo do Partido Socialista. E, por citar algúns, a Lei de dependencia; a Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que reconece de forma definitiva o dereito á conciliación da vida persoal e familiar e que supuxo un antes e un despois en materia de conciliación no noso país; ou como a aprobación da norma que reconece permisos iguais e intransferibles de nacemento.

Por certo, señorías do Partido Popular, vostedes están a propoñer eliminar a obrigatoriedade de que os pais collan de forma obrigatoria seis semanas de permiso de paternidade xusto despois do parto, propoñendo a cambio liberdade para elixir. E téñolles que dicir que, se se



lexislou así, non foi un capricho, senón porque esta norma serve para cambiar os roles de xénero, para repartir equitativamente os coidados, para atender ás necesidades do bebé, para asistir as familias e para vixiar a saúde emocional das nais.

O que propón o PP é, como sempre, un retroceso. Estase tramitando a Lei de familia; se o Goberno, señora Arias, anunciou que vai aumentar a vinte semanas o permiso de maternidade e paternidade, este impacto das catro semanas máis supón un incentivo moi superior e vai en liña coa vontade de mellorar a conciliación que facilite a natalidade nun momento en que está en mínimos. Este incremento de catro semanas, que se asume integramente pola Seguridade Social, é máis de vinte veces a repercusión de pasar dunha bonificación variable a unha fixa, que vostede pide.

Presentamos unha emenda de substitución que di que o Parlamento de Galicia acorda dirixirse aos grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados e solicitarlles o apoio ás medidas que vai impulsar o Goberno do Estado a favor da corresponsabilidade na maternidade e paternidade. Aí queremos velos. E instamos o Parlamento de Galicia, o Goberno galego, a asumir o mesmo apoio que lles solicita aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados a favor das medidas da corresponsabilidade na maternidade e paternidade que vai impulsar o Goberno do Estado. Esperemos que acepte esta emenda.

E vostede falaba da base media salarial dunha muller maior de 35 anos. Ben, resulta que do que estamos a falar é dun contrato que se fai a unha muller ou a un home menor de 35 anos, señora Arias, menor de 35 anos. A media dun contrato dunha muller ou dun home de 25 a 35 anos en España é de 1.796 euros. A de Galicia é bastante inferior, co cal esta bonificación cobre case o 100 por cento dos contratos que se fan, porque en Galicia non estamos cos salarios que ten, dende logo, por exemplo, unha comunidade como é o País Vasco.

A preocupación que hoxe tiña vostede...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...é unha iniciativa a raíz de que estamos ante o 8-M e, como non tiñan outra, rescataron unha iniciativa de hai un ano para pór en cuestión e outra vez confrontar co Goberno de Pedro Sánchez, pero creo que lle saíu mal.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

A maternidade e mesmo a mera presunción da posibilidade do exercicio da maternidade foi historicamente un dos principais elementos de discriminación laboral e económica das mulleres; unha discriminación económica que é a columna vertebral —tamén hai que dicilo—



dun patriarcado e dun capitalismo que se retroalimentan e que se benefician desa desigualdade que pagamos as mulleres, con peores salarios, con máis temporalidade e con máis parcialidade.

Hoxe a fenda salarial en Galiza, pese a ser ilegal, é de máis de 4.600 euros, un 18,4 por cento en termos absolutos, e, se exceptuamos aqueles ámbitos feminizados que teñen que ver coa sanidade, co ensino, se vemos o resto de actividades económicas feminizadas nas que as mulleres somos maioría, a fenda supera o 23 por cento.

Neste sentido, tamén hai que recordar que a última reforma laboral, que uniu, por certo —hai que recordalo— o PP e o PSOE no seu apoio, vendeuse como que ía resolver a precariedade, e singularmente a precariedade das mulleres, pero a realidade é que, varios anos despois de poñerse en andamento, podemos constatar como se agravaron fendas de xénero, que xa existían antes. O 60 por cento dos contratos fixos-descontinuos son de mulleres; só o 45,6 por cento de indefinidos a tempo completo son contratos de mulleres, fronte ao 71 por cento dos homes. E, se falamos de temporalidade, as mulleres chegan case ao 30 por cento fronte ao 17,8 por cento dos homes. Neste sentido, é evidente que as mulleres seguimos discriminadas no ámbito económico e laboral e que queda moito por facer.

Pero, desde logo, eu quería tamén aproveitar a miña intervención, a nosa intervención do BNG, para poñer enriba da mesa un logro ao que non estamos dispostas a renunciar nin que se dean pasos atrás, que é o logro de avanzar na ampliación dos permisos, o logro —hai que dicilo— do feminismo e tamén da mobilización sindical, desas mobilizacións sociais que tanta alerxia lle producen ao Partido Popular, cando saímos con pancartas ás rúas a defender os nosos dereitos. Pois grazas a que a clase traballadora e que as feministas fixemos iso, hoxe hai no Estado español permisos iguais e intransferibles como unha medida para loitar contra a discriminación. (*Aplausos.*) E é fundamental, é absolutamente fundamental, porque no contexto capitalista así é a única forma de que, cando menos en termos de custos laborais, as mulleres poidamos ser vistas por parte dun empregador como iguais que os homes.

E hai que recordar tamén de onde vimos, ¿non?, porque o certo é que, aínda que estamos preocupadas polos retrocesos e ameazas de retrocesos que hai neste contexto concreto, ás veces esquecemos que as mobilizacións dos últimos anos tamén aceleraron moitos cambios. Eu quero recordar, por exemplo, que hai dous telediarios, antes de 2007, un home tiña dous días de permiso, non existía o concepto permiso de paternidade; había dous días que reconece o Estatuto dos traballadores, era o Plistoceno, e hai dous días, 2007. E ¿saben quen estaba en contra de ampliar eses días? Eu non ía sacar este tema, pero, claro, hoxe pola mañá na *performance* está na que se piden as competencias de tráfico, *se rompe España*, vin unha deputada no Congreso, que leva moito tempo no Congreso, que xa estaba no ano 2002, cando o Bloque Nacionalista Galego defendía a creación de permisos de paternidade e o Partido Popular votaba en contra. (*Aplausos.*) Como se opuxeron tamén —hai que recordalo— á Lei de igualdade no Estado de 2007, que podía ter moitas carencias, pero que introduciu por primeira vez na historia do Estado español recente o permiso, como a precuela do que coñecemos hoxe de paternidade, e o Partido Popular non a apoiou. E, desde entón, desde aqueles quince días, pois desde logo, só dez anos despois, a partir do ano 2017, se empezou a ampliar ata chegar en época máis recente ás dezaseis semanas.



Quero recordar tamén que, cando se opuña á ampliación e á creación deses permisos de paternidade, alá polo ano 2002, 2003, eu non sei se recordan quen era presidente do Goberno no Estado, un señor de bigote que falaba catalán na intimidade e que xa negociaba cos cataláns e co independentismo catalán un 30 por cento do IRPF, a transferencia completa do imposto de patrimonio, de sucesións, do xogo, máis de 3.000 millóns de euros das antigas pesetas para blindar competencias, etc., etc. Pois da mesma maneira que cambiaron de opinión cos permisos, a ver se cambia o Partido Popular de opinión coa quitación da débeda, porque desde logo suporía moitos recursos para avanzar en materia de igualdade. (*Aplausos.*)

En todo caso, indo á cuestión, aínda queda moito por facer e moito por avanzar, como o demostra tamén o incumprimento da lei moitas veces por parte dos empregadores e tamén moitas veces da propia Administración como empregadora. Eu vou ler simplemente un titular, porque teño pouco tempo: Cando a defensora da conciliación impide conciliar. Máis condenas á política social, por nin negociar as peticións do persoal. (*A señora Presas Bergantños mostra un documento.*) Esta é a realidade e, desde logo, queda moito por avanzar.

Polo tanto, a proposta que trae hoxe o Partido Popular parécenos absolutamente insuficiente, porque unha vez máis é un exercicio de mandamos recados para Madrid, pero non nos poñemos deberes a nós mesmas.

E sobre esta cuestión concreta da eliminación da bonificación destes contratos de substitución, que agora se substituíu por unha bonificación parcial, pois temos que preguntarnos se é o mellor sistema. Nós desde o BNG pensamos que ten lagoas, que trata de forma homoxénea un sector moi heteroxéneo como é o empresariado; pensamos que dentro dos sectores a priorizar, igual que a mocidade, habería que avaliar outros que teñen tamén unha especial vulnerabilidade.

Pero, en todo caso, hai dúas cuestións que nós temos claras: a primeira, que o sector empresarial tamén ten que contribuír ao cumprimento do desenvolvemento dos dereitos sociais e que a plusvalía que xera a forza da clase traballadora pois, desde logo, ten que dirixirse non só a enriquecer os beneficios empresariais, tamén a financiar estes dereitos.

E miren, simplemente un dato, un dato que non é —non se preocupen— dese sindicato que lles dá tanta alerxia, senón que é do Observatorio de Marxes Empresariais, que é un organismo que se compón do Banco de España, do ministerio e da Axencia Tributaria, nada sospeitoso de ser un aquelarre comunista. Estima que no ano 2024 os beneficios empresariais no Estado español van superar os 200.000 millóns de euros por primeira vez desde o ano 2009; polo tanto, algo poderán contribuír ao sostemento destes dereitos. Podemos debater o como, podemos debater a concreción, podemos aquilatar esa cuestión, pero nós si cremos que teñen que contribuír.

E, en segundo lugar, eu quería insistir nunha última cuestión. Aquí pedíasenos o apoio. Pois mire, señora Arias, se quere o apoio a esta iniciativa, terán que elevar un pouco o listón e poñerlle algún deber á Xunta de Galiza, porque eu sei que non lles gusta o autogoberno, eu sei que están desexando disolver a Xunta de Galiza, e diluíla, non se sabe moi ben en que, pero de momento teñen vostedes competencias, competencias en materia de emprego, competencias en materia de igualdade e poden exercelas.



Nós facemos dúas propostas: primeiro, cumprir a lei —insistimos— singularmente as subcontratas e as empresas coas que privatizan servizos públicos, que incumpren sistematicamente a lei; implíquense, auditen estas contratacións e fagan os seus deberes de inspección laboral e de sanción. E, en segundo lugar, poñer o gran foco da atención na desigualdade. ¿Que pasa cando acaban eses permisos para nais e pais? ¿Que pasa cando hai unha crianza neste mundo que ten que ser coidada e non hai servizos públicos suficientes? Temos os datos moi claros: que son as mulleres as que renuncian ás súas carreiras laborais, que renuncian ao seu emprego ou a buscar emprego, que collen as excedencias para coidado de fillos e fillas, que collen as xornadas parciais para asumir o que o sistema público non ofrece. Esa é a realidade.

E, polo tanto, blinden vostedes os servizos públicos e, por exemplo, invistan recursos en crear máis prazas de escolas infantís neste país, porque a oferta non cobre a demanda, e tres de cada dez nenos e nenas quedan fóra, nalgúns concellos máis da metade. E, mentres, vostedes renuncian a 22 millóns de euros para construír e crear esa rede ou renuncian a facerse beneficiarios desa quitación da débeda que daría recursos para este país.

Polo tanto, a nós desde logo parécenos que queren...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...aquí simplemente vir vender unha proposta máis de cara ao Estado. A vostedes valeralles para lavar a súa conciencia lila de cada 8 de Marzo. Pero nós queremos e exiximos que haxa avances e medidas concretas que realmente vaian ao quid da cuestión, que vaian a por que as mulleres, cando son nais, están discriminadas do mercado laboral.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Entendo que o Grupo Mixto renuncia ao seu turno.

Pecha, e recórdolle que se pronuncie sobre as emendas, novamente a autora da proposición, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Galicia é un referente en materia de igualdade e eu, que sei que hai que seguir traballando e que queda moito por facer, estou orgullosa diso. (*Aplausos.*) Estou orgullosa de que moitos deses avances os fixeramos por unanimidade nesta Cámara, pero tamén de que sexa polas medidas que está poñendo en marcha a Xunta de Galicia, unhas medidas que fan que todo o seu Goberno teña como obxectivo transversal e nuclear as políticas de igualdade.

E, de verdade, señora Dacosta, eu entendo que vostede se sentira absolutamente incómoda falando hoxe de igualdade, igual que lle está pasando ao Bloque Nacionalista Galego, que eles se queixan de que trouxemos unha iniciativa e foron incapaces de traer nin sequera unha.



E mire, entendo que se sintan incómodos, porque o que é lamentable é que o Goberno de esquerdas, ultraesquerdas e separatistas de España o único que fai son medidas que van contra os dereitos das mulleres e que fan retroceder os dereitos das mulleres, como esta mesma iniciativa que traemos hoxe aquí, como a Lei de paridade ou como a Lei do só si é si, a lei que máis dano lles fixo ás mulleres en toda a súa historia. *(Aplausos.)* Iso é o que está pasando. E chega a tales extremos que a UPG, nun documento interno, pídelle ao Bloque que se rearmen políticas de feminismo, precisamente polo dano que lle está facendo o seu apoio á Lei do só si é si.

Pero mire, dicimos no rural que a cabra tira ao monte, e na primeira oportunidade volven deixar claro que o do Bloque é un feminismo sectario e oportunista, un feminismo que tapa os ollos e a boca cando a quen están atacando é a unha muller que non comulga coa súa ideoloxía política.

E miren, hai xa unha semana disto, *(A señora Arias Rodríguez mostra unha fotografía.)* unha semana desta viñeta noxenta e machista na que a CIG criticaba a conselleira de Política Social, Fabiola García, unicamente pola súa condición de muller. Pasou unha semana e a CIG non rectificou, pero é que a señora Ana Pontón non criticou para nada isto; ao revés, apoiouno. E hoxe preguntome aquí, preguntolles a todos vostedes: ¿que lle está a pasar a Ana Pontón? ¿En realidade comulga co machismo máis recalcitrante? Posibilidade unha. Posibilidade dúas: a señora Ana Pontón non é capaz, non ten ningún poder para poder criticar a CIG e a UPG. *(Aplausos.)* Señorías, ¿quen nolo ía dicir?, ¿quen nolo ía dicir? A lideresa do BNG, totalmente machista e submisa. Eses son os líderes que temos, que reclaman o feminismo en Galicia.

Mire, na véspera do 8 de Marzo quedou en evidencia que o BNG, do que xa sabiamos que era independentista e comunista, agora, ademais, é machista. Pero tamén quedou en evidencia o feminismo hipócrita da esquerda e da esquerda radical, cun Partido Socialista que, mentres defendía o abolicionismo, tiña o número dous de Sánchez presuntamente buscando compañía feminina nun catálogo, e coa ultraesquerda de Sumar e de Podemos, que viñeron aquí darnos leccións de feminismo e de moralidade absolutamente a todos e que agora teñen os seus machos alfa, de momento, que se saiba, Errejón e Monedero, que están sendo denunciados por abusos a mulleres. ¿Que é máis lamentable ou que é máis triste? As lideresas deses grupos permaneceron caladas todo o tempo que puideron. ¿Onde está a defensa das vítimas, señorías?, ¿onde está a defensa das vítimas?

Pois ben, dende o Partido Popular, sen dogmatismos, sen estridencias, pero con total contundencia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

Silencio, silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...defendemos a igualdade, a igualdade sen siglas, porque estamos convencidos de que conseguir a igualdade ten que ser obra de todas e de todos.



A señora PRESIDENTA (Candia López): Sobre as emendas, señora Arias, que ten que ir re-matando.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Si, presidenta, non as imos apoiar. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Vale, moi ben.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e don Xosé Luís Bará Torres, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego en relación coas súas políticas de mobilización do parque de vivendas baleiras para o alugamento

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

No segundo parágrafo da parte resolutiva da iniciativa, que comeza por «-Reformular o Programa de Mobilización de Vivendas...», débese engadir in fine o seguinte texto: «...mediante a creación dun Banco Público de Alugueiro de Galicia, que contemple todas as garantías xurídicas e económicas para o arrendador e que permita a redución de prezos das vivendas baleiras para as e os arrendatarios que se incorporen ao devandito Banco.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defendela, ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Moitas grazas, presidenta.

Se hai unha imaxe icónica da crise de 2008, eran os esqueletos e as promocións inmobiliarias parte da paisaxe urbana ao tempo que milleiros de familias serán desposuídas das súas vivendas. E esa imaxe brutal, as secuelas daquel ciclo especulativo, deron pé á propagación dunha idea simple pero que era tremendamente transformadora, e é que non haxa máis xente sen casas e casas sen xente.

E esa idea prendeu. Houbo naquela altura un consenso social sobre non volver repetir a mesma dinámica inmobiliaria construtiva desbocada. Logo veu un cambio político. Nos anos seguintes, na boca de todos os gobernos, falábase dunha política baseada na rehabilitación, na importancia da intervención sobre o xa existente, porque, por convicción ou por necesidade, todos os actores eran conscientes de que construíramos por riba das nosas necesidades e que continuar así era inviable.



Acompañando ese xiro, houbo unha vaga de impulso lexislativo sobre esta materia. Incluso a propia Xunta de Galiza sacou unha Lei de rehabilitación, que ten aspectos moi cuestionables, pero que eran a resposta ante un sentir xeneralizado. Pero esa aposta do Goberno galego pola rehabilitación e a renovación urbanas comprobamos que non era real nin estratéxica, senón apenas unha fórmula temporal, unha especie de interludio mentres se dixería esa crise e volver tan pronto se puidera á mesma dinámica.

E chegou o momento. Da noite á mañá, en só apenas uns meses, o discurso da Xunta en materia de vivenda xira por completo sobre a necesidade de acelerar a nova construción. Agora todo é transformar solo, todo é urbanizar máis, construír máis, hai que ampliar o parque inmobiliario de forma urxente. E a xustificación da dereita para sustentar este cambio e esta ofensiva é vincular o actual problema de acceso á vivenda cunha falta de *stock*, asegurando que, se construímos máis, o problema da vivenda se resolve grazas á capacidade máxica de autorregulación dos mercados.

Pero isto é un mito máis da dereita, outro máis, un mito que cae cos datos, porque nunca houbo tanta vivenda en relación coa poboación e nunca foi tan difícil acceder a ela. En trinta anos o número de fogares incrementouse en 291.000 e o número de vivendas, en 620.000. E miren a diverxencia: en trinta anos a poboación deste país baixou nun 2 por cento e o parque construído incrementouse nun 54 por cento. Hai unha brecha cada vez maior entre a demanda real dos fogares e o número de vivendas, que tamén se produce onde se concentra a poboación. Nas sete grandes cidades o incremento do parque construído nas últimas dúas décadas foi superior en todas e cada unha delas ao aumento do número de fogares. E esa tendencia constante de medre do número de vivendas fai que na actualidade os sete concellos máis poboados teñan unha de cada catro das súas vivendas que non se destina a un uso de vivenda familiar convencional; unha de cada catro vivendas nas zonas onde hai máis demanda non é unha vivenda.

Así que, se a oferta dispoñible, a que se vende e se aluga nos mercados, é reducida, non é por falta de *stock* construído, senón porque temos moitas vivendas que non se destinan a que sexan habitadas. O que crece cada ano son o número de vivendas que se transforman en pisos turísticos ou o número de vivendas que fican baleiras. Insistimos: non se trata, con carácter xeral, dun problema de *stock* construído, senón dunha crecente distorsión das funcións para as cales se constrúe esa vivenda. Pero disto a dereita non fala.

Por iso volve ser necesario traer de novo ese principio de xustiza, de que non podemos permitirnos como sociedade termos tantas casas sen xente nin tanta xente con tantas dificultades como as que estamos vendo agora mesmo para acceder a unha vivenda.

Hoxe a imaxe das vivendas desocupadas xa non ten esa forma dunha promoción inacabada, e iso fai que quizais non sexan tan chamativas, tan viralizables, pero o certo é que están aí. No cuarto piso da rúa X, na esquina daquela cidade, son menos espectaculares pero son moitas máis, moitas máis que naquela altura da crise de 2008. En tan só dez anos a porcentaxe de vivendas que están baleiras no noso país pasou de ser o 18 por cento do total construído a representar na actualidade o 29 por cento.



Case un 30 por cento de vivenda baleira dise pronto, pero agora imaxinen: pensen que baleiramos todas as vivendas da provincia de Pontevedra, todas sen xente, sen ninguén vivindo nelas, sen ninguén facendo uso; imaxinen os custos territoriais, os custos en materia de servizos, de infraestruturas, os custos económicos, o impacto ambiental, o impacto social de ter todo ese volume de vivendas sen que teñan uso.

E esa imaxe, case distópica, é exactamente o que está sucedendo neste país. A dimensión do parque baleiro en Galiza é comparable co total do parque construído da provincia de Pontevedra.

E a vivenda baleira non é un fenómeno exclusivo do rural. As sete grandes cidades suman 90.000 vivendas baleiras, e, comparativamente co conxunto do Estado, vemos que aquí existe unha situación de excepcionalidade, que nos leva a liderar todos os ránkings. Somos a comunidade autónoma con máis vivenda baleira, de lonxe. Vigo e A Coruña son dúas das tres cidades de todo o Estado con máis vivenda baleira. O *top ten* dos concellos de máis de 10.000 habitantes do Estado con vivenda baleira está liderado cinco por concellos galegos: Mos, Monforte, Verín, Lalín e O Porriño, e todos comparten que son contornos urbanos con gran dinamismo social e económico.

Por iso, señorías do Partido Popular, que importen esa consigna de Génova, ese mantra da dereita de que todo pasa por construír máis, resulta un auténtico despropósito ante a evidencia dos datos. En Madrid, o 6 por cento das vivendas están baleiras, pero é que en Galiza o 29 por cento das vivendas están baleiras.

Por iso, dunha vez por todas, hai que facer unha política de vivenda que se oriente a actuar sobre esa bolsa de vivenda baleira. Non é comprensible que teñamos un goberno que destine máis esforzo en loitar contra a okupación ilegal, cuxa dimensión real xa vemos: foron tres consultas nun ano a ese teléfono de denuncia, que pagamos, por certo, con cartos públicos, mentres que permanecemos alleos ao problema da desocupación dun terzo das vivendas deste país. (*Aplausos.*)

Dende hai dez anos, ao abeiro dese sentir xeral da necesidade de actuar sobre o xa existente, anunciáronse dende o Goberno unha medida tras outra para mobilizar vivenda baleira que nunca chegaron a pasar do titular; non houbo nin a primeira que funcionase.

O último anuncio chegou en 2022. Entón dixeron que agora si, que ese programa ía funcionar, un programa que se chamaba Vivendas vivas. Segundo o presidente da Xunta, agardábase que se mobilizarían na primeira fase entre 250 de 300 inmobles, pero a realidade é que se alugaron 36 vivendas ao abeiro dese programa. Igual iso da primeira fase, digo eu, é un pouco como o Plan de vivenda protexida, que sabemos cando empeza pero nunca sabemos cando acaba esa primeira fase. Logo sacaron unha liña similar para que se adherisen os concellos, e conseguiron que se alugaran 15.

Con esta iniciativa o que queremos facer é colocar o foco neste problema e reclamar e propor solucións. Primeiro, exixindo a este goberno que haxa unha rendición de contas co que está sucedendo, coa pésima xestión das políticas de materia de vivenda baleira; en segundo



lugar, que muden as condicións dese programa, redefinindo a consideración de vivenda baleira, mellorando os instrumentos para facer o programa máis atractivo e que funcione; e, en terceiro lugar —e isto é o fundamental—, exixindo á Xunta que dunha vez por todas aborde o problema en toda a súa dimensión mediante a creación dunha normativa propia, como xa teñen moitas outras comunidades autónomas, que sexa adecuada á nosa realidade, con medidas eficaces tanto de presión fiscal como de incentivos que nos permitan avanzar en que cada vez máis vivendas teñan usos, que cada vez máis vivendas sexan iso: vivendas nas que vivir.

E fágolles unha pregunta: ¿como é posible que Euskadi, cun 7 por cento de vivenda baleira, teña xa unha lexislación para paliar o problema; como pode ser que Cataluña, cun 11 por cento de vivenda baleira, tamén entrase a regularlas; e que aquí, cun 29 por cento xa de vivenda baleira, sigan mirando para outro lado?

Asuman dunha vez por todas as súas competencias en materia de vivenda para algo máis que alimentar a especulación e inxectar recursos públicos para as persoas que precisamente se dedican a especular coa vivenda. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, señor Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

O pasado sábado *La Voz de Galicia* publicaba un barómetro trimestral sobre as preocupación dos galegos e galegas. O titular era absolutamente significativo: «A vivenda, esa é a primeira preocupación»; certamente impactante, aínda que era previsible que esta conclusión chegase máis pronto que tarde. O subtítular era aínda máis ilustrativo: «A inquietude polo acceso a un teito desbanca a sanidade, e máis entre a poboación nova». Dous titulares que nos dan moitas claves sobre o que aquí debatemos no que levamos de lexislatura.

Desde a primeira intervención desta lexislatura manifestamos a nosa preocupación pola situación da vivenda, e hoxe, lamentablemente, é unha realidade que constitúe a primeira preocupación dos galegos e galegas. É algo cualitativamente moi importante, desbanca a sanidade. Debe recoñecerse que este é un cambio moi importante. Son dúas materias, sanidade e vivenda, que inciden directamente na vida dos cidadáns e que son o exemplo dos fracasos dos quince anos do Goberno do PP en Galicia.

E engade outro elemento: «Esta preocupación pola vivenda sobe máis entre a poboación nova, especialmente entre os que están entre 30 e 44 anos». Pois esta é a constatación do que vimos defendendo neste Parlamento desde o mesmo debate de investidura: a necesidade de apostar por solucións reais ao problema da vivenda.



O presidente Rueda, no seu debate de investidura, centrou a vivenda como política prioritaria para este mandato. Os socialistas nunca cremos na sinceridade desta aposta, e xa o manifestamos, porque Rueda levaba quince anos no Goberno como vicepresidente e presidente, e as políticas en materia de vivenda nunca foron unha prioridade do PP, e demostrao o fracaso na construción de vivenda pública, a cantidade de millóns que deixaron sen executarse en materia de vivenda, e sen dar solucións ao problema do alugueiro.

E estabamos convencidos de que esa aposta de Rueda era para conter o descontento social existente en Galicia en materia de vivenda e porque seguro que vían vir un titular como o mencionado; antes da ferida quixo poñer unha tiritita.

E, efectivamente, despregaron desde o novo Goberno da Xunta unha serie de anuncios de moitos programas, de millóns anunciados pola conselleira, tamén de exixencias ao Goberno central, etc., pero en todas esas propostas a prioridade —e diríamos case o obxectivo único— era a construción de vivenda.

E dixémolo en todo canto debate tivemos oportunidade: esa non é a única solución para dar resposta ao problema da vivenda, á data de hoxe, á data das necesidades das galegas e galegos. A construción de vivenda ten un longo proceso no tempo, moi dilatado e que non dá resposta á inmediatez que reflicte o titular do barómetro trimestral.

A preocupación da sociedade galega é de hoxe, exige resposta a esa preocupación, e esa preocupación reflicte a incredulidade ante a aposta do Goberno galego por unhas construcións que se recoñece que non estarán ata 2028. A construción de vivenda para adquisición poida que non chegue a moito dos demandantes de hoxe, porque non a poidan adquirir.

Esta reincidencia por parte do PP na construción parece máis enfocada a favorecer o sector privado que o interese público, que hoxe se manifesta como un clamor.

Os tempos xa van correndo; ¡como pasa o tempo!, dicimos todos coloquialmente; era o propio PP o que celebraba aos catro ventos hai uns días o primeiro ano da súa vitoria nas eleccións autonómicas, cuestión que nos lembran aquí, aínda que falemos da presenza dos xabarís en ámbitos urbanos.

Pois si, hai un ano, efectivamente, xa consumiron o 25 por cento do seu mandato e xa conseguiron que as preocupacións das galegas e os galegos cambien. E se hoxe a principal preocupación é a vivenda, é produto do fracaso de quince anos, pero tamén dos doce meses máis recentes, porque, a pesar de tanto anuncio e de tantos millóns, non deron resposta á inquietude que ten a sociedade sobre a vivenda.

É dicir, están vostedes peor que hai un ano. E están peor que hai un ano porque non atenderon ao problema da vivenda baleira, sobre a que trata esta proposta. Poden anunciar uns poucos miles de vivendas para 2028, pero nada comparable ao medio millón de vivendas baleiras en Galicia, segundo se recoñece nas estatísticas oficiais. E é aquí onde o Goberno da Xunta debería dar respostas inmediatas, porque tería incidencia xa na política de alugueiros que demanda a sociedade para dispoñer dun teito.



E aquí constatamos novamente o fracaso das súas políticas. Demandáramos que con urxencia se constituíse o Banco Público de Alugueiro de Galicia e propuxemos no debate de orzamentos, que se dotase con 20 millóns de euros, todo iso rexeitado polo PP. Ese Banco Público de Alugueiro tense que converter no axente público mediador que atraía miles desas vivendas baleiras, que hoxe non saen ao mercado de alugueiro, por moi diversas circunstancias, entre outras pola estratexia de medo que fomenta o PP coas okupacións.

A xestión do interese público, que tampouco lles gusta a vostedes, debe ofrecer a través dese banco a garantía do Goberno galego para os arrendadores, que cobrarán puntualmente e que recibirán a súa vivenda nas mesmas condicións en que a tiñan antes do alugueiro, e dinamizará os prezos do alugueiro con baixadas de prezo substanciais que permitirán o acceso a ese alugueiro de moitos para os que hoxe é a súa máxima preocupación.

Estamos a favor, tal como se propón, dun informe da avaliación do realizado pola Xunta nesta materia, porque nos dará claves para abordar políticas eficaces, e estamos a favor de reformular a actuación do Goberno galego en materia de vivendas baleiras, pero cremos que debe de ser mediante unha aposta decidida e concreta, é dicir, dun Banco Público de Alugueiro de Galicia, como o que leva funcionando vinte e dous anos en Euskadi, cuns resultados tan óptimos que son incuestionables para que o PP de Galicia non os admita.

Por iso propoñemos unha adición no seu punto segundo, que esperamos que acepten; en caso contrario, pediríamos a votación separada por puntos.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto, que renuncia á súa intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Señora Fernández, o mercado da vivenda mostra un severo desaxuste entre a oferta e a demanda, especialmente en lugares como as grandes cidades. Nos últimos anos completáronse de media 90.000 unidades en cada exercicio, mentres que os novos fogares crecen a un ritmo de 165.000 ao ano, polo que compartimos con vostede que é imprescindible mobilizar as vivendas baleiras para dar solución á oferta de vivendas en alugueiro.

Non obstante, non podemos compartir os datos que vostedes esgrimen sobre o número de vivendas baleiras, xa que non responden á realidade. Como vostede sabe, se no censo de po-boación e vivenda de 2011 se incluían as construcións que foron vivenda noutro tempo, e agora non son máis que ruínas, no 2021, ademais dos inmobles que non reúnen as condicións



dunha vivenda, compútase como baleiras aquelas que non acadan un determinado consumo enerxético ou que, non obstante, non significa que estean permanentemente baleiras; inclúense deste xeito vivendas que se usan de forma intermitente como segunda residencia ou incluso como vacacional pouco intensivo.

Así mesmo, aínda que a mobilización das vivendas baleiras pode contribuír a aumentar a oferta, vostede sabe que entre elas existe unha proporción importante que están totalmente deterioradas, incluso en estado de ruína total, con pobre accesibilidade ou con moi baixa eficiencia enerxética, e a súa mobilización exixiría con carácter previo unha rehabilitación.

Ademais, tamén sabe que aproximadamente o 50 por cento das vivendas desocupadas se atopan en concellos de menos de 10.000 habitantes, non nas cidades, onde se concentra a meirande parte da demanda. O BNG é coñecedor desta realidade, pero teima en empregar os datos dunha estatística distorsionada.

Aquí (*A señora Deza Martínez mostra unhas fotografías.*) dous exemplos de vivendas cualificadas como baleiras, dúas edificacións da Sareb, que se ve e se pode comprobar que non son habitables. Pola contra, o Executivo galego, sendo consciente da realidade e poñendo a vivenda no epicentro das súas políticas, procura incrementar a oferta, non só coa creación de vivenda nova, como vostede dicía, con medidas que promovan a xeración de solo finalista, ou con incentivos que melloran as condicións de acceso á vivenda, senón tamén coa aposta pola rehabilitación do parque existente.

Así, a través do programa Rexurbe, ao que se destinan neste exercicio 7 millóns de euros, estase a recuperar vivendas na Coruña, Betanzos, Ferrol, Viveiro, Ourense, Ribadavia ou Tui. Por poñer outro exemplo, (*A señora Deza Martínez mostra unha fotografía.*) esta vivenda de Tui que está sendo rehabilitada polo Plan Rexurbe e que tamén figura no censo de vivendas baleiras.

En canto ás vivendas baleiras, que si poderían formar parte da oferta dispoñible, o certo é que o medo é un dos factores polo que moitos propietarios non poñen a súa vivenda no mercado do alugueiro. Neste mesmo foro chegouse a dicir que o que debía facer a Xunta era apertar os propietarios para que puxeran os seus inmobles no mercado, afirmando que o mesmo está controlado por grandes fondos. Pero a realidade é que a meirande parte dos inmobles están en mans de pequenos propietarios, e eses retorcidos caseiros son persoas que, grazas ao seu traballo e aforro, compraron activos inmobiliarios cos que completar os seus ingresos.

¿E por que non poñen os bens no mercado? Primeiro, porque moitas delas requiren un importante investimento para acondionalas, e, segundo, porque teñen medo a non cobrar, ás okupacións, a que lles esnaquicen a vivenda, ou cos cambios continuos de prezos e duración de contratos os deixen en situación de indefensión. Medos todos eles derivados da política errática levada a cabo polo Goberno de España nos últimos anos e que causa unha grave inseguridade xurídica a moitos propietarios de vivendas, que prefiren deixalas baleiras. Polo que un dos principais problemas para poñer vivendas baleiras en alugueiro é convencer os propietarios das mesmas de que se trata de algo seguro.



E, neste senso, a Xunta puxo en marcha dúas iniciativas: unha, orientada a concellos, en colaboración coa Fegamp, o programa de Vivendas vivas, unha ferramenta á disposición dos concellos, que eran os encargados de captar as vivendas e da súa adxudicación; o IGVS financiaba integramente o custo dos seguros e das axudas aos propietarios e aos inquilinos. E outra, o programa de mobilización de vivendas para alugueiro, co que o IGVS completou o programa anterior, neste caso xestionado directamente polo instituto, desenvolvido a través dunha rede de entidades colaboradoras, as cales contan cunha plataforma implantada polo IGVS para o intercambio de información entre eles e o devandito organismo.

E dentro deste programa a Xunta aposta por ofrecer seguridade xurídica aos propietarios, con seguros de impagos e multirrisco do fogar financiados ao cen por cen polo IGVS, sen custo ningún para aqueles, con asistencia xurídica e con axudas para a rehabilitación ou mellora das vivendas, como as do programa Rehaluga.

Pero, ademais, establecéronse medidas fiscais orientadas a estimular que os propietarios poñan os bens inmoables no mercado de alugueiro, equiparando a adquisición de locais comerciais con destino final de uso como vivenda co propio concepto de vivenda para os efectos da aplicación dos tipos bonificados, implementando unha bonificación do 75 por cento en actos xurídicos documentados para edificios destinados ao alugueiro nas escrituras outorgadas, contemplando a dedución do 15 por cento por gastos derivados da adecuación dun inmoable baleiro con destino ao arrendamento como vivenda, ou contemplando tamén a dedución de 500 euros por vivenda no tramo autonómico do IRPF das vivendas baleiras que se destinen a alugueiro.

En calquera caso, a Xunta é consciente de que calquera programa é mellorable. Por ese motivo, o pasado 12 de febreiro reuniuse na sede do IGVS a sección de financiamento e intermediación do Observatorio da Vivenda de Galicia. Hai que lembrar que o observatorio aprobou, por unanimidade, o Pacto da vivenda de Galicia 2021-2025, no que se inclúe o programa de mobilización de vivendas para alugueiro; reunión na que se trataron os programas de mobilización de vivendas para alugueiro e se acordou que en próximas xuntanzas da sección se analizarían as propostas e achegas que presentan os membros da mesma, para a mellora dos referidos programas. E quero recordar que esta sección está composta por representantes, organismos e asociacións de todo o sector.

Finalmente, tampouco debemos obviar que, para que a política de vivenda sexa efectiva, é necesario acadar unha elevada coordinación de obxectivos e medidas entre as distintas administracións públicas involucradas. Porque, se ben é certo que a competencia na regulación en materia de vivenda corresponde principalmente ás comunidades autónomas, non é menos certo que o Estado ten competencias exclusivas que poden afectar indirectamente a estas, como a coordinación da actividade económica, e que de feito están afectando, como a regulación do alugueiro, e que as administracións locais, nos termos da lexislación estatal e das comunidades autónomas, exercerán como competencias propias a materia de urbanismo, plan, xestión, execución e disciplina urbanística.

En suma, a vivenda é a maior preocupación de todos os galegos e galegas, polo que todas as administracións, na esfera das súas competencias, deben remar a prol da mellora das condicións de desenrolo de solo, do aumento da oferta e da mobilización do parque existente.



Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche para a autora da proposición; novamente, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Non teño que facerlle, señora Deza; non lle gustan os datos, non teño outros, son os do INE; gustaríame ter os do IGE, pero non os hai; gustaríame ter os datos do Observatorio da Vivenda de Galiza, (*Aplausos.*) pero o Observatorio de Vivenda de Galiza non ve oportuno observar por que unha de cada tres vivendas deste país está baleira. Claro, a min encantaríame ter outros datos, pero non os hai.

E este discurso que vostede lanzou na tribuna de invalidación dos datos é exactamente o mesmo que reproduciu aquí a anterior conselleira de Vivenda xa hai uns cantos anos, dicindo que eses datos estaban mal e que ela xa se ía encargar de traer a esta Cámara os datos correctos. Pasaron creo que tres ou catro anos dende entón e seguimos agardando polos datos correctos. Teñen vostedes un observatorio; joian!, encarguen un estudo de cal é o volume de vivendas baleiras con base nos seus parámetros, pero é que non o fan. Entón, os datos que temos son estes, e o que non pode facer vostede é lanzar a pedra e esconder a man, e vir aquí cunha fotografía. Iso non son datos, señora Deza, iso non son datos.

Claro, ¿e cales son as razóns de que haxa vivenda baleira? Vostede tamén quixo reduciilo a un problema de ruínas, de vivendas que están no rural, e os datos dinnos algo ben distinto. É certo que os datos do último censo non están desagregados por ano de construción, pero os do censo anterior, de 2011, si que están desagregados, e o que nos din é que un terzo da vivenda baleira que había en 2011 se construíra nos últimos anos, que precisamente onde máis estaba concentrada a vivenda baleira era en construcións de antes de 1900 e nas construcións máis recentes. Por tanto, hai un parque importante de vivenda baleira que é recente e que se podería usar. E tamén o vemos na localización desas vivendas baleiras, que en boa medida moitas delas tamén están en ámbitos urbanos.

Entón, hai outras razóns máis alá do despoboamento do rural. Hai razóns como a mercantilización progresiva da vivenda, que a vivenda cada vez é máis entendida como un depósito de aforros fronte á falta de rendibilidade doutros activos financeiros.

Hai tamén unha progresiva incorporación da vivenda aos mercados internacionais, e está-molo vendo tamén en parte cun proceso de acumulación das propiedades de vivenda que se está producindo tamén no noso país. No último ano, seis de cada dez vivendas que se compraron foron por persoas que a compraron a tocateja, sen hipoteca; é dicir, que están indo a parar a mans de persoas que acumulan cada vez máis capital. Isto é o que está pasando no noso país e que vostedes non queren ver, e que queren facer esa imaxe deturpada de vivendas en ruínas no rural, algo que non é —como digo— para nada certo.



Se vostedes entenderan cal é a dimensión real, entón farían políticas que actuasen, que tocasen as teclas correctas. ¿E que fixeron vostedes? Non facer nada, pero disfrazado de incompetencia, porque en 2016 sacaron un programa, que era o programa de vivenda baleira, 2016, e conseguiron en catro anos mobilizar 30 vivendas baleiras. O director do IGVS dixo: «fracasamos». Ese mesmo ano aprobaron un censo de vivenda baleira, e nese censo inscribíanse as vivendas de entidades financeiras. ¿Para que? Para nada; inscribirse. ¿Puxeron algunha multa porque os bancos non inscribisen as súas vivendas? Ningunha. Non serve para nada ese censo de vivenda baleira.

Logo sacaron as axudas á rehabilitación de vivenda baleira, o programa Rehaluga, que prometía outorgar 8.000 euros en axudas á rehabilitación de vivenda baleira. ¿Execución do ano 2020? 6.900 euros; deberon dar unha subvención, e igual non enteira. En 2019, concedérona a tres persoas. En 2018 gastaron outra vez menos de 7.000 euros dunha axuda de 8.000. Este é o nivel das axudas á rehabilitación.

Hai catro anos crearon outra medida nova. Vostedes son uns *cracks* creando. Páxina web, núcleos rurais en estado de abandono, vendemos aldeas do rural... Hai catro anos que puxeron en marcha esta web, anunciáronse 5 vivendas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...e aí seguen as 5 cinco vivendas ás que ninguén lles fixo caso. En 2022 sacaron este programa que agora lle chaman Vivendas vivas. É que se lles vai acabar a nomenclatura de programas de vivendas baleiras (*Aplausos.*) —teñen vostedes unha imaxinación tremenda, poucos resultados pero gran imaxinación—. 36 vivendas mobilizadas. O Goberno decidiu non facer, disfrazado de fracasos.

Eu non creo que sexan tan incapaces, tan negados para que, despois de dez anos, de cinco intentos de programas, non teñan acertado en algo...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...aínda que fose por casualidade. (*Risos.*)

Remato xa.

Hoxe van votar en contra. O que estamos votando hoxe —van votar vostedes hoxe en contra nesta iniciativa— é que o Goberno renda contas deste fracaso dos programas de mobilización e que son inútiles a este país. Á mantenta...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...quéreno facer á mantenta, seguir insistindo neste programa e non corrixir absolutamente nada.



Acabo xa. Simplemente unha cuestión a respecto da emenda do Partido Socialista. Esta é unha iniciativa de carácter xeral. Vostedes plantexan aquí unha proposta moi concreta, re-producida de Euskadi. Poderíamos copiar moitas outras iniciativas, poderíamos debater moitas outras iniciativas...

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Acepta a emenda ou non a acepta? É que vai moi pasada de tempo.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Non, non a aceptamos, por esa cuestión de que consideramos que é amplo.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Podería haber moitas outras e non ten sentido particularizar unha específica cando pretendemos dar un debate de carácter moito máis xeral. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego en relación cos recursos humanos da área de saúde mental do Sistema público de saúde de Galicia, co obxectivo de acadar a equiparación coa media de profesionais do resto de España

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do propio grupo e unha do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 3, que terá o seguinte contido:

<<3. Inspeccionar, supervisar e dar resposta no prazo máximo dun mes á problemática posta de manifesto polo Defensor do Pobo en relación co Hospital psiquiátrico A Robleda.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Encarnación Amigo Díaz, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:



«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Continuar a aumentar os recursos humanos na área de saúde mental do sistema público de Galicia ata acadar, a finais do ano 2026, a media de profesionais de España en cada categoría profesional implicada, sempre que existan profesionais dispoñibles para a súa contratación.

2º.- Convocar todas as prazas de formación sanitaria especializada ca saúde mental ata, como mínimo, que se acade a equiparación coa media de profesionais do resto de España.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para defendela, ten a palabra a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.
Boa tarde a todos e a todas.

A finais de maio do pasado ano o conselleiro de Sanidade anunciaba a creación dunha Subdirección de Saúde Mental para reforzar esta área asistencial. E textualmente dicía que «serviría para desenvolver programas que poidan resolver todo tipo de problemas». Pois ben, transcorridos nove meses desde o devandito anuncio, só cabería pór un anuncio con: «búscase a Subdirección Xeral de Saúde Mental». Porque o único que atopamos son problemas e faltas de resposta, e as únicas respostas son xa ás que nos ten afeitos o conselleiro, como algunha que fixo referente neste eido —e cito textualmente, abro comiñas—: «non somos unha fábrica de psiquiatras» —e pecho comiñas—. Pero a realidade é moi dura. Xa dixemos en varias ocasións que a covid marcou un antes e un despois e golpeou a saúde mental, e o poscovid levou a unha maior visualización deste tipo de problemas e fixo quizais que prestáramos máis atención a esta faceta da nosa saúde e das nosas vidas.

Poderíamos analizar moitos datos estatísticos do impacto das persoas diagnosticadas con trastornos mentais, pero non pretendo amargarlles a tarde, porque a realidade é moi dura. E incluso os datos poden estar infravalorados, porque, por exemplo, segundo Unicef, o 51,4 por cento dos adolescentes afectados por problemas de saúde mental non piden axuda.

Só traslado que un de cada seis galegos con tarxeta sanitaria figura diagnosticado de depresión, ansiedade, estrés ou trastornos compulsivos, entre outros; e, fronte a esta crúa realidade, a Xunta nin está nin se lle espera. Agora sabemos que Galicia é a segunda comunidade autónoma na que máis se deteriorou a saúde mental durante os últimos tres anos; Galicia lidera a clasificación de consumo nacional de tranquilizantes, relaxantes e pastillas para durmir; somos os segundos en consumo de antidepressivos; segundo o propio Sergas, dous de cada dez galegos recoñecen ter depresión; temos a segunda taxa de suicidio máis alta de España; os problemas de saúde mental son a segunda causa de baixa laboral en Galicia.

E ultimamente o Defensor do Pobo desvélanos graves irregularidades asistenciais e vulneración dos dereitos fundamentais das persoas que reciben tratamento no Sanatorio da Robleda. Xa tiñamos un antecedente no ano 2017 co Psiquiátrico de Conxo, e resulta difícil dixerir coñecer que hai pacientes con contención mecánica prolongada, illamentos de castigo durante días, vulneración do dereito de privacidade con cámaras de videovixilancia todo o día en todas as habitacións.



E eu preguntolles: ¿en que somos os primeiros, señores do Partido Popular e da Xunta de Galicia? Nesa expresión que utilizan habitualmente cando falan de moitas áreas de xestión, pero sobre todo cando falan da sanidade, tanto as señorías do Partido Popular como o da Xunta de Galicia, din que sempre somos os primeiros. ¿Os primeiros en malos *ratios* de saúde mental? Porque na saúde mental nada lideramos que sexa positivo. Temos 5 psicólogos por cada 100.000 persoas, cando a recomendación estimada está en 12 profesionais por cada 100.000. ¿Queren que siga?

Hai un mes o Sergas volvía insistir en que a saúde mental era unha prioridade para esta lexislatura. ¿Prioridade é que aumenten as listas de espera? ¿Prioridade é que se tarde máis en atender ás persoas? ¿Prioridade é non garantir os dereitos fundamentais das persoas que reciben un tratamento, como é o caso do Hospital da Robleda? ¿Que entende a Xunta por prioridade?

Os últimos datos da consellería en canto ás listas de espera en consultas psiquiátricas lévanos de novo a bater récords, récords de espera. Estamos a falar de 11.108 persoas en lista de espera en xuño do ano 2024, son case 2.300 persoas máis no último ano e medio, si, a cifra máis alta desde que hai rexistros; tamén aquí, desgraciadamente, ocupamos o primeiro lugar.

Temos áreas sanitarias como a de Lugo, A Mariña e Monforte con máis de 92 días de espera, ou Vigo, con 111,6 días. Pero a media lévanos a que nun ano aumentamos vinte e sete días máis o tempo para ser atendido —refírome a este último ano, concretamente—. E estes datos son os resultados da gran preocupación que ten a Xunta de Galicia pola saúde mental.

Pero sigamos. A espera dunha primeira cita en psicoloxía clínica alcanza os doce meses e supera os seis meses de espera en todas as áreas sanitarias, excepto Pontevedra. Os prazos de agarda entre consultas superan calquera recomendación técnica para este tratamento, pero isto sucede cando nos *ratios* de psiquiatras e psicólogos por habitantes estamos á cola de Europa.

E é duro concluír, pero esta é a realidade, e a realidade é que á Xunta de Galicia a saúde mental non lle ocupa nin lle preocupa. A Xunta de Galicia non garante unha atención digna e accesible en materia de saúde mental, a Xunta de Galicia continúa cun sistema insuficiente para a atención da saúde mental.

Por este motivo traemos esta iniciativa, que non pide extravagancias. Tampouco pedimos ser os primeiros, aínda que nos gustaría. Pedimos aumentar os recursos humanos na área de saúde mental ata acadar a media nacional de profesionais de cada categoría afectada pola saúde mental. Reclamamos unha actuación proactiva no caso da Robleda. E soamente apoiando esta iniciativa creemos que o Partido Popular e a Xunta de Galicia teñen conciencia dos graves problemas que temos en saúde mental. Porque, mentres a Xunta de Galicia siga mirando para outro lado, os problemas da saúde mental continuarán, pero —o que é máis grave— os enfermos e as enfermas seguirán cunha cronificación do seu sufrimento, e isto sempre irá nas costas da Xunta de Galicia e do Partido Popular, que a apoia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes.

Señora Espinosa, pódolle comprar algunha das afirmacións que vostede fai na súa PNL. Evidentemente, temos un problema sanitario coa saúde mental, que ademais se agravou a raíz da pandemia da covid-19. Pero o que me resulta estraño é que veña vostede aquí dar leccións de aumentar os recursos humanos asignados á saúde mental, tendo en conta que o Goberno de España, que preside o seu partido, non predica co exemplo. Vémolo alí onde teñen competencias directas, por exemplo en Ceuta e Melilla, sempre na cola do déficit de profesionais. Unha situación dramática e, concretamente, na saúde mental.

Vémolo tamén coa proposta do Plan de acción de saúde mental 2025-2027, presentada polo ministerio, que depende do Goberno do señor Sánchez, por certo, rexeitado tanto polos profesionais como polas sociedades científicas, entre outras cousas porque propón un recorte na oferta de prazas de psiquiatría e psicoloxía clínica nun 10 por cento. Nós, señorías, ofertamos o 100 por cento e queremos seguir ofertándoas.

O Plan de acción do Goberno tampouco conta cunha memoria económica detallada, cuestión non menor, fundamental para poder dotar do financiamento axeitado as comunidades autónomas. Claro que de financiamento había moito que falar.

Un plan no que no Consello Interterritorial de Saúde non só se opuxeron todas as comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular, senón que tamén se opuxo o País Vasco. Quedaron só co apoio das comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista. Seguramente que o apoiaron porque, claro, viña dun goberno da súa cor e non porque lle parecera un bo plan. Tamén podía ser porque o descoñecían. Eu non sei. O que si lle pode asegurar é que no PP non temos sarpullidos por apoiar unha proposta do Goberno neste ámbito. De feito, ese mesmo día aprobouse, co voto favorable das comunidades populares, o Plan para a prevención do suicidio do ministerio.

Mire, chegan a tal punto no Plan de saúde mental do ministerio que tamén chegan a estigmatizar os pacientes con tratamentos farmacolóxicos de longa duración debido á desprescripción. Persoalmente isto paréceme moi grave, porque vostedes deberían de saber que é fundamental a adherencia aos tratamentos en todas as enfermidades, pero moito máis nas mentais. O cumprimento dos tratamentos é fundamental para estabilizar moitas patoloxías. Vostedes non son conscientes do dano que poden facer.

¿Vostedes cuestionan os profesionais que lle prescriben un fármaco a un doente? Segundo as afirmacións que fan, así o parece. E, desde logo, no propio plan si que o cuestionan. Teñan claro, señorías, que cando un profesional prescribe un fármaco é porque previamente ana-



lizou o caso do paciente e recíttallo para que a súa doenza se solucione, para dar solución a un problema e para mellorar a súa calidade de vida.

Mire, eu convídoos a que lean este artigo que sae hoxe, do doutor José Luis Carrasco, *jefe del Servicio de Psiquiatría del Hospital Clínico San Carlos*. «Un plan de salud mental que no es un plan, un documento elaborado por el Ministerio de Sanidad que está alejado de lo que ocurre en el mundo real y tiene intención propagandística y sectaria. Non o digo eu, ¡eh! Dío o xefe dun servizo de psiquiatría. «El texto presupone que los que se medican son débiles y tienen la culpa. Presupone que las personas que toman medicación son débiles y hay que obligarles a ser fuertes. Que si están enfermos es por su culpa, por no haberse sacudido el yugo de la opresión social. Un panfleto sectario que perjudica que los psiquiatras no hacen un uso racional del medicamento. Una grave acusación, porque ello sería mala praxis». Non sigo, convídoos a ler o artigo.

Mire, nós aquí temos a sorte de ter un Goberno galego que está comprometido coa mellora da saúde mental en Galicia. E fomos pioneiros, e seguimos sendo pioneiros, en moitos eidos, mal que lles pese. Temos moitas fortalezas no noso sistema sanitario. E o Plan 2020-2024, que se está a avaliar actualmente, é unha delas. E estase avaliando precisamente para traballar nun novo plan, mellorando coas leccións aprendidas.

Somos conscientes de que queda moito por facer, e o Goberno galego actúa, e aí están esas 244 novas prazas, das cales se cubriron máis do 90 por cento. A media diaria de profesionais de saúde mental hoxe en Galicia é de 557, case o dobre dos 285 que había no 2009 á finalización do Goberno bipartito.

E, seguindo con datos, imos falar de *ratios*.

Grazas a ese plan galego, pasamos de 7,4 psiquiatras por cada 100.000 habitantes no ano 2019 aos 8,6 que temos na actualidade.

E se imos aos incrementos de formación especializada MIR, PIR e EIR, desde o 2008 vemos un crecemento dun 38,46 por cento en prazas para profesionais de psiquiatría, que se dobraron as prazas de psicoloxía clínica, que se multiplicou por dez a oferta de prazas formativas para enfermeiras especialistas; en cómputo xeral aumentaron un 136 por cento as prazas para formar profesionais da saúde mental no Servizo Galego de Saúde desde o Bipartito, (*Aplausos*.) pasando de 22 a 56 prazas formativas cada ano.

A Xunta oferta o 100 por cento das prazas MIR relacionadas coa saúde mental acreditadas polo ministerio. E por iso os galegos confían maioritariamente no Partido Popular, e, elección tras elección, nas cinco últimas convocatorias nas urnas déronnos a confianza, e afastáronos a vostedes do Goberno da Xunta, pois probablemente o seu plan de saúde mental pareceríase moito máis ao do ministerio, rexeitado por profesionais e sociedades científicas, que ao plan galego que nós temos aquí e que tantos éxitos demostrou.

E —repito— sabemos que temos moito por facer, pero confiamos nun goberno responsable.



Nós presentámoslles unha emenda, que non lla vou ler porque a ten aí, pero, mire, como xa lle comentei antes, este goberno, que traballa e se compromete, fai que Galicia estea facendo un esforzo sostido por reforzar a atención á saúde mental, tanto no eido administrativo, coa creación desa Subdirección específica de Atención á Saúde Mental, como no incremento de recursos.

Fomos pioneiros nese Plan, como lle dixen antes, poscovid 2020-2024, que supuxo a creación de novas unidades de saúde mental, de hospitais de día infantoxuvenís, tamén de novas unidades en psicoxeriatria e primeiros episodios psicóticos na Coruña, esas 244 prazas de profesionais en saúde mental, esa melloría de *ratios*.

E, señorías, non esquezan o dato de que todas as comunidades autónomas, todas agás as do PSOE, e as sociedades científicas rexeitaron días atrás ese Plan de saúde mental do Ministerio de Sanidade, por, entre outras cousas, entre outras moitas cousas, apostar por un recorte de profesionais. Aí o PSOE quedou só.

E, respecto á súa autoemenda, eu voulle solicitar unha emenda *in voce*, que paso a lerlles: «Adoptar as medidas necesarias para garantir a calidade e seguridade da asistencia sanitaria prestada no Hospital Psiquiátrico A Robleda, en base á inspección xa realizada pola Consellería de Sanidade». Porque vostedes escoitaron o outro día a secretaria xeral técnica, Natalia Lobato, que na Comisión 5ª deu conta de que xa se realizou unha inspección a raíz do informe do Defensor del Pueblo. Parten dunha premisa errónea.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Remato xa. Vostedes din que esa inspección aínda non se fixo, e xa se fixo. E, ademais, establecer prazos ríxidos podería comprometer a calidade das medidas adoptadas.

Eu —penso— espero chegar a unha transacción. Só dicirlles que, desde logo, en disposición de dar leccións non están.

Mire, a ministra, a sexta ministra de Sanidade do señor Sánchez, ten unha virtude. Ten en contra, mire, os sindicatos e todos os profesionais co Estatuto marco. É unha virtude. Hai moito tempo que non se poñen tanto os sindicatos como os profesionais en contra dun ministro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor Ojea renuncia ao seu turno.

E, para defender a postura do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.



Vou darlles unha primicia, porque, despois de escoitar a intervención da deputada do Partido Popular, igual están aquí os señores deputados e deputadas un pouco despistadas. E é que en Galiza goberna con maioría absoluta o Partido Popular. E resulta... (*Aplausos.*) claro, que están transferidas as competencias de sanidade. E claro, pois non sei, parece que veu aquí unha tertuliana a facernos un repaso, a poñerlle deberes a todo o mundo, menos a dar conta do que fai o Goberno que sustentan os deputados e deputadas do Partido Popular.

E resulta que veu laiarse a deputada do Partido Popular de que o Estado non dota Galiza dos recursos suficientes para atender á sanidade pública. Claro, o Partido Popular négase a unha quita de 4.000 millóns de euros, que practicamente é o orzamento de sanidade de todo un ano. (*Aplausos.*) ¿Por que? Estamos sobrados, por Deus, estamos sobrados. ¿Para que imos querer cartos, non? Estamos sobrados. O Goberno non nos dá, pero nós non o queremos. ¿Para que? E levan todo o día preguntándose os señores e señoras deputadas do Partido Popular de onde van saír eses cartos. Pois todos eses cartos cos que queda o Goberno do Estado, governe Xan ou Pericán, PSOE ou PP, que non sabemos en razón de que, e de aí, dese saco que vai quedando, pois que nos dean de vez en cando unha parte do que nos corresponde desde logo ao BNG parécenos fantástico, que nos dean unha parte substancial de todo o que nos levan quitado ano tras ano. E o Partido Popular, non, por Deus, por Deus, por Deus. Claro, quita da débeda non. (*Murmurios.*)

O BNG levamos defendendo aquí un modelo de financiamento que permita a Galiza ter a chave dos cartos e, polo tanto, recadar nós e dedicar os cartos que sexan precisos aos servizos públicos, entre eles á sanidade pública. ¿Que di o Partido Popular? Non. Non, non, non, Madrid sabe mellor como hai que repartir os cartos, mellor que o reparta Madrid. Non teñen absolutamente ningunha credibilidade. ¡Por favor!, ¡por favor! (*Aplausos.*) Mellor Madrid, imos alí facerlle o *rendez-vous*. E despois veñen aquí facer o teatrillo de que *es que no tenemos, es que Madrid no da, es que Madrid no forma, es que Madrid no..., es que Madrid no....* O próximo día imos poñer un chotis aquí, aquilo de «Madrid, Madrid, Madrid...».

Ben, mire, a min o que me... E tamén deixou outra lindeza, señora deputada do Partido Popular. Cando un profesional prescribe un fármaco é por que é o mellor para o doente. Pois teño que dicirlle que non. (*Murmurios.*) Non sempre cando un profesional prescribe un fármaco é porque é o mellor para o doente. É porque non ten tempo para dedicarlle ao doente ou porque as derivacións aos especialistas de saúde mental tardan tanto que teñen que ter os doentes dopados, como demostran todos os estudos, (*Aplausos.*) como demostran todos os estudos, señora Amigo, como teñen denunciado unha vez e outra os profesionais de atención primaria da saúde mental, que se queixan continuamente de que non teñen tempo para dedicar aos doentes. E de aí saen os datos que en Galiza estamos á cabeza en consumo de psicofármacos. ¿Por que será? ¿Porque resulta que aos profesionais só se lles ocorre prescribir psicofármacos? Porque non hai profesionais con tempo para dedicarlles aos seus doentes.

Ben, a realidade, señoras e señores do Partido Popular, é que o Partido Popular nunca lles adicou a máis mínima atención aos problemas de saúde mental. Non llelos adicou antes da pandemia e non llelos está a adicar agora despois da pandemia.



O papel e os titulares aguántano absolutamente todo. Mire, houbo que agardar ao 2017 para que houbera en Galiza un plan de atención ao suicidio, ao 2017; e houbo que agardar ao 2020 para que houbera un plan de saúde mental. E teño que volver lembrarllas: o persoal ese que vostedes se dedicaron a dicir por terra, mar e aire que no día de hoxe como non temos unha avaliación dese plan non sabemos realmente cantos profesionais se incorporaron ao sistema, en que condicións, se son contratos, se son prazas estruturais... —non o sabemos— non é nin a metade do que o Goberno Fraga. Si, ese Goberno Fraga, do que lles falou moi ben o meu compañeiro Iago Tabarés pola mañá, estipuláboo necesario no ano 1996, antes da crise de 2006 e antes da pandemia. ¡Nin a metade sequera!

Está o Partido Popular presumindo por todos os lados de que están facendo marabillas. Non, non lles preocupa, deixaron tiradas as persoas con problemas de saúde mental no noso país. Estamos á cabeza en consumo de psicofármacos; estamos á cabeza, desgraciadamente, en suicidios, practicamente unha persoa ao día se quita a vida no noso país. ¡Á cabeza! Estamos á cola en número de profesionais, por moito que vostedes digan que convocan todo o habido e por haber. Saben que é mentira, saben que non planificaron, saben que non estiveron ofertando as prazas necesarias e saben que non están planificando para ofertar as que son precisas para atender a enorme demanda. Esa é a realidade.

E, polo tanto, o que temos que dicirlle hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego é que non aceptamos como normal este marco a onde vostedes nos queren levar. Non aceptamos como normal que haxa 11.108 persoas esperando pola primeira consulta en psiquiatría; 11.108 persoas. Non aceptamos como normal estar á cabeza en número de suicidios. Non aceptamos como normal que pasen meses entre unha consulta e a outra, porque iso non é ter unha atención nin resolve. Non aceptamos como normal que as unidades de prevención do suicidio estean a tope e que non dea resposta e que as familias teñan ao lombo a atención, o seguimento e o control dos seus familiares. Non aceptamos como normal estar á cabeza en consumo de psicofármacos. Non aceptamos como normal que teñamos as peores *ratios* de profesionais, tanto de psiquiatras, de psicólogos clínicos ou de persoal especialista en enfermaría en saúde mental. Non aceptamos como normal as gravísimas vulneracións de dereitos humanos que se producen nos hospitais psiquiátricos do noso país, públicos ou privados. (*Aplausos.*) Non aceptamos como normal o maltrato sistemático. Denunciados unha e outra vez polo mecanismo de prevención da tortura, dependente do Defensor do Doente, que o trouxemos aquí innumerables ocasións cando denunciaron o tema de Conxo e aínda hoxe vostedes non se puxeron as pilas nin o solucionaron. Agora vemos, como o cualificou a miña compañeira Iria Carreira, unha descrición de terror do que está pasando no Hospital da Robleda.

E diante diso vostede ten a valentía de vir aquí dicir que non se poden dar máis pasos con máis axilidade, porque iso pode inviabilizar a calidade das medidas. Pero, ¿de que nos fala? ¿De que calidade e de que medidas? Xa os aviso de que para aceptar unha emenda *in voce* ten que haber a anuencia dos outros grupos e o BNG, dende logo, non vai aceptar este paripé desta emenda que vostede acaba de presentar aquí. Porque significa que non queren facer absolutamente nada e aínda hoxe non recoñeceron a gravidade dos feitos denunciados por un organismo oficial. (*Aplausos.*) E, cando non se recoñece a realidade, non se vai facer absolutamente nada para resolvelo. Ese é o problema, que vostedes non aceptan a realidade e,



polo tanto, cando non se acepta non se vai resolver. Non aceptamos como normal eses relatos de terror.

E non aceptamos como normal, señores e señoras do Partido Popular, que ter dereito á asistencia aos problemas de saúde mental dependa da carteira de cadaquén; que sexa un luxo para a maioría das persoas. O problema é que as persoas máis vulnerables por situación económica, por situación social, por situación de idade, son as que se están quedando tiradas. Porque ter un problema de saúde mental significa un sufrimento inmenso, significa un sufrimento inmenso para as persoas que o padecen e para todo o seu contorno. E, diante desa realidade, o Partido Popular leva os últimos dezaseis anos desde que volveu ao goberno da Xunta anunciando pero non facendo practicamente nada e deixando tiradas os galegos e galegas diante dun drama que vai en aumento día tras día.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Peche, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Señora Amigo, está por chegar o día en que vostedes asuman as competencias que teñen. (*Aplausos.*) Eu creo que imos ter que empezar a falar non de máis transferencias para Galicia, senón de devolver transferencias pola súa incompetencia e a da Xunta de Galicia. E, como non saben por onde saír nunha iniciativa que si utiliza os datos da propia Xunta de Galicia, evaden o debate. Eu recórdolle que estamos no Parlamento de Galicia, que non estamos nin no Congreso dos Deputados nin no Senado para falar doutras cousas. Aínda encima hoxe chegamos ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Xa me parece o colmo de todos os colmos.

Pero, mire, eu non nego que non se avanzase algo, pero Galicia segue na cola das comunidades autónomas de España, dos cocientes —ou das *ratios*, como queira dicir— de profesionais por habitante nas categorías de psicoloxía, psicoloxía clínica ou enfermaría especialista en saúde mental. Temos un grave problema de recursos humanos que afecta a accesibilidade de maneira bastante grande. A infradotación de persoal tradúcese nuns tempos de espera inasumibles, tanto na primeira consulta como para o resto das visitas. Desta forma é moi difícil facer un tratamento eficaz, e isto o único que fai é agravar todos os trastornos mentais.

Eu utilicei única e exclusivamente os datos da Xunta de Galicia. Polo tanto, póñanse as pilas, porque a atención en saúde mental é probablemente o espazo do sistema sanitario que necesita recuperarse dunha forma máis clara. É necesario conectar a saúde mental coa atención primaria, pero para iso fan falta efectivos.

É necesario falar da multidisciplinariedade na saúde mental, pero real e efectiva. E sempre temos que avanzar, señora Amigo, en dereitos, e nunca retroceder. E, falando de saúde mental, hai que avanzar en dereitos, e non o que pasa no Hospital da Robleda. Teñen que rectificar coa política indecente que levou a Robleda á situación na que está.



Mire, efectivamente hoxe é un día propicio, porque a medida do Goberno de España condonando a débeda permitiríalles mellorar a posición financeira e contar con máis recursos para sanidade. Poderíamos falar de educación ou de servizos sociais, pero estamos falando de sanidade. Para Galicia a proposta supón unha diminución da débeda galega do 33 por cento respecto ao peche do ano 2023. E con menos débeda hai máis estado de benestar. Iso é o que teñen que ter en conta.

Remato xa dicíndolles que non vou aceptar as súas emendas, porque sempre falan de «cando existan profesionais dispoñibles». Isto pódenos levar ao infinito, e mentres a xente está a sufrir. *(A señora Espinosa Mangana amosa un documento.)* Soamente lles digo que volvan mirar os últimos datos que publica un medio de comunicación, non é o Partido Socialista, e unha enquisa que tampouco o fixo o Partido Socialista. Aquí o que di é que a preocupación pola saúde dos galegos sobe; e tamén o que di é que baixa a nota que lles dan tanto á atención primaria como á atención hospitalaria. Aquí é onde estamos, pero os socialistas non é onde queremos estar. Pedímoslles que rectifiquen nesta área concreta...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: ...—remato señora presidenta— que hoxe debatemos aquí, por todos os galegos e as galegas que sofren algún problema de saúde mental. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa última proposición non de lei da tarde.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia coa finalidade de que active de forma inmediata todas as axudas do Fondo de Transición Xusta destinadas a compensar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición presentóuselle unha emenda por parte do Grupo Parlamentario Popular.

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Rubén Lorenzo Gómez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva da iniciativa polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º. Dirixirse ao Goberno de España para conseguir da Comisión Europea uns requisitos para as convocatorias que sexan atractivas para o tecido galego, inclusive as grandes empresas e as empresas suxeitas ao comercio de dereitos de emisións (ETS).



2º. *Activar e convocar, consonte os anteriores requisitos, as axudas do Fondo de Transición Xusta para favorecer ás comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama, especialmente ás empresas ETS.»*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a súa defensa, ten a palabra a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Hoxe estamos a vivir un contexto xeopolítico, a verdade, cheo de incertezas, no que si ou si hai que mollarse e situarse do lado correcto da historia. Europa debe ser protagonista, a pesar do auxe da extrema dereita; e máis cando na primeira economía europea, Alemaña, a segunda forza que gañou —a primeira, evidentemente, foron os seus conservadores— é a extrema dereita. Evidentemente, o vencedor foi o conservador Merz, que mantén o propósito de facer, polo de agora, ese cordón sanitario á extrema dereita, Alianza por Alemaña. Eu pensei «igualiño que aquí en España»; o señor Feijóo, ese moderado que foi a Madrid, que pode ter no seu medalleiro ser o artífice dos pactos da vergoña con Vox, coa extrema dereita, aquí en España.

Como dicía este fin de semana a vicepresidenta primeira da Comisión Europea, María Teresa Rivera, a transición en Europa debe ser verde, xusta, social e competitiva. A Unión Europea non pode caer en provocacións, senón que debemos actuar con intelixencia e defender os nosos valores fronte ás inxerencias. E a transición xusta é precisamente unha política impulsada por Europa que pretende garantir que o paso cara a unha economía máis sustentable e baixa en carbono sexa equitativo e beneficioso para todas as persoas, especialmente para aquelas comunidades e traballadores que dependían de industrias contaminantes. No noso país, os concellos afectados polo peche das centrais térmicas de carbón en Meirama e nas Pontes. Saúdo dende aquí o alcalde de Cerceda, Juan, que ben sabe do que estamos a falar hoxe aquí.

Os principais obxectivos da transición xusta son catro, poderíamos dicir. O primeiro, protexer os traballadores e traballadoras, a creación de empregos verdes e reciclaxe profesional; a xustiza social e territorial —evitar, evidentemente, ese despoboamento nas zonas afectadas—; o diálogo social, implicar os sindicatos e as empresas, os concellos, os gobernos...; e a sustentabilidade ambiental, é dicir, o asentamento de industrias verdes e sostibles en Galicia.

Tendo presentes estes obxectivos, se miramos e ollamos cara a dentro como se están a xestionar os 111 millóns de euros que recibiu a Xunta de Galicia para a transición xusta aquí en Galicia, pois a verdade é que hoxe temos que denunciar que non o está facendo ben. ¿Por que? Porque hai un atraso e, sobre todo, está a ser moi ineficiente na xestión deses 111 millóns de euros, que son fondos, evidentemente, descentralizados europeos de xestión directa da Xunta de Galicia.

Ademais, consideramos tamén que se incumpren os obxectivos que foron firmados por parte da Xunta, da Consellería de Economía e Industria, co Miteco e tamén coa FEMP, coa Federación de Municipios, nun convenio en novembro de 2021. ¿Por que? Porque esas axudas



públicas que convocou a Xunta de Galicia de 111 millóns de euros estanse a estender a toda a provincia da Coruña e non só aos concellos afectados e delimitados pola transición xusta en Galicia.

Por outra banda, se observamos esas vías de financiamento para o Fondo de Transición Xusta, temos por unha parte o financiamento e o apoio do Goberno de España —basicamente a través do Miteco e do Instituto de Transición Xusta, que é un organismo autónomo que depende do Estado— e temos tamén o IDAE. E por parte da Xunta temos eses 111 millóns de euros adicionais; de xestión, por tanto, da Xunta de Galicia. Basicamente estanse xestionando esas axudas a través da Consellería de Economía e Industria, Igame e Inega.

E, ¿que pasa? As comparacións son odiosas, pero hai que facelas. E aquí temos que, fronte á concesión firme de subvencións por parte do Goberno do Estado, e non de convocatorias publicadas no *DOG* —que aí está o truquiño—, os datos non son bos para a Xunta de Galicia. Pero, bueno, logo Rueda vai a Bruxelas ao Comité das Rexións e quéixase do parón eólico botándolle a culpa *sotto voce* ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou ao Goberno de España. Ou tamén di que quere máis descentralización dos fondos Next, cando estes 111 millóns de euros do Fondo de Transición Xusta están cen por cento centralizados na Xunta de Galicia.

Imos aos datos. No caso do Goberno de España despregáronse as axudas a proxectos empresariais xeradores de emprego, a pequenos proxectos industriais de investimento, proxectos enerxéticos innovadores e proxectos municipais de infraestrutura. En total, o Miteco concedeu 120 millóns de euros: 85,7 millóns nas Pontes, a zona afectada polo peche de Endesa, e 34,3 millóns en Meirama. Mobilizarase un total de 534 millóns de euros de investimento, ao que temos que sumar os doce proxectos do IDAE para apoiar estas zonas do peche das centrais, con 98,7 millóns de euros cun investimento de 375 millóns. Asemade, financiamento e investimento, aposta polo Goberno de España, o 26 de decembro de 2024 saíu no *BOE* o concurso do nó de transición xusta, que libera 408 megawatts de capacidade e fai posible que ese binomio industria-enerxía sexa real. Mentres, en Galicia 80 parques eólicos suspendidos e 2.600 megawatts fóra do mercado eléctrico.

Doutra banda, ¿cales son os datos das axudas públicas da Xunta de Galicia deses 111 millóns de euros do Fondo de Transición Xusta? Tivemos que esperar ata o 2025 —e lembro que o convenio asinou en novembro do 2021— para que saísen as primeiras convocatorias no *DOG*. As primeiras convocatorias de subvencións públicas e préstamos financeiros que, iso si, anunciou a conselleira o 6 de febreiro na cidade da Coruña estas axudas; coincidente, que casualidade, con que ese mesmo sete de febreiro estaba en Cerceda a directora do Instituto de Transición Xusta, ese organismo autónomo que depende do Estado. Curioso, contraprogramación, casualidade ou realmente cooperación institucional, se lle pode chamar a iso.

Polo tanto, quero tamén remarcar que entre 2025 e 2027 todos os proxectos vinculados ao Fondo de Transición Xusta teñen que estar executados. É dicir, que se non están perdemos o tren. As axudas están publicadas e anunciadas fai escasas tres semanas no *DOG* por parte da Xunta de Galicia. Boten as contas.



A conclusión, evidentemente, que podemos sacar é que o goberno galego non deseñou unha estratexia, non deseñou unha planificación con fitos obxectivos definidos que fagan que a transición xusta destas axudas destes 111 millóns de euros axuden as zonas afectadas polo peche das centrais. Eu pregúntome se perderemos de novo o tren. Eu pregúntome se lle poderá Rueda botar de novo a culpa ao Goberno de España, a Pedro Sánchez —pode ser—, e como lles pode explicar tamén aos veciños e ás veciñas das zonas afectadas que realmente estas axudas acábanse de convocar hai escasas tres semanas.

Ademais desta ineficiencia de xestión, ademais destes atrasos dos 111 millóns, dicía que se estenden as axudas do Fondo de Transición Xusta a toda a provincia da Coruña. Por tanto, están impactando e prexudicando os concellos incluídos na transición xusta que está delimitado con consenso coa Comisión Europea. De feito, no caso do...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...peche de Meirama, só cinco municipios —Cerceda, Carral, a Larracha, Ordes e Tordoia— e, no caso do peche da central das Pontes, catorce municipios na provincia da Coruña e tres municipios na provincia de Lugo.

En definitiva, —e xa remato— o que hoxe pedimos coa nosa iniciativa é o apoio dos grupos parlamentarios para que se axilien e, sobre todo, para que exista unha dilixencia de xestión e eficiencia nas subvencións públicas que concede o Goberno galego, que recordo que é un fondo europeo cen por cento descentralizado na Xunta de Galicia. Sobre todo, que sexa real esa transición verde, social e competitiva.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Aquí estamos de novo, señora Iglesias. Unha vez máis, temos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia tratando de xustificar a falta de xestión dos temas importantes para Galicia do Goberno central e os agravios cos que o señor Sánchez castiga, sempre que ten ocasión, as galegas e os galegos. Nada novo, señorías.

Esta iniciativa, a mesma literal, foi proposta polos socialistas para o seu debate na Comisión 6ª xa no mes de novembro. Curiosamente, cando xa figuraba na orde do día da dita comisión, foi solicitado o aprazamento desta iniciativa unhas horas antes de ser debatida. Pois ben, dende o Grupo Parlamentario Popular incluso chegamos a presentar unha emenda a esta iniciativa que finalmente non se debateu. Aínda non temos moi claro cal é a explicación. Por iso, nós hoxe presentámoslle exactamente a mesma emenda, porque a iniciativa é exactamente a mesma.



Pero vou máis alá. Hai uns días, o día 14 deste mes, a directora xeral do Igape veu responder sobre este asunto en comisión e quedou constatado que xa están activadas a maior parte das axudas do Fondo de Transición Xusta, precisamente o que vostedes veñen solicitar hoxe na súa iniciativa. Así mesmo, a directora xeral explicou que a Consellería de Economía e Industria xa está a impulsar máis de cen millóns de euros no marco da transición xusta para modernizar os procesos industriais e fomentar a sostibilidade.

Pero, ¿que pasou ata agora? Imos facer un pouco de memoria. A Consellería de Economía e Industria, como ben dixo vostede, recibe máis de cento once millóns de euros para a provincia da Coruña coa finalidade non só de paliar os efectos do peche das centrais térmicas, senón tamén de converter esas zonas en referentes en innovación, dixitalización e sustentabilidade. O programa foi aprobado por decisión da Comisión Europea o 20 de decembro do ano 2022. Un acordo producido na data límite, xa que o Goberno non puido acadar antes o acordo con Europa. Precisamente, señora Iglesias, esta circunstancia foi a que impediu que as axudas se puidesen activar dende o ano 2022. O Fondo de Transición Xusta foi deseñado para transformar o tecido empresarial galego, especialmente nas zonas afectadas polo peche das centrais térmicas en Meirama e as Pontes, na provincia da Coruña. Tiña un obxectivo claro: garantir unha transición equilibrada e sostible, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, que son as principais destinatarias destas axudas.

Tamén quedou evidenciado na resposta da directora xeral hai uns días que o problema do atraso nas convocatorias non se lle pode achacar á Xunta de Galicia, senón que foi a Administración central a que bloqueou cos seus cambios de criterio o inicio da convocatoria das mesmas, cando Galicia xa tiña as bases reguladoras confeccionadas. Pois ben, xa no ano 2023 dende o Inega remitiuse unha orde de axudas para a súa validación ao Goberno. Trátase neste caso dunha orde sobre proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética no sector industrial. Non obstante, non foi posible a súa validación por parte do Goberno debido á súa incapacidade de pechar un acordo con Bruxelas para a posta en marcha das medidas, xa que os criterios e requisitos de aplicación ás diferentes convocatorias de axudas, que xa estaban definidos, posteriormente non servían, e foi preciso que avaliasen a súa modificación.

Neste sentido, de especial relevancia é o relacionado coas grandes empresas e as instalacións ETS, que son as suxeitas ao comercio de dereitos de emisións, como potenciais beneficiarias destas axudas. Pois non foi ata outubro do ano 2023 cando tiveron o visto e praxe da Comisión Europea. Con todo, os requisitos aprobados son moi exixentes e fan pouco atractivas as axudas para as empresas. Precisamente por iso é polo que se motiva a emenda que presentamos hoxe.

Esta situación, señorías, prexudicou dunha maneira especial a Galicia, pois, como dixen, xa tiña moi avanzadas as súas ordes de axuda no marco do Fondo de Transición Xusta. Houbo que esperar a que o resto de comunidades avansasen cos novos criterios e vostede, unha vez máis, vén aquí tratar de descargar a responsabilidade na Xunta de Galicia.

Pois ben, señorías, neste marco o Goberno galego xa ten activados ou programados eses máis de cen millóns de euros e encomendados a Galicia; en concreto, 71 millóns e medio no



Igape e 28,8 a través do Inega, habilitados neste ano 2025 nunha decena de liñas de actuación, destinados a ámbitos como poden ser a economía circular, a eficiencia enerxética, enerxías renovables, impulso das pemes, proxectos empresariais tractores e impulso á transformación dixital e empresarial e formación. Tamén no ámbito social, para a formación, cualificación e inserción laboral das persoas traballadoras. Todo isto porque é chave que esas zonas de transición sufran o menos posible e saian reforzadas, algo no que dende o Goberno galego se está a traballar xa dende hai tempo, porque máis alá do Fondo de Transición Xusta durante estes anos implementáronse en Galicia unha serie de medidas complementarias que consolidan a aposta pola recuperación industrial e tamén pola recuperación enerxética.

Vostede centra a súa iniciativa nos 111 millóns do Fondo de Transición Xusta, pero é que a Xunta activou entre o 10 e o 14 de xaneiro un total de 172 millóns de euros que axudarán no financiamento das nosas empresas para reforzar a súa competitividade empresarial e para reforzalas na innovación. A pregunta é: ¿que fai o Goberno central do Partido Socialista —sempre, claro está, co apoio submisivo do BNG— para axudar a industria galega? (*O señor Lorenzo Gómez amosa un documento.*) Pois aquí lle traio un exemplo: «*El Miteco deja sin ayuda a As Pontes y el valle de hidrógeno se tambalea. Formoso —creo que saben quen é— se muestra “cabreado” con una resolución que no apoya un proyecto tan solvente, pero confía en que siga adelante*». (*Aplausos.*) Nada novo baixo o sol, señorías, porque os agravios do Goberno sanchista progresista son moitos. Negando infraestruturas prioritarias para os galegos e para as nosas empresas. Seguen bloqueando a transferencia da AP-9; por certo, hoxe xa van vinte aprazamentos da súa tramitación no Congreso. Lémbrolles que isto, a transferencia da AP-9, se aproba nesta Cámara por unanimidade, señorías. O ninguneo ao que nos someten coa conexión ferroviaria con Portugal. Exclúen o corredor Atlántico da repartición de fondos europeos. Sen dúbida, señorías, o corredor Atlántico faría as nosas empresas moito máis competitivas, creo que niso podemos estar de acordo. Pretendía prohibirnos xestionar o noso litoral, vital para a nosa cadea mar-industria. Unha lei que nos permitirá conxugar a protección dos nosos recursos naturais co desenvolvemento económico e social sostible. Teñen os deberes sen facer con Alcoa, señora Iglesias. E moitos agravios máis co incumprimento da Lei de dependencia.

Hoxe algún deputado do Bloque rasgábase aquí as vestiduras polo financiamento dos concellos, chamando incluso á rebelión. (*Aplausos.*) Rebélense vostedes contra o Goberno de Sánchez, porque son moi bravos aquí, pero moi mansos en Madrid, señorías do BNG. E agora, cun acordo con Cataluña —bueno, un acordo co indultado Junqueras— que condona quen lapidou miles de millóns de euros e xestionou de xeito nefasto as súas contas. E vostedes aplauden coas orellas o enésimo agravio ao que Sánchez nos quere someter.

¿Saben o que se podería facer con 17.000 millóns de euros? Dígollelo eu: 100 hospitais, 310.000 salarios anuais de médicos, 113.000 vivendas sociais, o comedor anual de 4 millóns de rapaces, 6.000 colexios, 2.800 quilómetros de autovías, 150.000 tratamentos de ELA. (*Aplausos.*) Isto é ao que renuncia o señor Sánchez para pagar o feito de seguir sentado no sillón da Moncloa. Sigán así, que estarán moitos anos máis na oposición.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que rematar, señor Lorenzo.



O señor LORENZO GÓMEZ: Mentres, Galicia seguirá desoíndo o seu discurso resentido e me-
drando, porque Galicia seguirá funcionando.

Galicia é unha terra que quere e sabe avanzar, a pesar de quen a quere manter no pasado. Porque Galicia quere seguir avanzando para adaptarse aos cambios que atopamos. Precisamos máis empresas, máis industrias e máis investimentos, porque estamos nun momento de transformación industrial. Será o Goberno do Partido Popular o que acompañará o tecido empresarial neste camiño que nos levará a mellorar a vida das galegas e dos galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Mixto, que renuncia á súa quenda.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Permítanme que antes de empezar saúde tamén o alcalde de Cerceda, que aínda que somos de forzas políticas diferentes compartimos afeccións e unha amizade de anos atrás. Benvido, señor Rodríguez, a este Parlamento.

Se consultamos na Academia da Lingua Galega o significado da palabra «fondo», entre as varias acepcións como substantivo que ten podemos atopar, por exemplo, unha que di que é a «parte máis baixa dunha cousa oca». Tamén temos varias acepcións como adxectivo, como por exemplo o «que ten o fondo lonxe da superficie ou da saída». Calquera destas dúas acepcións serve para ilustrar cal é o estado destes Fondos de Transición Xusta. Non sabemos se é algo oco, algo baleiro de contido —ou canto menos baleiro de obxectivos— ou, pola contra, é que ou non chegan ao fondo da cuestión ou é que o problema é tan fondo que os propios fondos non achegan unha saída.

O caso é que se nos atemos ao que publica o Consello de Contas de Galiza, o Goberno autonómico ten 111 millóns de euros de contribución financeira europea e 47 millóns de financiamento estatal, o que fan case cento sesenta millóns de euros nos Fondos de Transición Xusta. Atendendo á definición que de «fondo de transición xusta» se fai no Regulamento da Unión Europea 2021/1056, «estes fondos teñen que contribuír ao obxectivo único específico de facer posible que as rexións e as persoas afronten as repercusións sociais, laborais, económicas e medioambientais da transición enerxética, como obxectivo da Unión Europea ao 2030». Non debería existir logo ningún problema en atallar o desemprego e desindustrialización causado polo peche de minas e centrais térmicas, logo de ver que temos ben definidos tanto o obxectivo como o orzamento. Pero aínda así, atopámonos no fondo, na acepción máis ampla desta palabra. Temos dúas zonas de transición xusta no país, que chegaron a esta situación logo de ser tratadas como un monocultivo industrial. As dúas zonas de transición xusta, Meirama e As Pontes, son un claro exemplo de espolio. Non se planificou



a explotación do recurso e non se planificou tampouco o que nos leva agora estar aquí: o final da vida industrial destas instalacións.

E no BNG non agochamos certa desconfianza sobre como se está pilotando este proceso. De feito, ata a conselleira de Industria nos deu a razón aquí, en sede parlamentaria, sobre a desconfianza da transición enerxética, que non é tal. Esta desconfianza que amosamos non vén de agora; podo facer un pequeno relato temporal do que nos trouxo a debater ata hoxe estes Fondos de Transición Xusta. Aló por decembro do 2019, unha representación do Bloque Nacionalista Galego e da Confederación Intersindical Galega xuntámonos cunha delegación da Comisión Europea para trasladar o dereito que tiña Galiza a unha transición xusta e un tratamento xusto das administracións central e autonómica. Motivos había por aquel entón para desconfiar; abonda con lembrar a exclusión da Galiza en plans anteriores, nomeadamente os do carbón. E tamén na aplicación das políticas de transición xusta nos seus comezos, tamén excluíntes e discriminatorios para con Galiza e as súas comarcas mineiras. Sirva como exemplo que na etapa inicial de distribución dos fondos, na que a destrución de emprego era un dos criterios a aplicar para chegar aos fondos, a Unión Europea estimou que na Galiza esta destrución de emprego ía ser inferior a mil empregos. Este dato de mil empregos foi achegado a través dunhas estimacións estatais acordadas polo Ministerio de Transición Ecolóxica, polo Ministerio de Traballo, por Endesa, por Naturgy e polos sindicatos estatais, naquilo que se chamou «os acordos tripartitos». Pero vexan vostedes que, segundo un estudo elaborado por un equipo de investigación da Universidade da Coruña, só no concello das Pontes —non na zona; só no concello das Pontes— había unha destrución efectiva de 1.178 empregos. Unha discriminación máis.

Na fase de desenvolvemento deste plan tamén se reafirmou a desconfianza do BNG, ao ver como Galicia quedaba excluída da plataforma técnica de desenvolvemento de proxectos. Foi mediante un acordo do BNG co Goberno español, igual que pasa agora coa quitación da débeda, ¡que nos acaban de dar unha retahíla de que facer con 17.000 millóns e non saben que facer con 5.000 que conseguiu o BNG! ¡Ten narices o conto! *(Aplausos.)*

Se botamos unha ollada ao estado actual, o tema segue sen achegar moita confianza. Os fondos que empézanse a articular no ano 2024, tres anos tarde e cun resultado máis que cuestionable. E para amosar este cuestionamento imos debullar un par de liñas de subvencións que xa o señor Lorenzo nos acaba de contar, pero imos entrar un pouco máis polo miúdo.

Unha convocatoria do Instituto Enerxético de Galiza que reparte 7.000 millóns en dúas liñas diferentes para eficiencia enerxética e diminución de gases de efecto invernadoiro; convocatoria que quedara deserta. Entendo que a Xunta coñecía perfectamente que ía quedar deserta e os motivos polos que ía quedar sen concorrencia, porque xustamente 25 días despois de que acabase o prazo de presentar axudas, xa tiñan outra cos mesmos criterios; perdón, cos mesmos non, porque sabían perfectamente por que fallaba. O primeiro, o cambio do orzamento; pasamos de sete millóns a doce e medio. E o segundo cambio, que para min é un indicativo de que o Partido Popular goberna de costas a este país, son as esixencias de investimento mínimo, onde rebaixan de 3 millóns para grandes empresas a 1 millón e, no caso das pemes, de 1,5 millóns a 500.000 euros. Tamén temos outra liña do Igape de préstamos parcialmente reembolsables, que xa pechou, para proxectos tractores de emprego, cun or-



zamento de dez millóns de euros ao que acudiron dous proxectos, que demandan algo menos de dous millóns de euros.

É dicir, que se nos atemos ao volume de investimentos mobilizados ata o de agora por estas liñas de axuda de préstamos, o resultado é pésimo. Pésima é a repercusión que estas axudas tiveron nas zonas de transición xusta. De feito, esas dúas empresas que acudiron aos créditos do Igape nin sequera están radicadas dentro das zonas de transición xusta; algunha delas está radicada aquí, neste mesmo concello.

En fin, imos tarde, mal e arrastro. Tarde, porque dende que a central térmica de Meirama solicitou o peche pasaron sete anos, e cinco dende que o solicitou Endesa. Mal, porque todos os fondos mobilizados pola Xunta non tiveron o éxito agardado. E arrastro, porque o resultado final de todas e cantas iniciativas se levaron a cabo ata o de agora co obxecto de emprego e de reindustrializar as zonas de transición foron un fracaso. Por non falar desa ponderación territorial, que diso xa falaremos máis adiante.

O obxectivo de creación do emprego destes fondos é un debe, aínda na data de hoxe. Non hai máis que botar unha ollada aos datos de afiliación á Seguridade Social. Só na zona da transición xusta das Pontes baixou un dezaseis por cento a afiliación á Seguridade Social. E por non falar dos proxectos industriais asociados a estas zonas. Eu ben sei que o señor Lorenzo me recriminou xa algunha vez que falo moito do concello das Pontes. Pois mire, ogallá algún día non teña que falar do Concello das Pontes nos termos nos que eu hoxe estou falando neste Parlamento. ¡Ogallá! (*Aplausos.*) Porque o que están vostedes facendo con esta comarca e con esta zona é unha discriminación palmaria. Hai tres proxectos industriais estratéxicos aprobados e unha iniciativa empresarial prioritaria: planta de pneumáticos de Sentury, biofibra de Ence, centro verde de hidróxeno de H2 e planta de produción de hidróxeno de H2Pole. Todo este desenvolvemento industrial, todos estes postos de traballo, están condenados na data de hoxe; non só pola falta de desenvolvemento dos Fondos de Transición Xusta da Xunta, senón tamén pola falta de compromiso do Goberno central. (*O señor Golpe Acuña amosa un documento.*) Xa llelo ensinou o señor Lorenzo, pero eu non me resisto a ensinárllelo tamén, que dende o venres sabemos que o val enerxético das Pontes e Mugar dos non vai ter financiamento estatal. Seguimos condenados por unha inoperancia dun Ministerio de Transición que primeiro vendeu un nó de transición xusta coma unha oportunidade e agora di que non existe. Condenados por unha ministra de Transición que non é quen de responder onde van os 1.400 megawatts que deixou vacante esa central térmica; que deseñan unha subestación para atender todos estes proxectos que lle acabo de dicir eu agora —subestación da Maciñeira— e que na data de hoxe aínda non saben onde a van colocar; que condena un concurso de transición xusta autorizando a conexión de parques eólicos sen mediar contraprestación ningunha. Definitivamente, uns por outros e a casa sen barrer.

Señorías do Partido Socialista, señora Iglesias, imos apoiar a súa iniciativa, aínda que pareza que non. (*Risos.*) Empezaba a miña intervención buscando a definición de «fondo» e quero transaccionar agora ata a definición de «xusta», que eu coído que todos e todas sabemos o que quere dicir. É xusto, é de xustiza, é un deber inescusable de Goberno central e do Goberno da Xunta atender estas dúas zonas de transición xusta do país coa creación de emprego e coa industrialización...



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor GOLPE ACUÑA: —remato, señora presidenta—. Por favor, señorías, fagan todas e todos o seu traballo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Peche para a autora da proposición, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas.

Bueno, señor Golpe, eu tamén o quero, pero ao mellor equivocouse e debería deixar esa caña que lle dá á ministra para o Congreso dos Deputados, que aquí estamos no Parlamento de Galicia.

Señor Lorenzo, pode que lle excedan os datos. Non sei, a min paréceme que hai que ter un pouquiño de callo cando falamos de termos comparativos, porque é verdade, os datos, a rigorosidade dos datos, ao final matan o relato que vostede fixo. (*O señor Lorenzo Gómez amosa e sinala un documento desde a súa bancada.*) Agora falamos diso.

Dos 111 millóns de euros de fondo europeo de xestión absolutamente descentralizada na Xunta de Galicia, como ben recoñeceu a señora Covadonga na Comisión 6ª anterior, mobilizáronse hai escasas tres semanas no *DOG* e o convenio de transición xusta foi asinado pola Xunta de Galicia en novembro do 2021. Faga as contas, señor Lorenzo, porque eu penso que os datos non sosteñen o seu relato.

O obxectivo da transición xusta é adoptar políticas decididas e valentes para blindar o apoio ás comarcas afectadas polos peches das centrais térmicas das Pontes e de Meirama. Evidentemente, cumprir o obxectivo do Pacto Verde Europeo. E se facemos unha comparación de datos, señor Lorenzo —non de relato, como dicía—, do Goberno de España e da Xunta de Galicia, pois a Xunta non sae ben parada. E dígolle máis, o Goberno de España concedeu 120 millóns de euros. É dicir, resolución de concesión; concesión fronte a convocatoria. E, como dicía o señor Golpe, ¡menudo éxito! Menudo éxito as que se resolveron por parte da Xunta de Galicia: tres subvencións concedidas no Igape no tema dos préstamos financeiros. E dígolle máis, tamén 98,7 millóns. Tres proxectos de hidróxeno verde nas Pontes: 15 millóns de euros; e 15 millóns de euros en Cerceda. As repotenciacións dos parques eólicos que tanto anuncia o señor Rueda no Consello de Contas: 53 millóns de euros.

É verdade, viñeron para Galicia 170 millóns de euros do anuncio que facía a ministra de Transición Enerxética do Plan de Hidróxeno Verde para A Coruña. De cinco comunidades autónomas, Galicia beneficiase con 170 millóns de euros, de sete proxectos e cinco comunidades autónomas. Evidentemente, a aposta e os datos están aí.

Pero mentres tanto, señor Golpe, está o concurso do nó de transición xusta aberto de Meirama: 408 megawatts fronte a 2.600 megawatts paralizados en Galicia. Catrocentos oito



megawatts sacados polo concurso do nó de transición xusta. E tamén sabe, señor Golpe, que o compromiso do Goberno de España coa subestación de Maciñeira nas Ponte está aí e modificouse tamén a planificación de infraestruturas eléctricas.

A inseguridade xurídica na política da transición ecolóxica en Galicia é insoportable. ¡Insoportable! ¿E que está a pasar? Pois, evidentemente, ese binomio do que tanto lle gusta falar ao señor Lorenzo, industria-enerxía, pois está a fracasar. ¿Por que? Porque os investimentos estanse indo a outras comunidades autónomas; de primeira a cuarta potencia eólica.

Tendamos a man, sumemos. Cooperación institucional do Goberno central e a Xunta de Galicia, que se poden complementar. Deixen de facer oposición á oposición.

Non aceptamos a emenda de substitución do PP. Nada ten que ver a transición xusta co tema da compensación das axudas de CO2 a empresas electrointensivas. Eu aquí digo que hai que ter tamén callo e cara, porque pídalle explicacións ao señor Feijóo cando o 24 de xaneiro do 2025 no Congreso dos Deputados votou en contra do decreto Ómnibus, onde estaba o paquete de 600 millóns de euros de subvención...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: ...ás empresa electrointensivas en España. Pídalle explicacións —ou, como dirían, «rebélense contra o señor Pedro Sánchez»— e rebélense contra o señor Feijóo, porque está votando en contra dos intereses dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematado o debate da última proposición non de lei que figuraba na orde do día da tarde de hoxe, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá ás dez da mañá.

Boa tarde-noite a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás sete e cincuenta e nove minutos do serán.

